



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 12

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 24 de xuño de 2009

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

4. Mocións

4.1. 08/MOC-0004 (2603)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa e 2 deputados máis

Sobre as presuntas incompatibilidades do Sr. Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 765, publicada no BOPG núm. 15, do 12.05.2009, correccións no BOPG núm. 24, do 28.05.2009 e debatida na sesión plenaria do 09.06.2009)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.1, do 18.06.2009

4.2. 08/MOC-0005 (2665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pose Mesura, Modesto

Sobre a continuación da construción do novo hospital de Vigo, así como da ampliación do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

(Moción, a consecuencia da Interpelación nº 617, publicada no BOPG núm. 15, do 12.05.2009, e debatida na sesión plenaria do 09.06.2009)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.1, do 18.06.2009

4.3. 08/MOC-0006 (2703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o cumprimento polo Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da normativa vixente en materia de función pública. (Moción, a consecuencia da Interpelación nº 913, publicada no BOPG núm. 20, do 20.05.2009, e debatida na sesión plenaria do 09.06.2009)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.1, do 18.06.2009

5. Proposicións non de lei ante o Pleno

5.1. 08/PPN-0040 (1267)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Fernández, Manuel e 23 deputados máis
Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego para a prorroga dos prazos previstos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre a regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no censo da frota pesqueira operativa
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 28, do 04.06.2009

5.2. 08/PNP-0060 (1737)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis
Sobre a actuación do Goberno galego en relación coa reunión en Santiago de Compostela dun consello de ministros da Unión Europea, a ser posible o Consello de Ministros Europeos de Cultura, coincidindo co Ano Xacobeo 2010 e coa presidencia española da Unión Europea
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

5.3. 08/PNP-0061 (1744)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román
Sobre as xestións do Goberno galego para a definición dos títulos universitarios de Enxeñería en Informática, a regulación das súas atribucións profesionais, así como a consideración dos seus Colexios Profesionais
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

5.4. 08/PNP-0071 (1954)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Burgo López, María Concepción e 3 deputados máis
Sobre a exención das taxas universitarias para todos os estudantes con pais e nais desempregados para garantir o seu acceso á formación universitaria en igualdade de condicións e o establecemento de mecanismos para a súa aplicación no curso 2009-2010
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

6. Interpelacións

6.1. 08/INT-0005 (444)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Tomé Roca, José e 5 deputados máis
Sobre as previsións da Consellaría de Traballo e Benestar respecto da publicación e aplicación da Orde pola que se regulan e convocan axudas destinadas a complementar o des-

emprego das persoas traballadoras de empresas en crise da Comunidade Autónoma de Galicia afectadas por expedientes de regulación de emprego e suspensión

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 13, do 07.05.2009

6.2. 08/INT-0009 (518)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Lobeira Domínguez, Bieito
Sobre a posición do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no referente ao cumprimento do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 13, do 07.05.2009

6.3. 08/INT-0022 (682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cerviño González, Francisco Julio e Pose Mesura, Modesto
Sobre as previsións do Goberno galego respecto dos compromisos recollidos no Plan de mellora da atención primaria 2007-2011, así como do cumprimento dos obxectivos previstos nel
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 15, do 12.05.2009

7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1. 08/POPX-0007 (2770)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Fernández, Manuel
Sobre a avaliación do Sr. presidente a Xunta de Galicia da acción do seu Goberno, transcorridos máis de 100 días dende as eleccións
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.2, do 18.06.2009

7.2. 08/POPX-0008 (2782)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio
Sobre os avances concretos derivados da reunión levada a cabo o pasado día 15 de xuño polo Sr. presidente da Xunta de Galicia co Sr. presidente do Goberno español
Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.2, do 18.06.2009

8. Preguntas orais ante o Pleno

8.1. 08/POP-0168 (2726)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia en relación coa normalización e erradicación dos prexuízos contra a homosexualidade (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.2, do 18.06.2009

8.2. 08/POP-0172 (2730)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política de comunicación (Art. 155.5)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 35 f.2, do 18.06.2009

8.3. 08/POP-0023 (504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cerviño González, Francisco Julio

Sobre a opinión do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria respecto dos contidos da publicación da Fundación FAES titulada Las paradojas de la normalización del gallego.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 15, do 12.05.2009

8.4. 08/POP-0052 (521)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio dun proceso de privatización da CRTVG.

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 15, do 12.05.2009

8.5. 08/POP-0039 (630)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seara Sobrado, Laura Carmen e Gallego Calvar, María Carmen

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do proxecto do Parque Medioambiental de Galicia, previsto en Carballeda de Avia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 15, do 12.05.2009

8.6. 08/POP-0082 (993)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Miranda, Antonio e 7 deputados máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación de parálise que se está a producir na entidade local menor de Berán, no concello de Leiro (Ourense) (art. 155.5)

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 20, do 20.05.2009

8.7. 08/POP-0090 (1199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Viéitez Alonso, Henrique

Sobre a negociación colectiva do sector do metal da provincia de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 28, do 04.06.2009

8.8. 08/POP-0113 (1508)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa reforma da política pesqueira común (PPC)

Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG núm. 28, do 04.06.2009

8.9. 08/POP-0131 (1772)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis

Sobre as previsións do Goberno galego relativas á non inclusión do persoal funcionario na carreira profesional sanitaria

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 30, do 10.06.2009

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Declaración institucional.

A señora presidenta somete á aprobación do Pleno unha proposta de declaración institucional de apoio á candidatura da torre de Hércules a ser nomeada Patrimonio da Humanidade pola Unesco. (Páx. 11.)

Alteración da orde do día.

A señora presidenta comunícalle á Cámara unha alteración da orde do día, por petición do Goberno e co consentimento dos respectivos portavoces, consistente en que as preguntas números 2730, de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia; a 521, de D.ª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P.do Bloque Nacionalista Galego; e a 993, de D. Antonio Rodríguez Miranda, do G. P. Popular de Galicia, se debaterán por esta orde despois das votacións das proposicións non de lei.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Sr. presidente da Xunta de Galicia da acción do seu Goberno, transcorridos máis de cen días dende as eleccións. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Vázquez Fernández (S). (Páx. 11)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo (Páx. 12.)

Réplica do autor: Sr. Vázquez Fernández (S). (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os avances concretos derivados da reunión levada a cabo o pasado día 15 de xuño polo Sr. presidente da Xunta de Galicia co Sr. presidente do Goberno español. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo (Páx. 15.)

Réplica do autor: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo (Páx. 17.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Modesto Pose Mesura, sobre a continuación da construción do novo hospital de Vigo, así como da ampliación do Complexo Hospitalario de Pontevedra. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Pose Mesura (S). (Páx. 17.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 19.) e *Sr. Santalices Vieira (P)*. (Páx. 21.)

Nova intervención do señor Pose Mesura (S). (Páx. 23.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre o cumprimento polo Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da normativa vixente en materia de función pública. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr Suárez Canal (BNG)* (Páx. 26.) e *Sr. Rodríguez Miranda (P)*. (Páx. 27.)

Nova intervención do Sr. Lage Tuñas (S). (Páx. 29.)

Votación das mocións

A señora presidenta anuncia que se van votar as mocións debatidas. (Páx. 30.)

Votación do punto primeiro da moción formulada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e dous deputados máis, sobre as presuntas incompatibilidades do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación do punto segundo da moción formulada polo G. P. do Bloque nacionalista Galego, por iniciativa de D.^a María Tereixa Paz Franco e dous deputados máis, sobre as presuntas incompatibilidades do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas: *rexeitada por 12 votos a favor, 38 en contra e 25 abstencións.* (Páx. 31.)

Votación da moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Modesto Pose Mesura, sobre a continuación da construción do novo hospital de Vigo, así como da ampliación do Complexo Hospitalario de Pontevedra: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Votación da moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre o cumprimento polo Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da normativa vixente en materia de función pública: *rexeitada por 37 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 31.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Manuel Vázquez Fernández e vinte e tres deputados máis, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego para a prórroga dos prazos previstos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre a regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que a esta proposición se lle presentaron as seguintes emendas: a núm. 3357, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e a núm. 3346, do G. P. Popular de Galicia. (Páx. 31.)

Intervención da autora da proposición non de lei: *Sra. Sonería Tajés (S)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)* (Páx. 34.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 35.)

A Sra. Soneira Tajés (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 37.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, sobre a actuación do Goberno galego en relación coa reunión en Santiago de Compostela dun consello de ministros da Unión Europea, a ser posible o Consello de Ministros Europeos de Cultura, coincidindo co Ano Xacobeo 2010 e coa presidencia española da Unión Europea. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente anuncia que a esta proposición non de lei se lle presentaron as seguintes emendas: a núm. 3334, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, e a núm. 3360, do G. P. dos Socialistas de Galicia (Páx. 39.)

Intervención do autor da proposición non de lei: Sr. Varela Suanzes-Carpegna (P) (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Adán Villamarín (BNG) (Páx. 41.) e Sr. Varela Sánchez (S). (Páx. 43.)

O Sr. Varela Suanzes-Carpegna (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 44.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González, sobre as xestións do Goberno galego para a definición dos títulos universitarios de enxeñaría en informática, a regulación das súas atribucións profesionais, así como a consideración dos seus colexios profesionais. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda: a núm. 3359, do G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 45.)

Intervención do autor da proposición non de lei: Sr. Rodríguez González (P). (Páx. 46.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Sestayo Doce (S) (Páx. 47)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 49.)

O Sr. Rodríguez González (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 51.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Concepción Burgo López e tres deputados máis, sobre a exención das taxas universitarias para todos os estudantes con pais e nais desempregados para garantir o seu acceso á formación universitaria en igualdade de condicións e o establecemento de mecanismos para a súa aplicación no curso 2009-2010. (Punto quinto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda: a núm. 3345, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 53.)

Intervención da autora da proposición non de lei: Sra. Burgo López (S) (Páx. 53.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 55.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Seoane Romero (P) (Páx. 57.)

A Sra. Burgo López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda (Páx. 59.)

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

Votación das proposicións non de lei

A señora Soneira Tajés (S) le o texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Manuel Vázquez Fernández e vinte e tres deputados máis, sobre a actuación que vai a levar o Goberno galego para a prórroga dos prazos previstos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre a regularización e a actuación de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa. (Páx. 60.)

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. dos Socialistas: aprobado por unanimidade. (Páx. 61.)

O Sr. Varela Suances-Carpegna le o texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, sobre a actuación do Goberno galego en relación coa reunión en Santiago de Compostela dun consello de ministros da Unión Europea, a ser posible o Consello de Ministros Europeos de Cultura, coincidindo co Ano Xacobeo 2010 e coa presidencia española da Unión Europea. (Páx. 61.)

Votación do texto transaccionado da proposición non de lei do G. P. Popular: aprobado por unanimidade. (Páx. 61.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González, sobre as xestións do Goberno galego para a definición dos títulos universitarios de enxeñería en informática, a regulación das súas atribucións profesionais, así como a consideración dos seus colexios profesionais (Páx. 61.)

Votación do punto primeiro da proposición non de lei do G. P. Popular: aprobado por unanimidade. (Páx. 62.)

Votación do punto segundo da proposición non de lei do G. P. Popular: aprobado por unanimidade. (Páx. 62.)

Votación do punto terceiro da proposición non de lei do G. P. Popular: aprobado por 48 votos a favor, ningún en contra e 25 abstencións (Páx. 62.)

A señora presidenta concédelle unha breve rolda de explicación de voto á Sra. Sestayo Doce (S) (Páx. 62.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María Concepción Burgo López e tres deputados máis, sobre a exención das taxas universitarias para todos os estudantes con pais e nais desempregados para garantir o seu acceso á formación universitaria en igualdade de condicións e o establecemento de mecanismos para a súa aplicación no curso 2009-2010: rexeitada por 36 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 62.)

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política de comunicación. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Lage Tuñas (S). (Páx. 63.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Páx. 63.)

Réplica do autor: Sr. Lage Tuñas (S). (Páx. 64.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Páx. 65.)

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio dun proceso de privatización na CRTVG. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 65.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* (Páx. 66.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 67.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* (Páx. 67.)

Pregunta de D. Antonio Rodríguez Miranda e sete deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación de parálise que se está a producir na entidade local menor de Berán, no concello de Leiro (Ourense). (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Baltar Blanco (P)* (Páx. 68.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Sr. Baltar Blanco (P)* (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza* (Páx. 70.)

O señor Fernández Leiceaga (S) intervén por unha cuestión de orde (Páx. 71.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e oito minutos da tarde.

Retómase a sesión ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

Interpelación de D. José Tomé Roca e cinco deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Consellería de Traballo e Benestar respecto da publicación e aplicación da Orde pola que se regularan e convocaran axudas destinadas a complementar o desemprego das persoas traballadoras de empresas en crise da Comunidade Autónoma de Galicia afectadas por expedientes de regulación de emprego e suspensión. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tomé Roca (S)*. (Páx. 72.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar* (Páx. 74.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Viéitez Alonso (BNG)* (Páx. 76.) e *Sr. Sueiro Pastoriza (P)* (Páx. 77.)

Réplica do autor: *Sr. Tomé Roca (S)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar* (Páx. 81.)

Interpelación de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no referente ao cumprimento do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)*. (Páx. 82.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria* (Páx. 84.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Meijón Couselo (S)* (Páx. 86.) e *Sr. Baamonde Díaz (P)* (Páx. 88.)

Réplica da autora: *Sra. Adán Villamarín (BNG)* (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria* (Páx. 92.)

Interpelación de D. Francisco Julio Cerviño González e D. Modesto Pose Mesura, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto dos compromisos recollidos no Plan de mellora da atención primaria 2007-2011, así como do cumprimento dos obxectivos previstos nel. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cerviño González (S)*. (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade* (Páx. 96.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Bouza Santiago (BNG)* (Páx. 98.) e *Sr. Fernández Fernández (P)* (Páx. 99.)

Réplica do autor: *Sr. Cerviño González (S)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade* (Páx. 103.)

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia en relación coa normalización e erradicación dos prexuízos contra a homosexualidade. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 104.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar* (Páx. 105.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 106.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar* (Páx. 106.)

Pregunta de D. Francisco Cerviño González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria respecto dos contidos da publicación da Fundación FAES titulada Las paradojas de la “normalización” del gallego. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cerviño González (S)*. (Páx. 107.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria* (Páx. 107.)

Réplica do autor: *Sr. Cerviño González (S)*. (Páx. 108.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria* (Páx. 108.)

Pregunta de D. Henrique Viéitez Alonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a negociación colectiva do sector do metal na provincia de Pontevedra. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Viéitez Alonso (BNG)* (Páx. 109.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar* (Páx. 110.)

Réplica do autor: *Sr. Viéitez Alonso (BNG)* (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar* (Páx. 111.)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e de D. Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, do G. P. Popular de Galicia, sobre a postura do Goberno galego en relación coa reforma da política pesqueira común. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)* (Páx. 112.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar* (Páx. 112.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)* (Páx. 113.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar* (Páx. 113.)

Pregunta de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego relativas á non inclusión do persoal funcionario na carreira profesional sanitaria. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santalices Vieira (P)* (Páx. 114.)

SUMARIO

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade* (Páx. 114.)

Réplica do autor: *Sr. Santalices Vieira (P)* (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade* (Páx. 116.)

Remata a sesión ás oito e catro minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías.
Reiniciamos a sesión.

Declaración institucional

A señora PRESIDENTA: Antes de entrar na orde do día, sometemos ao Pleno da Cámara, por iniciativa de todos os grupos parlamentarios, a seguinte declaración institucional.

Proposta de declaración institucional de apoio á candidatura da torre de Hércules a ser nomeada Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

“Cando Cayo Servio Lupo, arquitecto natural de Coímbra ao servizo do Imperio Romano, construíu o faro Briganthum sobre unha península no extremo sur do golfo dos Ártabros para servir de guía á navegación marítima no *finis terrae*, non podía imaxinar que ese faro, coñecido dende hai séculos como torre de Hércules, ía manterse dous mil anos despois na mesma situación e coa mesma misión.

O mar foi dende a antigüidade un medio de vida e de comunicación para os seres humanos. As primeiras rutas marítimas tiñan como única referencia as costas e os accidentes naturais. Despois, os mariñeiros comezaron a construír torres de pedras en lugares estratéxicos, ao tempo que se transmitían os periplos, as descrições das navegacións, entre eles.

Despois viñeron os mapas, pero todas estas axudas eran insuficientes para a navegación de noite. Así que o seguinte paso foi introducir o lume como guía para os mariñeiros.

Xa no século I da nosa era o Imperio Romano constrúe faros en lugares estratéxicos para a navegación: Ostia, Rávena, Dover e A Coruña, entre outros.

A torre de Hércules, que debía ter unha dobre misión de faro e control das rutas cara a Bretaña, foi o único que chegou como tal ata os nosos días.

Hoxe, despois de varias reformas arquitectónicas en distintos momentos da súa historia, segue sendo faro, e a súa luz ilumina a mariñeiros e cidadáns como naqueles tempos do arquitecto lusitano.

Dende o día 22 ata o 27, en Sevilla, o Comité do Patrimonio Mundial da Unesco reúnese para celebrar a súa trixésimo terceira sesión e decidir outorgar a consideración de Patrimonio da Humanidade a algún monumento.

Non se trata dunha competición, senón dunha distinción e dun recoñecemento que a torre de Hércules, como monumento singular, merece.

Por iso o Parlamento galego, mediante esta declaración institucional que apoian todos os grupos políticos, quere facer público o seu respaldo á candidatura da torre de Hércules e o seu apoio á cidade da Coruña e ás súas institucións e cidadanía nesta aspiración colectiva.”

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Alteración da orde do día

A señora PRESIDENTA: Quero comunicarlles tamén ás súas señorías, antes de iniciar a orde do día, unha modificación, a petición do Goberno e co coñecemento dos respectivos portavoces. Así, as preguntas números 2730, de don Manuel Lage Tuñas, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a 521, de dona Ana Belén Pontón Mondelo, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e a 993, de don Antonio Rodríguez Miranda, do Grupo Parlamentario Popular, puntos 8.2, 8.4 e 8.6 respectivamente da orde do día, substanciáranse por esta orde despois das votacións das proposicións non de lei, ao longo desta mañá.

E, sen máis, entramos no desenvolvemento da orde do día coas preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación do Sr. presidente da Xunta de Galicia da acción do seu Goberno, transcorridos máis de cen días dende as eleccións

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Bos días, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor Feijóo, normalmente as primeiras accións dun goberno suelen ser indicativas das liñas mestras polas que vai discorrer o bo facer desa lexislatura, e por iso quería aproveitar que estamos practicamente xa pasando un importante número de días desde que se tomou posesión para facerlle un pequeno recordatorio de cales foron as guías do seu Goberno; un goberno que nestes primeiros días deu toda unha lección do que é un programa oculto.

En educación, conseguiu a ruptura do consenso lingüístico, incluso se atreveu a ir un pouquiño máis alá e facer a supresión da gratuidade de libros de texto con carácter universal; un anxeio de todos os pais e nais deste país que se conseguira no Goberno anterior. Van incluso á segregación de alumnos por aulas en función de que falen ou non falen a lingua do noso país.

Na Televisión de Galicia impuxo, rompendo o seu acordo de consenso, un director de Radio-Televisión de Galicia e debutou magnificamente cunha manipulación e censura nos primeiros programas que tivo nos primeiros días.

En traballo, seguimos tendo en folga hai máis de deza-seis días o metal en Vigo. Temos a suspensión da orde que ampliaría a cobertura salarial do 70% ou 90% para os traballadores afectados polos ERE, e ademais consegue vostede que pouco máis ou menos todas aquelas propostas se vexan reducidas a 328 novos expedientes de ERE cos 6.500 traballadores nesa situación.

En pesca, consegue vostede suprimir dun plumazo unha lei de pesca consensuada con todo o sector e suspender a compra dun helicóptero que significaría o salvamento e a seguridade marítima na Costa da Morte.

As divisións administrativas que propón conseguen confrontar cidades, cidadáns e non resolver os problemas administrativos. E, desde logo, a tan manida austeridade pasa a ser unha busca permanente de desculpas para gastar máis e ter máis cargos que nunca.

Paraliza as obras de hospitais, de depuradoras e de auto-vías de Carballo e de Celanova.

Paralización, confrontación e programa oculto.

Fágolle unha pregunta clara. No seu hábito permanente de eludir o compromiso con Galicia, sobre todo con obras e infraestruturas que dependen da Xunta, e poñerlles deberes aos demais, ¿ten pensado executar ou paralizar os hospitais de Vigo, de Pontevedra, de Lugo, a depuradora de Vigo, e ten pensado anular as autovías de Carballo e de Celanova?

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

Para a resposta, ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Sorpréndeme un pouco a súa pregunta, señoría, porque vostede me interpela sobre qué fixen nos cen primeiros días de goberno.

Eu pensaba que o Goberno empezaba a gobernar a partir da súa toma de posesión e non antes. Pero se vostede me pregunta qué ocorría en Galicia nos 115 días primeiros dende o cambio de goberno, o que me obriga vostede é a referirme aos 48 días do Goberno bipartito en funcións.

Señoría, o que pasou durante eses 48 días é que se atrasou o necesario traspaso de poderes. Dito doutra forma, que non foi un traspaso exemplar. E por iso eu comprométome, diante do Parlamento, a traer unha normativa legal para que non volva ocorrer isto en Galicia, e a que o traspaso de poderes sexa exemplar. *(Aplausos.)*

Señoría, ¿como valoro estes 67 días do Goberno da Xunta de Galicia? Mire, basicamente o Goberno fixo dous aspectos importantes. Primeiro, formamos un goberno acorde coa realidade do país. Abandonamos as pompas versallescas e fixemos un goberno de acordo co país; 40 millóns de euros menos lle vai custar este Goberno durante a lexislatura que lle custou ao Goberno bipartito anterior; 40 millóns de euros menos só en nóminas, señorías, de altos cargos e de persoal de confianza. *(Aplausos.)* E, en segundo lugar, señoría, este Goberno fixo outra cousa: dicir a verdade. *(Murmurios.)* Dicir a verdade sobre a situación econó-

mica, dicir a verdade sobre as contas públicas, dicir a verdade sobre o AVE e as autovías, dicir a verdade sobre o financiamento da Comunidade Autónoma, dicir a verdade sobre a situación en que se atopa Galicia.

Señoría, algúns exemplos do que fixemos durante estes 67 días: aprobamos o maior plan de austeridade que se aprobou en ningunha administración pública española, 144 millóns de euros para investir en plantexamentos que consigan activar a riqueza e o emprego; ímonos sentar cos axentes sociais, antes dos cen primeiros días, para aprobar o Plan de choque; puxemos a traballar os sectores en crise; puxemos a traballar a reactivación de vendas de automóviles e xa somos a cuarta comunidade autónoma en maior reactivación de vendas; desbloqueamos 120 millóns de euros no sector lácteo (*Murmurios.*); plantexamos compromisos para contratar a todos os parados que esgotaran as súas prestacións, 30 millóns de euros máis; presentamos un plan de promoción do Xacobeo do ano 2010 e, señoría, presentamos ao presidente do Goberno de España as asignaturas pendentes de Galicia.

En definitiva, señoría, ¿sabe o que fixemos durante estes 67 primeiros días?

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Galicia ten un goberno e non dous, Galicia ten un goberno austero e serio.

En definitiva, señoría, durante estes 67 días Galicia, por fin, ten un goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Para réplica ten a palabra don Manuel Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Moitas grazas.

Señor presidente, falando de traspaso de poderes, non se preocupe que lle recordo que están na Fiscalía todas aquelas

concesións que fixeron vostedes de minicentraís eólicas no seu traspaso de poderes co Goberno bipartito. Iso para empezar. (*Aplausos.*)

Noutra orde de cousas: austeridade, ningunha; pompa e boato e comunicación, toda. Euros aforrados, cero; máis altos cargos e máis gasto. E o tempo íranos poñendo a cada un no seu sitio. (*Murmurios.*)

Mire, señor Feijóo, vexo que vostede non vai contestar nin quere falar do que vimos a falar aquí. Nos seus primeiros setenta días, paralización de mil millóns de euros en obras, licitación de cinco millóns de euros e cero inversións en calquera outro gasto que poida contemplar.

A vostede, que lle gustan tanto os prazos, non me acaba de dicir se vai facer ou non os hospitais de Vigo, Lugo e Pontevedra, se vai paralizar ou non a depuradora. Eu que vostede –e hoxe é un día para falar de calendarios– fágolle unha petición concreta. Traia a esta Cámara o calendario das grandes infraestruturas de Galicia, traia a esta Cámara e comprométase con fecha de licitación, execución e remate do Hospital de Vigo, de Pontevedra e de Lugo; da depuradora de Vigo, da construción ou remate das autovías de Celanova e da Costa da Morte. Traia fechas. E é moi bo que Madrid se comprometa con Galicia, pero é tan importante que Galicia se comprometa con Galicia. Poña fechas encima da mesa. A vostede, que lle gustan tanto os calendarios dos outros, creo que hoxe era un día magnífico para que dera un compromiso con Galicia. Eu vou ser o primeiro que traia un calendario. Comprométome con Vigo, con Lugo, con Pontevedra, coa Costa da Morte e con Celanova, comprométome con fechas. (*Murmurios.*) Por certo, por certo, pídolle outra cousa: pónalle fecha á presentación do modelo de financiación que vai levar a Madrid. Pónalle fecha para que saibamos todos os galegos qué vai poñer en Madrid...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: E pídolle que ten que ser antes dunha semana.

Se vostede quere ese compromiso, terá credibilidade cando pida calendarios, licitación e compromisos. Se vostede só quere poñerlles deberes aos demais e escaquearse do

compromiso con Galicia, para iso non conte co apoio do Partido Socialista de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

Ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Vázquez, se non soubera eu que vostede é do Carballiño, pensaría que vivía en Estocolmo.

Señor Vázquez, dicir que este Goberno non é austero cando foi capaz de reducir o 52% dos altos cargos e o 20% do persoal de gabinete é simplemente non vivir en Galicia.

Señoría, durante os cinco primeiros meses do seu Goberno licitáronse en Galicia –voulo dicir– 10 millóns de euros; durante os cinco primeiros meses do seu Goberno. Eu comprométome nesta Cámara a multiplicar por catro, nos cinco primeiros meses do meu Goberno, o investimento que vostede fixo nos cinco primeiros meses. *(Aplausos.)*

Señoría, a min gustaríame efectivamente atoparme unha Galicia distinta, gustaríame atoparme unha Galicia na que os 50 millóns que vostede deu a dedo –por suposto, sen contratación, porque así é moito máis fácil contratar, señoría–, a dedo, serviran para algo no saneamento das rías. Lamentablemente non é así.

Mire, das dezasete obras que vostede contratou a dedo, dúas non funcionan, cinco están fóra de uso e dez presentan deficiencias importantes. Señoría, mire, o que fixemos foi recuperar os consensos. Si, si, non se preocupe, nos cen primeiros días do meu Goberno traerase á Cámara o Plan de infraestruturas completo, cousa que vostedes non fixeron en catro anos. *(Aplausos.)* Un plan de infraestruturas completo, señoría.

Mire, señoría, láméntoo, imos facer o hospital de Vigo que vostedes deixaron sen presupostar, imos facer a depuradora de Vigo que vostedes deixaron sen presupostar, e imos facer unha gran instalación hospitalaria en Pontevedra que vostedes deixaron sen presupostar. Señoría, o que fixemos foi recuperar os consensos. *(Murmurios.)* Onte na Cámara

recuperamos o consenso lingüístico, señorías; *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* o consenso lingüístico. Si, señoría, volvemos a examinarse en liberdade e esixindo o coñecemento do galego a todos os opositores.

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Iso foi o que ocorreu en Galicia durante vinte e cinco anos. Lamento, señor Vázquez, que vostede tivera que modificar unha lei da función pública presionado polo 10% dos votos de Galicia. Nós modificámola con máis do 80% dos votos en Galicia, incluídos os seus, señoría, *(Aplausos.)* incluídos os seus.

Señoría, recuperamos o consenso na Compañía de Radio-Televisión galega. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede seleccionou –e sábeo igual ca min– o último candidato, que agora é o director da Compañía de Radio-Televisión galega. Recuperámolo, señoría.

Recuperamos o consenso na pesca. Pero, señoría, di vostede que a Lei de pesca estaba consensuada co sector; non, esta Lei de pesca está consensuada co sector,...

A señora PRESIDENTA: Por favor, vaia rematando, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... a outra non estaba consensuada co sector. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señorías, en definitiva, Galicia ten un Goberno austero e Galicia ten un Goberno que vai recuperar os consensos da maioría.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os avances concretos derivados da

reunión levada a cabo o pasado día 15 de xuño polo Sr. presidente da Xunta de Galicia co Sr. presidente do Goberno español

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra don Carlos Ignacio Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente, nós a verdade é que non compartimos esa curiosa idea que teñen vostedes no Partido Popular do consenso. O que si penso que podemos compartir é que as relacións entre Galiza e o Estado, lonxe da lóxica dos gobernos amigos ou inimigos que tan magros froitos nos deu, deben ser relacións de cooperación baseadas nos principios de igualdade e na lealdade recíprocas. Porque só desta maneira, señoría, se poderán defender eficazmente os intereses do país sen ser utilizado o país, Galiza, como moeda de cambio de estratexias foráneas.

Neste sentido nós saudamos a entrevista que vostede mantivo o pasado luns, día 15, co presidente do Goberno español como unha mostra de normalidade institucional. Iso si –xa llo dixemos onte–, lamentamos que desa entrevista non saia ningún resultado, ningunha consecuencia práctica. Vostedes estiveron reunidos dúas horas. Eu esta noite dáballe voltas e digo, bueno, pero este señor onte díxonos que estivo dúas horas reunido co presidente do Goberno español –segundo di a prensa– e non acordaron nada, parece que non faláron de nada. Vostede púxolle alí unha serie de temas enriba da mesa: do leite, nada concreto; construción naval, cando chegue á Presidencia Europea –cousa que xa sabiamos e veremos–; das transferencias, nada novo a respecto do Goberno exterior; do financiamento autonómico, nada, porque saíu dicindo, bueno, confío e tal, pero a partir de aí unha espiral declarativa mediática cada vez peor, até antonte, onde dixo que era unha subhasta, acusou o presidente español de electoralismo, pero non puxo tampouco ningunha proposta enriba da mesa.

E de infraestruturas vostede intenta convencernos que estivo dúas horas falando co presidente do Goberno español, co señor Zapatero, e que non faláron dos prazos do AVE. Vostede intenta convencernos de que dentro dunhas horas vai reunirse en Madrid co ministro de Fomento, co señor

Branco, e que vai chegar alí sen saber que prazos lle van pór enriba da mesa. Vostede quere tomar a Cámara por parva, e, francamente, nós non llo cremos.

Nós non lle cremos que vostede o luns día 15 non pactara xa co señor Zapatero os prazos do AVE, e nós non lle cremos que vostede vaia hoxe a Madrid reunirse co señor ministro de Fomento sen saber que prazos lle van pór enriba da mesa. E vostede, señor Feijóo, ten o deber de darlle esa información á Cámara, porque é información relevante. Terá que dicirnos, por exemplo, se hai algunha liña vermella. ¿A vostede válelle calquera data que hoxe lle poñan enriba da mesa? ¿Vale o 2014, 2015, 2016, 2017...? ¿Onde está a liña vermella? Porque para nós está –e xa llo dixemos onte– no acordo parlamentario que hai menos dun ano asinamos todos nesta Cámara e votamos todos nesta Cámara: 2012 conexión de alta velocidade coa Meseta, 2013 eixe atlántico no seu conxunto. Ese é o acordo do Parlamento...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... ese é o acordo do Parlamento dende a posición unánime do Parlamento galego.

Por tanto, señor Feijóo –sabemos que poucos, pero si houbo algún–, ¿que avances concretos despois de dúas horas de reunión sacou vostede da entrevista co señor Zapatero?

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Para responder ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Efectivamente tivemos unha reunión o presidente do Goberno e mais eu non de dúas horas, senón de dúas horas trinta minutos, onde, como vostede onte puido comprobar por unha comparecencia de case tamén dúas horas, fixemos un relatorio dos temas tratados no palacio da Moncloa. Un relatorio que marca a relación de Galicia durante esta lexislatura co Goberno de España, e un relatorio creo que polo miúdo. E por iso onte comparecín a petición propia para

explicar o que vostede outra vez quere que lle explique, neste caso en tres minutos.

Señoría, tratamos os temas consensuados no Parlamento galego, todos. E, como é natural, agora toca acordar os planxamentos concretados en Moncloa. E por iso esta tarde, como vostede acaba de dicir, voume reunir co ministro de Fomento; e xa lle anticipo que o 1 de xullo –onte pechamos como data o 1 de xullo– vou reunirme coa vicepresidenta económica do Goberno. Polo tanto, o que fixemos foi unha folla de ruta e, a partir de aí, unhas axendas de traballo cos responsables ministeriais. E creo que esa é a forma de facer as cousas, porque, mire, eu nunca vou dicir que pactei unha cousa en Madrid a sabendas de que non é certo, e nunca vou traer unha data a Galicia a sabendas de que é falsa. E moito menos vou calar despois de estar catro anos cogobernando co Partido Socialista se o Partido Socialista está incumprindo todas e cada unha das datas que pactou, entre outros, con vostede. E dende logo o que non farei nunca é apoiar todos os anos o presuposto do Goberno socialista que incumpre todas as datas do tren de alta velocidade en Madrid como fan vostedes, *(Aplausos.)* iso non o vou facer, non o vou facer.

Por iso, señoría, por respecto a esta Cámara, non me pida vostede que diga cousas que non están pechadas. Si por respecto a esta Cámara eu me comprometí con vostede en que antes de pechar ningún acordo o informe previamente. Polo tanto, antes de pechar ningún acordo en materia de infraestruturas vostede será informado directamente polo presidente da Xunta de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Si, señor Feijóo, imos ver, se foron dúas horas trinta minutos, peor mo pon, porque, claro, eu creo que vostede xa sabe os prazos e as datas que lle van pór, non nolas quere dicir. Pero, ben, o que si nos debería dicir agora é cales son os límites, cales son as restricións que vostede vai pór, cal é a súa liña vermella, ¿válelle todo? ¿Válelle o 2015?, ¿válelle o 2016?, ¿válelle o 2017?, ¿válelle o 2018? Porque iso ten consecuencias, consecuencias claras. E hoxe aparece na prensa.

Dixémosllo onte desde o Bloque Nacionalista Galego, se vai máis alá, se vai alén do 2013 non haberá financiamento comunitario. E desde o Ministerio de Fomento hoxe na prensa din: non, iremos ao financiamento privado e a Xunta que asuma parte do custo. ¿Por que? ¿Vostede tamén vai aceptar iso en Madrid? ¿Está disposto tamén a aceptar que o ministro de Fomento lle diga financiamento privado?

Estamos vendo que pasa no porto exterior da Coruña, porque non é fácil agora conseguir financiamento privado, que ademais supón un maior custo para as obras e dar incerteza. Temos tamén o caso da autovía Carballo-Berdoias, sobre a súa execución e a súa terminación. ¿Vostede vai aceptar que mentres as infraestruturas noutros lugares do Estado se financiaron con fondos europeos xestionados polo Goberno español enterrados na T4 de Barajas, que debían estar no tren galego, para Galiza veña financiamento privado e que a Xunta teña inda por riba que pór parte do custo e financiar parte do custo desas obras? Nós non, os nacionalistas non, e penso que a maioría dos galegos tampouco.

E díganos agora cal é a súa liña vermella, porque vostede xa sabe o prazo que lle van pór enriba da mesa, xa o sabe. Non nolo quere dicir, xa o sabe, sábeo desde o luns día 15. Xa o pactou vostede, non fale de pactos, xa o pactou vostede co presidente do Goberno español. O Bloque Nacionalista Galego cando apoia os orzamentos do Estado...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... é porque son bos para Galiza. *(Murmurios.)* ¡Si, si, claro que si!

E no ano 2004 foi o Bloque Nacionalista Galego quen vetou eses orzamentos no Senado, porque non eran bos para Galiza. Agora, díganos se os orzamentos de Aznar eran mellores. Pero a pregunta está clara, os prazos, señor Feijóo, que vostede sábeos, e a liña vermella que pon o seu Goberno, ¿está disposto a que Galiza pague parte do custo das obras estatais no noso país? Nós non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Para responder ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Aymerich.

Vostede dime que non valeu para nada a reunión e, sen embargo, dime que xa pactei os prazos co presidente do Goberno, ¿en que quedamos? ¿Valeu para algo a reunión co presidente do Goberno ou, pola contra, xa pactei os prazos e, polo tanto, (*Murmurios.*) si que a anticipamos?

Mire, señoría, hai dúas formas de entender a relación co Goberno de España, vostedes teñen unha e nós temos outra, é evidente. Agora o que hai que comprobar é facer o balance e cal é o resultado da súa e cal é o resultado da nosa. De momento coa súa nos catro anos de cooperación intelixente, máis o ramalazo maleducado, máis cruzar todas as liñas vermellas, o resultado é que os últimos catro anos foron os peores anos en materia de transferencias do resto das lexislaturas anteriores. E o resultado é que vostedes apoiaron en Madrid todos os anos o presuposto do señor Rodríguez Zapatero, e agora resulta que vostede –igual que eu– está preocupado porque as infraestruturas non chegan nos prazos que vostedes pactaron e que nós denunciámos de forma constante. (*Aplausos.*)

Tanto é así, señoría, que vostedes, os nacionalistas, os que din que poñen Galicia por enriba de todo, pactaron e votaron a favor de non reprobar a ministra de Fomento que de forma descarada mentiu e enganou deliberadamente a Galicia, esa Galicia que nós defendemos e que vostedes non. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, eu voulle dicir ao ministro de Fomento moi poucas cousas, pero moi claras: primeiro, que o AVE galego non é unha obra para Galicia, senón que é unha obra para o conxunto de España; polo tanto, que non nos venda ningún AVE a Galicia, é un tren de alta velocidade para o conxunto de España, primeiro punto. Segundo, mire, voulle plantexar que quero un acordo por escrito, cousa que vostedes foron incapaces durante catro anos de apoio inequívoco ao Partido Socialista. Un acordo por escrito con prazos, con presupostos e con seguimento. Señoría, o que lle vou plantexar non é só os prazos de finalización, nesa trampa xa caeu vostede. Eu o que lle vou plantexar son as datas de inicio de cada infraestrutura, as datas de inicio; por suposto, o presuposto adicional sobre o que vostedes pactaron, o compromiso orzamentario, e, ¿sabe que máis?, unha comisión de

seguimento para que ir a Madrid non sexa unha noticia, senón que sexa simplemente ir esixir os prazos comprometidos e os presupostos previstos.

Señoría, o que vou plantexar é un modelo distinto, de colaboración coa Administración do Estado.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA (Núñez Feijóo): Prazos e presupostos, datas concretas de inicio e unha comisión de seguimento. ¿Sabe para que, señoría? Para que non ocorra o que ocorreu mentres vostedes gobernaban.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos co punto cuarto da orde do día.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Modesto Pose Mesura, sobre a continuación da construción do novo hospital de Vigo, así como da ampliación do Complexo Hospitalario de Pontevedra

A señora PRESIDENTA: A esta moción non se presentaron emendas, e para formulala ten a palabra don Modesto Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Grazas, presidenta.

Bos días, señorías.

Imos debater esta moción, froito da interpelación do último Pleno, sobre as infraestruturas de carácter sanitario, e a min gustaríame, como portavoz neste tema do Grupo Socialista, recuperar un consenso, que é o consenso, señor presidente –antes de que se vaia– das palabras do dicionario, do significado das palabras, porque eu estou absolutamente confuso se houbo consenso no idioma no día de onte, se houbo consenso no galego, se hai consenso.

Pero é unha evidencia, aquí hai tres grupos parlamentarios que representan unha proporción da sociedade galega, e polo tanto, para falar de consenso en Galicia, haberá que falar de consenso destes tres grupos parlamentarios. Pero,

como vale todo, pois eu empezaría por recuperar o consenso do significado das palabras. Entón, a partir de agora, teremos que vir co dicionario da lingua aquí e cada vez que un diga unha palabra, pois haberá que recordarlle o significado.

En fin, neste ánimo de consenso traemos esta moción para, seguindo as palabras que dixo o presidente que se vai facer, e seguindo esa estratexia de poñer datas e compromisos certos que lles esiximos aos demais, que lles esiximos a outras administracións, pois aos responsables da Administración de Galicia, e agora ao grupo parlamentario que os apoia, ímoslles pedir que apoien esta moción; porque estive-mos estes sesenta e sete días, en fin, repensando o pensado, desfacendo o feito e dubidando incluso da propia dúbida, e eu creo que xa é o tempo de ter ideas certas do que queremos facer, logo xa o faremos, pero ideas certas do que queremos facer. E eu xa lle adianto que perdemos as eleccións; o Goberno anterior, non digan xa nada, fíxoo fatal porque perdeu as eleccións, punto, acabouse o debate sobre ese tema.

Vostedes agora están gobernando, teñen que dar explicacións do que fan vostedes. Non cada vez que abrimos un debate é que perderon as eleccións. Claro, é unha evidencia, punto, acabouse, por iso están tan contentos e felices gobernando. Nós agora, a nosa obriga, é dicirlle: oia, isto está así e débese empezar a executar. Porque mire, ese Goberno anterior, que perdeu as eleccións, resulta que deixou o hospital de Vigo, con toda a dificultade de tramitación desa gran obra, listo para licitar a execución. Non se ría, señor Chaves, porque iso é así. Iso é así.

Con diñeiro para terminar de pagar as expropiacións, diñeiro nos presupostos, por certo que para licitar a execución nin sequera legalmente fai falta terminar de pagar as expropiacións. Entón, o que lle pedimos, nin máis nin menos, é que despois de que o Goberno anterior fixese un plan funcional que significa máis de 1.000 entrevistas con profesionais e responsables de servizos para definir detalladamente o que hai que facer en cada servizo asistencial, que non o volvan facer, que anunciaron nos medios de comunicación que se ían reunir con xente para decidir que facer, iso xa está feito, non perdan o traballo niso.

O proxecto básico está feito, señor Santalices. O Plan sectorial de incidencias supramunicipal foi o que fixo o

Goberno, o convenio entre a SPI e o Sergas está feito e está a modalidade e as cantidades que cada ano vai ter que desembolsar o Sergas no futuro, ¡está feito! Polo tanto, vostedes se agora queren continuar con ese proxecto dínno-lo, apoian esta moción e punto, licítase a execución. ¡Ah!, que non queren continuar, que sería lícito que tivesen outro proxecto, ese programa oculto do que falaba o portavoz dos socialistas, claro, sería lícito, pero non teñan un programa oculto vergonzante, ensínenos. Mire, nós o que queremos facer é isto porque pensamos que é o mellor para os galegos.

Polo tanto, en resumo, posiciónense sobre este proxecto de rematar o hospital moderno que o Goberno anterior deixou debuxado e tramitado; perdón, efectivamente, porque as cousas hai que debuxalas, señor meu, ¿ou os proxectos non son debuxos? ¿Válelles isto? Se non lles vale presenten a súa opción, se non lles vale digan claramente: non nos vale e queremos facer outro tipo de hospital, un hospital máis pequeno que comparta asistencia, pois en fin, con hospitais privados, pero díganos, non teñan vergonza das súas ideas, se cren que son boas para os galegos.

En Pontevedra, no ano 2001, que xa choveu, debateuse en Pontevedra se se ampliaba Montecelo ou se construíu un novo hospital. Nese momento decidiuse, polo Goberno de entón, que non era socialista, e polo conselleiro de entón, que era o señor Cochón, ampliar Montecelo; desa decisión, que non ten ningún sentido debatela agora, somos herdeiros todos, e agora, despois de tomar esa decisión e de gastar alí máis de 60 millóns de euros, pois abren outra vez o debate de se se amplía ou se fai un novo hospital. Díganlle ao portavoz que teñen alí que está confundido, que se dedique a outras cousas, ao que sabe, que se dedique a construír outro tipo de edificios, e poñan en marcha, liciten dunha vez que está absolutamente todo preparado para licitar a execución, liciten as obras que é o que lles queda para facer.

Hospital do Salnés, o Hospital do Salnés hai un plan funcional que tiña dúas fases, a primeira fase remata neste mes ou a mediados do mes que vén, e hai que abrir a planta esa que se rematou. Hai que abrila e poñela en funcionamento, se non, ¿para que facemos as obras? E hai unhas declaracións do novo xerente de que non se pode abrir esa planta por agora. Bueno, pois queremos que esa planta, que era para coidados paliativos, para unha unidade de curta estancia, para cousas que se necesitaban nese hospital, que a

poñan en marcha, en fin, nun prazo razoable, que a poñan en marcha en canto acaben as obras. E queremos que continúen coa segunda fase do Plan funcional do Salnés.

A segunda fase, que hai un proxecto feito, queremos que o liciten e que liciten as obras de ampliación da segunda fase, que é un servizo de urxencias, que é unha unidade de hemodiálise, etc., etc.; que son cousas imprescindibles para o funcionamento dese hospital. Pedímoslles que se posicionen, e é moi simple, que as adxudiquen no prazo dun mes, no prazo razoable dun mes, porque está absolutamente todo listo.

Ben, pois estes son os tres puntos da moción, todo isto xa sabemos que o puido facer o Goberno anterior, puido licitalo, e non o fixo a última hora por elegancia política, ¡si, si, si! Porque o lóxico, o lóxico é que en obras con tanto orzamento é deixarlle que as faga o novo Goberno que saia das urnas. Señor Santalices, ¿que dirían vostedes se o Goberno licitase antes de saír do Goberno o hospital de Vigo ou a ampliación do Hospital de Pontevedra, habería que oílos, reclamando, poñendo o grito no ceo. Polo tanto, o Goberno que saíu despois das eleccións do 1 de marzo é o que ten que asumir esa responsabilidade.

Polo tanto, señor presidente da Xunta, que é moi dado a poñerlle prazos a Fomento, poñerlles prazos aos demais...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... eu creo, desde o Grupo Socialista cremos, que ten que poñerse algún prazo a si mesmo, e agora teñen a oportunidade desde o Grupo Parlamentario Popular de votar esta moción e de facer un xesto político de asumir ese compromiso e de dicirlle ao Goberno que ten que continuar con esas obras que empezou a administración, outro Goberno pasado, pero en definitiva a administración de todos os galegos.

E non me veña coa cantinela de que, en fin, nós xa perdemos as eleccións, que o Goberno o fixo fatal, porque, xa lle digo, eu son o que lle digo, por se non se enterou, que perdemos as eleccións. Pero ollo...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... que non hai pouco que non chegue, señor Santalices, nin moito que non se acabe. *(O señor Pose Mesura pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Pose.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra dona Ana Luísa Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señora presidenta.

Señorías, a situación das novas infraestruturas sanitarias en Pontevedra, en Vigo, no Salnés, eu creo que está sendo un dos temas máis tratados neste inicio da lexislatura, tanto en Pleno coma en Comisión. É un tema que xa ten historia no pouco tempo que levamos de lexislatura, e é normal, porque é un tema que afecta a moitas familias galegas.

En todas as ocasións nas que se tratou o tema, en Pleno e en Comisión, dende este Grupo Parlamentar do BNG ofrecemos o noso apoio na defensa da sanidade pública e reclamamos dende esta posición de defensa da sanidade pública concreción sobre os proxectos en marcha, concreción sobre a asunción dos proxectos ou non, e en caso de que non se asuman os proxectos en marcha, sobre as modificacións aos proxectos; se é que hai modificacións aos proxectos, concreción sobre o modo de financiamento, se hai financiamento público ou non, e se non se asume o financiamento público, concreción sobre o novo modelo de financiamento.

Teño que dicir que temos recibido como resposta silencio nunhas ocasións, afirmacións vagas e xerais noutras ocasións, e algunha concreción, efectivamente, algunha concreción. Teño que dicir tamén que esas concrecións escasas teñen tido moi pouca duración no tempo, porque cando se ten concretado algunha cuestión en sede parlamentaria, ao día seguinte nos medios de comunicación teñen aparecido persoas relevantes do PP, incluso ás veces a propia conselleira, sementando dúbidas ou desmentindo esa concreción sobre os proxectos ou sobre o modelo de financiamento.

Ampliación do Hospital de Pontevedra, está en debate público entre a conselleira de Sanidade e o portavoz do PP

no Concello de Pontevedra, o señor Telmo Martín, con continuas aparicións nos medios de comunicación. Sobre a construción do hospital de Vigo a confusión adobíase con termos como xenerosidade na definición de solucións, fuxir de ideas preconcebidas, que tampouco aclaran cal é o seu modelo de sanidade. E sobre o Hospital do Salnés estes días aparecen voceiros do PP da comarca do Salnés, incluído o superdelegado Cores, que queren falar directamente co presidente da Xunta ao non ter unha resposta clara da conselleira Farjas ás súas demandas.

Nós compartimos, o Grupo Parlamentar do BNG comparte, esa demanda de claridade ao Goberno galego, para poder así definir nós tamén a nosa posición relativa a respecto do proxecto concreto que asumen sobre estas infraestruturas. Temos xa ganas de saber cal é o seu proxecto para estas infraestruturas.

Porque se a ausencia de claridade é produto de diferenzas internas no PP, como parecen mostrar estas aparicións nos medios de comunicación, pois pedímoslles polo ben das familias galegas que, coa máxima urxencia, se poñan de acordo entre vostedes e definan por fin un proxecto concreto para cada unha destas infraestruturas, como demanda a cidadanía.

Se a ausencia de claridade é produto de dúbidas sobre o proxecto, sempre poden probar a realizar unha enquisa escrita ás familias afectadas na liña desta nova democracia feijoniana baseada na austeridade e no rigor.

E se a ausencia de claridade é unha manobra de despiste para intentar provocar cansazo, para intentar provocar abandono do tema, para intentar cambiar o proxecto en silencio, de espaldas á cidadanía, pois aquí estamos e seguiremos a preguntar ás veces e a sacar o tema o tempo que faga falta para evidenciar a súa inconcreción e ausencia de compromiso coa sanidade pública por parte do Grupo Popular.

Cremos que nesta moción se define escuetamente, pero de xeito concreto e completo, modelo, prazos de licitación e criterios de financiación. E permítenos unha vez máis plantexar as preguntas, as preguntas que se fai a cidadanía e buscar consenso ao redor dunha proposta concreta.

Nós reiteramos que sobre o hospital de Vigo queremos saber se o Goberno galego e o grupo que o apoia asumen o

proxecto do novo hospital con 1.440 camas e financiamento público ou se teñen outro proxecto; e se teñen outro proxecto, cal é.

Dende este grupo do BNG reiteramos que queremos saber se Povisa deixará de contar con poboación adscrita e deixará de contar cun convenio singular nos termos marcados no acordo básico sobre a sanidade de 2006 ou se teñen outro proxecto; e se teñen outro proxecto, cal é.

Reiteramos dende o grupo do BNG que queremos saber se o Goberno galego asume a ampliación do Hospital de Pontevedra ou se ten outro proxecto; e se ten outro proxecto, cal é.

Reiteramos dende este Grupo Parlamentar do BNG que queremos saber se asumen tamén o proxecto da segunda fase do Hospital do Salnés ou se teñen outro proxecto; e se teñen outro proxecto, cal é.

A moción non foi emendada polo Grupo Popular, polo tanto, non fan proposta de prazos nin de forma de financiación alternativa.

Un voto positivo a esta moción supoñería por fin un compromiso claro e explícito, supoñería por fin dicirlle a verdade á cidadanía. Pero un voto negativo supón tamén unha definición. Supón que non asumen o proxecto de Vigo de 1.440 camas, supón que non asumen o proxecto de ampliación do Hospital de Pontevedra, supón que non asumen a segunda fase do Hospital do Salnés e supón que non asumen o financiamento público.

Hoxe o señor Feijóo reivindicaba dicir a verdade, e aquí por fin se vai aclarar e se vai saber a verdade da súa aposta pola sanidade pública. Porque o tempo da falta de definición está rematando. Porque se a teórica aposta pola sanidade pública que se ten feito en sede parlamentaria se concreta ao fin da mesma maneira que se concretou onte a teórica aposta do seu partido polo consenso en materia de lingua, se esa teórica aposta se concreta como se concretou onte a súa teórica suposta defensa da nosa lingua, o galego, da lingua común, as galegas e os galegos temos moitos, moitos, moitos motivos para preocuparnos.

Hoxe na intervención do presidente entendemos un novo concepto semántico da palabra “consenso”. Probablemente

igual teñen tamén un novo concepto para a palabra “sanidade pública”. É o momento de poñelo enriba da mesa.

Saben vostedes que o BNG somos xente teimuda, e dígo-lles unha vez máis que non abdicaremos da nosa obriga de defensa da sanidade pública co concepto entendido pola cidadanía, da mesma maneira que nunca abdicaremos da defensa da nosa lingua común, o galego.

E manifestamos, por tanto, a nosa intención de voto favorable á moción nos mesmos termos en que foi presentada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Bouza Santiago.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Miguel Ángel Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Grazas, señora presidenta.

Moi bos días a todos.

Permítame, señora presidenta, que empece por manifestar o meu asombro por como está discorrendo este inicio parlamentario nesta lexislatura. Abandonos dos hemiciclos tanto en Pleno coma en comisións...

A señora PRESIDENTA: Señor Santalices, prégo-lle que se centre na cuestión que estamos a debater.

O señor SANTALICES VIEIRA: Si, pero voume centrar na cuestión, señora presidenta, porque precisamente quero que vostede coñeza algunhas das cousas que están pasando nalgunhas comisións, e pido o seu amparo para iso.

A señora PRESIDENTA: Señor Santalices, prégo-lle por favor que se centre na cuestión que estamos a tratar, e os outros temas tratámoslos cando vostede queira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Pero é que están pasando agresividades verbais desmesuradas...

A señora PRESIDENTA: Señor Santalices, non me faga chamalo á orde, por favor.

O señor SANTALICES VIEIRA:... neste Pleno, están pasando; vexo eu, observo, unha agresividade verbal desmesurada. E están sucedendo tamén, señora presidenta, nas comisións. Incluso hai portavoces....

A señora PRESIDENTA: Señor Santalices, por favor.

Señor Santalices, chámoo á orde por primeira vez, señor Santalices.

O señor SANTALICES VIEIRA:... que exercen ata de matóns impropios de parlamentarios, señora presidenta. Con todos os respectos llo digo, impropios de ser parlamentarios. *(Murmurios.)*

Entrarei, porque así mo pide a señora presidenta, no tema.

A área sanitaria de Vigo –por iso eu estou tamén perplexo de que vostedes veñan aquí con esta cuestión– foi especialmente castigada na anterior lexislatura. E foi castigada por un Goberno bipartito, o mesmo que hoxe rexe a cidade de Vigo e que di ter tanto interese pola cidade.

Recordemos algunhas cousas do que pasou, porque hai que recordar, señor Pose.

A atención primaria en Vigo castigada con peche dos seus centros de saúde. Algo que vostedes aquí negaron constantemente, pero que se acabaron pechando os centros de saúde.

Vergonza e neglixencia causou a nivel nacional a situación da cirurxía pediátrica en Vigo. Cen mil nenos cunha asistencia sanitaria, porque era un centro de referencia baixo a nefasta xestión duns directivos, que espero que agora esta situación se corrixa.

Deixaron vostedes a cidade de Vigo coas listas de espera máis altas de toda Galicia, e consecuentemente de España, porque non olviden que o barómetro sanitario coloca a Galicia no penúltimo lugar, despois de Canarias; deixaron as listas de espera máis altas en consultas, en intervencións cirúrxicas e en probas diagnósticas. Máis de cen mil persoas esperando por un acto médico.

Houbo unha falla de xestión e compromiso no eido das infraestruturas na área sanitaria de Vigo. Ningún centro de

saúde construído, nin en Vigo nin en ningún outro lado, pero falando de Vigo, ningún centro de saúde construído.

Ameaza de peche dos puntos de atención continuada sobre a cidade de Vigo, ameaza de suspensión do convenio co centro médico Povisa; feitos polo director xeral. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vostedes saberán o que pode supoñer iso no contexto da área sanitaria de Vigo.

Tomadura de pelo á cidadanía no tema da construción do novo hospital, tomada de pelo. A gran innovación foi ubicar en Vigo o que é o gran proxecto de xestión, o seu proxecto de xestión moderno, progresista, rompedor, intelixente nos plantexamentos, pero turbio, moi turbio, nos seus fins últimos. Ese holding empresarial. Xa dixen aquí o nome moitas veces. Hoxe non o volvo repetir.

Un holding empresarial creado para o encargo de consultorías a amigos. Aí están os datos, e non eran pequenas cifras, 120.000, 130.000 euros, todo encargado, consultorías a amigos para redefinir o que xa estaba redefinido: o proxecto do novo hospital de Vigo.

O novo hospital de Vigo ten unha historia, unha nefasta historia que alcanza o seu máximo de incompetencia nos últimos catro anos.

Nas eleccións do 2005 accedeu a elas o Goberno bipartito, desgraciadamente para Galicia accedeu a elas o Goberno bipartito e veu unha nova consellería co seu equipo. E aquí empezan os desastres. O secretario xeral, o ex secretario xeral, adxudica un novo plan funcional a unha empresa da que el era socio. Participación empresarial, chámase isto. O mesmo do que onte se falou, de que si que cumpre desde logo coa Lei de incompatibilidades. Porque un mes despois de deixar o seu cargo de secretario xeral accede a un posto de director dun hospital privado co que había un concerto suscrito e firmado por el.

Irrompe un director xeral dicindo que o que hai que facer é pechar Povisa e suspender o concerto singular. Sen ter nin idea do que isto supón no contexto sanitario da área de Vigo. Prodúcense os escándalos e cesan curiosamente estes dous señores: o secretario xeral e o director xeral. ¡Por algo será, por algo será!

E empeza a cadea de presentacións do novo hospital. Ata sete presentacións, sete presentacións no novo hospital. E xorde de repente un novo modelo de xestión, *“la gestión”*, como denominou o alcalde de Vigo: *“La gestión de la construcción invisible. El hospital se está construyendo pero no se ve, pero se está construyendo”*. Isto díxoo o alcalde de Vigo e eu teño que dicir que isto é un novo modelo de xestión. *“Gestión de la construcción invisible”*.

E empeza tamén a gran campaña mediática, como dicía o outro día o meu compañeiro, ¡ata nas Navidades! *“Navidades blancas con el nuevo hospital”*. Non se pararon vostedes en nada, aquí está todo: folletos divulgativos, cuñas na radio, en vez de villancicos era o novo hospital, navidades brancas co novo hospital de Vigo. Desde logo unha absoluta tomada de pelo, tomada de pelo á cidadanía. (*Aplausos.*)

Cando todo parece que definitivamente estaba a punto de empezar, dous novos imprevistos: non hai proxecto para abastecer de auga o novo hospital de Vigo, ¡menudo lío!, non hai proxecto para abastecer de auga o novo hospital de Vigo, máis anos de atraso; e xorde outro problema que tamén creou unha gran dúbida, unha gran preocupación na cidadanía: *“La Xunta el 18 de mayo del 2008 abre la puerta a la participación privada para financiar el nuevo hospital”*. Foi o que se declarou. *“Hospital de Vigo –primera página–, la Xunta abre la puerta a la participación privada para financiar el nuevo hospital”*.

Polo tanto, introducen aquí dous criterios, a xestión privada integral, o que é coñecido como o modelo Alcira –aínda non o teñen claro–, ou se non polo modelo anglosaxón: iniciación da financiación privada.

E resulta incomprensible que algunhas afirmacións posteriores de deputados, e mesmo de xente que é profesora, non se atreveran a denunciar as oportunidades de negocio que o anterior Goberno bipartito trataba de introducir pola porta de atrás.

Polo tanto, señores, menos tomada de pelo aos cidadáns; menos engano sobre a construción dun hospital que vostedes non ían facer por dúas cousas: primeiro, porque non tiñan financiación, non tiñan financiación, dígano dunha vez, non tiñan vostedes financiación e non tiñan criterio. E

tampouco se pode estar enganando sempre a cidadanía con mecanismos perversos co que vostedes estaban plantexando.

Vostedes deixan unha situación nefasta neste apartado da situación hospitalaria a nivel de Galicia. Non hai proxecto nin de obra nin de execución e hai que rematar a expropiación do novo hospital de Vigo. Isto é así; esta é a situación na que o deixaron vostedes.

No hospital de Pontevedra, á parte da deslealdade institucional que vostedes mostraron, aínda non está firmado o convenio de cesión de terreos. O único que fixeron é, dos dous grandes proxectos, facer a declaración de supramunicipalidade dos dous hospitais. E o do Salnés, non hai nin proxecto de obra, e soamente existe un plan director. Polo tanto, señores, fagamos o que dixo hoxe aquí o presidente, que adquiriu, por certo, o compromiso da construción dos hospitais. Polo tanto, reflexionen, non é cuestión de que veñan con este plantexamento que acaban de pór aquí. Hai que ser moito máis realista.

Nada máis, señora presidenta, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Santalices.

Polo grupo parlamentario autor da moción ten a palabra don Modesto Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Grazas, presidenta.

Señor Santalices, eu non sei se suplicarlle, se enfadarme, non sei que facer. A vostede, especialista en embarrar a área, especialista en ensuciar o campo de xogo —que o foi sempre, e ademais vostede presume diso; si, si, si, vostede presume diso, de ser un tipo que sae aquí, que saca peito e que dispersa—, ¿como lle hai que explicar...? E vén aquí... ¿A vostede que lle parece, que os galegos que son ignorantes?, ¿que non saben que para facer un gran hospital como o de Vigo se necesita un traballo previo moi importante? —por certo, primeiro os terreos—. Que vostedes si que foron impresentables nunha campaña electoral, vendendo un hospital que nin tiña proxecto nin tiña debuxo nin tiña terreos. E agora, efectivamente, estanse —porque aí lle quedaron os recursos— expropiando os terreos, que non sei como vai; ao mellor o señor Chaves sabe mellor ca min como van os temas da expropiación. Perdón, perdón... *(O señor Gallego Lomba pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Gallego Lomba, por favor.

O señor POSE MESURA:... —é unha alusión que non ten nada de...—, pero ao mellor sabe como van as expropiacións. En todo caso, ¿cal é o problema se nos orzamentos que votamos aquí —e vostede estaba— está recollido o orzamento para facer o hospital de Vigo?

Señora conselleira, a partir de agora se na Sociedade Pública de Investimentos e aprobados no Parlamento figuran alí uns números, ¿iso non a vai comprometer a vostede? ¿Cal é o problema? Que hai unha situación de crise e, ¿hai algún déficit de ingresos? Esa é a xestión que ten que facer un goberno. ¿Ou é que querían que lle sobrasen os cartos? ¿Ou é que querían que para o ano que vén, se hai unha crise maior, que teñan uns orzamentos maiores para facer máis cousas? Pois terán que reducir algunha cousa, pero non o hospital de Vigo.

O que pasa é que a vostedes non lles gusta este proxecto do hospital de Vigo. E paréceme ben que non lles guste, pero non se atreven a dicilo. Atrévanse a dicirullo á xente, se o proxecto que teñen vostedes cren que é mellor. ¿Ou os cartos que quedaron nos presupostos do Sergas para expropiación non son euros reais? ¿Ou o que está na SPI para este ano, 20 millóns de euros, non son euros reais? ¿Ou quere andar con eles no bolsillo, señora conselleira? Bueno, claro, é que vén dicindo o outro: É que non hai cartos. Pois están nos presupostos, aprobados por lei, aprobados; e hai un convenio firmado entre o presidente da Sociedade Pública de Investimentos e a conselleira de Sanidade. Entón, eu non sei como dicirullo, non sei como dicirullo.

É que vén aquí a dispersar: un desastre das listas de espera... As listas de espera reducíronse, e iso con datos obxectivos. *(Murmurios.)* Si, señor, 67 días, e iso con datos obxectivos. E, por certo, se non cren neses datos obxectivos, a responsable do servizo de información, a señora Mar Pereira, é un alto cargo hoxe do Partido Popular. Se estaban manipulando os datos, váianlle reclamar a ela, que eu non creo que os estiveran manipulando, porque eu creo nos sistemas de información públicos.

¿É que me ten que dicir do hospital do Salnés? Non se compliquen a vida, ou si ou non. E é continuar cun proxecto: Bueno, pois non pode ser este mes, pois vai ser para o mes que vén.

Son tres puntos de moción moi sencillos e teñen que politicamente definirse, señor Santalices, non vale andar facendo o que facemos: vir aquí e ensuciar todo. Porque, mire, o señor Santalices, por certo –e hai tempo que non está no Sergas–, está nun posto de traballo; é director médico dun centro, é un posto de traballo –e vostede sábeo ben–. E o señor Antolín, desde logo, non ten nada que envidiarlle a vostede en honestidade...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Pose, por favor.

O señor POSE MESURA: E xa está ben, xa tivemos ese debate, xa lle demostraron que vostede infundía dúbidas, sembraba dúbidas, facía preguntas ao aire. Xa tivemos ese debate e segue con esas.

Defínanse, señores do Partido Popular. Eu comprendo que isto de dicirles a verdade aos galegos vailles durar ben pouco, porque dicirles a verdade aos galegos hai que dicírllela en serio...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Pose.

O señor POSE MESURA:... e non anunciar que se di e logo esconderse.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Pose.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas, sobre o cumprimento polo Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da normativa vixente en materia de función pública

A señora PRESIDENTA: A esta moción non se lle presentaron emendas, e para formulala ten a palabra don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Bos días, señora presidenta.

Señorías, señoras e señores deputados, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a este Pleno unha moción co obxecto de esclarecer o denominado “caso

Rueda”. O Partido dos Socialistas de Galicia pedimos que se poña luz neste caso, e, se o Partido Popular non ten nada que ocultar, estamos seguros que imos contar co seu voto favorable.

Estamos diante dunha clara fraude, nin máis nin menos que por parte do que hoxe é conselleiro da Presidencia e da Administración pública galega. A apertura dunha investigación sobre o caso Rueda é a mellor resposta que pode dar este Parlamento sobre un caso que comeza a ser unha pesada lousa para o Goberno galego.

Pero recordemos de que falamos cando nos referimos ao caso Rueda. O señor Rueda Valenzuela era secretario do Concello de Cambados, funcionario de auditoración estatal, desenvolvía o seu posto de traballo neste concello da provincia de Pontevedra. O señor Núñez Feijoo designa secretario xeral do Partido Popular de Galicia en xaneiro do ano 2006, e pídelles –non quero traer aquí a colación as hemerotecas– dedicación *full time*, é dicir, a tempo completo, á secretaría xeral do seu partido. O 1 de febreiro de 2006 o señor Rueda é designado funcionario eventual da Deputación de Pontevedra polo señor Louzán. Pasa deste xeito a unha situación de servizos especiais e, polo tanto, mantén a súa reserva de praza no Concello de Cambados. Pero o señor Rueda, tal e como ten manifestado el mesmo, pide, ao día seguinte do seu nomeamento, ser dado de baixa no programa de nóminas e seguridade social da Deputación de Pontevedra. E, desde logo, non nos estamos a inventar nada, hai unha certificación do señor secretario da Excelentísima Deputación de Pontevedra que di, na segunda vez que se fai o nomeamento, dado que as corporacións locais tiveron unha nova elección en xuño do 2007, que por resolución presidencial de fecha 28 de xuño de 2007 se accede ao interesado por don Alfonso Rueda Crespo –no seu anterior escrito hai unha errata evidente, que é o señor Rueda Valenzuela–, deixando sen efecto a alta no programa de nómina e seguridade social. Non o di o Grupo Socialista, díxoo o propio señor Rueda e Valenzuela. É dicir, prodúcese unha contratación fraudulenta, porque o 26 de xuño faise unha resolución presidencial nomeando a don Alfonso Rueda e o día 27 don Alfonso Rueda renuncia. E, polo tanto, estamos diante dunha fraude laboral, xa que non se materializa de xeito pleno o citado contrato ao non existir cotización á Seguridade Social nin retribución. É evidente que todo isto se fai co único obxecto de manter a súa reserva de praza no Concello

de Cambados, valéndose dunha trampa, mentres se adicaba profesionalmente á Secretaría Xeral do PPdG; unha actividade privada á que podería adicarse sen problema ningún pero pedindo unha excedencia voluntaria.

Nós só queremos que se poña luz sobre o caso Rueda. Facémolo de xeito construtivo, apelando ao Pleno do Parlamento de Galicia, para facer posible unha investigación que clarifique o tránsito do señor Rueda entre o Concello de Cambados, a Deputación de Pontevedra e a Secretaría Xeral do PPdG.

Señores da maioría parlamentaria, señores do Partido Popular, señoras e señores deputados, aprobemos esta moción hoxe, que poña luz sobre a situación de servizos especiais da que desfrutou o señor Rueda entre o ano 2006 e o ano 2009. O señor Rueda e o señor Feijóo, se non, terán que explicarlle ao resto dos funcionarios como se pode manter a reserva da praza sen cotizar á Seguridade Social nin cobrar dunha administración pública, tal e como explicou no seu día o propio conselleiro da Presidencia e como atestigua a certificación do secretario da Deputación de Pontevedra con data 4 de maio de 2009.

Quero recordar que, primeiro, o señor Rueda pasou a unha situación de funcionario en servizos especiais no Concello de Cambados despois de ser designado funcionario eventual na Deputación de Pontevedra. Acto seguido pide non ser retribuído nin ter esa cotización á Seguridade Social pola Deputación de Pontevedra. E isto sucedeu en paralelo á súa designación como secretario xeral do Partido Popular de Galicia por parte do señor Feijóo. Isto foi entre o período 2006 e o ano 2009. Ao noso xuízo prodúcese unha utilización perversa da normativa vixente en materia de función pública, co obxecto de poder manter a reserva da súa praza no Concello de Cambados e impedir que outros secretarios ou secretarias de concello puidesen optar a esta praza.

Estamos diante do incumprimento do artigo 87.1 do Estatuto do empregado público, que fala con moita claridade da situación de servizos especiais cando sexan designadas persoas como persoal eventual para ocupar postos de traballo. Se unha persoa se dedica *full time* a unha actividade noutro ámbito, privada, se a Administración na que supostamente ten unha designación como funcionario eventual nin cotiza nin o retribúe, estamos diante dunha clara fraude –e,

desde logo, que é unha fraude– co único obxecto, por certo –e que quero aclararlló hoxe–, non de cobrar ou non cobrar –non creo que, se buscan nas hemerotecas, atopen unha soa frase na cal se asegure que cobra ou deixa de cobrar o señor Rueda–; o grave neste caso é que se sirva dunha trampa, a través da normativa vixente en materia de función pública, para manter a súa reserva de praza. Teoricamente desenvolvía unhas funcións na Deputación de Pontevedra, pero facíao sen cotizar á Seguridade Social e sen percibir retribución ningunha, segundo o mesmo señor Rueda ten acreditado. Como sabe ben todo o mundo, pódese desenvolver unha actividade como persoal de confianza dunha deputación sen ter seguridade social e sen ter retribución. Un traballador hoxe resulta que pode ter un contrato e non recibir un só euro e non ter cotización á Seguridade Social. O único obxecto desta maneira de actuar, desta maneira de proceder, era a súa reserva de praza. Na práctica é público que desenvolvía a súa actividade á fronte da Secretaría Xeral do Partido Popular de Galicia, unha organización privada que o tería que ter levado a pedir unha excedencia voluntaria para adicarse a esta actividade, tendo como consecuencia a perda da reserva da praza.

¿E que nos pode dicir dende o Partido Popular dos trienios, onde se produce tamén unha interesante situación? ¿Poderíamos coñecer tamén a posición do Partido Popular sobre a aplicación e a conseguinte retribución polos trienios acumulados no período 2006-2009? Mentres se adicaba un funcionario público a tarefas no ámbito privado, se beneficiaba non só da reserva de praza, senón tamén dos trienios correspondentes. Estamos diante dunha clara discriminación con respecto ao resto dos empregados públicos, que tamén se rexen polo Estatuto básico do empregado público. ¿Aproba o Partido Popular este tipo de conduta? ¿Vai a Xunta de Galicia pagarlle os trienios xerados no período 2006-2009 ao señor Rueda?

Señoras e señores deputados, a actividade política é unha actividade nobre, e o señor Rueda, como secretario xeral dunha organización política, desenvolvía unha tarefa nobre, só que iso non lle debería outorgar ningún tipo de privilexio con respecto ao resto dos empregados públicos. Desenvolver unha tarefa nunha organización política é un servizo á cidadanía, representando os intereses dunha parte dos cidadáns cunha ideoloxía determinada. As organizacións políticas, os partidos políticos, forman parte do sistema do que nos dota-

mos, e están recollidos no ámbito constitucional. Ademais son elementos garantes da participación e da pluralidade política. Pero desde logo que o feito de desenvolver un cargo nunha organización política non debe de dar un privilexio con respecto ao resto dos funcionarios públicos. O presidente da Deputación de Pontevedra deulle, en aparencia, cobertura legal á situación do señor Rueda, pero tanto Feijóo, o presidente Feijóo, como o señor Rueda, como o señor Louzán, terán que explicarlle ao resto dos empregados públicos deste país a dobre vara de medir que utilizaron para favorecer unha persoa que se adicaba realmente a unha actividade privada e que aínda así puido acceder á reserva de praza. Van ter que arbitrar algún sistema polo que o resto dos secretarios dos concellos e os funcionarios con habilitación nacional poidan facer o mesmo que o señor Rueda.

Ao noso xuízo, estamos diante dunha clara fraude de lei. Se o PP considera que non hai nada irregular, só ten que facilitar a correspondente investigación para que non quede ningunha dúbida sobre o proceder deste caso; creo que sería oportuno. Teñen unha oportunidade neste pleno do Parlamento –vostedes que tanto aluden a que se vaia á xustiza– de que cheguemos a un acordo, de votar de xeito favorable e de poñerlle luz ao caso Rueda. O Partido Popular vai retratarse aquí. Se non ten nada que ocultar, voten a favor, sexan capaces de votar a favor, e faciliten que se lle poña luz a un caso que, ao noso claro entender, é un privilexio con respecto ao resto dos funcionarios públicos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lage.

Intervención dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Alfredo Suárez Canal.

O señor SUÁREZ CANAL: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, subo á tribuna para expresar a posición do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego sobre a moción do Grupo Socialista no sentido positivo, imos votar a favor, basicamente centrando a nosa argumentación en cuestións que xa expuxemos no seu

momento dende esta tribuna. Cremos que nun sistema democrático os partidos políticos, as organizacións sociais, son piares fundamentais do seu entramado, teñen unha cobertura, incluso unha asistencia por parte do propio Estado, con medios materiais, económicos, etc., que administran no ámbito privado como consideran. Pero as institucións o propio sistema articula que son de todos e, polo tanto, os cargos que se determinan a nivel institucional non poden ser para dar cobertura a ámbitos de tipo privado. E, nese sentido, nós cremos que utilizar a deputación provincial, que é unha institución de todos os cidadáns e que ten establecidos e pautados os cargos que pode designar cada responsable político para levar adiante as súas funcións de carácter ben eventual ou de carácter de plantilla fixa pois están ao servizo da institución. Nese sentido, cremos que a utilización que se fixo por parte da deputación e por parte do Partido Popular, utilizando unha institución de todos para resolver un problema de tipo partidario e privado, cremos que necesita esclarecerse, e por iso votamos favorablemente.

Pero aínda máis se fortalece a nosa argumentación coas intervencións que neste ámbito se teñen producido mesmo polos responsables políticos do actual Goberno galego. Eu xa sei que no debate político en sede parlamentaria todos, ás veces, utilizamos argumentos dunha ou doutra índole, bueno, que digamos, están, entre comiñas, permitidos e ás veces ata podemos ultrapasar o que é cortesía parlamentaria nas nosas argumentacións. O que parece inadecuado e impropio é que responsables do Goberno, e non se pode nin sequera argumentar despiste –porque o Goberno actual, nunha parte importante, está formado por responsables que xa tiveron responsabilidades de goberno noutros ámbitos e noutras épocas– para utilizar tamén o Goberno de forma absolutamente patrimonial e ao servizo do partido. Eu invítoos a que vostedes miren o que pasou neste Parlamento no inicio da lexislatura, a que analicen como está funcionando a páxina *web* do Goberno da Xunta de Galiza, con insultos, descualificacións e coma se fose a páxina dun partido político, e invítoos tamén a que analicen as intervencións dalgúns membros do Goberno nesta sala, que máis que explicar as súas accións de goberno a desenvolver –e no que ten toda a lexitimidade que nos focalicen cal é a foto que collen no seu inicio–, se dedican a unha refrega parlamentaria de descualificación dos grupos da oposición absolutamente impropia dunha acción de goberno.

Nese sentido, cremos que o propio responsable da Consellería de Presidencia dá fortaleza a que intentemos botar luz e esclarecer este caso, cando mesmo para intentar acalar a oposición, para intentar impedir que a oposición pedira luz sobre un responsable do Goberno, neste momento, da Xunta de Galiza, chegou a utilizar grosas palabras que creo que son absolutamente inadecuadas nun sistema democrático e intentando poñer enriba da mesa unha posible chantaxe aos grupos da oposición con cousas que se podían desvelar, que, efectivamente, é inadecuada e impropia dun sistema democrático. Mesmo ao tentar subir á tribuna e intentar embarrar o campo mesturando casos que non teñen ningunha posible mestura, cando uns se moven no ámbito da utilización legal por parte de institucións partidarias e privadas –utilización legal contemplada no Estatuto da función pública–, institucións legais, institucións privadas, que determinan unha adscripción no ámbito privado e cando se pretende homologar iso ao funcionamento dunha institución pública de todos os cidadáns, financiada con fondos públicos e ao servizo do presidente da deputación, estamos nun territorio que o que pretende practicamente é patrimonializar a institución. Precisamente por iso, cando ademais, en vez de afrontar as responsabilidades, dicir que non hai nada que ocultar, meter luz e taquígrafos e esclarecer o asunto, se pretende embarrar o campo, dámos maior fortaleza, dende logo, para dicir e votar favorablemente que se intente botar luz e claridade sobre este asunto. Precisamente por iso, nós imos votar favorablemente a moción do Partido Socialista.

Creo que é moi importante nun sistema democrático que a delgada liña de equilibrio entre o que son as funcións que teñen institucións básicas no sistema democrático, sindicatos, partidos, etc., que teñen unha ampla cobertura polo propio sistema, incluso para que poidan desenvolver as súas funcións, mesmo a través das leis de orzamentos, mesmo a través dos cargos de representación e mesmo a través do Estatuto da Función Pública, mesturar iso co que é a utilización dunha norma de carácter que roza, efectivamente, a fraude de lei para utilizar unha institución para, digamos, que unha estrutura de carácter partidario e privado poida desenvolver unha actividade con toda a lexitimidade, pero que tiña outros mecanismos para facelo, descobre que existe un grao de confusión importantísimo e que é moi importante en democracia separalo. As institucións son de todos, os órganos desas institucións e os cargos ao servizo desas institucións son de todos e, polo tanto, teñen que servir a

esas institucións e a eses órganos, sexan unipersoais ou sexan colexiados. E os órganos dos partidos están, loxicamente, ao servizo dos partidos e teñen as coberturas legais suficientes para desenvolver a súa actividade.

Vostedes non deben mesturar eses dous ámbitos e precisamente por iso é moi importante esclarecer o que aconteceu nese caso. Precisamente por iso, nós imos votar favorablemente a moción presentada polo Grupo Parlamentar Socialista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Suárez Canal.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Antonio Rodríguez Miranda.

O señor RODRÍGUEZ MIRANDA: Grazas, señor presidente.

Bos días a todos, señoras deputadas, señores deputados.

Ben, volvemos retomar este tema nesta Cámara, volvemos ter que falar novamente deses ataques persoais que desde o grupo da oposición están levando a cabo contra membros do Goberno co único ánimo de meter ruído, de despistalos cecais da súa acción de goberno, que, ao final, no que vai repercutir é en prexuízo dos propios galegos, porque esa é a realidade.

Miren, dicíanos aquí o señor Lage que o señor Rueda era funcionario público. Efectivamente é así; é un feito, é unha realidade, así conseguiu o seu posto de traballo co seu esforzo. E dicíanos que no ano 2006 foi nomeado asesor da Deputación de Pontevedra, cousa que para nada se escondeu, en absoluto. De feito, o señor Rueda así llo comunicou ao Ministerio de Administracións Públicas e o Ministerio de Administracións Públicas concedeulle o paso á situación de servizos especiais.

Porque, señor Lage, a situación de servizos especiais, por ser nomeado asesor, é, tal e como establece a lei, para quen pase a ocupar un posto político, un posto de confianza. Señor Lage, a lei non fala de tempos de dedicación, non fala de máis nin de menos horas. A lei non fala nin de se se

cobra ou se deixa de cobrar, fala de que o pase á situación de servizos especiais é pola natureza política dese posto; é, precisamente, por esa natureza política, para que o funcionario non poida seguir no seu posto de traballo e non se vexa comprometida a súa imparcialidade e a súa independencia como funcionario. Esta relación é unha relación de natureza administrativa, señor Lage –vostede disto debería saber algo–, non é unha relación de natureza laboral. Se fose unha relación de natureza laboral, efectivamente, tiña que haber unha prestación dos servizos dentro do ámbito de dirección e organización doutra persoa, que é o empresario, de carácter voluntario e de carácter retribuído, que esa é a definición que dá o Estatuto dos traballadores dun contrato laboral. Pero aquí vostede ten unha confusión de concepto básica. Esta é unha relación de natureza administrativa con fundamento político, e o Ministerio de Administracións Públicas tivo coñecemento tres veces desta situación, foille comunicado puntualmente, e o ministerio, nenas ocasións, dixo que, efectivamente, a situación que procedía era a situación de servizos especiais. E efectivamente tamén é certo que o señor Rueda renuncia ás súas retribucións como asesor. É dicir, que o señor Rueda non lle custou absolutamente nada como asesor aos cidadáns de Pontevedra, non lle custou absolutamente nada. Non se gastaron cartos públicos para pagar o tempo que dedicou ás súas funcións de asesor. E cando deixa de ser asesor é porque se converte en conselleiro de Presidencia. Aí é cando a vostedes lles veu o interese polo señor Rueda precisamente. Pero cando accede á condición de conselleiro tamén llo comunica ao Ministerio de Administracións Públicas; vólvello comunicar novamente. O MAP nunca deixou de ser coñecedor desta situación. Polo tanto, eu non sei que máis queren que se lle comunique ao MAP, eu non sei que máis queren que saibamos do MAP. Se algo queren, pregúntenllo vostedes. Alí son os seus amigos de goberno, en Madrid. Teñen alí deputados; que lle pidan alí a información. Fágano, porque é que o MAP ten coñecemento absolutamente de todo.

Aquí o que parece... A vostedes non lles parece ben que os empresarios poidan ser conselleiros, non lles parece ben que os funcionarios poidan ser conselleiros, non lles parece ben que os profesionais poidan ser conselleiros. ¿Que pasa?, ¿que aquí conselleiros só poden ser os que non teñen nin oficio nin beneficio? Pois nós non o pensamos así, nós non o pensamos así. *(Aplausos.)*

E, miren, transparencia neste tema, total. Si, si, transparencia total, mal que lles pese, porque llo comunicou o señor Rueda puntualmente ao Ministerio de Administracións Públicas, porque o señor Rueda llo comunicou á Deputación de Pontevedra a súa renuncia ás retribucións; porque lle pagaba o PP, non tiña que dirixir un partido pagándose con fondos públicos. Pagáballe o propio partido. Aprendan disto, tomen nota, é un exemplo tamén para vostedes. *(Aplausos.)*

Polo tanto, o ministerio non ten que abrir un expediente informativo, porque o ministerio xa ten toda a información que puntualmente se lle foi comunicando. O que pasa é que vostedes non o queren ver. Non hai peor cego que aquel que non quere ver, señor Lage. Abra os ollos, abra os ollos.

Mire, hai papeis, hai papeis que demostran todo isto. Non falamos por falar. Pero, miren vostedes, eses papeis, señor Lage, vostede coñéceos, porque non só ten coñecemento o MAP destes feitos. Os grupos políticos da deputación provincial teñen coñecemento desde ese mesmo momento en que se produciu o nomeamento e estas circunstancias todas; teñen coñecemento. Vostede, polo tanto, señor Lage, ten coñecemento como membro dun grupo político que ten representación na deputación provincial. É dicir, hai tres anos que coñecen perfectamente estes feitos. Pero, claro, daquela o señor Rueda non era unha peza política a cazar. ¡Ah!, no momento en que se converte en conselleiro de Presidencia ese é o momento, aí está. Nese momento si que hai que ir atacar o Goberno a nivel persoal, como están facendo con outros conselleiros.

Pois, mire, comunicacións, todas; claridade, toda: sábeo a consellería, sábeo o ministerio e ata o saben vostedes como grupos da oposición na Deputación de Pontevedra. Polo tanto, nada novo que se poida coñecer, xa é todo coñecido. Isto respalda, precisamente, a honorabilidade que tivo en todo momento o señor conselleiro de Presidencia, pero vostedes non a queren ver. *(Aplausos.)*

E que aquí se nos fale desde as bancadas da oposición de transparencia despois desta lexislatura pasada, eu só podo dicir que me dá a risa, con todo o respecto, cando aquí se pediu para algún tema –e sábeo vostede ¿verdade, señor Suárez Canal?– unha comisión de investigación e a resposta foi negativa. Fíxose un paripé de comisión de estudos. Sabe perfectamente do que falamos, politicamente.

Poñen vostedes en tea de xuízo o asesoramento. Xa lle expliquei, señor Lage, que é unha vinculación administrativa, nomeamento, non relación laboral; nomeamento. Polo tanto, non ten que haber retribucións de por medio para que exista ese vínculo, non ten que habelas; a lei non o esixe, ao contrario. Pero, mire, voulle dicir actividades de asesoramento –entre outras, por citarlle algunhas– en que participou o señor Rueda. Participou en asesoramento na Comisión de Cooperación Local coa Deputación de Pontevedra; participou asesorando en materia de áreas metropolitanas; participou asesorando en materia de Pacto local; participou asesorando en materias de consorcio de bombeiros; participou asesorando no Libro branco local, que o dixo onte precisamente el aquí, en sede parlamentaria; participou asesorando tamén na coordinación Xunta-deputacións. E así poderíamos enumerar máis. ¿Non lle chegan como actividades de asesoramento?

Pero, miren vostedes, ten unha gran confusión. O día ten moitas horas e unha persoa ao longo dun día pode realizar distintas actividades, e o que faga unhas non impide que poida facer outras, o que fai falta é gañas de traballar e espírito de sacrificio, e o señor Rueda teno, e ademais sen cobra-lo con cartos públicos; cousa que vostedes diso non entenden. *(Aplausos.)*

E aquí nesta Cámara temos un exemplo. Hoxe temos o caso dun dirixente político que está cobrando con cargo a fondos públicos do Parlamento de Galicia a través do seu grupo parlamentario, pero con cargo do Parlamento de Galicia por un acordo que hai no Parlamento. Está dirixindo o seu grupo político. De feito, a dirección que ten é a da sede precisamente deste grupo político, nin tan sequera do grupo parlamentario. A vostedes iso non lles parece mal. Non lles parece mal que alguén con cartos públicos estea dirixindo un partido político. Iso está ben, pero, se cobra do propio partido, iso parécelles mal. Moi ben, xa coñecemos a clase de moral que teñen. *(Aplausos.)*

E aquí poderíamos seguir falando de casos, señor Lage; e vostede sabe perfectamente que tamén de ética non debe falar, cando participou en determinadas montaxes para condicionar a dirección de determinados órganos públicos, manipulando certas asembleas. Sabemos do que fala, señor Lage. Polo tanto, non veña falar aquí de cuestións políticas e de ética política.

Miren, señores, hai unha cousa que está clara. Eu ánimoo, señor conselleiro, a que o ruído e os ataques maledicentes non lle impidan seguir o rumbo da defensa dos intereses de Galicia coa transparencia e co compromiso de servizo público que tivo ata agora.

Só lle podo dicir, señor Lage: non hai caso; caso cerrado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez Miranda.

Polo Grupo Parlamentario autor da moción ten a palabra don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Rodríguez Miranda, vostede pode tratar de confundir todo o que queira, estamos a falar dun funcionario. Non sei se o que di é que un funcionario pode compatibilizar varias actividades. Imaxino que se refire a iso e, polo tanto, non sei se pediu algún tipo de compatibilidade. En todo caso, estamos diante dunha fraude laboral. Estamos diante dunha fraude que se produce *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* co obxecto de reservar a súa praza no Concello de Cambados. Exactamente o señor Feijóo designa ao señor Rueda en xaneiro do 2006 e, neste caso, o que apreciamos nese pase á situación de servizos especiais é que o señor Rueda se vale dunha designación, dun nomeamento como funcionario eventual, para ao día seguinte que o dean de baixa na cotización á Seguridade Social e nas retribucións e pasa a dedicarse a unha actividade privada. Iso é unha fraude. Non se materializa de xeito pleno o contrato e o único que fai é unha trampa para, a través da normativa vixente en materia de función pública, reservar a súa praza.

Por certo, con respecto ao seu exemplo, hai danos a terceiros. Vostede veu aquí a contarnos un conto, pero o conto a verdade é que lle quedou un pouco curto.

Señor Rodríguez Miranda, o señor Rueda imposibilitou que os secretarios e secretarias dos concellos que quixeran concursar a esa praza o puideran facer. Imposibilitouno, incumpriu o artigo 87.1 do Estatuto básico do empregado público, que di: “Designación para desempeñar postos de traballo”. Se unha persoa non cotiza á Seguridade Social e

non é retribuído, ¿como se demostra que desenvolva unha actividade laboral? ¿Pode explicalo?

Vostede vén a falar aquí dunha relación de natureza administrativa con fundamento político. Pero ¿vostede dáse conta de que tivo que buscar e rebuscar, señor Rodríguez Miranda, para tratar de facer unha defensa imposible? Vostedes van imposibilitar hoxe aquí que se lle poña luz ao caso Rueda. Na tribuna do Parlamento dáselles a oportunidade de que se esclarez a unha situación, faise unha proposta construtiva e vostedes despois quéixanse de que se vaia á xustiza. Vostedes, desde logo, non pretenden que se lle poña luz de ningún tipo.

Nada nos dixo do que pensa o Partido Popular de que un funcionario que está realmente dedicado á actividade no seu partido, que está cometendo unha fraude, poida cobrar os trienios correspondente ao período 2006-2009; mentres se adicaba a unha tarefa no ámbito privado, beneficiábase da reserva de praza, pero tamén dos trienios correspondentes. E desde logo que o facemos recollendo a certificación do secretario da Deputación de Pontevedra, que di con claridade: "... deixando sen efecto a alta no programa de nómina e seguridade social"; xusto ao día seguinte da súa designación. Polo tanto, hai unha fraude, non se materializa o contrato.

E, señor Rodríguez Miranda, ten que entender que ao Grupo Socialista lle parece que os conselleiros poden ser empresarios, poden ser funcionarios, pero o que non poden é ter ningún tipo de privilexio. Tamén poden ser traballadores por conta allea; non teñen por que ser só empresarios ou funcionarios, teñen que ser cidadáns galegos que teñan a condición para ser electos e poidan ser designados polo presidente da Xunta para ser conselleiros ou conselleiras, señor Rodríguez Miranda.

O que non pode ser é que o Goberno galego en sesenta días teña sombras de dúbida sobre os seus conselleiros, sobre os membros do Goberno, sobre destacados membros do Goberno. Esa é a súa actuación. Ese compromiso coa rexeneración, ese compromiso do código ético, que dicía o señor Feijóo, pois disolveuse como un azucarillo, en sesenta días. Enchéuselle a boca moito a tratar de falar doutras situacións pasadas nas que utilizaron a mentira, a calumnia e a difamación e agora son incapaces de votar a

favor dunha moción que o único que pretende é que se lle poña luz ao caso Rueda. O caso Rueda non está pechado, señor Rodríguez Miranda, está máis aberto que nunca, e está máis aberto que nunca a pesar de que vostedes se van opoñer.

O señor Rueda e o señor Feijóo terán que explicarlle ao resto dos funcionarios como se pode manter a reserva da praza sen cotizar á Seguridade Social nin cobrar dunha administración pública, tal e como explicou o conselleiro da Presidencia, como atestigua a certificación que trouxemos hoxe aquí, e, desde logo, terán que explicar como hai dúas varas de medir. Están facendo unha discriminación e están facendo un privilexio para unha persoa que ocupa unha responsabilidade política...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Lage, por favor.

O señor LAGE TUÑAS: Vostedes obríganos a que teñamos que dar outros pasos, señor Rodríguez Miranda. Vostedes non queren que este Parlamento sexa unha cámara na cal se poida controlar ao Goberno, vostedes están imposibilitando que hoxe se coñeza a verdade sobre o caso Rueda. Nós queremos luz e taquígrafos e, desde logo, non queremos privilexios para un funcionario con respecto ao resto dos empregados públicos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos a votar as mocións.

A primeira delas, a que se substanciou onte, ... *(Pide a palabra o señor Pose Mesura.)*

Si, ¿para que quere a palabra, señor Pose? Déanlle voz ao escano. *(Pausa.)* Xa ten voz.

O señor POSE MESURA: Si, señora presidenta.

Para pedirlle que na primeira moción votemos os dous puntos por separado.

A señora PRESIDENTA: Ben.

Votamos, entón, a primeira moción, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Tereixa Paz Franco e dous deputados máis, sobre as presuntas incompatibilidades do Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Non se presentaron emendas. Vótase o texto tal e como se presentou, por puntos.

Entón, se lles parece, xa non dou lectura aos puntos porque os teñen todos os deputados.

Votación do primeiro punto desta moción.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

A señora PRESIDENTA: Pasamos a votar o punto 2 da moción tal e como aparece, tal e como foi plantexado.

Votación do punto segundo desta moción.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 12; votos en contra, 38; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Modesto Pose Mesura, sobre a continuación da construción do novo hospital de Vigo, así como da ampliación do complexo hospitalario de Pontevedra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

Votación da Moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre o cumprimento do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza na normativa vixente en materia de función pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

A señora PRESIDENTA: Pasamos ao seguinte punto da orde do día, de proposicións non de lei ante o Pleno.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Manuel Vázquez Fernández e vinte e tres deputados máis, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego para a prórroga dos prazos previstos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre a regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a número 3357, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e a número 3346, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Bieito Lobeira Domínguez, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de modificación á Proposición non de lei, doc. núm. 1267, do Grupo Parlamentario Socialista, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego para a prórroga dos prazos previstos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre a regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no censo da frota pesqueira operativa.

Emenda de Modificación:

Débese substituír a parte resolutiva da Proposición non de lei pola seguinte:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español a fin de lle demandar, en aplicación da Disposición Final Segunda da Lei 9/2007, de 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa, a habilitación de novas actuacións de regularización e/ou actualización de inscrición de embarcacións pesqueiras nos referidos censos, a fin de evitar a baixa dos mesmos das embarcacións galegas que, por diversas razóns ficasen fóra do proceso de regularización actualmente en marcha."

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Bieito Lobeira Domínguez, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de modificación á Proposición non de lei, doc. núm. 1267, do Grupo Parlamentario Socialista, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego para a prórroga dos prazos previstos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre a regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no censo da frota pesqueira operativa.

Emenda de Adición:

Débase incluír un segundo punto co seguinte contido:

"Segundo.— Dirixirse ao Goberno central de tal xeito que estableza unha mesa de diálogo entre o sector afectado, a Consellería do Mar, a Dirección Xeral da Mariña Mercante, o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, co gallo de abordar e asegurar a uniformidade e coherencia dos aspectos legais da regularización e das súas consecuencias administrativas para as embarcacións."

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona María Soledad Soneira Tajés, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora SONEIRA TAJES: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados.

Os rexistros onde figuran as embarcacións no noso país son o Censo da Frota Pesqueira Operativa e o Rexistro de

Buques e Empresas Navieiras. E hai discrepancias, diferenzas entre a situación real de moitas destas embarcacións da frota pesqueira —que é do que estamos falando— e entre os datos reais, a realidade física da propia embarcación e os datos que figuran nos rexistros. Por moitísimas razóns, non é un capricho dos armadores, dos propietarios, senón que ao longo do tempo véñense producindo estas diferenzas desde o propio deseño da embarcación, o cambio de materiais, desde a vella chalana de madeira de fondo plano, que despois cando se convertía nunha embarcación de fibra ao mellor incorporou unha pequena quilla e incluso dous estabilizadores para maior seguridade, etc., etc., etc.

Hai tamén diferenzas en canto á dimensión, e hainas ás veces incluso produto das medicións erróneas que se teñen feito, porque a interpretación que algunhas capitánías marítimas facían non era homoxénea en todos os portos e iso significaba que entre os datos reais da propia embarcación e o seu rexistro formal e legal houbera diferenzas.

A Lei 9/2007, do 22 de xuño, trata de poñer orde en todo isto, porque ademais había unha inseguridade manifesta dentro de todas aquelas persoas, as empresas, os armadores que se dedicaban, séguense dedicando e esperan seguir dedicándose no futuro a vivir no mar e a traballar no mar, e na maioría dos casos estamos falando de embarcacións de tipo medio ou pequeno. Foi unha lei ademais que eu creo que poucas suscitaron tanto consenso e tanta necesidade social. E esta lei dá un período de dous anos para que as embarcacións, as empresas que consideren que están dentro destes supostos, poidan solicitar a súa regularización.

Os dous anos cumpríronse o 22 deste mes, tamén a lei establece que hai catro meses desde a entrada en vigor para solicitar a súa regularización. E evidentemente non todos os supostos remataron o día 22, nese período de catro meses desde o día 22 hai de todo tipo: desde aqueles dilixentes que o primeiro día, non sei se hai algún caso, pero ao mellor nas primeiras semanas, no primeiro mes, fixeron a solicitude, que aínda teñen un mes por diante, ata os que agotaron o prazo dos catro meses, e polo tanto aínda teñen un período ata o próximo outono para a súa regularización.

Pero sen embargo hai digamos que un perigo, o perigo é o artigo 9 da lei, que di que para os buques que non se regularicen as embarcacións non serán despachadas e daranas de

baixa. Pódolles asegurar que este é un problema serio, por canto as autoridades deben cumprir a lei e o cumprimento da lei neste caso causaría danos moi serios á nosa frota de baixura, esencialmente. ¿Por que non están regularizadas todas? Pois por moitísimas razóns, porque ás veces cando se fala destas cousas de maneira abstracta, simplemente fíandose dun artigo de prensa, un artigo de prensa é imposible que poida recoller todas as casuísticas e toda a problemática que concirne a moitos segmentos de frota. Aquí temos desde a propia complexidade administrativa —do que algo xa falei ao inicio— ata a discrepancia e os distintos métodos utilizados polos servizos encargados de certificar a medición das embarcacións. Temos incluso a saturación de determinados servizos administrativos nalgúns portos que fan que todo este trámite non tivera a axilidade que posiblemente alguén menos informado pensara que debería terse.

E despois hai tamén un asunto que non é menor, que moitos dos propietarios trataron de adecuar a súa embarcación, digamos que formal, a embarcación da que dispoñen, á realidade legal. E moitos estaleiros, moitos varadoiros encóntranse en serias dificultades para dar saída a este número de embarcacións que en Galicia se poden estimar por encima das 2.000. Polo tanto, estamos nunha situación en que a lei ten cumpridos dous anos da súa entrada en vigor e que, no mellor dos escenarios, quedan catro meses por diante para que os propietarios, os armadores, poidan legalizar a situación de todas estas embarcacións. E os propietarios evidentemente son os primeiros interesados en que figure nos rexistros a súa embarcación, pois como dicimos os que aínda somos do rural, con papeliños claros e sen ningún tipo de incerteza.

Ao longo de todo este tempo houbo conversas do Goberno anterior, da Xunta de Galicia anterior, a antiga Consellería de Pesca, coas autoridades do Goberno central. Houbo encontros da propia consellería con distintos representantes do sector para recoller e transmitir información e tratar de facer que todo este proceso fora o máis racional posible e tratar de buscar as solucións para o conxunto destas embarcacións que se encontran na situación que estou describindo. E houbo tamén encontros e reunións co actual Goberno non hai moito, incluso o recoñecía o propio director xeral na Comisión de Pesca. E, desde logo, hai creo que unha clara vontade por parte de todas as administracións para solucionar este asunto.

¿Que pedimos nós? Nós o que pedimos dunha maneira moi sinxela é que desde a administración que ten a competencia se tomen as medidas para que o vencemento deste prazo non sexa un impedimento para que a nosa frota, sobre todo —insisto— de baixura, a maior parte das pequenas embarcacións que están nesta situación e as de tipo medio non se encontren coa incerteza a partir, no caso límite do outono, de que unha autoridade portuaria lles denegue a licenza e non lles permita desamarrar a súa embarcación de porto.

Porque iso sería, primeiro, un agravio para esa propia empresa familiar na maioría dos casos, estamos falando case sempre de armadores, de patróns que son á súa vez mariñeiros e que saen ao mar todos os días nesas embarcacións, eu diría que no noventa e tanto por cen dos casos. E sería tamén un problema moi serio para a economía de determinados portos de Galicia. Porque o problema non é exactamente igual nin en todas as provincias nin en todos os portos, acucia esencialmente os portos da provincia de Pontevedra, onde se acumula ademais o maior atraso e onde ademais as confrarías e os órganos de representación dos mariñeiros e dos armadores teñen mostrado máis preocupación e se teñen dirixido a todas as administracións, e mesmo teñen falado —polo menos no noso caso si o fixeron— cos grupos parlamentarios para que tratáramos nesta Cámara de chegar a un acordo, porque somos a zona, o territorio máis afectado e que temos maior número de embarcacións nesta situación.

Polo tanto, e desde un ánimo absolutamente de consenso —eu aquí aspiro a ter un consenso real, non un consenso ficticio—, no que todos os deputados desta Cámara nos fagamos partícipes dun problema que ao mellor alguén considera menor, pero que para a empresa familiar que ten unha embarcación nesa situación e que pode pensar que se queda sen o seu medio de traballo por unha cuestión burocrática ou administrativa que o fagamos noso e que poñamos todos da nosa parte o necesario para que enviemos desde aquí unha recomendación ao Goberno central para dicirlle que para nós, para todos nós, é un problema importante desde o punto de vista social, desde o punto de vista económico e laboral, e que estamos dispostos todos a arrimar o ombro para alcanzar un consenso en serio e non para consensos ficticios como se teñen expresado aquí non hai tanto tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Soneira.

Intervencións dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Bieito Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Obrigado, señor presidente.

Señoras deputados, señores deputados.

O Bloque Nacionalista Galego presenta unha emenda a esta proposición non de lei do Grupo Socialista. E primeiramente quixera agradecer a oceánica, a inmensa e infinita xenerosidade da maioría do Partido Popular da Mesa, e do Partido Popular en xeral, por permitírnos intervir, fixar a nosa posición e presentar unha emenda. Habida conta de que, como saben vostedes, neste ponto, proposicións non de lei, o Partido Popular decidiu vetar a posibilidade de que o Bloque Nacionalista Galego puidera presentar calquer tipo de iniciativa de impulso. Neste punto da orde do día van dúas proposicións non de lei do Partido Popular, dúas proposicións non de lei do Partido Socialista, cero proposicións non de lei do Bloque Nacionalista Galego. ¡Viva o pluralismo! ¡Viva a democracia nesta Cámara! Así que vou defender, agradecendo a posibilidade de que nos deixan falar aos nacionalistas neste Parlamento, a emenda que puidemos tamén presentar nesta Cámara, polo que llo agradezo vivamente ao Partido Popular.

Estamos a falar dunha lei, efectivamente da Lei 9/2007, aprobada hai aproximadamente dous anos cos votos do Partido Popular e do Partido Socialista nas Cortes do Estado. Esta lei que non gozou no seu día do apoio do Bloque Nacionalista Galego nas Cortes do Estado, porque considerabamos que se trataba dun marco legal inadaptado á realidade e ás necesidades tan específicas, tan singulares, do sector pesqueiro galego. E a proba é precisamente o que hoxe estamos a debater.

Un marco legal que fai, no caso específico de Galiza, que a frota pesqueira galega con problemas de regularización represente neste momento no ámbito do Estado o 90% das embarcacións con problemas de regularización, que son

galegas e teñen porto base en Galiza. É por tanto un problema esencialmente galego, con independencia da actual atribución competencial, residenciada no Goberno español; mais é un problema galego que afecta esencialmente o sector pesqueiro galego e nomeadamente un segmento moi delicado da nosa frota pesqueira: a frota pesqueira de baixura, de marisqueo a flote, embarcacións percebeiras, as pequenas embarcacións que existen en Galiza. Mesmo o impacto cuantitativo nese segmento de frota é terríbel, aproximadamente o 50% do noso sector de baixura está afectado ou ten problemas de regularización con arreglo a ese marco legal determinado polo Estado.

Estamos a falar de 2.400 embarcacións –insisto– de baixura, marisqueo a flote ou percebeiras. Esa é a primeira reflexión, ademais, que o Bloque Nacionalista Galego quer levar, quer pór enriba da mesa: o problema competencial.

Para nós, humildemente, sería lóxico que todo o que ten a ver con este tipo de embarcacións tan singulares, propias do noso país, a súa ordenación, a súa regularización, a súa sistematización, fose unha competencia galega. ¿Pero é que saben algo en Madrid sobre as necesidades, sobre a realidade deste tipo de frota? ¿Saben, acaso, o que é unha embarcación percebeira? ¿Pensan en Madrid que con quince cabalos de potencia propulsora se pode ir ao percebe? ¿Saben en Madrid que unha embarcación de marisqueo teña que ter, necesariamente, máis dun 1,5 GT ou 2,5 toneladas de rexistro bruto, e pensan que así se pode mariscar? E todo isto en función de criterios comunitarios que aplican de forma mecánica e automática en Madrid, pero que logo, curiosamente, temos que adaptarnos, e logo hai quen se sorprende de que, efectivamente, haxa problemas de regularización da nosa frota, que ten unhas necesidades tan especiais en función do mundo singular que nos toca traballar e que nos toca vivir.

Isto, en definitiva, ao xuízo do Bloque Nacionalista Galego, e dígoo como reflexión, como análise complementaria respecto do que estamos a falar, o lóxico sería que o decidiramos nós, que tiveramos capacidade competencial que permitira elaborar e aprobar normativas e lexislacións vinculadas e axeitadas acaídas ao noso, á singularidade do noso sector pesqueiro, que este Parlamento puidera lexislar sobre estas cuestións, e non pode, por falta de capacidade competencial.

O Bloque Nacionalista Galego, por suposto, está de acordo na necesidade de sistematizar, de ordenar e de regular o sector pesqueiro galego e todas as súas embarcacións; iso si, insistimos, de xeito acaído e adaptado á realidade específica do noso sector. Ábrensenos desde o primeiro día de entrada en vigor desta lei, e así o certifican iniciativas parlamentares do BNG, na anterior lexislatura e nesta mesma lexislatura, en relación cos interrogantes que se nos abrían en relación co resultado práctico, concreto, do impacto que este proceso eventualmente podería ter sobre a nosa frota de baixura. Efectivamente, temos a constancia de que existen interpretacións diferentes por parte das diversas capitánías marítimas no noso litoral sobre como aplicar esta lei, non é o mesmo que pensa o capitán marítimo de Vigo ca o capitán marítimo de Vilagarcía de Arousa, por exemplo.

Estamos a falar de entes ou entidades vinculadas á Dirección Xeral da Mariña Mercante, o Goberno central, por tanto, que manteñen posicións diferentes desde o punto de vista interpretativo a respecto de como hai que aplicar este marco legal. O grave de todo isto é que estamos a falar, como dixen antes, do 50% da nosa frota de baixura, a metade da nosa frota e de milleiros de postos de traballo no mar. Saben vostedes que as embarcacións que non se poidan regular, e neste momento hai 2.400 embarcacións con problemas de regularización, causan baixa automática no Censo Operativo da Frota Pesqueira, e por tanto non van poder traballar. Daquela, é un problema importante, importantísimo, para o noso sector.

Xa o dixemos desde o primeiro día, no Bloque Nacionalista Galego non iamos permitir que este marco legal se convertera nunha coartada legal para dismantelar unha parte moi importante do noso sector de baixura. Preocúpanos moitísimo algo que escoitamos na penúltima Comisión de Pesca por parte dun director xeral da actual Consellería do Mar, de que ían haber embarcacións que ían ficar polo camiño, que non ían dar superado o proceso de regularización. Preocúpanos moito e pensamos que, efectivamente, hai que tomar medidas, e tomalas tamén desde aquí, desde Galiza, con independencia de que as competencias actualmente estean residenciadas en Madrid, no Goberno español. Pero hai moito que podemos facer tamén desde aquí, neste caso desde o Parlamento, en termos de expresión da vontade política deste país a través do seu Parlamento, para modificar ou intentar resolver un problema que, desde logo, non vén dado por nós.

Parécenos ben a proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista, fundamentalmente no que ten a ver coa necesidade de impulsar e con urxencia a solución a un problema que ten que ser o máis inmediata posíbel, e nesa solución compartiamos o obxectivo, e a nosa emenda o único que aporta, dalgunha maneira, é que en función dos prazos que temos diante intenta aproveitar a propia lei vixente, en concreto a disposición final segunda da lei, que ten a ver coa habilitación regulamentaria e a facultade de desenvolvemento, e que habilita, a través desa disposición final segunda, o Goberno español para que en caso necesario poida regular futuras actuacións de regularización ou actualización das inscricións no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, así como no Censo da Frota Pesqueira Operativa de Embarcacións de Pesca.

Isto é, posibilita dar un respiro en función de que os prazos xa están inmediatamente aí, e a lei a partir dese artigo 6 é moi taxativa. Cando transcorridos dous anos mesmo non haxa resposta por parte da Comunidade Autónoma, enténdese que as solicitudes están desestimadas, e por tanto eses buques causarían baixa automática no Censo da Frota Operativa. É unha vía que nós pensamos que sería bo pór en marcha e que vai nunha dirección similar á da propia proposición non de lei do Grupo Socialista.

Nós pensamos que este Parlamento ten a obriga, ten o deber de lle dar resposta e solucións á incerteza e á preocupación que está a ter o sector pesqueiro galego neste ámbito, diante dunha situación que é extremadamente grave, e desde logo o Bloque Nacionalista Galego pretende e amosa a súa disposición a tenderlles a man, por suposto, aos grupos parlamentares para a eventual negociación dalgún tipo de acordo para sermos así máis fortes diante do Goberno español, para a resolución definitiva deste problema. Estamos seguros que isto é o que espera de nós o sector pesqueiro galego.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Lobeira.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don José Manuel Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, señora conselleira, señorías, hoxe o sector artesanal e de baixura galega ten un grave problema. Supoño que nesta apreciación coincidimos todos os grupos políticos desta Cámara, de feito todas as formacións parlamentarias rexistramos iniciativas interesándonos por este asunto, ofrecendo alternativas e posibles solucións ante unha situación que está a afectar dun xeito evidente os mariñeiros de baixura de Galicia.

Cando o Goberno central aprobou a Lei 9/2007, do 22 de xuño, co obxecto de promover a corrección e regularización dos datos escritos nos rexistros e nos distintos censos pesqueiros, estaba a condenar á invisibilidade administrativa e ao cese de actividade a 2.400 embarcacións pesqueiras galegas, isto é, a milleiros de titulares destas embarcacións que ven imposible cumprir o prazo establecido por esta lei estatal para facer fronte aos distintos trámites administrativos de regularización.

Non é o momento de botar a vista atrás, pero por desidia, ou por descoñecemento, unha lei estatal, impulsada desde o Goberno socialista, hai dous anos, de novo choca cos intereses da nosa pesca. Unha vez máis o Goberno de Zapatero crea un motivo maior do que pretendía solucionar. En todo caso, conscientes da problemática na que está inmersa o sector, cómpre que nesta Cámara adquiramos o compromiso de ofrecer unha solución. Entre todos debemos e podemos consensuar o mellor xeito de corrixir esta problemática. Acorremos unha fórmula válida para evitar os efectos perversos da aplicación desta lei estatal, porque Galicia ten o deber de liderar o grupo capaz de forzar o Goberno central a corrixir todo este proceso cheo de erros. Ata o momento, está máis que claro que nada se ten feito, por iso me estraña que algunhas deputadas se rían. Nada teñen feito desde o Goberno de Zapatero, nada fixeron vostedes desde o anterior Executivo autonómico, o do bipartito, e hoxe mesmo, ou hai un par de días, finalizaba o primeiro dos prazos de regularización, pois entre o 24 de xuño e o 24 de outubro de 2009 todas terían que estar regularizadas, e, malia o dito, aínda hoxe se contabilizan por miles as embarcacións sen regularizar, ou aquelas que iniciaron o longo proceso de regularización sen aínda finalizalo, segundo os datos dos que dispoñemos, e que xa o actual Goberno e a Consellería de Pesca ofreceu, temos 2.399 solicitudes recibidas, das que só 127 se realizaron fóra de prazo. 2.399 recibidas, das que só 127 se fixeron fóra de prazo.

Hoxe sabemos, tamén, que cando vostedes deixaron a responsabilidade de Goberno na Xunta ningunha embarcación galega tiña rematado o seu proceso de regularización, e hoxe tamén sabemos que vostedes deixaron arredor de 2.200 solicitudes que tiñan que informar sen o correspondente informe por parte da Consellería de Pesca. Isto debe sabelo o sector e hai que explicarllo ao sector.

Non foron quen, durante os últimos dous anos, de informar unha soa embarcación para que puidera ser regularizada, e despois de non ser capaces de ofrecer solucións cando lles correspondía, agora veñen con esta proposición non de lei, que amosa moito medo e moita présa. Medo pola magnitude do erro cometido, non aproveitar estes dous últimos anos, desde que se aprobou a lei, para solucionar estes problemas, e présas porque saben que agora remata o prazo de regularización e non deixaron os deberes ben feitos.

Polo menos xa lles adianto que o novo Goberno da Xunta xestionou ante as capitanías marítimas para que actúen cunha maior coherencia, para que unifiquen criterios e claren que é o que van aceptar ou non en todo este proceso de regularización. Nestes dous últimos anos as capitanías marítimas, como ben xa se dixo aquí, de Galicia dicían unha cousa en Burela, dicían outra distinta en Vigo ou un largo etcétera.

Señores deputados e señoras deputadas, o Partido Popular non se resigna a que unha parte importante da frota artesanal galega estea condenada á irregularidade, todo como resultado das rigorosas esixencias administrativas, impostas pola lexislación estatal vixente, e á do caos na súa aplicación práctica. A Administración pesqueira non pode ser un xigante burocrático que condene unha gran cantidade da nosa frota á marxinalidade administrativa ou á invisibilidade legal.

Por todo isto, en sentido construtivo, déixenme dicirlles que vostedes na súa moción propoñen unha solución que non é completamente satisfactoria, que se queda a medio camiño, que é necesaria, pero que se queda a medio camiño, que non representa unha solución práctica e efectiva, porque se limitan a ampliar o prazo de regularización sen solucionar os problemas de fondo, que os hai. Porque ampliar o prazo sen corrixir as problemáticas que están a impedir que rematen os procesos de regularización é tanto como prolongar única e exclusivamente a agonía.

Trasladar o problema a dentro dun tempo, o mesmo problema que temos hoxe. Cando volva rematar a prórroga, estamos outra vez, supoño, coa mesma dificultade, lamentándonos do tempo perdido, igual que estes dous anos; e de aí o sentido da nosa emenda, unha emenda que nace coa ambición que merece o noso sector pesqueiro. A través da que, ademais de pedir ao Goberno central que amplíe o prazo establecido pola Lei estatal 9/2007, do 22 de xuño, que aí coincidimos todos os grupos, tal e como fan vostedes, ademais de garantir que estas embarcacións poidan continuar desenvolvendo a súa actividade pesqueira, incorpora un instrumento útil, fundamental e totalmente necesario, un mecanismo de análise, de diálogo e de participación. Isto é que se senten tras dunha mesa os representantes do sector pesqueiro, confrarías, organizacións de armadores, mariñeiros, que son os que están a atoparse cos problemas no día a día.

O Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, como máximo responsable da aplicación da lei, e outros axentes, como a Dirección Xeral da Mariña Mercante, da que dependen as capitánías marítimas e a propia Consellería do Mar. E que todos xuntos traballen na análise sobre que é o que fallou, na análise de cales son os obstáculos e as dificultades administrativas que están a xurdir.

Reclamamos, en definitiva, a creación dunha mesa de diálogo ou as fórmulas para sentar a todas estas partes e, dunha vez por todas, darlles unha solución.

Por todo isto queremos que dende esa mesa saian solucións concretas a problemas concretos, porque non podemos permitir que o habitual sexa que, despois de gastarse unha media de 800 euros nas adaptacións das lanchas e outros 800 nos informes técnicos, as capitánías marítimas non dean por boa a regularización. Non se escoitou o sector, señorías, e hoxe, lamentablemente, están a sufrir e a pagar as consecuencias.

A situación actual non debiera producirse nunca, as dificultades no proceso de regularización xa se coñecían. E era consciente tanto o Goberno socialista de Zapatero coma os anteriores xestores da extinta Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, porque así o transmitiron en moitas xuntanzas que a Administración do bipartito e a central mantiveron co sector, e malia isto non se fixo nada, e nada se fixo. Foi

unha oportunidade perdida e cómpre agora aproveitar ben o tempo. Cómpre reclamar solucións concretas e inmediatas, cómpre que voguemos todos na mesma dirección, para en consenso instar o Goberno socialista de Zapatero a que corrixa, malia que sexa *in extremis*, unha situación que eles mesmos contribuíron a crear coa súa indiferenza, coa súa xordeira ante as problemáticas que estaban a xurdir.

Esiximos, en definitiva, responsabilidade, flexibilidade e coherencia. A nosa proposta está clara. Reclamamos a ampliación do prazo de regularización contido na lei, pero xunto a iso sentémonos nunha mesa, sentémonos nunha mesa a Administración e o sector para analizar o que fallou, para con diálogo, diálogo e máis diálogo, que non houbo ata agora, resolver a casuística e ofrecer solucións.

Termino, señor presidente.

En definitiva, estar á altura do que, de todos nós, dos políticos do Goberno, o sector artesanal e de baixura de Galicia necesita e espera de todos nós. Espero chegar a un consenso e creo que así vai ser cos outros grupos, dado que as emendas e a iniciativa van na mesma liña, e se non fora así, fraco favor lle estaríamos facendo neste momento ao sector artesanal e ao sector de baixura de Galicia. En definitiva, a todas as mulleres e a todos os homes que viven do mar e que viven da baixura en Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Balseiro.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra Soledad Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Balseiro, xenio e figura. Rigor desde a primeira sílaba ata a última. É dicir, aquí hai un Goberno malismo, malismo, malismo, formado por socialistas, que por definición, case por xenética, son malismos, que aproban unha lei por primeira vez para tratar de buscar unha solución a un problema moi complexo e moi difícil; e resulta que esta lei, fonte de canto mal hai, que vai levar á ruína a todo o conxunto da baixura, resulta que a votaron os

malismos socialistas e o PP, ¡e o PP! Ou sexa, que o PP de Madrid son malismos, non se acordan do sector, buscan a ruína do noso. Bueno, rigor da primeira á última sílaba, (*Aplausos.*) unha cousa realmente alucinante, por non dicir alucinóxena.

Claro, posiblemente o modelo que máis lle interese ao señor Balseiro sexa a desregulación total, ¿porque a desregularización a que nos leva? A que collamos o teléfono e trate de solucionar o meu problema, e entón recorramos a aquilo de: tranquilo que o teu ten *arreglo*. Claro, ese é o modelo; o modelo é: o teu ten *arreglo*. E iso traducido en política, en filosofía política, neste país historicamente chamábase caciquismo. Eu espero que vostede non estea defendendo iso.

E, desde logo, tampouco se poden dicir aquí cousas como as que se dixeron, como que o Goberno anterior non emitira nin un só informe, porque ademais é contraditorio co que dixo vostede tamén, señor Balseiro; porque vostede mesmo dixo ao final, primeiro os informes facíaos a Xunta, ao final di que as capitánías non daban feito os informes. ¿Pero quen fai os informes, home? ¿A Xunta? Vale, señora conselleira, xa a vexo a vostede facer informes día e noite de 2.300 embarcacións e os capitáns marítimos asubindo para riba ¿entende vostede?

E, por certo, a instrución para homoxeneizar os procesos de medición, eu celebro e supoño que será certo o que di vostede, pero xa comprenderá que teña algunhas dúbidas das aseveracións que fai, e supoño que si, que a señora conselleira ou alguén do seu departamento se poría en contacto coas capitánías, pero sabe vostede que a instrución é da Mariña Mercante do mes de xaneiro, e polo mes de xaneiro aínda había outro Goberno e outra consellería.

E, desde logo, non vou entrar moito niso, porque eu non sei se vostede prefere o método López Veiga, aquel que animaba os patróns a autodenunciarse e que ademais contrataba unha empresa de servizos para que fixera as medicións. Unha empresa que creo que a buscaron por Madrid ou por aí, que na súa vida viran unha nasa e cando tiñan que cubicar unha embarcación medían todo, desde a pila de nasas que estaban estibadas na proa, ata a pila de redes e a grúa que levaban os barcos na popa. Claro, despois saía unha diferenza, ¡que quere que lle conte!

Non sei se ese é o modelo que a vostedes lles interesa máis. Non vou entrar niso. Interésame máis que de aquí saia un acordo para tratar de solucionar os problemas. E os problemas son que é certo, que hai máis de 2.000 embarcacións neste país que teñen problemas e que temos que buscarlles unha solución entre todos.

E, polo tanto, a nós parécenos ben a emenda que nos presenta o Bloque Nacionalista Galego, porque é certo que a lei tamén establece mecanismos para que sexa o propio Goberno o que tome as medidas que considere para tratar de buscarlles solucións aos problemas se os hai.

E tamén nos parece ben que haxa diálogo, pero nós cremos, e esperamos chegar a un consenso sobre este tema, que primeiro se ten que dar a negociación, o contacto, a transmisión de información entre as administracións competentes neste tema. Porque non vaia ser, señor Balseiro, que montemos unha mesa na que o Goberno central estea en desacordo co Goberno autonómico, ou viceversa, e que deamos un espectáculo destes que ao mellor a vostede lle gusta moito diante do sector. E non parece razoable.

Parece máis razoable que os gobernos exerzan as súas competencias, cheguen a acordos, acorden por onde teñen que ir e que despois se celebren todas as xuntanzas para pedir todas as aportacións que sexan necesarias nunha, en vinte ou en quince mesas, porque xa llo dixen antes e vostede sei que isto sábeo. Non é o mesmo a situación que poida haber nos portos da provincia de Pontevedra, que nos portos da provincia de Lugo, e non teñen os mesmos problemas as embarcacións que se dedican ao percebe a flote na Costa da Morte que os que se dedican á actividade marisqueira na ría de Arousa, porque son incluso fisicamente espazos distintos.

Polo tanto, eu desde logo desde o noso grupo, xa o dixen na primeira intervención, estamos dispostos a chegar aos acordos que faga falta para que saia de aquí unha resolución dos tres grupos, para que tamén desde o sector da baixura se saiba que somos capaces de chegar a acordos para solucionar problemas, e non só para vir aquí e dicir inexactitudes, para non utilizar outro termo.

Ao final, señor presidente, espero poder entregar un texto consensuado entre os tres grupos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Soneira.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, sobre a actuación do Goberno galego en relación coa reunión en Santiago de Compostela dun consello de ministros da Unión Europea, a ser posible o Consello de Ministros Europeos de Cultura, coincidindo co Ano Xacobeo 2010 e coa presidencia española da Unión Europea

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a número 3334, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, e a número 3360, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Varela Sánchez.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada María do Carme Adán Villamarín, ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición á Proposición non de lei, doc. núm. 1737, do Grupo Parlamentario Popular, sobre a actuación do Goberno galego en relación coa reunión en Santiago de Compostela dun consello de ministros da Unión Europea, a ser posible o Consello de Ministros Europeos de Cultura, coincidindo co Ano Xacobeo 2010 e coa presidencia española da Unión Europea.

Emenda de adición:

Débese engadir ao final da parte resolutiva un novo apartado co seguinte texto:

"Esta reunión impulsará o recoñecemento do papel da cultura galega en Europa e estará dotada dos medios técnicos e humanos necesarios para que o galego sexa unha das linguas oficiais da mesma."

(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputado Ricardo Varela Sánchez e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario

Popular, sobre a actuación do Goberno galego en relación coa reunión en Santiago de Compostela dun consello de ministros da Unión Europea, a ser posible o Consello de Ministros Europeos de Cultura, coincidindo co Ano Xacobeo 2010 e coa presidencia española da Unión Europea (doc. 1737).

Emenda de Adición dun novo punto 1 bis)

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a propor ao Goberno de España que nese Consello de Ministros de Cultura se incorpore unha declaración a favor de que tanto a U.E. como os estados que a compoñen, como as rexións ou comunidades que a integran promovan, defendan, impulsen e protexan as linguas propias e minoritarias das comunidades, declaración que podería chamarse "Declaración de Compostela".

Emenda de Adición dun novo punto 1 ter).

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a propor ao Goberno de España a que dada a importancia, o peso, a relevancia e a transcendencia económica e social que para Galicia ten o sector pesqueiro, teña lugar un Consello de Ministros Europeos de Pesca en Galicia."

Emenda de Adición dun novo punto quater)

"O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a propor ao Goberno de España a que dado o enorme impulso e esforzo desenvolvido pola Unión Europea con Galicia, realizado a través dos Fondos Estruturais, ao longo dos últimos lustros e que permitiu levar as nosas infraestruturas ao nivel europeo, teña lugar un Consello de Ministros Europeos de Transporte en Galicia."

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra don Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna.

O señor VARELA SUANZES-CARPEGNA: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor conselleiro, teño a honra de subir hoxe a esta tribuna en nome do Grupo Parlamentario Popular para a defen-

sa da nosa proposición non de lei e anticipolles, señorías, que o fago coa vontade de acadar o maior acordo posible, tendo en conta que estamos diante dunha proposición institucional e penso que entre todos podemos compartir o obxectivo fundamental da mesma.

Os galegos, que somos un pobo universal, temos unha triple e complementaria dimensión que sintetizou coma ningún un lucense ilustre e ilustrado –por certo, membro que foi desta Cámara no seo do Grupo Socialista, aínda que independente–, nun momento por certo tamén no que o obxectivo de construír país facía que a cultura desta Cámara fora a do acordo, a de estar todos xuntos debatendo, cedendo e acendendo acordos. Gustárame que esta idea puidera voltar tamén nesta lexislatura.

Referíame eu –supoño que o adiviñaron xa– ao persoero que este ano lle adicamos o día das letras galegas e que aproveito eu tamén para renderlle a miña persoal homenaxe.

Somos –dixo Ramón Piñeiro– galegos por nación, españois por historia e europeos por cultura.

Somos, tamén –dixo outro Ramón, neste caso don Ramón, por excelencia o señor de Trasalba–, unha cultura de occidente. O camiño estrelado a Santiago influíu –dinos– no devir de Europa, e Europa influíu no noso propio devir.

O Adrián Solovio oteriano en *Arredor de si*, despois de coñecer a fondo a cultura europea, manifesta que só cando se enterou da súa condición de galego se sentiu europeo e planetario. O camiño cos seus intercambios e influencias foi un proxecto estratéxico para cohesionar a Europa de entón arredor da idea da cristiandade.

E deu froitos fértiles aquí e acolá: o esplendor do románico europeo, de Cluny a Compostela; o florecemento da lírica galego-portuguesa, unha lingua europea de reis e poetas; os camiños por mar, non só por terra, por mar a Europa, a Francia, a Inglaterra, a Irlanda, a Flandes e mesmo á Liga Hanseática báltica, algo que hoxe na Unión Europea chamáramos o precedente das autopistas do mar.

E o gran Gettel resumiuno maxistralmente nunha frase: “Europa construíuse peregrinando a Compostela”.

Entre nós, Castelao en *Sempre en Galiza* dinos: “A invención do corpo do Apóstolo fixo da nosa Terra un centro de universalidade”. Nos camiños que conducen a Galiza crúzanse as culturas do mundo antigo e fórmase a unidade espiritual do occidente. Por estes camiños entra Europa en España e ao mesmo tempo xorde unha poderosa cultura galega que adquire independencia e vida propia. Velaí a arte románica culminando no Pórtico da Gloria, velaí a poesía lírica culminando no *Cancioneiro da Vaticana*.

E o mesmo Castelao, quen premonitoriamente no ano 1948, tal o discurso de Churchill falando en Zürich da necesidade duns estados unidos de Europa, afirma que o federalismo volve xurdir en Europa como a única maneira segura de conquistar a paz dentro da liberdade.

Aquela Europa que posteriormente Jean Monnet no ano 1950, logo fundador do que hoxe é a Unión Europea, quería que fose non para coaligar estados, senón para unir os homes. Esa Europa que o camiño cohesionou e que o camiño foi o precedente do que hoxe se chama o espazo Schengen, a Europa sen fronteiras, e tamén da que hoxe se coñece como a Europa dos cidadáns.

Pois ben, a historia quere felizmente, non sabemos se é cousa do propio apóstolo, que coincidan no vindeiro ano unha dobre efeméride, o Ano santo xubilar, o Xacobeo, como queiramos chamarlle, e que España, o Goberno de España, presida a Unión Europea.

Como esquecerse de Compostela, como deixar pasar unha oportunidade histórica. Non sabemos se se volverá repetir. O que si sabemos é que as señorías que están hoxe aquí presentes non a verán, porque, se se aproba o tratado de Lisboa, as presidencias do Consello serán estables por dous anos e medio, e se desgraciadamente non se aprobara o Tratado de Lisboa habería que esperar 26, 27, 28 –dependendo das adhesións dos novos estados membros– para que se puidera producir esta presidencia. E, dende logo, dificilmente antes do 2023, e polo tanto despois doutro Ano santo xacobeo.

Por iso resumimos a nosa proposta pedindo o merecido recoñecemento europeo e español para Santiago de Compostela, cidade que nos acolle, capital de Galicia, patrimonio da humanidade, aglutinadora sen localismos estériles de

todos os galegos, meta do Camiño, que foi e segue a ser a rúa maior de Europa, declarada polo Consello de Europa primeiro itinerario cultural europeo, e que Compostela sexa sede dun consello de ministros europeos, preferentemente dos ministros de Cultura polas razóns obvias que acabo de citar; testemuñando así que aquí están os alicerces da construción europea actual.

E queredía rematar, señor presidente, lembrando a outro galego universal, a un gran europeísta, fundador que foi do Colexio de Europa en Bruxas ao que o Parlamento europeo lle adica un dos seus emblemáticos edificios en Estrasburgo, refírome ao coruñés Salvador de Madariaga, que pronunciou unha frase hai xa moito tempo, pero que desgraciadamente aínda está vixente, cando dixo: “Europa é un corpo, Europa é unha alma tamén, Europa non é aínda unha conciencia”.

Apelo, señorías, a que dende aquí, dende o Parlamento de Galicia, contribuíamos tamén a seguir forxando a conciencia de Europa, a reivindicar o noso protagonismo histórico europeo do pasado e así –unidos nesta Cámara, se é posible e como desexo– trasladar ao Goberno galego e ao Goberno de España que o Ano santo compostelán e a Presidencia española da Unión Europea sirvan tamén para recoñecer a nosa contribución europea no pasado e para reafirmar o noso compromiso, o compromiso de Galicia e o compromiso de España, coa Europa do presente e coa Europa do futuro.

Máis nada, señor presidente, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Varela.

Para a defensa da emenda do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a deputada dona Carme Adán Vilamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Efectivamente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego quere buscar o consenso. E, nese senso, gustaríalle ter o consenso para poder presentar proposicións non de lei nesta sesión parlamentaria. Pero non é o caso, e aínda así entende que é de máxima importancia apostar polo debate

das medidas de impulso ao Goberno. E así é o caso que presentamos unha emenda a esta proposición non de lei, proposición non de lei que xa onte o propio conselleiro de Presidencia adiantou na súa comparecencia que levaría a adiante esta medida. De aí que consideremos aínda máis importante que se teña en conta a nosa emenda.

En primeiro lugar, esta emenda pretende que ademais do valor simbólico e do valor litúrxico, e do valor que poida ter no ámbito, digamos, da posta en común que xa tivo en Compostela un encontro dos ministros de Cultura da Unión Europea, teña o valor engadido de recoñecer o valor da cultura galega e o seu necesario recoñecemento. Efectivamente, o proponente díxonos que o pobo galego era un pobo universal. Calquera pobo é un pobo universal, porque é creador de cultura, pero necesita o recoñecemento dos outros pobos. Recoñecemento que en moitos casos non tivo o pobo galego, nin a lingua galega, como acabamos de ver hai moi pouco tempo nesta Cámara. Ademais consideramos que con esta emenda debemos apostar claramente pola igualdade real da lingua galega ao ter o tratamento de lingua oficial no encontro, posibilitando deste xeito a verdadeira liberdade para o seu uso.

Do mesmo xeito entendemos que, máis alá do valor simbólico que este encontro poida ter, vemos unha pequena contradición ao tempo que non considera o Goberno nin o grupo que sustenta o Goberno que a representación en Europa sexa importante, xa que lle resta esa posibilidade a Galiza, ao non considerar que deba ter sede en Bruxelas, cando efectivamente a capacidade de diálogo político tamén crea cultura, por seguir nos termos culturalistas nos cales se desenvolveu esta proposición non de lei.

Efectivamente, o Xacobeo 2010, a maiores de todas as consideracións sobre o seu significado como cruce de camiños, como espiritualidade, como construción europea, ten que significar unha importante ocasión para pular polas industrias turísticas e polas industrias culturais galegas. E moito máis neste momento onde efectivamente vimos como houbo un constante crecemento das persoas peregrinas, acentuándose nos últimos anos. Lembremos se podemos comparar dous anos como o 2003 e o 2007, por non ser anos xacobeos, que este número se incrementou considerablemente nun 53%, o cal é un dato moi positivo, e agardamos que o incremento que se leve a adiante comparando dous

anos, como son o 2004 e o 2010, tamén sexa un incremento destas magnitudes. De aí que para o noso grupo parlamentar o Xacobeo 2010 debe ir acompañado dun plan anticrise no sector turístico galego que deseñe obxectivos a longo prazo e con vontade fundamentalmente de perdurar no tempo e non soamente centrados en Santiago de Compostela, por relevancia que teña a sede efectivamente para a celebración do Xacobeo 2010.

Ontes mesmo coñeciamos datos preocupantes, en concreto sobre a importante redución tanto das pernoctacións coma do número de viaxeiros. Consideramos, polo tanto, que é moi importante que a maiores das previsións apocalípticas que hai unha semana daba o Goberno galego, se sexa responsable e, efectivamente, non se alarme o sector, se desenvolva a Lei de turismo de Galiza, se sente co sector a establecer as medidas necesarias para frear ese descenso tan importante do turismo en Galiza.

Pero a maiores se o Xacobeo 2010 é unha oportunidade no sector turístico, tamén o é no espazo cultural galego. Onte pola tarde escoitabamos neste Parlamento definir a Galiza mediante o seu territorio, a súa paisaxe, que se expresa na súa cultura e na súa lingua. O Xacobeo 2010 debe dar a coñecer tanto o patrimonio material coma o patrimonio inmaterial que posúe Galiza, tanto aos galegos e galegas como ao mundo enteiro, efectivamente. Pero a maiores debe facelo nun momento tamén de crise económica, porque, efectivamente, a cultura, como de antigo vimos na propia exposición, tamén serve para afianzar os lazos económicos que se desenvolven entre os pobos. Polo tanto, para nós é moi importante que neste momento de extrema dificultade para as industrias culturais do país o Xacobeo 2010 axude a ser capaz de consolidar estas industrias tan vizosas e que dan ademais emprego á xente moza do país.

Poderíamos deternos en calquera dos ámbitos de expresión destas industrias: dende a música, a danza, a literatura, a gastronomía, o teatro e moitas máis. Pero sen que isto signifique priorizar a importancia dunhas sobre outras, soamente permítanme determe nun aspecto, o da música. Un pequeno apuntamento sobre a mesma. En Galiza as estatísticas mostran que hai máis grupos que no resto das comunidades, incluso por diante mesmo de Cataluña. E agardamos que esta importancia da aposta da mocidade galega pola música teña o merecido recoñecemento na programación do

Xacobeo 2010 e sirva para consolidar e acrecentar efectivamente este emerxente mercado, e ademais evidentemente para crear público.

Agardamos que o que foi este inicio de lexislatura, a través do que poderíamos considerar unha relegación da música galega –podemos poñer varios exemplos: o programa “Aberto por reformas”, que neste momento pois xa non é adicado á música galega; a redución do 50% do programa “Vai de camiño”; ou a paralización do “Programa dos locais de ensaio”–, non sexa un adianto do que está por vir para a música galega. E ademais como agora parece que sempre nos toca o momento enquisa, pois ocorríanselle tres posibilidades: unha, isto significa que non lles gusta a música; dúas, segunda posibilidade, que a austeridade é igual á redución cultural; ou tres, que posiblemente sexa máis probable – e marquen vostedes a que desexen–, que non lles gusta a música galega; logo o talismán da austeridade serve para eliminar a cultura galega.

De aí que esta emenda que presenta o BNG establece que o que propón a proposición non de lei de que se lle propoña ao mesmo tempo ao Estado español que lle propoña á Unión Europea que teña como un encontro en Santiago de Compostela sirva tamén para recoñecer o importante papel da cultura galega e a súa contribución á creación, efectivamente, da cultura europea e da cultura universal. Porque as culturas ben sabemos, e de antigo, que algo son, e non autistas, senón que son un intercambio constante de ideas. Polo tanto, evidentemente este recoñecemento cobra moito máis sentido se se recoñece a lingua galega.

E aínda temos un certo sabor amargo, temos que dicilo porque é así, por como comezamos este Pleno, desfacendo algo que custou tanto construír, como é o recoñecemento da lingua galega. Porque desde logo que é moito máis fácil apertar un botón e non cuestionarse que estamos facendo coa lingua, que é o esforzo que supón que teña sido legado de antigo polas persoas que nos antecederon e a dificultade para que nós sexamos capaces de legala ás xeracións vindeiras. Pero por iso quixera rematar esta intervención retomando as palabras prestadas por Steiner a Margarita Ledo Andión no seu discurso para entrar na Real Academia Galega, discurso que leva por título *Do bucle e da fenda. Para un ensaio crítico sobre a cultura galega*: “Falar unha fala é habitar, construír, rexistrar unha modalidade específica do mundo: ‘un

estar no mundo', no senso etimolóxico, forte, da verba. É ocupar e atravesar unha paisaxe singular no curso do tempo".

Non é posible transitar por todos os camiños que nos levan a Compostela, non é posible transitar por todos os camiños que nos levan á identidade galega, se nese tránsito non podemos utilizar a nosa fala. Por iso a emenda establece que o encontro disporá de todos os medios humanos e materiais necesarios para que o galego sexa lingua oficial do mesmo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Adán.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra don Ricardo Varela Sánchez.

O señor VARELA SÁNCHEZ: Señor presidente.

Señores e señoras deputados.

Baixando un pouco o ton de solidariedade das dúas magníficas intervencións anteriores, eu teño que dicir, para solventar algunha cousa, que creo que o turno da Presidencia da Unión Europea é máis cuestión de turnos e de tempos que da intercesión de Santiago. En calquera caso está ben que coincidan, porque así podemos, entre outras cousas, facer iniciativas deste tipo e seguramente que poderemos aproveitar tamén e rendibilizar esa coincidencia.

Cando no noso grupo vimos a iniciativa presentada polo deputado Varela Suances deunos algunhas sensacións, en primeiro lugar, de que é unha iniciativa ben intencionada, claramente, pretende que Galicia estea no foco de atención da política europea, cunha reunión que se poida producir do Consello de Ministros de Europa na nosa Comunidade, e que ademais seguramente cando se realiza unha reunión nunha Comunidade como a nosa pois teña algunha rendibilidade práctica para a nosa Comunidade e para o noso país.

Pareceunos ademais que era unha iniciativa ben redactada, elegantemente redactada, seguramente aproximando o espírito europeo, conciso e concreto a esta Cámara, que

tamén se agradece moito. Pero pareceunos tamén que era unha iniciativa seguramente innecesaria ou excesiva polo trámite, porque é costume —e é costume que funciona con razoable eficacia— que sexan os gobernos das comunidades os que se dirixan ao Goberno do Estado solicitando a presenza dun destes posibles cumios nas comunidades.

Isto que nós pensabamos foi confirmado onte polo conselleiro de Presidencia, o señor Rueda, cando nesta Cámara anunciou como unha acción do Goberno esa posible reunión, ou solicitude de reunión, do Consello de Ministros de Cultura en Galicia. Polo tanto, entre outras cousas, xa sabemos que o Goberno si ten que lle escriba, neste caso o señor Varela Suances, unha iniciativa que parece parte do Goberno. O señor Rueda dixo que esa era unha iniciativa do Goberno, e a nós, cando lemos a iniciativa do deputado, xa nos parecía que tiña un trasfondo governamental, porque esa iniciativa está enmarcada ou inscrita nas dúas características deste Goberno, que fai fundamentalmente dúas cousas: por unha banda, a busca permanente de buratos fantasiosos para xustificar un cambio de políticas ladinamente, porque se ve que non se atreve de fronte a propoñer aos galegos un cambio de partidas e de políticas dos presupostos para facer as políticas que quere facer o Partido Popular; e outra cousa que fai tamén este Goberno é encomendarlles aos demais que fagan cousas, encomendarlle ao Goberno de España —neste caso tamén pedir, máis que encomendar— á Unión Europea, neste caso, que faga unha reunión. Polo tanto, nesa duplicidade que aínda lle coñecemos ao Goberno galego de actuacións —é dicir, buscar desculpas, coartadas, para non facer o que ten que facer e encomendarlle o traballo aos demais— enmárcase perfectamente esta iniciativa, por iso nos parecía que tiña unha orixe governamental.

En calquera caso, nós cremos que esta iniciativa se pode mellorar un pouco co permiso do deputado Varela Suances, e por iso facemos algunhas propostas para ver se a facemos un pouco máis eficaz.

En primeiro lugar, tendo en conta que este Consejo de Ministros de Cultura —Cultura e Educación—, que se pode reunir na nosa comunidade ten encomendadas algunhas funcións, sería ben que algunha desas funcións quedara plenamente ou claramente marcada nesta reunión. Unha das funcións que ten este Consejo de Ministros é precisamente o de promover, protexer, impulsar as linguas minoritarias que en

Europa existen. Se se vai reunir nunha comunidade cunha lingua oficial pero minoritaria no conxunto de Europa, como é o galego, será boa cousa que nese mesmo cumio, aquí, en Santiago, se faga unha declaración –que se pode chamar ademais á Declaración de Santiago– onde o Consejo de Ministros de Cultura de Europa impulsa, protexe, recoñece e defende as linguas minoritarias, e que ademais lles traslade ese mandato aos gobernos dos estados e aos gobernos das comunidades autónomas ou das rexións que teñan autonomía de goberno. E iso estará moi ben para o conxunto de Europa e para o conxunto de España, pero seguramente estará moi ben que lle faga esa recomendación aquí ao Consejo de Ministros de Cultura, ao Goberno de Galicia –que boa falta lle fai para defender o noso idioma–, para defender esa peza tan importante da nosa cultura; polo tanto, creo que iso enriquece.

Ademais, creo que poderíamos aproveitar para solicitar ao mesmo tempo ao Goberno de España que na nosa comunidade se realicen outras dúas reunións de consellos de ministros de Europa. En primeiro lugar, unha de pesca, pola importancia fundamental, decisiva, que ten a pesca, a pesca galega, non só en España, senón no conxunto de Europa. Reunión que pode servir para aproximar a todos os ministros desta materia o coñecemento máis profundo do noso sector pesqueiro, dos nosos recursos pesqueiros, dos nosos homes e mulleres da pesca, e que seguramente nos valerá tamén para que despois nalgún momento as decisións que se tomen en Europa estean máis aproximadas á nosa realidade. Polo tanto, terá tamén un efecto práctico. E unha segunda reunión que se pode solicitar dos ministros de transportes. E neste caso xa non sería tanto dende un punto de vista pragmático, de petición ou de solicitude ou de aproveitamento, senón de recoñecemento. Creo que Galicia pode e debe recoñecer, nunha reunión de ministros de Consejo de Europa de Transportes o papel e o traballo feito durante este xa case cuarto de século de Europa, en relación coa nosa comunidade nas nosas infraestruturas. Seguramente é difícil imaxinar hai vinte e tres anos a Galicia de hoxe dende o punto de vista das comunicacións e das infraestruturas se non pertenceramos a Europa. Seguramente Europa foi o mellor negocio que fixo Galicia nos últimos séculos, e iso seguramente se pode recoñecer porque é o esforzo de holandeses, italianos, franceses, belgas...; é o esforzo que fixeron con esta comunidade para que esteamos hoxe na situación que estamos e é unha situación que aínda vai mellorar.

Xa postos a propoñer, eu penso que se podía realizar na Coruña a de transportes e en Vigo a de Pesca. Ademais, quero trasladar que sei que os responsables destas materias no Goberno de España, que son ademais galegos, teñen vontade e interese de que iso se faga así. Polo tanto, podemos matar máis dun paxaro dun tiro.

Esta é unha iniciativa que, en calquera caso, depende da vontade do Goberno do Estado. Creo que o Goberno do Estado vai ter boa disposición para que isto sexa así e, en calquera caso, contará coa nosa oposición, con independencia de que vostedes acepten ou non a nosa emenda. Cremos que a emenda mellora a proposición que fai vostede, pero, en calquera caso, estamos ao seu dispor. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Varela.

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra don Daniel Varela Suanzes-Carpegna.

O señor VARELA SUANZES-CARPEGNA: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, en primeiro lugar, permítame que agradeza sinceramente o ton das intervencións e do debate construtivo, que era a idea con que eu subía a este estrado. Penso, sinceramente, que temos xa acadado un primeiro acordo, tanto coa emenda que presenta o Grupo Socialista como coa emenda que presenta o Grupo do BNG. E iso congratúlame xa porque todo o que sexa enriquecer e mellorar a proposta, evidentemente, é benvido.

Señor Varela, non busque onde non hai. A idea era que este Parlamento se asocie para que as propostas que fagamos teñan máis forza, non que sexa unha postura governamental, nin tan sequera do PP. Nós poderíamos facela e non admitir emendamentos, e votala e aprobala, pero iso non é o que eu pretendo; pretendo que non sexa nin governamental nin que sexa do PP, senón que sexa do Parlamento de Galicia. Eu penso que iso lle pode dar forza e, polo tanto, tráioa aquí ao Parlamento e procuro transaccionala para que poida ter o máximo apoio posible.

Polo que se refire á proposta que está implícita no meu texto, evidentemente, creo que estamos de acordo no proceso do Consello de Cultura, dos ministros de Cultura, e, polo

tanto, incluír aí a proposta que fai o Grupo Socialista de que se produza unha declaración –vostede falou de Santiago; na proposta fálase de Compostela, penso que é máis, aínda máis xacobeo, falar de Declaración de Compostela–, evidentemente, de promoción das linguas minoritarias en consonancia co que ocorre na Carta das linguas minoritarias do Consello de Europa é positivo, enriquece o texto e enriquecerá, dende logo, ese acordo. Tamén a proposta que fai o Grupo do BNG, cando pide que ese consello faga un recoñecemento da cultura galega en Europa, me parece positiva e, polo tanto, creo que aí podemos chegar a acordos.

Unha cuestión diferente que me gustaría falar despois, cando suspendamos e poidamos transaccionar este texto, é o feito de que nesa reunión, esa reunión que é de 27 ministros –se se chega a celebrar– europeos, poida estar incluída a lingua galega polo feito de que non hai ningún ministro desgraciadamente... Se estivera o ministro de Cultura galego, que xa non está, o señor Molina, evidentemente, habería unha escusa magnífica para que a idea vehicular da lingua..., porque a lingua interna é para que se lle traduza ao que está dentro do consello porque é a porta pechada. Polo tanto, disto falaremos, se lle parece, para poder transaccionar.

Polo que se refire ao resto, que son, en vez de pedir un consello, pedir tres, pois mel sobre filloas; se realmente en vez dun, o Grupo Socialista garante que, como teñen tres ministros, van vir tres ministros, evidentemente, formidable, pero que iso non sexa..., que se produza un consello de ministros, que xa está anunciado na Coruña por quen ten que anunciarlo, que é o ministro español de Fomento, que, evidentemente, é o que pode convocalo e o que vai presidilo, e que iso non vaia en detrimento do espírito desta proposición, que é Compostela, Santiago e o recoñecemento da cultura. Polo tanto, se temos iso asegurado e vai vir e se vai celebrar aquí un de cultura, evidentemente está moi ben, sen prexuízo de que, loxicamente, o consello que se celebre na Coruña de transportes nos parece fundamental. Eu non me vou negar, loxicamente, a un consello europeo de pesca; eu, que fun presidente da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo, acepto, loxicamente, iso. O único que digo é que hai que ser realistas e, ao mellor... Non empreguemos ese refraneiro español de que “*el que mucho abarca, poco aprieta*”, e non vaia ser que pidamos tres e despois quedemos nada máis que con que xa está anunciado. Non me parece intelixente pedir neste Parlamento unha reunión dun consello que

xa está anunciado que vai existir. Pero, en calquera caso, é unha boa nova e se o Grupo Socialista e vostede ten a capacidade suficiente de influír no Goberno de Madrid para que se celebren tres consellos de ministros da Unión Europea durante a presidencia española, chapó, noraboa, os meus parabéns, terá a miña felicitación, pero que a proposta nosa, que parte de que se celebre un en Europa, porque temos títulos, temos credenciais, que son recoñecidas en Europa, evidentemente, ese ten que ser o punto de partida. E, ademais non quería facer con isto ningún localismo. Vostede falou da Coruña, falou de Vigo. A vostede gustaríalle, como lucense, coma min, e como o propio ministro de Fomento, que Lucus Augusti, unha cidade europea bimilenaria e Patrimonio da Humanidade, tamén tivera un.

Polo tanto, a miña idea era centrar en Santiago de Compostela, evidentemente, e a partir de aí, señor deputado, todo o que veña, benvido sexa...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VARELA SUANZES-CARPEGNA: Moitas grazas, e, se podemos, transaccionamos este acordo para poder somelo á Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Varela.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González, sobre as xestións do Goberno galego para a definición dos títulos universitarios de enxeñaría en informática, a regulación das súas atribucións profesionais, así como a consideración dos seus colexios profesionais

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse a emenda número 3359, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Beatriz Sestayo Doce.

(*O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Beatriz Sestayo Doce, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular,*

sobre as xestións do Goberno galego para a definición dos títulos universitarios de enxeñaría en informática, a regulación das súas atribucións profesionais, así como a consideración dos seus colexios profesionais (doc. núm. 1744)

Emenda de modificación

O texto da resolución debe ser substituído polo seguinte:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno de España a:

1. Incorporar, tras un breve período de tempo, as titulacións do ámbito da enxeñaría informática, grao e master, na discusión do conxunto das enxeñerías.

2. Estudiar, respectando a lexislación e normativa vixentes, as posibilidades de definir solucións transitorias para que a enxeñaría informática teña o mesmo trato que o resto das enxeñerías ata o desenvolvemento lexislativo da regulación de profesións no marco de trasposición da Directiva Europea de Servizo.)

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra don Román Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Bos días, señora presidenta, señores e señoras deputados.

Señor conselleiro, quero, en primeiro lugar, dar a benvida a este Parlamento a Fernando Suárez Lorenzo, presidente do Colexio de Enxeñeiros Informáticos de Galicia, e tamén pois a máis membros da xunta directiva deste colexio.

Esta iniciativa pretende ser unha iniciativa en positivo que agardo que poidamos aprobar por unanimidade, porque o seu obxecto é relativamente sencillo, porque o que se pretende con ela é instar, neste caso o Goberno central, a que impulse o que é a regularización dunha actividade profesional de gran transcendencia; unha actividade profesional moi importante xa hoxe en día, pero que será moito máis no futuro e que ten tamén unha transcendencia esta regulación profesional no que é a definición a curto prazo do que son os contidos académicos dos graos e dos másters destas carreiras universitarias que neste momento están en proceso de adaptación ao coñecido como Plan de Bolonia.

E é en positivo porque xa foi debatida noutras cámaras, por exemplo, o Senado, onde tivo un apoio por unanimidade das forzas políticas, tamén en concellos onde están ubicadas as sedes universitarias que imparten estes estudos, por exemplo en Santiago, en Ourense —estase á espera de facer o mesmo na Coruña—, e é en positivo porque busca mellorar a situación profesional dun colectivo que en Galicia ten en torno a 4.000 titulados e que ten na súas especializacións en xestión, programación, etc., actualmente en torno a 4.000 —tres mil e pico ou 4.000— estudantes. É en positivo porque plantexa impulsar unha solución a unha situación anómala que hai hoxe en día; unha situación anómala que ten sido manifestada, posta de manifesto, polos decanos das escolas universitarias do conxunto do Estado, polos propios profesionais desta materia e que mesmo no Valedor do Pobo se fai constancia desa situación. Teñen xerado avances nos últimos tempos, pero, sen embargo, aínda hoxe é necesario plantexar esta reivindicación.

E ¿cal é esta situación anómala que estamos plantexando? Pois é a seguinte: unha profesión tan importante hoxe en día, evidentemente, tan transcendente a curto e medio prazo, que é vital para a economía actual, que é vital para o noso modelo de vida, que é vital para a nosa calidade de vida —¿quen podería hoxe vivir case sen informática?— curiosamente carece dunha regulación de ámbito estatal. Cando practicamente todo o mundo coñece, todo o mundo sabe as competencias, as capacidades, os dereitos e as obrigas profesionais dun enxeñeiro de camiños, dun enxeñeiro de montes, dun enxeñeiro agrónomo, curiosamente, sen embargo, os enxeñeiros informáticos non é así, e hai unha certa non regulación desta actividade profesional. Evidentemente, a traxectoria docente, académica e profesional por este colectivo é relativamente curta no tempo. Nace a mediados dos anos setenta, cando a informática comeza a implementarse pola nosa vida cotiá, pero foi evolucionando, gañando presenza nos centros educativos, gañando presenza, digamos, na vida cotiá dos cidadáns, pero curiosamente ese avance non foi acompañado, como xa dixeran, dunha regulación profesional.

En novembro do ano 2008, por iniciativa do Partido Popular, apróbase unha iniciativa que buscaba impulsar unha solución a esta cuestión. De feito, a emenda presentada polo Partido Socialista copia dalgún xeito, ou vén a trasladarnos, o xa aprobado no Senado como unha emenda de

substitución. Evidentemente, nós non podemos admitir esta emenda, porque significaría continuar a dilatar unha situación na que é urxente intervir. Nós imos manter o noso texto na situación actual. E cremos que volver aprobar o que xa está aprobado non tería moito sentido. Porque a verdade é que dende a aprobación, dende a aprobación no seu momento desta iniciativa no ámbito estatal, non se fixo practicamente nada ou fíxose moi pouco. Si se teñen tomado algúns acordos, pero fíxose relativamente pouco por lograr o recoñecemento legal da profesión de enxeñeiro informático e de enxeñeiro técnico informático.

Si hai nos medios de comunicación numerosísimas declaracións, moitas altisonantes –isto de menos ladrillo e máis ordenadores e pasar da economía do ladrillo á economía das batas brancas, etc., etc.–, pero, unha vez máis, vemos que se fan as cousas con escaso rigor, cunha especie de fuxida cara a diante e que continuamos a construír a nosa casa polo tellado, no senso de que algo tan importante como é a regulación profesional desta actividade se mantén aínda nunha terra de nadie.

¿Por que se trae aquí a este Parlamento? Tráese, primeiro, porque é un compromiso electoral do Partido Popular, e os compromisos electorais están para cumprilos. E tráese, en segundo lugar, porque en Galicia hai unha forte implementación de estudos de enxeñería informática nas tres universidades e unha forte carga de estudantes, como xa dixen anteriormente, e de profesionais que foron saíndo destas escolas.

E creo que o momento actual é o momento urxente para instar, a quen ten que mover peza neste asunto, a que se faga, se acometa, coa máxima urxencia posible a regulación profesional neste ámbito. E, ¿por que? Porque a falta de regulación, a falta dunha definición competencial da profesión, desta profesión, é un hándicap moi importante actualmente para o deseño da estrutura académica, para o deseño dos contidos docentes, para o deseño dos futuros graos e másters que deberían estar xa en proceso moi avanzado de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, ao Plan Boloña, pero que, sen embargo, por esa non definición do que é a profesión, se moven nunha terra de nadie agora mesmo. Co cal, primeiro é necesario regular, definir a profesión, especialmente nun ámbito profesional ou nun ámbito académico tan vencellado ao desempeño privado da actividade no mundo da economía priva-

da. E despois hai que organizar os contidos académicos para que estean vencellados co mercado profesional e para que os estudantes que van cursar estes cursos no futuro poidan engadir valor á súa actividade, poidan engadir valor ao que é a actividade económica e engadir valor á calidade de vida.

Por iso, aínda que temos algún avance nos últimos tempos, é importante –ou desde o Grupo Popular entendemos que é moi importante– que dende o Parlamento se inste á regulación desta profesión e a que dende o Goberno do Estado se cumpran os compromisos, sobre todo nunha actividade profesional tan importante, tan estratéxica, para non só a vida económica actual e futura, senón tamén para a nosa propia calidade de vida.

E aquí o que vemos é que é unha cuestión simple e llana de vontade política. Aquí non é preciso facer grandes investimentos, non falamos do AVE, nin moito menos, só se necesita que haxa vontade política para cumprir acordos xa tomados por unanimidade, e que esta regulación inicial da actividade profesional permita posteriormente organizar os contidos académicos, os créditos, todo o que ten que ver cos novos graos e cos novos másters adaptados ao Plan de Boloña, para que os profesionais, os estudantes –que hoxe son estudantes e mañá serán profesionais, e mañá estarán mellorando a nosa vida tanto a nivel profesional como a nivel de cuestións máis vencelladas á nosa vida normal–, pois se poida levar a cabo.

Nese sentido esta é a orientación desta proposición non de lei, desta iniciativa, e agardamos ter o apoio dos grupos parlamentarios.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez González.

Intervención dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra dona Beatriz Sestayo Doce.

A señora SESTAYO DOCE: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días.

Señorías, antes de nada, tamén quero dar as grazas, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, e dar a benvida a esta Cámara de representación popular á xunta directiva e representantes, polo tanto, lexítimos dos enxeñeiros informáticos.

Efectivamente, dicía ao principio –iso si, foi cambiando o ton a medida que avanzaba a evolución do discurso– o representante do Grupo Parlamentario Popular que pretendía con esta iniciativa chegar a un acordo. Falaba da emenda do Grupo Parlamentario Socialista dicindo que copiábamos o exposto xa en Madrid. É o que ten a coherencia, o que aprobamos nun sitio por este partido e o que opinamos nos outros sitios cando se trata de desenvolver un mesmo tema e que ademais fai referencia a un colexio, a unha enxeñería, que terá unha regulación única para todo o Estado. Polo tanto, é lóxico que as manifestacións e o posicionamento do Grupo Socialista sexa o mesmo. O contrario si sería a incoherencia, que non é propio –tentamos, dende logo, que non sexa propio– deste grupo parlamentario.

Esta, efectivamente, proposición non de lei abre unha cuestión xa amplamente debatida noutros órganos, no Senado, no Congreso, e temos que, en todo caso, dende o Grupo Parlamentario Socialista, dicir que buscaremos todo o consenso posible, porque o que si queremos dende o grupo parlamentario é, primeiro, como temos manifestado xa tantas veces, e non só manifestado, senón comprometido orzamentariamente, é a aposta polas novas tecnoloxías, polas tecnoloxías da información e pola sociedade en rede; é unha aposta clara do Grupo Parlamentario Socialista e da forza política que nos sustenta.

Falaba vostede, señor Román, e é lóxico facer e aproveitar para meter algunha patadiña ao Goberno, pero o certo é que dicía vostede que só faltaba vontade política. Vontade política, toda, e ademais para elaborar unha lei, pero, ademais –señor conselleiro, sinto que discrepe, estou no uso da palabra–, o compromiso orzamentario. E, ademais, invito a calquera da Cámara, invítoos a vostede en particular, a que comprobe os orzamentos que estaban destinados ás tecnoloxías de información, ás TIC, co Goberno de José María Aznar –inesquecible José María Aznar– e cos gobernos de José Luís Rodríguez Zapatero; por certo, apostando cun ministerio específico para a área.

Invítoos así mesmo a que comprobe os orzamentos, creo que é algo ben fácil, porque con acudir a un boletín, ou a un DOG neste caso, podemos ver o orzamento que destinaba o Goberno do Partido Popular durante todos os anos do seu goberno e o que adicaba o Goberno socialista, o Goberno bipartito. Esa é a realidade, e a realidade son as cifras, porque, señor Román, non é só vontade política. Claro que existe vontade política, pero se non hai unha inversión e un apoio a esas políticas claras, se non hai unha definición e se non hai unha aposta inversora, as políticas e os discursos calquera podemos facelos. Por iso é necesario ese compromiso.

Ademais, falaba vostede da economía privada. Como sempre, temos que facer unha pequena discrepancia. As tecnoloxías da información son, evidentemente, fundamentais para a economía privada. Pero é que nós, dende o Grupo Parlamentario Socialista, reivindicamos, ademais, as tecnoloxías da información para a vida pública, para o benestar da sociedade. Efectivamente, ademais, queremos recoñecer o valor elevado das tecnoloxías da información e, polo tanto tamén, dos profesionais e dos enxeñeiros informáticos, tanto técnicos como superiores, respecto da aportación que se faga á sociedade do futuro, á sociedade do que xa é o presente, e non só na iniciativa privada. O que ten que ver xa con actividades do benestar, das políticas sociais, das políticas culturais, están xa vencelladas á informática; o que ten que ver coa transparencia cidadá, coas políticas de información á cidadanía..., por certo, aprobada no Parlamento de Galicia co Goberno anterior, a Lei de transparencia e boas prácticas da Administración, que tenta dar un paso adiante respecto da horizontalidade e da transversalidade do diálogo entre a cidadanía e o Goberno, pretende precisamente poñer en valor as tecnoloxías da información como un instrumento democratizador e de accesibilidade plural a toda a sociedade.

Iso é o que, ademais da economía privada... Falaba un compañeiro antes de que, claro, vostedes, unha vez aprobado o Plan Boloña, a verdade é que moito non fixeron para apostar por esta cuestión, seguramente porque non vían un beneficio privado inmediato. E volven falar da economía privada. Eu dígolles, economía privada-economía pública; porque, efectivamente, as tecnoloxías da información –insisto– constitúen un elemento fundamental de calquera sociedade do benestar e dunha democracia avanzada, como ten que ser a do século XXI en Galicia e en España.

Pero, ademais, teño que facer algunhas precisións porque non podemos... Ademais traio... Estou segura de que vostede consulta os boletíns. Temos que facer algunha aclaración e teño aquí o contraste para quen poida negar simplemente os discursos. O certo é que dende a aprobación no Senado si se teñen dado pasos. Efectivamente, no Senado chegábase a un acordo. Eu insisto –espero dar as voltas que sexan precisas para chegar a un acordo que redunde no beneficio do interese xeral, do interese da sociedade, dos enxeñeiros informáticos– en que, ademais desa aprobación, foi tamén o segundo punto, foi a aprobación por parte do Goberno dos requisitos académicos. O Goberno cumpriu con ese sector e elaborouse un documento de requisitos académicos para a elaboración dos plans de estudo das enxeñerías informáticas e, posteriormente, houbo un acordo do Consello de Universidades para cumprir estes requisitos. Isto é algo constatable, e ademais compróbase nalgúns anuncios dos plans de estudos das novas universidades que están avanzando para o vindeiro curso –Lamento que o señor conselleiro estea seguido interrompendo este debate, porque non sei se escoita o que digo, pero, bueno, seguirei co meu, aínda que fale...– ...

A señora PRESIDENTA: Señora Sestayo, por favor, rógo-lle que siga co seu discurso.

A señora SESTAYO DOCE: Si, señora presidenta.

En todo caso, como verá, é contrastable, existen moitas universidades que están facendo esa oferta e que recollen xa as previsións e estes datos académicos elaborados polo Goberno.

Ademais, existe xa a toma en consideración –aprobada, por certo, por unanimidade de todos os grupos políticos da Cámara e, entre outros, do Partido Popular e do Grupo Parlamentario Socialista, sobre a toma en consideración e tamén [...] por suposto, publicada no Boletín Oficial do Congreso do 26 de maio do 2009– dunha proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista para a creación do que vostedes propoñen no seu punto 3, que é a creación do Consello Xeral de Colexios Profesionais en Informática, que xa está recollido; xa está aprobada a toma en consideración desa lei. Por certo, unha lei que primeiro propón o Grupo Socialista do Congreso, pero que despois tamén propoñen e mesmo se fai o debate conxunto co Grupo Par-

lamentario Popular. Polo tanto, unha vez... –está aquí, señor conselleiro–, polo tanto, creo que é importante incluír a coherencia.

En todo caso, o que si aplaudimos é que existen numerosas cuestións, numerosas reflexións que vemos xa máis acertadas. Agora existe unha regulación; apelan vostedes a unha regulación legal. Diciao o Grupo Parlamentario Socialista e diciámolo no Congreso. A diferenza respecto doutras profesións é a falta de regulación por parte do... a falla de regulación por un principio de reserva legal construído no artigo esixido, no artigo 36, da Constitución española. É o que diferenciaba o resto das titulacións. Efectivamente, vostedes apelaban ás veces á única vontade do ministerio daquela de Tecnoloxía e Innovación, que recollía tamén as universidades, e falaban vostedes de que sería o ministerio quen para regular isto. Non, ten que ser unha reserva de lei. E así agradecemos que, polo menos, esa debilidade que contiñan as súas propostas estean xa..., ben, teñan vostedes xa dados á razón.

En todo caso, dende o Grupo Parlamentario Socialista estamos dispostos e así esperamos achegarnos a un acordo, porque, insistimos, o que queremos é o mellor para a sociedade en xeral, a sociedade do benestar, a sociedade das tecnoloxías, a sociedade en rede, os enxeñeiros informáticos. Queremos que estea regulada perfectamente a súa situación e colocalos en situación de igualdade no espazo europeo para o desenvolvemento dunha actividade tan importante para todos e todas. E, polo tanto, brindamos o apoio para chegar a unha transacción, tendo en conta as reflexións que temos feito dende esta tribuna.

Moitas grazas, señora presidenta, e nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Súmome tamén á benvinda aos representantes do Colexio Oficial de Enxeñeiros Informáticos de Galiza.

Un lembra cando estudaba, xa hai algúns anos, na universidade, cando había que escoller qué carreiras, etc., que todo o mundo dicía: non, informática –daquela– é unha titulación incipiente, que ten moitas saídas; todos se colocan mesmo ás veces antes de remataren a carreira. A realidade, como ben saben os representantes do colexio, hoxe é ben diferente; é ben diferente porque baixou a demanda nas titulacións de informática que hai no noso país e baixou tamén a empregabilidade –como se di agora en termos boloñeses–, ou, en todo caso, o acceso ao emprego destes profesionais precisamente como consecuencia da falta dunha regulación, da falta de marcos normativos que aseguren, en primeiro lugar, as reservas a eses profesionais de atribucións profesionais que non poidan ser dalgunha forma invadidas por titulados ou mesmo por xente ás veces nin sequera titulada pola falta, efectivamente, tamén dun marco normativo que regule os estudos conducentes á obtención deses títulos e tamén pola falta dun marco normativo que, do punto de vista das organizacións profesionais, como son esas proposicións de lei en tramitación –o 26 de maio aprobouse a tomada en consideración desas proposicións de lei, pero a lei aínda non está aprobada–..., a creación, no marco da Lei de colexios profesionais do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñeiros Informáticos no conxunto do Estado, que tamén axudaría, efectivamente, a regular a profesión, a regular as súas atribucións profesionais e a dar seguranza e certeza xurídica ao seu desenvolvemento profesional.

Pero tamén é certo que hai decisións do Goberno galego... Non vou entrar aquí... Dixémolo onte, nós estamos aquí coa camiseta unicamente de Galiza, non estamos nin defendendo ao Goberno español nin defendendo o que fixeron anteriores gobernos españois; entón, defendendo o que son os profesionais informáticos deste país e os seus intereses. Tamén hai que recoñecer que algunhas decisións –recentes, por certo– do actual Goberno galego non axudan precisamente a crear emprego e a dinamizar un tecido empresarial –que existe e ben vizoso é– no ámbito da informática no noso país. Contratar cunha multinacional norteamericana como é Microsoft a compra de *software* privativo para a Xunta de Galiza, e facelo ademais nin sequera contando con intermediarios, con empresas informáticas situadas en Galiza senón directamente coa representación, coa delegación comercial desta empresa en Madrid, parece que tampouco é un contributo positivo do Goberno galego, do presidente Núñez Feijóo, a axudar e a colaborar con estes profesionais

informáticos e cun sector que, ademais, nós queremos –e non é puramente retórica, fixémoslo cando tivemos ocasión de facelo desde o Goberno galego– que sexa un sector fundamental da nosa economía.

Á parte de xa manifestar o apoio do Bloque Nacionalista Galego a esta proposición non de lei, por coherencia co que fixemos no Senado, por coherencia coa nosa actuación en todos os ámbitos onde esta cuestión foi debatida, tampouco queremos deixar pasar a ocasión de analizar e, dalgunha forma, de deitar un pouco de luz sobre qué é o que subxace, que é o que está detrás de toda esta polémica. E o que está detrás de toda esta polémica, señorías, eu creo que é as presións corporativas que certas organizacións profesionais realizaron con éxito, torcendo o que sería o desenvolvemento lóxico deste proceso de Boloña, co que nós, por outra parte, desde o Bloque Nacionalista Galego, somos bastante críticos. Máis de catro anos e varios ministros despois, finalmente dúas resolucións, dous acordos do Consello de Ministros de 26 de decembro do ano 2008, aproban as condicións, as directrices ás que se deben adecuar os planos de estudo conducentes á obtención dos títulos universitarios habilitantes [...] as profesións reguladas de enxeñeiros en determinados ámbitos, diríamos enxeñarías clásicas: agrónomos; de montes; de camiños, canles e portos; telecomunicacións, etc., etc., tanto o que era a vella enxeñaría superior como é a enxeñaría técnica. Exclúense as enxeñarías novas, non está a enxeñaría informática, non está a enxeñaría química, non está a enxeñaría ambiental; por razóns que tampouco son casuais. Houbo unha intención explícita de excluír estas titulacións destes acordos. Pero máis alá de quen estea incluído e de quen estea excluído, o certo é que ademais estes acordos supoñen xa, no que era o proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Ensino Superior, unha deturpación do que era o modelo inicial, porque, en primeiro lugar, establecen un grao diferente para os estudos conducen-tes ao título superior que para o título técnico. No caso do título superior, teríamos o que se chama un grao branco, que non habilita directamente para o exercicio profesional e que require, para ser habilitante, do complemento dun máster, que tampouco é un máster –como parecería no esquema xeral– de especialización, senón un máster para aulas que necesariamente hai que cursar para poder ter acceso ao correspondente título profesional.

Ben, isto é o resultado da cesión, por parte do Goberno español e dos sucesivos ministros de educación, ás presións

corporativas, ás presións de determinados colexios profesionais e de determinados consellos xerais de colexios profesionais. Todos eles –por certo tamén– moi interesados en que esas novas enxeñarías non ingresasen, non fosen incluídas, neste novo sistema. ¿Por que? Ben, polas razóns simples de que se as novas enxeñarías estivesen aí incluídas verían reguladas as súas atribucións profesionais; estaríase pondo cunto tamén á invasión desas atribucións profesionais por outros titulados.

¿Que solicitan os enxeñeiros informáticos? Ben, pois o mesmo tratamento para todos. Unha vez que se abre a porta ás enxeñarías clásicas, que a eles tamén se lles dea ese mesmo tratamento. E aí, a pesar desa crítica e desa diverxencia de fondo á que antes fixen referencia, está tamén o Bloque Nacionalista Galego. ¿Por que non estiveron? Ben, pois porque ata o de agora non había colexios profesionais coa forza suficiente, non hai un consello xeral a nivel estatal de colexios profesionais que agrupe os profesionais informáticos. E parece que as cousas comezan a mudar, ben que paseniñamente. O 13 de marzo de 2009 apróbanse unhas fichas competenciais, ben, pero son provisórias; é unha proposta do Consello de Universidades, que, de xeito análogo ás fichas e ás directrices existentes para outras enxeñarías, as clásicas, establece cales son as directrices e os estudos conducentes aos títulos oficiais no ámbito da enxeñaría informática, enxeñaría técnica informática e tamén na enxeñaría química, ao tempo que indirectamente tamén definen as competencias profesionais.

Pouco despois, o 17 de marzo de 2009, houbo unha xornada de protesta con paros, manifestacións, promovida polos profesionais e polos estudantes, que tamén foi un éxito. Na miña cidade, na Coruña, onde hai unha facultade de Informática, de Enxeñaría Informática, desde logo a facultade paralizouse e as concentracións que houbo, tanto no campus como despois en fronte da Delegación do Goberno, tamén foron un éxito.

O 26 de maio de 2009, como dixen, aprobouse, co voto favorábel de todos os grupos no Congreso dos Deputados, a tomada en consideración dunha proposición de lei para a regulación do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Enxeñaría Informática. Pero hai un problema, que os representantes do colexio galego sen dúbida coñecen e do que son conscientes e ao que, sen embargo, nin PP nin PSOE pare-

cen atender, e o problema é a Directiva Bolkestein, o problema é a directiva de servizos. ¿Por que? En primeiro lugar, porque non por casualidade –volvo repetir– os enxeñeiros informáticos, os colexios que os agrupan, foron excluídos dos grupos de traballo de revisión do proxecto de adaptación da directiva de servizos ao Estado español. En segundo lugar, porque esta exclusión se reflicte tamén no texto do proxecto de lei que se está tramitando no Congreso, onde os enxeñeiros informáticos e as atribucións propias dos enxeñeiros informáticos non aparecen, así como aparecen as doutros profesionais titulados.

Nós entendemos que este si que é un problema; un problema que non se salva coa disposición transitoria cuarta dese proxecto de lei, cando di que remite a un futuro proxecto de lei de regulación das profesións tituladas...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... que o Goberno deberá... –xa remato, señora presidenta– no prazo de doce meses e que en tanto manteranse as obrigas de colexiación vixentes.

Ben, nós entendemos que aquí está realmente o problema, que o que se está agora solicitando é unha solución provisoria que nós, xa digo, por coherencia, imos apoiar, non imos impedir, pero chamamos a atención de onde está situado o problema. PP e PSOE están de acordo con esta liberalización dos servizos, coa que nós tamén somos moi críticos, e non só polo que se refire aos enxeñeiros informáticos senón porque entendemos, dun punto de vista máis xeral, que abre a porta a unha desregulación perigosa, do punto de vista da seguranza dos consumidores, e sobre todo abre a porta ao *dumping* social e ao *dumping* laboral, que o Bloque Nacionalista Galego nunca vai apoiar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra don Román Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Xa dixemos anteriormente que a emenda do Partido Socialista non a podemos asumir; é unha emenda de substitución que, de ser asumida, implicaría volver atrás, sería un paso atrás. É algo que xa foi aprobado no seu momento e non solucionaría a situación de indefinición na cal nós estamos e non tería moito sentido. Agora do que se trata xa non é de volver atrás, senón do que se trata é de actuar. Evidentemente, algo se fixo nos últimos tempos; ¡faltaría máis que non se fixera nada!, algo se foi facendo nesta materia. Pero a verdade é que a regulación aínda non chegou a onde tiña que chegar. E espero que esta non aceptación da emenda pois non lle sirva de escusa ao Partido Socialista para votar que non a esta iniciativa.

Como xa dixen, é unha iniciativa que non sería necesario traela a este Parlamento de Galicia nin aos concellos onde están ubicadas as sedes universitarias que imparten estas titulacións se o Goberno do señor Zapatero fose capaz de dar cumprimento aos seus compromisos. Eu falei na anterior intervención de vontade política, creo que esta é unha cuestión básica de vontade política, pese ao que dixo na anterior intervención a voceira nesta materia do Partido Socialista. Infórmame o conselleiro, que foi quen a levou no seu pasado político parlamentario ao Estado, a escasa ou moi débil vontade política dalgúns cargos socialistas no Goberno, con nomes e apelidos, de sacar adiante esta materia. E é realmente algo que eu non acabo de entender e este grupo político non acaba de entender. A cuestión é: ¿por que non se fixo nada nesta materia ou se fixo pouco nesta materia? ¿Por que hai esa pasividade? ¿Por que se fan declaracións altisonantes no novo modelo produtivo: “batas brancas, menos ladrillo, máis ordenadores...”? Sen embargo, a pasividade mantense e, aínda que se foron dando pasos –faltaría máis–, a situación hoxe que hai en Galicia, os profesionais que desempeñan a súa actividade en Galicia, as escolas universitarias galegas, igual que as do conxunto do Estado, mantéñense nunha indefinición. Os títulos non son homologables con outros países da Unión Europea, onde, por certo, esta profesión si está regulada. Ademais, estamos –e eu creo que iso xustifica plenamente a urxencia deste debate–, nun momento no cal é necesario, é moi importante, sacar adiante esta regulación, tendo en conta que o Plano de Bolonia está aí e tendo en conta que a adaptación destes ciclos formativos debe estar incardinada moi directamente coa vida profesional deste colectivo.

Neste senso, eu creo que hai que diferenciar claramente a actitude do Partido Socialista da actitude do Bloque. O Bloque si mostrou unha coherencia –e hai que recoñecerllo e darlle as grazas nese sentido– nesta materia, pois sempre apoiou as iniciativas do Partido Popular noutros foros onde se debateu. ¡Home!, se se lles dá caña, cabréanse e se se lles dan as grazas por un tema tamén se cabrean. ¡A ver, non se poñan así! ¡A ver que facemos! Eu quero agradecer o apoio, no nome do noso grupo político, a esta cuestión, non creo que haxa nada malo nesto.

Dicir simplemente que as presións dos diferentes colectivos, se as houbera, serían moi lóxicas, moi, moi lóxicas, porque hai un enorme número de profesionais que están nunha indefinición, con títulos non homologables e con Bolonia, digamos, na súa porta; co cal algo, como sabedes perfectamente, pois hai que facer. Nese sentido, a actitude do PSOE é menos loable, porque sempre foi un pouco por detrás nesta materia, sempre se foi sumando a acordos a regañadentes por esa non vontade política, e, evidentemente, é moi fácil, diante do representante deste colectivo a nivel autonómico, intentar botarlle un pouco de azucre á situación, pero a realidade é que houbo unha parálise, unha pasividade moi importante no ámbito do Goberno do Estado respecto a esta cuestión, e houbo sempre un ir detrás nesta materia. É unha falta de vontade política que, insisto, é moi pouco explicable, porque aquí non estamos a falar de grandes investimentos, simplemente estamos falando de corrixir unha situación anómala que está en mans, neste momento, pois dun goberno socialista que non o está a facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rodríguez.

(Pide a palabra a señora Sestayo Doce.)

Perdón, si, ¿para que quere a palabra, señora Sestayo?

A señora SESTAYO DOCE: Para unha cuestión de orde, señora presidenta.

Dende a tribuna. O Grupo Parlamentario Socialista ofrecemos unha negociación e non se ten pronunciado sobre esa oferta. Para que se pronuncie.

A señora PRESIDENTA: Si, déanlle a palabra ao escano do señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Si, eu creo... Perdóeme, señora, pero eu creo que foi claramente rexeitada a emenda, díxeno nas dúas intervencións, non sei se se me entendeu mal, pero na primeira e na segunda díxeno, que non podiamos de ningún xeito aceptar esa emenda, polo que significaría volver atrás; digamos, non avanzar nesta cuestión, que é unha cuestión de gran urxencia.

A señora PRESIDENTA: Señor Rodríguez, pero eu imaxino que a señora deputada o que di é que independentemente de que ao mellor non se poida aceptar a emenda literal, si pode haber lugar a unha negociación; eu invítoos a que poida ter lugar.

Moitas grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Concepción Burgo López e tres deputados máis, sobre a exención das taxas universitarias para todos os estudantes con pais e nais desempregados para garantir o seu acceso á formación universitaria en igualdade de condicións e o establecemento de mecanismos para a súa aplicación no curso 2009-2010

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentouse a emenda número 3345, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Carlos Aymerich Cano.

(O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado e portavoz Carlos Aymerich Cano, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de substitución á Proposición non de lei, doc. núm. 1954, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN

Débese substituír o texto da parte dispositiva da devandita proposición non de lei, polo seguinte.

"O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Reducir a porcentaxe que as taxas supoñen no financiamento universitario até o 5% no 2010.

2. Elevar até un 33% os estudantes galegos beneficiarios de bolsas de axuda ao estudo e subir até o 50% (17% actualmente) os estudantes exonerados de pagaren taxas por razóns de renda.

3. Elaboración dun plano plurianual que vise elevar até o 15% dos estudantes matriculados en cada campus o número de prazas de aloxamento públicas."

A señora PRESIDENTA: Para formular a proposición non de lei ten a palabra dona María Concepción Burgo López, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señorías.

No momento actual estamos a vivir unha grave crise mundial que está a producir, entre outras moitas graves consecuencias, un aumento, como saben e sabemos todos, forte do paro.

En Galicia no mes de maio deste ano, preto de 208.000 galegos e galegas estaban en situación de desemprego, 50.739 máis que no mesmo mes do ano 2008; unha situación que se ve agravada porque preto do 40% destes desempregados xa non teñen unha prestación, esgotouse a prestación de desemprego, e ademais porque en moitas familias todos os membros están nesta situación de paro.

Por suposto que isto trae consecuencias moi diversas que non podemos analizar aquí e que requiren políticas activas, tanto do Goberno español como do Goberno autonómico, para que dean solucións a curto e longo prazo. Pero entre todas as posibles consecuencias que trae esta situación de crise económica e aumento do paro queremos chamar hoxe á Cámara a atención sobre unha que para nós nos parece, por unha parte, moi importante, porque ten claras influencias sobre o futuro de moitos dos nosos xóvenes e incluso tamén, como argumentarei máis tarde, sobre a evolución social e económica do noso país. É a posibilidade –moi certa– de que moitos mozos e mozas galegas vexan truncadas as súas expectativas de comezar ou de continuar os estudos univer-

sitarios debido, precisamente, á situación económica das súas familias, provocado por un desemprego que para moitas chegou, ademais, dunha maneira sorpresiva, no seo da crise, e que por isto tampouco tiveron posibilidades de buscar alternativas nin solucións. De feito, non é algo que soamente diga o Partido Socialista ou o Grupo Socialista, senón que moitos estudos realizados por varias universidades españolas nos últimos meses alertan do risco certo de que a actual situación de crise económica provoque unha importante diminución de matriculados e matriculadas nas universidades e un aumento do abandono dos estudos.

Ante este problema, comprenderán que o Grupo Socialista considera que non podemos adoptar unha actitude pasiva, porque significa, entre outros moitos elementos, romper cos principios de equidade e de igualdade de oportunidades e traer de novo ao mundo universitario algo que pensabamos esquecido, que son os elementos económicos como factor de discriminación; ou, dito doutra maneira, nós non podemos permitir que o impacto da crise se traduza nun retroceso da igualdade de oportunidades.

Por iso traemos a esta Cámara esta proposición non de lei para que os fillos e as fillas de familias desempregadas sexan eximidos do pago das taxas universitarias, que, por suposto, terían que ser asumidas pola Xunta, e que ademais esta medida se tome xa neste curso que está próximo a comezar, 2009-2010.

Esta proposta que hoxe traemos aquí foi unha promesa electoral do noso partido, do Partido Socialista, e que non lles caiba dúbida de que poñeríamos en marcha en caso de que nas eleccións obtiveramos o Goberno. Pero seguimos a considerar, dende a oposición, que supón unha medida social de primeira importancia para impedir que a crise afecte con máis forza aos máis débiles.

Estarán de acordo comigo todos os grupos políticos, imaxino, en que a educación ten que ser un dos eixes prioritarios de calquera goberno, e que calquera goberno ten, non soamente a obriga de garantir a calidade na ensinanza, senón tamén de garantir a igualdade de oportunidades para acceder a todos os niveis educativos.

Por isto é necesario unha política de becas e de axudas, de tal maneira que o nivel económico non sexa un elemento

discriminatorio, así o entendeu o Goberno galego anterior, que elevou preto dun 65% o número de bolseiros, e un 99% os investimentos en bolsas e axudas diversas. Así o está a entender o Goberno de España, que incrementou tamén o orzamento para bolsas, que tentou ou puxo en práctica unha serie de medidas e de cambios, unhas novas modalidades de bolsas, precisamente para tentar que a permanencia do alumnado con máis riscos de abandonar os estudos non tivera dificultades.

Sabemos que, a proposta do Consello de Universidades, a Xunta conxelará para o próximo curso todas as taxas universitarias. Estamos totalmente de acordo, pero cremos que nestas circunstancias extraordinarias hai que facer algo máis e hai que tomar tamén medidas extraordinarias. O feito de que a situación de desemprego dos pais estea impedindo o acceso dos mozos e mozas á educación superior non é soamente unha sospeita do Partido Socialista, é un feito que vén avalado polos datos estatísticos. Se me permiten este dato: a Universidade de Santiago de Compostela, para o curso 2008-2009, de entre os 26.539 alumnos matriculados en primeiro, segundo ciclo e en grao, tan só un 1,94% –nin sequera un 2%; un 1,94%– son fillos e fillas de persoas desempregadas; unha porcentaxe tan cativa que indica ben ás claras que nesta situación laboral e nesta situación con menos recursos económicos moitas familias non poden enviar os seus fillos á universidade. E ter que abandonar a expectativa, por parte dun xoven, de cursar unha carreira universitaria non significa tan só atrasar uns anos a súa formación ou as súas expectativas de futuro, porque as posibilidades de comezar os estudos a idade máis tardía son moito menores. O 70% dos alumnos das universidades españolas teñen entre 18 e 25 anos. Temos que pensar que os de idades superiores moitos deles están a cursar unha segunda carreira ou un ciclo máis elevado. Pero, ademais, tan só un 1,7% do alumnado das universidades galegas entrou á universidade a través das probas para maiores de 25 anos. Polo tanto, creo que, claro, que o momento para a maior parte dos xóvenes é a idade de 18-19 anos, que é cando se comezan os estudos universitarios.

Cortarlle a un mozo ou a unha moza a posibilidade de adquirir unha formación superior significa, por outra parte tamén, cercenar as súas expectativas persoais en canto ás súas posibilidades de emprego e ás súas posibilidades de maiores ganancias, porque todos os datos estatísticos indican exactamente que a maior nivel educativo, a nivel maior

de formación, maior facilidade para conseguir un emprego e maiores ganancias. Isto é especialmente importante para as mulleres, porque as diferenzas entre as persoas con educación superior e educación secundaria en canto ás ganancias e posibilidades de emprego son máis altas para as mulleres.

Non podemos esquecer tampouco que a restrición de xóvenes entrando na universidade ten unha influencia importante na nosa sociedade, dende o punto de vista económico e tamén social. As universidades galegas son das que máis perderon alumnos na última década, sufriron un descenso dun 31% fronte a unha media española dun 11,8%. Esta situación está en gran parte, por suposto, motivada por un envellecemento da nosa poboación, pero ten unhas consecuencias graves tanto para as universidades, loxicamente, como para o desenvolvemento dunha nova economía na que xa estamos unha sociedade do coñecemento, onde o capital humano cualificado, é un dos máis importantes elementos para o progreso económico. Cremos que nestas circunstancias non podemos perder efectivos de xóvenes que poidan entrar sen a limitación das condicións económicas da universidade.

Aínda poderíamos falar tamén do que supuxo para este país a universidade en canto á mobilidade social; mobilidade social e profesional. Os maiores índices ou taxas desta mobilidade producíronse cando a universidade abriu as portas e produciu todo un movemento de socialización e apertura. Se botamos unha ollada ás características ou procedencia profesional dos pais e nais dos alumnos das universidades galegas, veremos que aquí, na nosa sociedade, este movemento de ascensión social ou mobilidade social e profesional a través da universidade segue estando presente e séguese a producir.

En definitiva, os socialistas cremos que o Goberno é quen ten que tomar todas as medidas posibles para que a actual crise económica non estea a mermar as posibilidades de futuro dos máis xóvenes, e que é unha obriga do Goberno galego axudar as familias que están a sufrir en maior medida o impacto da crise e garantir a equidade e igualdade de oportunidades. E pensamos que esta medida que propoñemos a esta Cámara axudará a que moitos mozos e mozas galegas non teñan que renunciar ás súas expectativas de futuro. Por iso esperamos ter o apoio de todos os grupos da Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Burgo López.

Intervención dos grupos parlamentarios. (*Aplausos.*)

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra don Carlos Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, cando falamos das taxas universitarias estamos falando só dunha parte do problema ou dunha parte dos problemas. Do problema, por unha parte, fundamental que plantexou a deputada propoñente; efectivamente, a selección por clase social ou por rendemento económico, que vén ser o mesmo de quen pode e de quen non pode estudar na universidade. E digo que esa é unha parte do problema porque, á parte das taxas, está o que é o custo da oportunidade de non estar traballando e de non estar aportando un salario ou de non estar contribuíndo ao sustento, ao mantemento, desa unidade familiar ou desa explotación familiar. Por iso nós, cando abordamos esta cuestión, entendemos, compartindo, desde logo, a intención que anima a proposición de lei do Grupo Socialista, que debemos ir máis alá. Non se trata só de exonerar das taxas aos fillos ou fillas de familias desempregadas ou de homes e de mulleres desempregados, incluso porque, entendido en termos estritos, estaríamos vendo só unha parte do problema. E ¿que pasa, por exemplo, cos autónomos que se dan de baixa no réxime correspondente da Seguridade Social? ¿Son desempregados a eses efectos ou non? Porque isto hai que articulalo despois normativamente, non é tan sinxelo. ¿E que pasa con persoas con fillos e fillas de, por exemplo, familias que levan unha explotación agraria e que teñen un rendemento inferior ao que pode ser, poñamos por caso, a prestación media por desemprego do noso país? ¿Teñen dereito a ser exonerados ou non? E cando se establece, ademais, un criterio de fillos de desempregados sen establecer tampouco ningún límite de renda. Nós entendemos que todos os fillos e fillas de desempregados deben estar exonerados de pagar taxas, pero non só eles.

¿E cal é a vía para facer isto? Nós entendemos que a vía para facer isto é estender o sistema de bolsas; bolsas ao estu-

do que conlevan xa na maioría dos casos a exoneración do pagamento das taxas, pero establecer un sistema de bolsas adecuado á nosa realidade, xestionado desde a Xunta de Galiza e establecendo ademais un obxectivo ambicioso.

Neste momento temos que elevar até un 33% os estudantes no ámbito universitario que sexan beneficiarios de bolsas de axuda ao estudo, porque a porcentaxe é moi inferior. E temos que elevar até o 50% do conxunto de estudantes universitarios –actualmente só o 17%– os que estean exonerados de pagaren taxas por razóns de renda. Nós entendemos que é aquí onde hai que actuar: quen está exonerado, quen está exento ou exenta de pagar unha taxa, unha propina universitaria, por razóns do rendemento da renda desa unidade familiar. E en Galiza temos moito camiño que andar.

Eu sei que o señor conselleiro que está hoxe aquí xa lles dixo ás universidades: pídanme o que queiran, salvo cartos, porque non teño. Os cartos están para pagar enquisas no ámbito non universitario, efectivamente. Pero, claro, hai que pór cartos enriba da mesa. Isto lévanos á segunda parte do problema. A segunda parte do problema é que as taxas son unha vía de privatización do ensino universitario a través do financiamento. Por iso nós entendemos e defendemos na nosa emenda que hai que reducir a porcentaxe que as taxas pagadas polos alumnos e polas alumnas, polos estudantes, supoñen no financiamento das universidades galegas até o 5% no horizonte do ano 2010; que o groso do financiamento universitario ten que vir dos orzamentos xerais, dos orzamentos da Xunta de Galiza e, por tanto, téñense que nutrir fundamentalmente de recursos públicos. E iso require pór enriba da mesa un plano de financiamento universitario, do que tamén o actual conselleiro difire ata non se sabe cando, porque non é momento. Momento é, efectivamente, de seguir con esa ofensiva contra o galego, non de atender os problemas reais do ensino universitario no noso país. Por iso establecemos tamén este criterio.

Claro, hai, cando falamos de por que estudantes, por que rapaces e rapazas de determinadas clases sociais, non poden acceder ás universidades, non temos que atender só as taxas, non temos que falar só de que ademais desa exoneración de taxas haxa tamén bolsas que contribúan ao sustento, á manutención e mesmo ás veces a apoiar esa unidade familiar durante o curso académico, senón que temos que atender a

unha serie de servizos que as universidades deben prestar e nas que –hai que recoñecelo– as universidades galegas son claramente deficitarias; servizos que se deben prestar e que tamén inciden en facilitar o acceso á universidade. Por exemplo, servizos residenciais públicos. Nós, o BNG, desde o Goberno galego, traballamos e hai proxectos en marcha no campus da Coruña, no campus de Elviña, para crear residencias universitarias públicas. Non sei se o novo Goberno vai continuar ou non con eses proxectos. Onte o señor Agustín Hernández non falou para nada deles; o señor conselleiro de Educación, aquí sentado, xa dixo que contra o galego, todo o que sexa, pero para as universidades, cartos non hai.

Esta é outra cuestión que tamén temos que atender, por iso, no punto terceiro da nosa moción, falamos de elaborar un plano plurianual que vise, que contemple, elevar ata o 15% dos estudantes matriculados en cada campus o número de prazas de aloxamento públicas; públicas, non privadas. Algún deputado do Grupo Popular sabe bastante sobre prazas privadas e sobre facer negocio con prazas privadas para estudantes universitarios, pero diso xa falaremos outro día.

E, falando de servizos, falamos tamén doutra cousa. Por exemplo, servizos que faciliten a conciliación da vida, neste caso estudantil, coa vida persoal e familiar: escolas infantís, galescolas, no ámbitos universitarios, nos campus universitarios. Hai tamén convenios e hai tamén proxectos en marcha no ámbito da Universidade da Coruña, no ámbito da Universidade de Vigo que non sei se o novo Goberno vai continuar ou non. Non sei se preguntarlle a vostede, que está co do galego ás voltas, porque non se sabe se a educación infantil agora depende da Consellería de Educación, se depende da señora Beatriz Mato ou se depende, porque parece que aí as cousas tamén, as augas baixan revoltas, da señora Susana López Abella. En todo caso, non saben, non contestan. Pois nós aquí queremos que destas cuestións tamén se trate. Porque disto tamén depende que haxa servizos no ámbito residencial, que haxa unha oferta de prazas en ensino infantil prós estudantes, pró conxunto da comunidade universitaria. Pois tamén disto depende facilitar o acceso do conxunto das clases sociais aos estudos universitarios.

E un comentario sobre algo que xa saíu no debate. É certo, coñecemos a intención –este Goberno é ao que se dedica; logo, a publicar no BOE é bastante máis remiso, as cousas–, pero a intención de conxelar para o curso que vén,

para o curso 2009-2010 as taxas universitarias. ¡Ollo, ollo! Conxelar as taxas xa é poñelas por riba do IPC, porque o IPC neste momento é negativo. Claro, é que é así. O IPC inter-anual do mes de maio é do -0,9%. Conxelar as taxas é poñelas case un punto máis caras da evolución do IPC. Por tanto, que non se nos venda ningún favor.

Desde o Bloque Nacionalista Galego sempre defendemos, fixémoslo na lexislatura pasada, eu mesmo como portavoz en materia universitaria, seguindo os acordos de claustros e os acordos de equipas reitorais de universidades como a da Coruña ou tamén como a de Vigo, que as taxas non só debían de ser conxeladas, senón que debería de ser o seu incremento inferior ao IPC precisamente pra poder ir reducindo progresivamente a súa importancia no conxunto do financiamento universitario.

Como Bloque Nacionalista Galego seguimos aí, como mínimo no IPC, e o IPC neste momento, señor conselleiro, é negativo. Conxelar as taxas, como vostede di, é antisocial, é elevar as taxas por riba da evolución prevista dos prezos. E aí, desde logo, o Bloque Nacionalista Galego non vai estar.

Esperamos poder negociar pra chegar a unha transacción sobre esta emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra dona María Seoane Romero.

A señora SEOANE ROMERO: Presidenta, señorías, quero dar a benvinda ao pleno de hoxe a diferentes, a diversos representantes de organizacións estudantís da nosa terra que hoxe nos acompañan.

O Grupo Parlamentario Popular vaise posicionar en contra desta proposición non de lei socialista atendendo a varias razóns.

Estamos de acordo coa importancia de garantir a igualdade de oportunidades na universidade e en todos os ámbitos que teñan que ver coa mocidade, pero imos posicionar-nos en contra porque, primeiro, consideramos que a propos-

ta chega tarde; (*Murmurios.*) xa que logo a Xunta de Galicia actual xa ten tomado medidas para axudar as familias que están pasando por problemas económicos —efectivamente, señora Burgo— e evitar así a posibilidade de que os alumnos e alumnas universitarios galegos abandonen os estudos.

Así, onte mesmo, efectivamente, señor Aymerich, coñecemos a nova pola que levabamos esperando moitos anos os mozos e mozas galegos: a conxelación das taxas universitarias. Onte mesmo, logo de que hai menos dun mes o Consello de Universidade dependente do Ministerio de Educación que, como vostede sabe, fixa, como lle corresponde, os mínimos e os máximos de incremento das taxas, a Consellería de Educación da nosa comunidade autónoma conxelaba as taxas universitarias para o vindeiro curso. É dicir, a Xunta actual en apenas dous meses xa ten feito, adoptado, máis medidas para evitar o abandono dos estudos universitarios por razóns económicas que o bipartito en todo o seu mandato. (*Aplausos.*) Porque ademais fala vostede do DOG, que non é a Xunta actual moi dada a publicar. Pois o mesmo día 19 deste mesmo mes se publicaba no DOG a orde do 10 de xuño pola que se ofertan axudas de carácter especial para aqueles alumnos e alumnas que teñen necesidade urxente de recursos económicos, e estas axudas, entre outras, entre outros beneficios, exime do pago das taxas.

Polo tanto, a súa proposta, señora Burgo, é unha proposta trampa, un engano de cara á mocidade, porque con estas axudas xa se exime do pago das taxas; non suporía ningún desembolso. E nós non estamos aquí para enganar, para mentir á sociedade moza deste país.

As comparacións son odiosas, señora Burgo, pero eu hoxe teño que facer un pouco de historia, visto que vostede vén aquí a querer dar leccións da defensa da mocidade galega. Sería bo que vostede repasara os anos de Goberno socialista (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), así evitaría quedar en evidencia diante do pleno e diante dos representantes estudantís galegos. Porque aquí hai que ser consciente da propia historia antes de afirmar cousas como que son vostedes os garantes de que os mozos e mozas deste país non vexamos truncadas as expectativas vitais; xa que logo máis ben, señora Burgo, son vostedes todo o contrario, son vostedes os artífices do maior prexuízo, en termos de taxa, para a mocidade universitaria galega. A Xunta aproba a maior suba de taxas da historia de Galicia, ano 2006; pre-

sidente, Touriño; conselleira, Laura Sánchez Piñón; Partido Socialista; cómplice, Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

O índice de prezos ao consumo, señor Aymerich, daquela estaba no 3,7% e vostedes subían as taxas o 5%. ¿Sóalle o 5%? ¿Por que non o impediron daquela, que o seu socio o fixera, no 2006?

Pero a cousa non paraba aquí. Non contentos con isto, incrementaban vostedes o 15% na segunda matrícula, o 35% na terceira matrícula e nada máis e nada menos que o 50% na cuarta matrícula.

Mire, xuño de 2006, a maior suba de taxas; xuño de 2009, a conxelación das taxas. Comparece. De verdade, ¿non lles cae a cara de vergoña?, porque é que a min, ¡de verdade!...

Nos seguintes anos vostedes subiron o 4,2% e o 4% respectivamente. Isto, señora Burgo, afectaba a 70.000 familias galegas, ás que vostedes afogaban economicamente. Claro que para vostedes supoño que daquela todavía seguían dicindo que a crise non existía, ¿non é?

Mire, agora veñen vostedes comprometerse –como dicía esta mañá o señor Manuel Vázquez–, agora si teñen na mesiña de noite o programa electoral do PSdG e tiran del. Pero no tempo que tiveron que aprobalo, que adoptalo, que poñello en marcha, preferiron cambialo polos vinte e dous folios de pacto de Goberno co Bloque Nacionalista Galego, no que a mocidade tiña escasamente tres liñas adicadas. Mire, cando por aqueles días as asociacións xuvenís e estudantís protestabamos pola maior suba de taxas da historia de Galicia, e non só foron asociacións afíns ao Partido Popular, senón que estaban comités abertos de facultade, entre outros, a súa conselleira e o director xeral de universidades, o señor Leis, dicían que o problema non eran as taxas, que o que era desexable é que as familias contasen con máis bolsas. Pois ben, nin unha cousa nin a outra, señora Burgo, facían vostedes ben. Mentres agora a Xunta dita unha orde da que se poden beneficiar as familias con menos recursos económicos, vostedes non facían nada.

Mire, eu creo que as taxas son un grave problema, pero creo que o descenso no número de bolsas de se leva dado

nos últimos anos do Goberno Socialista Obreiro Español, no Goberno central, é aínda máis grave, se cabe. Sabe vostede abofê que esta é competencia do Goberno central, e aquí por máis que tenten enganarnos unha vez máis maquillando os datos teñen vostedes un claro suspenso.

Voulle falar dos datos reais, da involución do número de becas dos últimos anos, pese a que nunha manobra –desas a que nos ten acostumados o señor Zapatero– tentaron de ocultalos mesturando as bolsas de mobilidade coas bolsas que se daban aos estudantes que estudaban na propia Comunidade Autónoma, as de universidades coas de outros estudos superiores, e coas de ensinanzas medias tamén. Voulle facer un repaso dos datos reais para que vexa vostede con claridade como non apoian as políticas de mocidade. Tome nota.

Ano 2002-2003 –antes a señora Sestayo facía unha comparación–, 801.415 becas concedidas. Ano 2003-2004, 830.719 becas universitarias concedidas. E cambiamos de Goberno de España. Ano 2005-2006, 600.27 becas concedidas. Ano 2006-2007, 612.535 becas concedidas. A partir de aí intente vostede botar a conta porque é cando empezan co cómputo de todo mesturado para ocultar os verdadeiros datos: 7.000 bolsas menos o ano pasado. A diferenza entre uns anos e outros é a cor do Goberno: os do Partido Popular cunha media de 800.000 becas, os do Partido Socialista unha media de 600.000 becas anuais.

O outro día eu non daba crédito, mire, escoitaba dicirlle ao señor Zapatero que unha vez máis prometía 1.500.000 becas universitarias. E dígollo unha vez máis porque as prometera xa o 6 de setembro de 2004 nun acto en León, nun acto supoño que de campaña. Mire, eu non sei se Zapatero o outro día daba esta cifra porque estabamos en campañas de europeas e intentaba unha vez máis confundir, enganar, mentir aos mozos e mozas, ou foi que Garmendia lle pasou mal os datos a Gabilondo neste follón que montaron vostedes co traspaso de poderes coas competencias da universidade, que se para innovación que se para educación.

Mire, señora Burgo, instemos o Goberno central a que incremente o número de bolsas e aí atoparemos o acordo. Instemos o señor Zapatero a que faga efectivas (*Murmuros.*) as concesións das becas salario e concordaremos. Analicemos as fórmulas de incorporación de criterios de progre-

sividade e asociada á renda para definición futura dos prezos públicos no sistema universitario. Eu xa sei que vostedes son máis partidarios do criterio 400 euros para todos, pero, bueno, eu tentarei de convencela do contrario. Deixe que a Xunta conxele o prezo das matrículas para o vindeiro curso, aínda que isto vaia en contra da maior suba das taxas da historia de Galicia que vostedes adoptaron no seu Goberno. *(Aplausos.)* E, sobre todo, deixen de querer utilizar a mocidade, non nos tomen por parvos, sempre pregoando o contrario do que fan, sempre fachendeando de progres, sempre falando de cara á galería, sempre prometendo diante das cámaras o que logo no despacho se converte na maior suba de taxas da historia de Galicia.

E falando de mocidade, do seu suposto apoio socialista á mocidade, moi pronto teremos oportunidade de falar dun dos seus compañeiros, moi pronto falaremos da súa actitude no día da Asemblea do Consello da Xuventude de Galicia, dos seus manexos denunciados por asociacións como Novas Xeracións, como Auts, como clubs xuvenís, como Elga, como Galiza Nova, como CAF, como CAE, como Efas...

A señora PRESIDENTA: Remate.

Vaia rematando, por favor, señora Seoane.

A señora SEOANE ROMERO:... o seu comportamento [...], pero hoxe non toca. Deixe traballar a un Goberno que ten a confianza da maioría dos galegos e que está cumprindo co compromiso real coas políticas da mocidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Seoane.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra dona Concepción Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Señora Seoane, a vostede pode escandalizarlle un socialista rico, a nós o que nos escandaliza é a pobreza. *(Aplausos.)* E escandalízanos e ademais temos continuamente, como demostramos, políticas sociais e de redistribución da riqueza. E créame, señora Seoane, por moito que vostede queira cambiar os datos e dea datos que non son certos, a nós o PP non nos pode dar ningunha lección en canto a política social nin de redistribución da riqueza.

Non sei vostede de onde sacou todos os datos que acaba de dicirnos, deberíamos de mirar as fontes. Porque, dende logo, os que eu teño —e non penso discutir con vostede— non son eses. O que si é certo, para acabar cos datos, é que este ano e para o próximo curso o Goberno do señor Zapatero vai aumentar un 200% o orzamento dedicado ás becas. *(Aplausos.)* Se a vostede lle parece isto ben ou mal non o sei, imaxínome que lle parece mal, parécelle mal porque lle vai mal ao Partido Popular. Porque vostedes confunden o que lle vai ben ao Partido Popular e o que lle pode ir ben á sociedade. Confúndeno, confúndeno continuamente. E, claro, así despois poden dicir vostedes cousas que non son en absoluto certas, como dixo neste momento.

Por outra parte, o crecemento das taxas. Claro, 2006, en plena fase de crecemento económico. Agora mesmo estamos nun momento absolutamente distinto. Bolsas de axuda, di vostede que este Goberno en sesenta días xa arranxou todos os problemas, todos os que había e todos os que vai haber, que será algún máis, ademais terá que arranxar os que hai e os que vostedes están formando. Porque eses tamén van ter vostedes que arranxalos, porque os están creando vostedes.

Di vostede que no 10 de xuño saíu unha convocatoria de bolsas, por suposto, xa as había, é unha continuación, xa as había antes, e saíu. Pero, ¿sabe vostede para quen saíron? Loxicamente —e son moi lóxicas— para medidas para mozos que poden ter unha situación de orfandade, de discapacidade dos seus pais, ou de moitos outros elementos. E o desemprego son dez puntos fronte a sesenta que poden ser na totalidade. Polo tanto, iso non arranxa o problema do que eu estaba a falar, que era o problema dos fillos e fillas que teñen unha situación de desemprego nas súas casas.

O que quere dicir despois de tanta palabra que vostede dixo aquí, o que quere dicir é que os fillos e as fillas dos parados e das paradas de Galicia non van poder ir á universidade. *(Aplausos.)* Iso é o que en definitiva vostede quere. ¿Por que? Porque a vostedes nunca lles importaron, e seguen sen importarlles, os problemas das persoas que o están pasando moi mal con esta crise. A vostedes non lles preocupan os fillos desas persoas. Por certo, traballadores que non crearon esta crise, ¡eh! e a ideoloxía nosa que non creou esta crise. ¡eh! *(Aplausos.)*

Polo tanto, o que en definitiva vostedes están a dicir son dúas cousas: unha, que xa se arreglarán os parados cunhas

becas que teñen aí, que en total son 60.000 euros; segunda, que lles importa ben pouco o que pase con eses fillos. Imaxino que si lles importan os fillos dos que poden pagar a universidade, eses si lles importan a vostedes.

E por último –agora mesmo dígolle, señor Aymerich–, as súas palabras, como as de moitos dos seus compañeiros, parece que queren indicar unha cousa: que pechemos o Parlamento, claro, porque lles vén a vostedes moi mal. E que, por certo, como todos os deberes e todo o ten que facer o señor Zapatero, pechemos tamén o Goberno galego, porque non sei o que está a facer máis aló de ter unhas becas que xa tiñamos, por certo. *(Aplausos.)*

E señor Aymerich, eu estou de acordo –un momentíño para falar co señor Aymerich– con moitas, non todas, pero moitas das ideas que vostede ten sobre a universidade. Estou de acordo coas medidas que vostede pon na emenda, totalmente de acordo. Agora si, creo que ten que entenderme que dalgunha maneira cambian o carácter do que estabamos tentando que fose esta iniciativa. Se nalgún momento se presenta unha iniciativa que recolla todo isto, e moito máis, que seguramente estamos de acordo vostede e máis eu sobre a universidade, por suposto estaremos encantados de estudala. Pero cambia o carácter de medida concreta para arranxar un problema...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora Burgo, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ.... –remato–, un problema concreto que hai nestes momentos. Por suposto que podemos falalo, pero quero dicirlle que cambia o carácter do que nós queríamos traer a este Parlamento.

E un segundo nada máis para saudar os representantes de asociacións de alumnos, que eu non sabía que estaban aquí.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Burgo.

Imos proceder á votación das proposicións non de lei.

Pechamos as portas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non, non entendín iso, pensaba que falaban vostedes doutra iniciativa.

Un breve tempo entón, se lles parece.

Suspéndese a sesión.

Retómase a sesión.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Reiniciamos entón.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Manuel Vázquez Fernández e vinte e tres deputados máis, sobre a actuación que vai levar o Goberno galego para a prórroga dos prazos previstos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre a regularización e actuación de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa.

¿Chegaron os grupos a algún acordo? *(Pausa.)*

¿Si, señora Soneira?

A señora SONEIRA TAJES: Si, señora presidenta.

Houbo consenso e vaise demostrar na votación. Queda desta maneira:

“1. Solicitar do Goberno do Estado que tome as medidas que considere necesarias para prorrogar os prazos establecidos no artigo 6.4 da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscrición de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa, co fin de facer compatible o cumprimento da lei coa realidade dunha parte importante da nosa frota pesqueira.

2. Demandar do Goberno central, en aplicación da disposición final segunda da Lei 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscrición de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa, a habilitación de novas

actuacións de regularización e/ou a actualización de inscrición de embarcacións pesqueiras nos referidos censos, co fin de evitar a baixa dos mesmos das embarcacións galegas que por diversas razóns ficasen fóra do proceso de regularización actualmente en marcha.

3. Dirixirse ao Goberno do Estado para, unha vez acadados os consensos necesarios entre todas as administracións con competencias nesta materia, establecer fórmulas de diálogo entre o sector afectado e a Administración autonómica e estatal co gallo de abordar e asegurar a uniformidade e coherencia dos aspectos legais da regularización e das súas consecuencias administrativas para as embarcacións afectadas.”

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira.

Rogo que faga chegar o texto aos servizos xurídicos.

Procedemos, pois, á votación do texto, tal e como o leu a señora Soneira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada por unanimidade

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Daniel Varela Suanzes-Carpegna, sobre a actuación do Goberno galego en relación coa reunión en Santiago de Compostela dun consello de ministros da Unión Europea, a ser posible o Consello de Ministros Europeos de Cultura, coincidindo co Ano Xacobeo 2010 e coa presidencia española da Unión Europea.

A señora PRESIDENTA: ¿Chegaron os grupos a algún acordo, señor Varela?

O señor VARELA SUANZES-CARPEGNA: Si, moitas grazas, señora presidenta.

A vontade de consenso deu os seus froitos e acadamos un acordo que consiste en que imos votar o texto da nosa pro-

posta á que se engade ao final a emenda de adición do Grupo do BNG, modificada do xeito seguinte: “Esta reunión impulsará o recoñecemento do papel da cultura galega en Europa, estará dotado dos medios técnicos e humanos necesarios para que o galego sexa unha das linguas para a comunicación dos seus acordos.”

A continuación, engádense os puntos da emenda do Grupo Socialista, cunha modificación técnica, poderíamos dicir no derradeiro punto, punto quáter, onde se engade, onde di: “Realizado a través dos fondos estruturais”, engadimos: “e de cohesión”.

Isto pasareillo, posteriormente, aos servizos da Cámara, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Tenos aí, se quere pode facérllelo chegar xa, e se non cando vostede considere están aí os servizos da Cámara, para facerlles chegar a transacción.

Procedemos, pois, a votar o texto transaccionado lido polo señor Varela.

Votación do texto transaccionado desta proposición non de lei.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por unanimidade.

Votación da Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González, sobre as xestións do Goberno galego para a definición dos títulos universitarios de enxeñería en informática a regulación das súas atribucións profesionais, así como a consideración dos seus colexios profesionais.

A señora PRESIDENTA: ¿Chegaron os grupos a algún acordo, señor Rodríguez?

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Si, señora presidenta. Chegamos a unha serie de acordos parciais, de tal xeito que se van votar os puntos de xeito separado, e no segundo punto

introdúcese unha frase, pois a proposición do Partido Socialista, a cal di: “A tramitación e aprobación dunha lei na que se regulen, atendendo as propostas do sector, as atribucións profesionais...” Ben, todo o texto segue de igual xeito.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Que votemos por puntos os tres puntos que están na súa iniciativa.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Por separado.

Votación do punto primeiro da iniciativa do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este punto por unanimidade.

Votación do punto segundo da iniciativa, de acordo coa transacción.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto segundo por unanimidade.

Votación do punto terceiro da iniciativa do Grupo Parlamentario Popular.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 48; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

(A señora Sestayo Doce pide a palabra.)

A señora PRESIDENTA: Si, señora Sestayo, ¿para que quere a palabra?

A señora SESTAYO DOCE: Ao abeiro do artigo 94.3 do Regulamento, para explicación de voto.

A señora PRESIDENTA: Ten vostede un brevísimo turno.

A señora SESTAYO DOCE: Señora presidenta, no último punto se efectivamente nos abtemos é porque se insta a Cámara a tramitar unha lei que se está tramitando, e como podemos demostrar, a pesares da hiperactividade que amosou o señor conselleiro de Educación, efectivamente estase a debater e invítoo a consultar o *Boletín do Congreso* do 26 de maio de 2009, en que se tomaba en consideración a Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista, de creación do Consejo General de Colegios Oficiales de Ingeniería Informática, e do Grupo Parlamentario Popular, que por certo, sinto discrepar, señor conselleiro, e ademais está por escrito, están debatidas conxuntamente. Sinto que o señor conselleiro, seguramente pola súa campaña contra o galego, non poida estar a outras cousas.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Sestayo.

Pasamos a votar a cuarta das proposicións non de lei.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª María Concepción Burgo López e tres deputados máis, sobre a exención das taxas universitarias para todos os estudantes con pais e nais desempregados para garantir o seu acceso á formación universitaria en igualdade de condicións e o establecemento de mecanismos para a súa aplicación no curso 2009-2010

A señora PRESIDENTA: ¿Existe algún acordo dos grupos, señora Burgo?

A señora BURGO LÓPEZ: Non, señora presidenta. Votamos o texto inicial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; votos en contra, 37.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta iniciativa.

A señora PRESIDENTA: Tal e como anunciamos ao comezo desta sesión, substanciaremos a continuación as preguntas 8, 2, 4 e 6 da orde do día, tal e como xa se comentou.

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego respecto da rectificación da súa política de comunicación

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra don José Manuel Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

É motivo desta pregunta urxente a utilización partidaria das institucións autonómicas que se está a facer, o que está a causar un grave conflito no que é a información pública que reciben os cidadáns a través das notas de prensa que emite o Goberno galego e tamén da web oficial da Xunta de Galicia.

Desde a toma de posesión do presidente da Xunta vénse emitindo información da institución autonómica na que se confunden as valoracións dunha organización política, o Partido Popular, con informacións dunha consellería ou dun departamento do Goberno autonómico.

É realmente grave, ao noso xuízo, que un día detrás doutro os cidadáns observen como na páxina web da Xunta de Galicia se emiten comunicados oficiais nos que se confunden as institucións cun partido político, o Partido Popular de Galicia. Estamos diante dunha volta ao pasado, un regreso a prácticas que xa non eran comúns nin frecuentes durante os últimos catro anos. Mudárase unha realidade e diferenciouse con claridade o que eran as prácticas políticas das organizacións que hai no sistema de partidos en Galicia e o que é un Goberno e unha institución como é a Xunta de Galicia, que é unha institución que nos representa a todas as galegas e a todos os galegos.

Pero por ir cos exemplos, señor Rueda, o pasado día 10 de xuño, nunha nota de prensa da Xunta de Galicia, afirmábase o seguinte: a comparativa con Inglaterra ten senso, xa

que a costa galega, como a inglesa, teñen a mesma clasificación de risco medio. Pero co proxecto do Partido Popular de Galicia, o servizo de salvamento con base en Galicia, mellorarase nun 50% a cobertura dada polo servizo británico na súa costa. Esta noticia está colgada na web oficial da Xunta de Galicia, señor Rueda.

Tamén o pasado 5 de xuño os medios de comunicación recibían un comunicado que tamén foi inserido na web oficial da Xunta, e pódese ver, onde di: “O presidente de Portos de Galicia pide a Mar Barcón, deputada do noso grupo parlamentario, que dedique os seus esforzos a conseguir que Fomento se comprometa co porto exterior da Coruña. Álvarez Campana quere evitar que os prazos do porto exterior sexan como os do AVE. O presidente de Portos de Galicia pide a Barcón que deixe de atacar o PP”. Isto estano facendo dende a comunicación oficial da Xunta de Galicia, están facendo un uso partidista, ese uso partidista non se restrinxen só ás actuacións do Grupo Socialista no seu labor de control e de impulso desde a oposición. Tamén atacan o outro grupo da Cámara, os nacionalistas.

¿Parécelle razoable, cando ten pensado rectificar o Goberno galego a súa política de comunicación na que confunden a Xunta de Galicia, que é unha institución de todas e de todos os galegos, co Partido Popular, señor Rueda? Mal empezamos, confundindo...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS: ... a Xunta co seu propio partido. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Para responder, ten a palabra, o conselleiro de Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Lage, preguntame vostede cando ten pensado rectificar o Goberno galego, dígollo dun xeito moi sinxelo, sempre que faga falta, e facer falta é que se acredite de xeito obxectivo que efectivamente se estea incumprindo o deber

de calquera goberno de dar unha información institucional obxectiva.

Miren, non nos van doer prendas cando haxa que rectificar. Que non lle caiba ningunha dúbida. Mire, fronte aos cen días, nin cen días, nin cen horas, nin cen minutos que vostedes fixeron máxima da súa opción de oposición. Nós témosto clarísimo, a política institucional de comunicación da Xunta de Galicia vai ser obxectiva, vai ser veraz e rectificárase sempre que sexa necesario. Que non lle caiba ningunha dúbida.

Mire, xa verá como durante estes catro anos a política se vai caracterizar, a política de comunicación da Xunta de Galicia, por unha cousa moi sinxela, pero que non o era tanto no período bipartito, vai haber unha única mensaxe, porque agora hai un único goberno. Vaise acabar a práctica habida durante os catro anos anteriores de facer unha dobre política comunicativa oficial, que ademais non era veraz.

Iso supoñía moitísimas cousas, supoñía, primeiro, confusión, despois supoñía un dobre gasto e supoñía visualizar clarisimamente que había dous gobernos enfrontados no que teoricamente tiña que ser unha acción de Goberno común.

Vostede fala de páxinas web e fai as súas referencias e os seus exemplos dirixidos ás páxinas web. Mire, eu voulle dicir, simplemente, xa verá, xa verá, como non se vai producir outra vez esa sensación que tiñan moitísimos galegos cando entraban na páxina web da Xunta de Galicia e vían que había xa non dúas políticas de información, con mensaxes diferentes, senón continuamente enfrontadas.

Supoño que o faría algunha vez, se non eu, de verdade, recomendaríalle que o fixera. Se entrou na páxina web da Xunta de Galicia na anterior lexislatura, vería que había oito consellerías que falaban dun nome de Galicia e cinco consellerías que falaban doutro nome da nosa Comunidade Autónoma, nin sequera niso había unha mensaxe común.

Eu pódolle asegurar, e vostede poderao comprobar, que nestes catro anos verá unha única política, unha única mensaxe veraz, institucional, correspondendo a un único Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Rueda.

Para a réplica, ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Grazas, señora presidenta.

Señor Rueda, 5 de xuño, o presidente de Portos de Galicia pide a Barcón que deixe de atacar o PP. 10 de xuño, co proxecto do PPdeG o servizo de salvamento con base en Galiza mellorárase nun 50%. Estas son as notas de prensa da Xunta de Galicia, señor Rueda. Vostede pode querer falar do pasado, pero estamos a falar do que están a facer dende o Goberno de Galicia e no presente. E no presente vostede ten que responder de que Medio Ambiente pregunta a Guillermo Vázquez, a un dirixente político doutra organización, por que en época de crise a Consellería de Vivenda, o Bipartito, destinou case sete millóns de euros. Vostedes din que a Consellería de Traballo lamenta a desinformación do BNG.

Estas son todas informacións da Xunta de Galicia, señor Rueda. A min paréceme preocupante que confundan a información oficial dunha institución que é de todos coa do seu propio partido. Pero o que é peor, señor Rueda, eu preguntíilles se tiñan pensando rectificar, porque témome que a información da Xunta de Galicia se dirixe dende a sede do Partido Popular, e iso é moito máis grave, señor Rueda.

Vostede non sei se ten coñecemento destes correos electrónicos que eu lle podo amosar, que se envían desde o correo da coordinadora de comunicación do Partido Popular aos xefes de prensa da Xunta de Galicia, dicíndolles: *Por favor, es urgente, rectificación y resumen sobre querella. Gracias.*

Se quere, léolle o nome dos xefes de prensa da Xunta e Galicia e quen lle envía o correo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Diríxese a comunicación dende a sede do Partido Popular. ¿A vostede parécelle razoable, señor Rueda? ¿Parécelle razoable que haxa confusión entre o partido e a institución? ¿Parécelle razoable?

Vostede di que están dispostos a rectificar, e como eu creo que a política é construír e traballar en positivo, señor Rueda, fágano, rectifiquen, comprométanse aquí e, desde logo, que non se volvan producir episodios nos cales se confunda...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

O señor LAGE TUÑAS:... o partido coa institución, señor Rueda. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Lage.

Réplica do conselleiro da Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Lage, xa lle dixen ao principio que, sempre que sexa necesario rectificar, farémolo. *(Murmurios.)*

Pero, mire, hai que ter memoria para falar das cousas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Por favor, escoiten con respecto.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Vostede falaba dunha volta ao pasado e das informacións que aparecen nos medios oficiais da Xunta; voulle dicir, mire... Non lle pensaba sacar estas notas, tíñaas aquí como documentación. Voullas ler simplemente para que vostede teña memoria, xa que non lle interesa ter. *(Murmurios.)*

Nota da páxina web da Xunta de Galicia de hai un ano e medio: “Tourinho censura que Núñez Feijóo viaxara a Arxentina como acompañante de Mariano Rajoy e para recoller votos”. Páxina web da Xunta de Galicia. “O presidente da Xunta acusa á Feijóo de cociñar o seu discurso no fogar de Génova”. Páxina oficial da Xunta de Galicia. “Tourinho contrapón a Galicia chea de buratos e de especulación do PP coa actual Galicia de crecemento económico”. Páxina oficial da Xunta de Galicia. *(Murmurios.)* “O Goberno da Xunta di que o curso político se inicia cunha Galicia con máis forza fronte a un PP inútil e estéril”. Páxina oficial da Xunta de Galicia durante o Goberno bipartito. *(Murmurios.)* E esta é moi boa, seguro que lle vai gustar: “Tourinho asegura que os orzamentos do Estado garanten que Galicia terá AVE en 2012, pese á catástrofe e á crise permanente do PP”. Páxina oficial da Xunta de Galicia. “A Xunta clarifica as declaracións do PPdeG como as dun par-

tido maledicente e ignorante”. Páxina oficial da Xunta de Galicia.

E para que vexa que non só se daba isto durante a época do Goberno bipartito, voulle dicir: páxina oficial da Moncloa de hai unha semana, despois da visita do presidente da Xunta ao presidente do Goberno de España. Dicia a páxina web da Moncloa: “Para reformar a Lei electoral haberá proximamente unha reunión entre a Xunta de Galicia” –ata aí de acordo– “e o vicesecretario xeral do PSOE, don José Blanco”. Iso dicíao a páxina oficial da Moncloa.

Se quere lle falo tamén daquel cartel onde se anunciaba a visita institucional do señor Tourinho, onde estaban por un lado os cores da Xunta, por outro, os do Partido Socialista e no medio o señor Tourinho e o señor Zapatero, anunciando unha visita oficial institucional. E se quere lle falo tamén dese anuncio glorioso do anterior conselleiro de Industria, o señor Blanco, onde, con cartos de todos os galegos, lles felicitaba o San Froilán aos lucenses como conselleiro de Industria, pagado por todos os galegos.

Mire, non imos volver ao pasado, efectivamente, non teña medo. Iso non se vai repetir. E pódolle dicir que, se volve facer iso, estaremos atentos, rectificaremos e amosaremos, como hai que demostralo día a día e con feitos, que hai un só goberno, unha soa mensaxe e unha política institucional, por primeira vez nos últimos catro anos, sería, responsable e obxectiva. *(Aplausos.)*

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio dun proceso de privatización da CRTVG

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Rueda, nós, antes de formular a pregunta, tamén xa lle imos facer unha petición. Agardamos que, en todo caso, na resposta que faga a esta pregunta o faga como conselleiro de Presidencia e non veña aquí a soltarnos un discurso electoral do Partido Popular porque cremos que sería

importante que vostede, concretamente, abandonara esa carreira, se baixara dese discurso de campaña e empezaran a gobernar, que é para o que están na Xunta de Galiza.

Cremos, ademais, que este é un tema moi importante: esclarecer cal é e cal vai ser a política relacionada coa Compañía da Radio e Televisión de Galiza que vai seguir a Xunta neste caso.

Pensamos que, ademais, os primeiros pasos que vén dando este Goberno en materia de medios públicos de comunicación son a evidencia máis clara de como este é un goberno que predica unha cousa e fai outra, de como as promesas electorais que fixo o Partido Popular caeron en saco roto e estamos vendo unha tendencia e unha actitude moi preocupante.

Podemos comprobalo con claridade: a primeira promesa electoral e compromiso do propio presidente da Xunta de Galiza era que o nomeamento do director da CRTVG ía facerse por consenso neste Parlamento. Xa vimos que iso non é que non fora posible, vostedes non o intentaron; desde logo co Bloque Nacionalista Galego non buscaron absolutamente ningún consenso. Pode ser que isto sexa ou que forme parte desa redefinición que vostedes fan, na que confunden impoñer a súa maioría con consensuar cos grupos ningún tipo de medida.

Fixo tamén o señor Núñez Feijóo neste mesmo parlamento unha promesa de que a Televisión de Galiza non ía ter control político. Comprobamos novamente como as primeiras decisións que se toman nese terreo, unha vez que se nomea a nova equipa directiva da CRTVG, van no camiño da censura informativa, impedindo a emisión dun documental que aínda está por aclarar –e esperamos que sexa na comisión que se vai celebrar o xoves– quen deu a orde de non emitilo, e vemos como tamén prosegue esa caza de bruxas contra o galego e vemos como as primeiras decisións que tamén se toman na Compañía da Radio e Televisión de Galiza van na dirección de eliminar a presenza da música en galego e dos libros en galego.

E outra mostra destas incongruencias e deste incumprimento é que o señor Núñez Feijóo vaia nada máis e nada menos que á COPE, entrevistándose con Federico Jiménez Losantos, a dicir que está a favor da privatización da

CRTVG. Nós cremos que é unha irresponsabilidade terrible que o señor Núñez Feijóo abra esta vía. Pero o que nos parecería máis temerario é que iso formara realmente parte da folla de ruta que ten o Goberno galego neste terreo, non só porque acreditemos en que a TVG cumpre un papel público e un servizo público moi importante, senón tamén porque suporía un paso atrás máis nas políticas de normalización da lingua galega.

Esperamos, en todo caso, as aclaracións que se dean nesta sesión.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón Mondelo.

Para responder ten a palabra o conselleiro da Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Pontón, vostede na súa exposición fai unha serie de rodeos e expón unha serie de teorías. Ao final, faime unha pregunta concreta que entendo que é a que vostede quere que lle responde.

A pregunta –permítame lela– é exactamente: ¿Ten previsto a Xunta de Galicia iniciar un proceso de privatización da Compañía de Radio-Televisión de Galicia?

Contéstolle clara e diafanamente: non ten previsto o Goberno galego iniciar ningún proceso nese sentido.

Supoño que é o quere saber, e espero que lle quede perfectamente aclarado. O malo é que eu creo que vostede xa sabía esta resposta, tiña a clara; outra cousa é que aproveite para sacar de contexto unhas declaracións e a partir de aí expoñer a teoría que acaba de expoñer aquí, pensando que ao mellor nos levaba a un camiño diferente, que seguramente era o que lle interesaba.

Pero, mire, a resposta é clara. Cando as posturas están claras, as respostas son claras tamén. Dígolle que o Goberno galego non ten en absoluto pensado iniciar ningún proceso de privatización da Compañía Pública da Radio-Televisión de Galicia. Está claro que existe un debate xeral sobre a via-

bilidade das televisións autónomas, sobre as fórmulas para garantila, e nós temos unha postura clara dentro dese debate, señora Pontón. Cremos que a Compañía da Radio-Televisión de Galicia ten acadado nestes intres un grao de madurez dabondo para plantexar que non se deben optar por estes modelos e por unha alternativa destas características. Esa é a resposta clara.

E, mire, respecto da parte expositiva que vostede me fai –insisto– para chegar a unha pregunta que creo que lle respóndei claramente, en fin, ¿que quere que lle diga? Vostede fállame da posibilidade e do compromiso de nomear por lei a quen teña que dirixir a Televisión de Galicia, a Radio-Televisión de Galicia. Fállame do compromiso e da posibilidade de apostar pola estabilidade dos traballadores. Fállame do compromiso e da obriga de potenciar a suficiencia financeira e orzamentaria da Compañía Pública da Radio-Televisión de Galicia. Eu pódolle asegurar que todos eses compromisos se van cumprir. Xa explicamos o que pasou respecto da proposta de consenso, xa explicamos a verdade, outra cousa é que algunhas forzas políticas o queiran negar, pero, en todo caso, déixolle tamén –se me permite, como conselleiro– unha pregunta no aire: ¿por que nos catro anos anteriores de bipartito non se deu un só paso para cumprir minimamente algúns dos compromisos que vostede agora esixe con toda celeridade? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Para a réplica ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, señor Rueda, cando accedamos a cambiar o Regulamento da Cámara para que realmente esta sexa unha cámara máis democrática e con máis participación, o noso grupo pois estará moi interesado en que o Goberno lle poida preguntar á oposición a respecto de cales son as súas posicións. Creo que é unha alteración bastante grande do que é o funcionamento parlamentario, do sentido que ten, pero se esas son as suxerencias que ten o Partido Popular parécennos moi ben, se é tan interesante, en todo caso, a nosa opinión.

E, entrando no tema. Vemos como unha vez máis aquí vostedes veñen a escorrer o vulto, mesmo a rebaixar *(Murmurios.)*, a rebaixar, si, señorías, a rebaixar, o que foron os seus compromisos, que, afortunadamente, están establecidos na Cámara. Porque o compromiso que adquiriu o señor

Núñez Feijóo non era modificar a lei. O señor Núñez Feijóo dixo que o próximo presidente –e pódese comprobar, ademais, no seu programa electoral, que aínda o estiven revisando hai un pedazo–, que o próximo director ou directora xeral da CRTVG ía ser nomeado por consenso no Parlamento de Galiza. Vostedes incumpriron absolutamente esa previsión porque non tiñan ningún interese. Porque vostedes, ao final, estase vendo e estamos comprobando como fixeron un discurso absolutamente demagóxico que agora mesmo non teñen interese ningún en modificar.

E, insistimos, é moi preocupante, en todo caso, que vostede veña aquí a dicir que o que dixo o señor Núñez Feijóo pois foron unhas declaracións absolutamente alegres e que non teñen ningunha base e que non vai ser o que o Goberno galego faga. Nós alegrámonos de que no estea nos plans do Goberno do Partido Popular levar adiante unha privatización da CRTVG. Que conste que non nos fiamos moito nalgúns aspectos, porque vostedes falan, por exemplo, no seu programa electoral de que hai que reducir os ingresos por vía dos anuncios. A nós iso parécenos moi perigoso para unha televisión como é a televisión pública de Galiza, que o que necesita son máis recursos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO:... [...] e é importante que haxa un apoio institucional... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Ten a palabra o señor conselleiro da Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora presidenta.

Señora Pontón, mire, voullo dicir outra vez, está claro que non me entendeu na miña expresión como conselleiro.

A pregunta é: Polo dito, fórmulase a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno, ¿ten previsto a Xunta de Galicia iniciar un proceso de privatización da Compañía da Radio- Televisión de Galicia? Eu díxenlle: rotundamente non, en ningún caso. Postura de vostede: Está escorrendo o

vulto. ¡Home!, vamos ser un pouco serios, vamos ser un pouco serios. *(Aplausos.)*

Eu díxenlle que as manifestacións do presidente da Xunta –se as coñece todo o mundo, se están alí– vostede malinterpretaas porque as quere levar a un cauce... Non me estraña que non se queira enterar, que diga que estamos escorrendo o vulto, cando a deixamos claramente supoño que fóra de xogo, señora Pontón, cando vostede fai unha pregunta directa e eu lle dou unha resposta directa.

A partir de aí, pois empezamos as teorías. Mire, eu non lle vou facer teorías, voulle falar –supoño que lle interesará– do modelo de compañía da Radio-Televisión pública de Galicia que nós defendemos.

Ten que ser unha televisión pública, vólvollo repetir; unha televisión pública e unha televisión imparcial; ten que ser imparcial, se non, non é crible. Eu recórdolle, respecto da imparcialidade, que houbo doce pronunciamentos da Xunta Electoral nas anteriores eleccións autonómicas dicindo que non se lle estaba dando un trato imparcial á información política sobre o Partido Popular de Galicia; doce. Por suposto, non se lle fixo ningún caso, pero doce. Niso consiste a imparcialidade, en facerlles caso aos órganos independentes cando están falando destas cousas.

Ten que ser obxectiva, loxicamente, defendemos que sexa obxectiva. Non pode ser voceira do goberno de turno, claro que estamos de acordo en que non. Tampouco pode servir, como dicía o señor Aymerich que servía na anterior lexislatura, para que os telexornais o único que fagan é informar de se os conselleiros van ou non van comer á casa. Iso era a concepción que tiñan vostedes da televisión do bipartito. Nós queremos que esa concepción cambie, claro que queremos que esa concepción cambie.

Non queremos que teña gastos excesivos, pódese aforrar. Queremos que aposte polas novas tecnoloxías e que aposte tamén polas industrias culturais de Galicia, non baixo a política pura e dura da subvención, senón baixo a premisa de facelas competitivas. Iso é o que imos facer, señora Pontón, ese é o noso modelo de televisión e, por suposto, de radio; en definitiva, de Compañía Pública de Radio-Televisión de Galicia.

Este é o noso horizonte, iso é o que queremos cumprir, e para iso pedimos a colaboración de todo o mundo. Estou seguro de que no fondo, fóra das consideracións políticas e que vostede distinga se eu falo nunha condición ou noutra, fálolle como conselleiro deste Goberno e dígolle e pídlle que todos apoiemos este modelo de televisión, porque é o que nos interesa a todos os galegos. *(Aplausos.)*

Pregunta de D. Antonio Rodríguez Miranda e sete deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da situación de parálise que se está a producir na entidade local menor de Berán, no concello de Leiro (Ourense)

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra don José Manuel Baltar Blanco.

O señor BALTAR BLANCO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, señoras deputadas e deputados, volvemos neste pleno a falar hoxe da comarca do Ribeiro e volvemos falar da irresponsabilidade dun grupo político, ou alomenos dos seus representantes.

Onte coñeciamos por boca do conselleiro de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente e Infraestruturas que todo un proxecto para aquela comarca, o do Parque Medioambiental de Carballada de Avia, era fume e que mesmo a outra parte do bipartito decretara como inviable ese proxecto que tanto se encargaron de vender, significadamente o responsable socialista na provincia de Ourense, hoxe responsable autonómico dese partido.

Pero hoxe non falamos de fume, hoxe falamos dunha realidade e falamos tamén do Ribeiro; esa realidade chámase balneario de Berán. Pero volvemos a falar de irresponsabilidade dun grupo, o socialista, alomenos do seu representante, o vocal na entidade local menor de Berán. Unha conduta impresentable que conta coa convivencia, coa complicidade, da súa organización e dos seus responsables, tanto a nivel provincial como autonómico.

Señorías, se calquera de nós se despraza ata Berán neste intre, tardaremos pouco máis dunha hora, podemos encontrar unhas instalacións modélicas –aquí teño fotografías que

están á disposición de todos ustedes—, perfectamente equipadas; un balneario que supuxo un investimento por parte da Xunta de Galicia de máis de dous millóns e medio de euros, froito dun convenio entre —daquela— a Dirección Xeral de Turismo, da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo —estou falando do 3 de marzo de 2003—, un convenio entre esa Dirección Xeral de Turismo e a entidade local menor de Berán. Estas instalacións, que están sen pór en funcionamento pola conduta obstrucionista do representante socialista, foron entregadas á entidade local menor de Berán en novembro de 2007. Unha entidade local menor —que sabemos que ten un ámbito territorial inferior ao do municipio— que conta con tres representantes: que son un alcalde pedáneo designado directamente polos electores, neste caso trátase dun núcleo de poboación con menos de 250 residentes —por iso recibe ese nome—, e dous designados polas formacións políticas con maior votación na mesa de Berán, o Partido Socialista e o Partido Popular. O representante socialista, Tomás Lorenzo Fariña —fai falta dicir o seu nome—, que si estivo onte precisamente para falar doutra cuestión do Ribeiro na tribuna de invitados deste hemiciclo, ausentouse ou non compareceu nas trece ocasións nas que foi convocado polo presidente da entidade local menor de Berán para aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares para poñer en marcha o servizo de explotación destas instalacións balnearias.

Teño aquí todas as datas ás que faltou, foron trece en concreto —unha máis dos acordos a que facía referencia o conselleiro da Presidencia da Xunta Electoral en relación coa conduta da Televisión de Galicia—, teño aquí as actas á disposición de todas as deputadas e deputados, e a miña pregunta, a deste grupo, é ben sencilla: ¿que opinión lle merece ao Goberno galego o comportamento deste grupo político?

Moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Baltar.

Para responder, ten a palabra o conselleiro de Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Baltar, eu efectivamente coñezo as instalacións dese balneario e, a verdade, véndoas, e vendo o estado administrativo no que se atopa a súa posta en marcha, a verdade é que é difícil de entender.

Eu estou seguro de que, no momento en que se conseguiu esa gran inversión, moita xente se sentiu orgullosa, empezando polos veciños desa zona, polos veciños de toda esa comarca, e seguramente polos veciños de toda a provincia de Ourense; e, en xeral, se mo permite, de toda Galicia, por ver como unha entidade local pequena, que é tradicional en Galicia e que están chamadas a reforzarse para que cumpran precisamente esas pequenas accións de soste recursos que ao final xeran unha riqueza nesa zona, e ver como se consegue esa oportunidade.

Estou seguro de que naquel momento todo o mundo sentiu lexítimo orgullo, e estou seguro de que ese orgullo agora se ten que estar trocando en decepción, por ver como o que en principio parece a actitude dunha persoa pode poñer en perigo todo iso. Non é lóxico que cando se están investindo alí, cando xa se investiron, cartos da Xunta de Galicia, que ao final son cartos de todos os galegos, esa inversión, que é cuantiosa en si mesma, pero sobre todo é un polo de desenvolvemento fundamental para esa zona —estou seguro—, non é normal que se vexa en perigo por unha postura individual dunha persoa.

Dende logo a Xunta de Galicia, como responsable en todo momento, governe quen governe, de que os recursos que destina a unha actividade ao final cumpran a súa función, ten que manifestar a súa preocupación, e, dende logo, a miña perplexidade como conselleiro de que esta situación se estea mantendo no tempo. Trece veces unha persoa se nega a cumprir o seu deber —recordemos que é o seu deber— e con iso paralizar unha inversión fundamental.

Simplemente o que me queda é, en fin, que se entenda que non todo vale en política, que non se poden ventilar en detrimento dos veciños diferenzas políticas, e, dende logo, como esa persoa non está aí por casualidade senón que está en virtude da designación dunha forza política concreta, o que hai que facer é un chamamento á forza política que o designou, á forza política que é responsable de que estea aí representando ese partido que o designou, para que lle faga entender que non se poden ter liortas políticas e non se pode,

por posturas persoais en principio –esperemos que non sexan posturas compartidas polo partido político que o designou–, estar paralizando unha oportunidade única e non se pode estar xogando coa ilusión de moitísima xente que estou seguro –xa lle digo– que naquel momento sentiu un lexítimo orgullo.

Están moitas cousas en xogo, está en xogo a imaxe non só das entidades locais menores como entidades vixentes e que poden conseguir cousas, senón a credibilidade de toda a clase política.

Espero que neste caso, insisto, o partido político que o designou faga o necesario para non permitir que esta situación que se está convertendo en vergoñenta ao final teña prexuízos irreparables. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para a réplica, ten a palabra o señor Baltar Blanco.

O señor BALTAR BLANCO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas, conselleiro.

Compartimos esa indignación que comparten mesmo moitos veciños de Berán, mesmo os socialistas, que nos pasados comicios, tanto nos autonómicos como os europeos, viron como ese grupo político viu reducido o seu apoio electoral case nun 30%. Creo que tivera algo que ver, seguramente, o comportamento irresponsable desta persoa, que fai que o balneario de Berán poida verse hoxe como o monumento á vergoña política pola incapacidade, pola irresponsabilidade, dun grupo que obstrúe, impide, paraliza, boicotea, veta, é dicir, di que non ao progreso e ao desenvolvemento. Isto ten un responsable a nivel provincial e a nivel autonómico, un grupo político que pode en calquera momento designar a outro representante, proba da mala actitude, da vergoñenta actitude do que ten agora, e evidentemente formaría parte isto dun manual de indecencia política cun capítulo máis que salientable.

O PSOE atrasa a posta en marcha destas modélicas instalacións, retrasa postos de traballo e riqueza en Verán e na comarca. O balneario conta con todas as autorizacións da

Dirección Xeral de Minas, da Consellería de Industria, para o aproveitamento de augas; e a municipal de apertura. Ten tamén a Consellería de Industria manifestado o 20 de febreiro de 2009 a plena conformidade do prego de cláusulas nomeando dous representantes da Dirección Xeral de Turismo na Mesa de contratación. O arquitecto xa informou en marzo de 2008 das deficiencias e do deterioro que se estaba producindo nas instalacións por non utilizarse; e en xullo de 2008 cortouse o subministro eléctrico. En definitiva, estamos nunha situación certamente reprochable, certamente vergoñenta, e creo que para o futuro, porque agora ten que adxudicarse ese concurso, sería cuestión de que os grupos políticos, significadamente o grupo político implicado neste asunto, tomara as rendas da cuestión.

É unha pena, unha mágoa, esta actitude antidemocrática, eu a chamaría de malversación de votos, porque non se está respondendo aos intereses dos votantes, e que leva a que este Grupo Popular estea barallando a posibilidade de solicitar unha modificación lexislativa para que unha conduta autenticamente vergoñenta...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Baltar.

O señor BALTAR BLANCO:...e indesexable poida paralizar o desenvolvemento dun pobo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Ten a palabra, para a réplica, o conselleiro da Presidencia.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señora presidenta.

Señor Baltar, eu quero reunirme cos presidentes das entidades locais menores de toda Galicia para manifestarlles o apoio da Xunta de Galicia. Insisto en que cremos que son institucións viables para facer precisamente o tipo de actuacións como a da que estamos a falar. Sono e pódeno facer, e o teñen demostrado, por exemplo, neste caso, e é moi importante.

Gustárame dicirlles que a Xunta de Galicia os vai apoiar e que este apoio non se vai ver condicionado nunca máis porque despois unha persoa concreta designada por un partido político tome esta actitude de bloqueo e poña en risco inversións tan importantes. Se cremos na viabilidade –o Goberno da Xunta de Galicia cre na viabilidade desas institucións–, o que teremos que facer é despexar os obstáculos que haxa no camiño e evitar estas situacións.

Eu creo que aquí hai que seguir apelando á razoabilidade e ao compromiso e ao deber dos partidos políticos que nomean os seus representantes. Non é normal nin sería de recibo pensar que non se fixo nada ou que, se se fixo, se fracasou. Se é así, que se diga, antes de ter que optar por outras medidas, que entendo desproporcionadas e que serían o último remedio. Creo que hai que facer un chamamento, xa digo, á responsabilidade non da persoa que está provocando isto –que parece ser que non a ten–, trece veces –son os datos que subministran– incumpriu a súa obriga, porque é unha obriga, pero, dende logo, haberá que dicirlle ao partido que o designou que faga todo o posible. Optar por outras vías, optar por outros medios, sería o último recurso, e, dende logo, deixaríanos a todos en moi mal lugar. Agora, tamén lle podo dicir que a responsabilidade está sempre en que non se perdan os fondos públicos; por aí imos ir.

E, dende logo, gustárame que a única entidade local menor que hai na provincia de Ourense, que serviu con este logro para exemplificar que traballando con ilusión se poden conseguir cousas que ao mellor a concellos máis grandes lles resulta moito máis difícil, gustárame que ao final non fora un fracaso colectivo, e sobre todo de quen ten a responsabilidade de evitalo, en demostrar que ás veces se xoga coa ilusión da xente, xógase co seu esforzo, e ao final se vai en detrimento dos veciños. Espero, de verdade, que cada un cumpra a función que ten que cumprir, creo que está claro o que cada un ten que facer, e espero que ao final celebremos que outra vez triunfou a democracia, triunfou a responsabilidade, que non se xogou cos anhelos nin se provocou a decepción dos veciños que traballan a cambio de nada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor Leiceaga?

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: [...] a honorabilidade do noso grupo político.

A señora PRESIDENTA: Permítame que lle diga que eu creo que non está a facer, en calquera caso, ningún tipo. *(O señor Fernández Leiceaga palabras que non se perciben.)* Non, vamos ver, estamos nun debate de preguntas, pero non entendo.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Fálase da indecencia dos responsables do noso grupo político a escala autonómica e provincial.

A señora PRESIDENTA: Señor Leiceaga, sen que sirva de precedente, ten un brevísimo turno dun minuto para dicir o que queira dicir. Un minuto.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Eu lamento que se produza este debate nestas condicións. Simplemente lembrar que existe algo que se chama autonomía municipal, que afecta tamén ás entidades locais menores, e que, por suposto, neste caso nós imos defender esa autonomía. E quero lembrar exclusivamente, utilizando este brevísimo turno, que neste caso a lei que a regula foi unha lei aprobada durante a época de goberno do Partido Popular.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Leiceaga.

Ben, suspendemos a sesión ata a tarde, ás dezaseis trinta horas, catro e media da tarde.

Moitas grazas.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e oito minutos da tarde.

Retómase a sesión ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

A señora PRESIDENTA: Ben, boas tardes. Reiniciamos entón a sesión co punto sexto, de interpelacións.

Interpelación de D. José Tomé Roca e cinco deputados máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previ-

sións da Consellería de Traballo e Benestar respecto da publicación e aplicación da Orde pola que se regularan e convocaran axudas destinadas a complementar o desemprego das persoas traballadoras de empresas en crise da Comunidade Autónoma de Galicia afectadas por expedientes de regulación de emprego e suspensión

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación, ten a palabra don José Tomé Roca.

O señor TOMÉ ROCA: Boas tardes.

Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, a verdade é que esta aínda non é a hora dos touros. Nótase porque nos tendidos, a verdade, é que non hai demasiado público. Ou se venderon poucas entradas, ou é evidente que algo sucede. Quizá a culpa é da presidenta, por non dar máis tempo para comer. Hai que dar máis tempo para comer.

Benvinda, señora conselleira, a ver que tal lidiamos esta faena.

No pleno do día 19 de maio pasado debatemos nesta Cámara unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista sobre medidas urxentes en materia de emprego, entre as que se propoñía, en primeiro lugar, que se aprobara polo Consello da Xunta e se publicara no *Diario Oficial de Galicia* a orde que se atopa en tramitación para incrementar os importes das prestacións por desemprego dende o 70% ata o 90% no caso de expedientes de regulación de emprego suspensivo.

Lamentablemente, esta iniciativa foi rechazada pola maioría do Grupo Parlamentario Popular, a pesar da clamorosa ausencia de iniciativas da Consellería de Traballo, cuxa sequía se prolonga ata o día de hoxe. Por iso os socialistas interpelamos a conselleira de Traballo e Benestar, para saber exactamente que vai facer coa orde que quedou en trámite pola anterior consellería, informada xa favorablemente polo pleno do Consello Galego de Relacións Laborais, pola que se regulaban e se convocaban para o presente ano 2009 axudas destinadas a complementar o desemprego de persoas traballadoras de empresas en crise da comunidade autónoma de Galicia, afectadas por expedientes de regulación de emprego e de suspensión.

Desde finais de 2008, os axentes económicos e sociais e a anterior Consellería de Traballo estiveron traballando para buscar unha medida que permitira continuar mantendo o mesmo poder adquisitivo aos traballadores inmersos nun ERE suspensivo. A finais do mes de febreiro atopouse unha fórmula de consenso e elaborouse unha orde que tivo entrada no Consello Galego de Relacións Laborais o día 12 de marzo de 2009 e foi ditaminada o día 18 do mesmo mes, sendo o ditame número 10 deste ano.

O obxectivo da orde é establecer axudas para compensar a perda de poder adquisitivo das persoas traballadoras procedentes de empresas que se vexan afectadas por expedientes de regulación de emprego e de suspensión resoltos durante 2009, motivados pola actual situación de crise.

A pretensión final desta orde é garantir a capacidade adquisitiva dos traballadores afectados polo ERE suspensivo, para que mentres dure o expediente poidan manter o seu nivel adquisitivo e facer fronte aos compromisos contraídos con anterioridade. Ata este momento, estase a agardar para ver cal vai ser a posición da Consellería de Traballo e Benestar sobre este asunto. Por elo o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentamos unha interpelación á señora Conselleira de Traballo e Benestar, para que se pronuncie sobre se a Consellería de Traballo e Benestar vai rematar os trámites pendentes desta orde e a proceder á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, complementando así as prestacións dos traballadores e traballadoras afectados por expedientes de regulación de emprego, e cando pensa poñela en marcha.

A situación existente en relación con esta orde de complemento de ERE non é máis ca unha mostra da situación de paralización absoluta existente na Consellería de Traballo. Á data de hoxe non hai ningunha medida adoptada, nin tan sequera presentada aos axentes económicos e sociais, cos que afirmaron que ían acordalas. Mentres estivo o Partido Popular na oposición, da cal era a voceira a actual conselleira, non fixo ningunha proposta concreta, e agora que está no Goberno tampouco as fai.

Ao Partido Popular e a vostede, señora conselleira, éncheselle a boca de falar de aspectos xerais, pero non din nada máis que obviedades, como “a posibilidade de”, “intentaremos que”, en definitiva, só vaguidades, pero medidas

concretas, ben definidas, articuladas, con cronoloxía para a súa aplicación e medibles, non ten vostede ningunha.

Fala moito de diálogo social, de participación dos sindicatos e empresarios, de acordo social, pero incluso incumpre as obrigas de participación que ten marcadas por lei. Das máis de cincuenta normas e resolucións publicadas pola Consellería de Traballo e Benestar, soamente dúas, a orde do 18 de maio de 2009, pola que se determina as composicións das comisións de valoración de determinadas ordes de subvencións na área de traballo da Consellería de Traballo e Benestar, publicadas no Diario Oficial de Galicia o día 25 de maio, e a resolución do 18 de xuño da Dirección Xeral de Promoción do Emprego, publicada no DOG do día 22 deste mesmo mes, debían pasar a ser ditaminadas polo Consello Galego de Relacións Laborais. Moito falar de participación, pero estas normas non foron remitidas ao Consello Galego de Relacións Laborais co seu ditame, deberíamos saber por que.

No que se refire á orde do día 18, publicada o día 25 do mesmo mes, o primeiro artigo modifica todas as ordes anteriores que foron informadas polo Consello Galego de Relacións Laborais no relativo á composición das comisións de avaliación. No segundo artigo, paraliza toda a tramitación administrativa levada a cabo para establecer unha nova valoración de todas as solicitudes de subvención.

Outra orde que sufriu esta paralización dun xeito moi importante foi a dos programas de cooperación coas entidades locais. Aínda non está resolto en todas as provincias, ou polo menos eu non teño constancia disto.

Con estes programas de cooperación, señora conselleira, os concellos realizaban contratacións de parados para, entre outras actuacións, limpar as praias cara á tempada de verán, ter vixiantes das mesmas, nas piscinas, e contribuír a reducir o paro mediante estas contratacións. Non dispoñemos de datos de todos os concellos, pero moito nos parece que a nova baremación se fixo por motivos pouco confesables que tradicionalmente utilizou o Partido Popular.

Sabemos que ao Concello de Arnoia se lle teñen concedido 100.000 euros, contando con 45 parados rexistrados, o que sae a 2.222 euros por parado. Ao Concello de Muíños, 161.990 euros, con 88 parados rexistrados, a 1.841 euros por

parado. Mentres a Ourense cidade concedéronlle 175.582 euros, con 8.401 parados, a 21 euros por parado.

A proporción está clara, resulta evidente que os parados de Ourense capital valen moito menos que os de Arnoia e os de Muíños, pero poderíamos falar de recortes dos concellos de Ferrol, da Coruña, de Lugo ou de Vigo. Señorías, a modificación das baremacións realizadas non xustifica as resolucións resultantes. Os criterios establecidos son os mesmos, os definidos pola Orde do 29 de decembro de 2008. ¿Como se poden modificar esas avaliacións, polas que se establecí-an as bases que regulaban para o exercicio de 2009 as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades locais?

Señoras e señores deputados, está claro que a orde sobre modificación das comisións de valoración non foi enviada ao ditame do Consello Galego de Relacións Laborais para que os axentes sociais non puxeran pegas ao seu artigo 2, e así modifican as avaliacións ao seu antollo. Esta situación non é máis que a punta do iceberg que se asoma, é unha mostra máis de como diante das prácticas clientelares e caciquís do PP non valen nada nin a legalidade nin o acordo social.

Hai poucos días, señora conselleira, dixo vostede nun acto dun sindicato onde eu o puiden escoitar que aínda ían constituír unha mesa de traballo na consellería para definir as medidas para o futuro. Vostede, en vez de utilizar os primeiros 100 días para poñer en marcha as súas accións de Goberno, aínda as vai pensar, e iso é que está vostede escondida.

Igualmente se esconde vostede no conflito do metal da provincia de Pontevedra. Acaba de declarar nun xornal que agora se ía poñer vostede á fronte das negociacións. Eu preguntome, ¿que fixo vostede ata agora, señora conselleira? Sencillamente lamentable, señora Mato.

Señora conselleira, ten vostede a obrigaón de dar respostas ao tecido produtivo de Galicia, porque é vostede quen está gobernando. Non pode mirar para outro lado, ten que asumir as súas responsabilidades cos traballadores. Non fai falta que nos diga o que pasou, como ten vostede acostumado a dicirnos nesta Cámara. Iso xa o coñecemos todos. Ten

que dicirnos con claridade que vai facer, que medidas concretas vai poñer en marcha. Ten que dicirnos claramente se vai cumprir coa lei enviando as normas ao ditame do Consello Galego de Relacións Laborais.

Señora conselleira, xa me queda pouco tempo, ten que explicar claramente se vai contar con todos os axentes sociais, empresarios e sindicatos, ou vai pasar deles como fixo ata o de agora. Por iso, señora conselleira de Traballo –e xa remato– o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia queremos saber se vai rematar os trámites pendentes desta orde ou vai deixala morrer no caixón, deixando desamparados os traballadores e as traballadoras con problemas nos seus postos de traballo nas empresas deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Tomé.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar, dona Beatriz Mato Otero.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde a todos, señorías e membros da Mesa.

Señor Tomé, a verdade é que non me estraña que vostede investira máis da metade do seu tempo en falar de calquera cousa menos do que me interpela vostede hoxe aquí. Falou vostede do conflito do metal, falou vostede das axudas á cooperación, falou vostede da comisión de valoración, falou vostede do Consello de Relacións Laborais, pode falar de todo o que queira, eu ao que lle invito é a que, se quere falar de todas esas cousas, me interpele ou cando menos me pregunte sobre elo, pero aquí cada un o que ten que facer é falar do que lle interesa, e se supón que ao Partido Socialista agora lle interesan as medidas que se van levar adiante, entre elas, unha das que está a falar.

Aínda que non me estraña que vostede desvíe o tema e fale de todo o que falou na súa intervención, e non me estraña porque é verdade que é de vergoña a situación na que se atopa vostede, como representante do Partido Socialista de Galicia, ao traer esta pregunta aquí.

Tal e como expuxo vostede aquí ante a Cámara, a verdade é que non foi quen o seu Goberno, cando estaba no Goberno, de aprobar esa orde, como vostede moi ben expuxo. Habería que comezar entón, señor Tomé, por preguntar por que o Goberno anterior, tan comprometido cos traballadores, non puido levar adiante esta orde. Eu penso que por falta de tempo non foi. ¿Pode ser que fose por falta de cartos, señor Tomé? Probablemente si; probablemente non, si. O Goberno do señor Touriño non puido aprobar esta orde porque non tiña os recursos económicos necesarios para proceder á súa tramitación.

Ben, pois con respecto a ese borrador de orde teño que dicirlles que no momento en que o bipartito –ou sexa, vostedes– abandonaron o Goberno, hai escasamente 60 días, atopámonos con que dita orde no contaba co financiamento necesario para levala adiante. Así, tal e como consta no expediente de tramitación deste proxecto de orde de axudas, o día 11 de marzo, o día 11 de marzo, señor Tomé, como vostede dicía, cando xa vostedes estaban en funcións, ten entrada no Consello Galego de Relacións Laborais a solicitude deste ditame.

Sen embargo, resulta curioso que mentres outras ordes de convocatorias postas en marcha nas mesmas datas seguiron adiante a súa tramitación ordinaria, a orde á que fai referencia non seguiu a súa tramitación, paralizándose en concreto na Consellería de Traballo, que dirixía naquel entón o que daquela era o número dous da formación, o señor Ricardo Varela.

Como vostede sabe, unha vez recibido o informe do Consello Galego de Relacións Laborais, a orde debe ser tramitada pola asesoría xurídica e pola intervención delegada. Sen embargo estes pasos non se deron, señor Tomé. E ¿por que? Pois porque non existía a dotación orzamentaria que soportara esa orde e, polo tanto, recibiría con toda seguridade os informes negativos tanto da asesoría xurídica como da intervención delegada.

Así, a anterior Consellería de Traballo lle solicita á Consellería de Economía que se dotara dunha partida de imprevistos de 25 millóns de orde para esta orde, e a esa petición a Consellería de Economía do anterior Goberno bipartito, en mans tamén dos socialistas, contestou por escrito en dúas ocasións de xeito negativo. É dicir, o seu compañeiro de filas rexeitou a posta en marcha desta orde.

Deste xeito, o anuncio do ex presidente da Xunta desta orde, señorías, señor Tomé, converteuse nun gran engano. Repito, nun gran engano aos traballadores de Galicia e nun gran engano aos sindicatos e á patronal, pois se fixo un anuncio dunha medida sen existir a dotación orzamentaria para levala a cabo. Iniciáronse os seus trámites administrativos cunha dotación orzamentaria de cero euros. E, aínda máis, fíxose con nocturnidade e aleivosía, xa que, aínda sabendo que non había cartos e estando o Goberno en funcións, iniciouse o trámite co fin de quedar ben –supoño eu– cos sindicatos, e nada máis.

E isto ocorre porque ao Goberno anterior nunca se lle pasaría pola cabeza, señor Tomé, facer un plan de austeridade para atopar recursos para a posta en marcha dunha orde como da que hoxe se supón que vostede ten intención de falar, aínda que fale doutras cousas. Iso de recortar o gasto superfluo, o gasto de asesores e outros gastos do goberno para adicar eses recursos ao gasto social e produtivo non ía co anterior Goberno, así traballaba o bipartito.

De todo o exposto anteriormente, polo tanto, conclúese a necesidade de ter que valorar a idoneidade de levar adiante a medida nun momento no que cómpre vixiar rigorosamente as autorizacións dos expedientes de regulación de emprego e non fomentar a súa utilización de forma masiva e irresponsable.

Cómpre sinalar, ademais, que esta medida que vostedes volven poñer hoxe sobre a mesa supón un importante desembolso para as arcas da comunidade autónoma, todo elo cando xa se está a realizar un importante esforzo orzamentario para implementar de xeito inmediato un plan de choque con medidas concretas que incidan rapidamente na creación de emprego; plan de choque, señor Tomé, que será presentado aos axentes sociais en breve.

Medidas, medidas –que dicía vostede que non había–, como a xa anunciada polo presidente da Xunta de Galicia, o presidente Feijóo, de máis de 30 millóns de euros para contratación de 4.000 traballadores que esgotaron a prestación de emprego, é unha medida –negro sobre branco– con partida presupostaria.

O que se está a plantexar coa medida da que vostede se supón que tería que estar falando agora nesta interpela-

ción, é se dotamos de fondos unha medida que o que fai é que os traballadores afectados por un ERE de suspensión, que non de extinción, teñan a capacidade de non perder o seu poder adquisitivo. Ou ben se destinamos esa dotación orzamentaria, por exemplo, a crear máis emprego e a axudar a aqueles traballadores que non están a cobrar ningunha prestación.

Pois ben, señorías, dende o novo Goberno non temos ningunha dúbida de que o verdadeiramente prioritario é atender a quen máis o necesita, que neste caso, como resulta evidente, son os parados que non perciben ningún tipo de prestación por desemprego, ningún tipo de subsidio. E iso é o primeiro que temos feito dende o novo Goberno, o primeiro de todo, apretarnos o cinturón, como fan todas as familias de Galicia nestes tempos, e presentar un plan de austeridade, un plan de aforro, que será empregado no que os galegos e as galegas máis precisan.

E, segundo, adicar un fondo extraordinario de 30 millóns de euros para crear eses 4.000 novos postos de traballo, en colaboración coas entidades locais e con outras entidades, para contratar a quen máis o necesita nestes momentos, que son os que non perciben ningún tipo de prestación nin subsidio. Unha medida que xa foi aplaudida polos sindicatos, señor Tomé, porque, aínda que non o crea, falamos cos sindicatos. E unha medida que tamén foi aplaudida pola Federación de Municipios Galegos, que mesmo no meu despacho tiveron a oportunidade de presentala, e ademais de aplaudila, pareceulles que era a correcta nestes momentos de crise, nos que o que se precisa é axilidade para atender estas persoas.

Sorpréndeme gratamente que os que negaban ata hai ben pouco a existencia dunha crise económica xa se deran conta de que o problema máis grave que temos sobre a mesa é o desemprego; 207.000 familias que viven esta problemática con preocupación e con dramatismo.

Cómpre, dende logo, aunar esforzos, señor Tomé, sumar vontades a esta tarefa, á que comino, evidentemente, tamén aos partidos da oposición. Súmense ao Goberno, porque iso é o que agardan os galegos e as galegas, que non poden entender que coa que está a caer aí fóra, sobre todo en materia de emprego, poidamos estar loitando e poidamos estar en momentos de crispación.

Invítoos a que abandone a demagogia, invítoos a que se entere ben das cousas, invítoos a que fale cos seus alcaldes e invítoos, sobre todo, a que saiba diferenciar entre o que son as axudas do Programa de cooperación e o que é unha medida que está incorporada xa, e que xa é real, para paliar a situación de crise e para, sobre todo, axudar os parados que máis o necesitan neste momento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

¿Grupos parlamentarios que queiran intervir?

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, don Henrique Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Señora presidenta.

Señores e señoras deputados e deputadas, boas tardes.

O 18 de abril, o presidente da Xunta de Galicia tomaba posesión do seu cargo, levamos, polo tanto, 67 días de goberno. Nestes 67 días de goberno temos pasado por distintas etapas. Algunhas xa as temos superadas, como as do famoso burato orzamentario, que máis que burato orzamentario era un burato negro que estaba, inclusive, disposto a tragarse o propio Goberno, e por iso xa abandonaron a teoría do burato. Esa etapa está superada, nembargantes aínda nos quedan outras. Somos corredores do fondo, polo tanto non temos problema, e agardaremos o tempo suficiente para que esas etapas se vaian queimando, como é o caso concreto de ser oposición da oposición, que non goberno.

¿E cando se desenvolve este tipo de prácticas? Única e exclusivamente cando, unha de dúas, ou non se teñen alternativas para poñer enriba da mesa, ou cando se necesita tempo para buscar algunha fórmula e ir saíndo do paso. Iso é o que está facendo nestes momentos o Partido Popular e, nomeadamente, o Goberno do Partido Popular.

Hai que lembrarse de que na campaña electoral o señor Feijoo asinou un contrato coa cidadanía, e na súa primeira cláusula falaba de que o prioritario era traballar para superar a crise. E falaba de que ao día seguinte, no caso de que chegaran ao Goberno, se porían a traballar sobre iso.

Non estamos no día seguinte, estamos 67 días despois, e aínda nestes momentos non temos ningún plan para saír e superar esta crise. Polo tanto, os tempos van acotando a cadaquén no seu sitio e, desde logo, o que antes era unha verdade, pouco a pouco se vai convertendo nunha mentira ou, cando menos, nun engano. E a sociedade non pode agardar máis. Poderá agardar o Goberno o que queira, pero a sociedade non. E nomeadamente aquelas persoas que nestes momentos están sufrindo os efectos da crise, que non son precisamente os grandes empresarios, senón o conxunto dos traballadores e traballadoras galegos.

Polo tanto, xa está ben de poñer excusas enriba da mesa, sería importante, inclusive, debater en política cales son as propostas que vostedes teñen para superar precisamente esta situación. Estámola agardando, porque ao que estamos asistindo, sobre todo desde a súa consellería, señora conselleira, son a anuncios, anuncios que poden estar moi ben cara á galería, pero non precisamente para as persoas que teñen que afrontar o día a día, nomeadamente se están regulados ou se non teñen emprego. E toca falar dese tipo de medidas.

A interpelación que trae aquí o Partido Socialista fala dunha medida concreta; concreta e necesaria. ¿E por que é concreta e necesaria?

En primeiro lugar, porque vai dirixida nomeadamente, nomeadamente, para as pequenas e medianas empresas, é dicir, para aquelas empresas de menos de 50 traballadores, que, como vostede saberá moi ben, non están obrigadas a ter ou a presentar, xunto co expediente de regulación de emprego, un plan de acompañamento a ese expediente de regulación.

Estamos falando de pequenas e medianas empresas, de menos de 50 traballadores, que teñen un salario bruto mensual de promedio de mil euros. Polo tanto, estamos falando de, cando menos, un baixo poder adquisitivo.

¿E por que é necesaria esta medida? Porque miren, cando unha empresa, polas circunstancias que sexan, pero que hai que demostralas –por certo, algúns dos ERES se teñen caído polo camiño–, cando unha empresa ao final, tras o acordo coa representación sindical e a dirección da empresa, acorda presentar un ERE suspensivo, se require dun gran esforzo, sobre todo dun gran esforzo da plantilla afectada, porque

non sei se vostedes saben que nos 180 primeiros días cobran o 70% da base reguladora, e os seguintes días cobran o 60%. ¿De que estamos falando? Boten vostedes contas e miren canto pode levar unha persoa afectada por un expediente de regulación, canto pode levar para casa a fin de mes.

E a ese esforzo se chega ao convencemento porque é necesario manter o tecido produtivo, porque é necesario manter a actividade desa empresa. E iso ten repercusións na sociedade, porque, desde logo, se se é capaz de superar ese bache, esa empresa, que forma parte dun tecido produtivo, terá efectos multiplicadores no conxunto da sociedade e, sobre todo, no conxunto da economía. Por iso é importante esta medida. Por iso é importante concretar e saber realmente se esta medida se vai levar a cabo ou non.

Como xa superamos o burato orzamentario e nestes momentos máis que nada é un problema de que a execución orzamentaria vai atrasada, según palabras da propia conselleira de Facenda, con respecto ao mesmo período do ano pasado, está ben claro que lles van sobrar cartos.

É máis, onte, na comparecencia do conselleiro da Presidencia, dixo que atopou cartos onde antes non os había. E poño algúns exemplos: 1.500 millóns de euros na redución do parque móbil. É máis, cando faga un estudio máis profundo, non concretou a cifra, pero dixo que chegaría ao 25% de aforro con respecto ao orzamentado. Aí xa ten unha parte.

Se poden utilizar tamén os 600.000 euros que pretenden subirlle aos delegados territoriais, para os xefes territoriais. Están dispostos a subirlle iso. Mentres lanzan a consigna de conxelación salarial para o conxunto dos traballadores e traballadoras da función pública, non teñen ningún reparo en subirlle o que nos vai custar en todo o mandato 600.000 euros aos xefes territoriais. Aí ten outra cantidade importante para dedicarlle precisamente a estas persoas afectadas polo ERE. ¡Como cobran pouco os xefes territoriais...!

Anunciou tamén un aforro de 400.000 euros na delegación de Buenos Aires. Mire, pois se aínda por enriba lle sumamos o fondo discrecional que ten o señor presidente, que son 144 millóns de euros, menos 30 que xa os ten gastado, xa ten vostede a partida completa para financiar precisamente este programa.

Polo tanto, como cartos hai, o que hai que demostrar en todo caso é vontade política para acometer unha necesidade real dunhas persoas que están facendo un sacrificio –insisto– que despois ten unha repercusión enorme na sociedade, na economía e, evidentemente, no emprego. Polo tanto, señora conselleira, o que lle pedimos é a ver se somos capaces de superar a oposición da oposición e nos traen cuestións concretas aquí, que, por desgraza, nestes momentos quen o ten traído é única e exclusivamente a oposición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Viéitez Alonso.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Alberto Sueiro Pastoriza.

O señor SUEIRO PASTORIZA: Moitas grazas, presidenta.

Moi boa tarde, señorías.

Ben, señor Viéitez, ben, nós do que efectivamente non temos ningunha dúbida é de que a crise económica é o principal problema e o de maior relevancia que ten Galicia neste momento, e por iso así o recollía o compromiso do presidente e por iso é a principal tarefa do Goberno. Nós niso non temos ningunha dúbida, de que é o principal problema agora, de que o era hai seis meses e de que o era hai un ano, aínda que vostedes se incorporaran tarde a esa cuestión. Por iso temos un goberno que, efectivamente, fronte a estes datos tan alarmantes, cunhas cifras dramáticas descoñecidas no número de desempregados e cun ascenso importantísimo no número de expedientes de regulación de emprego presentados, está traballando e dedicado como tarefa principal precisamente a traballar e a dar solucións a esas persoas, a eses desempregados, que, dalgún xeito, o seu Goberno colaborou a crear.

É verdade, vostede reconece que ese era o primeiro punto do compromiso do presidente e que facía e fago eu extensivo a todo o Grupo Popular. Ese é o primeiro compromiso que temos: traballar a prol de superar esta crise. E estase facendo un traballo desde un goberno serio, un grande esforzo, para paliar a situación de crise, como así o demostra o Plan de choque para a recuperación do mercado labo-

ral. Un plan feito desde a Consellería de Traballo pero que abrangue a oito departamentos autonómicos e un plan que conta con accións encamiñadas a crear emprego, que, como temos visto, como dixeran e como sigo dicindo, é a principal preocupación do actual Goberno galego. Pero é que tamén queda en evidencia con esta iniciativa que non era unha preocupación para o Goberno bipartito. De feito, vostede está falando de que se traían cousas concretas. ¿Como se fala en política concretamente? Co DOG. E xa ten vostede publicada unha medida concreta, concretísima, que ademais vou parar un momento en darlle unha mínima explicación, porque ten vostede confusión nas cifras. Unha medida concreta que permite a contratación de 4.000 persoas desempregadas. ¿Élle suficiente concreción para sesenta días? Rétooo a vostede a que presente calquera medida parecida nos primeiros 68 días do Goberno bipartito, calquera, en calquera materia, en calquera consellería. Rétooo na seguinte intervención que teña. E son 30 millóns de euros adicionais sobre o Plan de cooperación coas entidades locais, adicionais, que non hai que sumar ao Plan de austeridade. Eses 144 millóns do presidente non son estes, señor Viéitez; estes son recursos que a propia consellería xerou, que a propia consellería vai aforrar para reorientar a un obxectivo como é o de dar emprego a esas 4.000 persoas. Xa digo, 30 millóns adicionais, recursos adicionais por riba do Plan de cooperación con entidades locais –que iso é o que confunde ao señor Tomé– e de forma diferente cos 144 millóns do Plan de austeridade, que eses son os que están á disposición, efectivamente, doutras políticas. Polo tanto, non confundamos, hai aínda 30 millóns que saen da boa xestión da actual consellería.

Por certo, señor Tomé, non quero deixar pasar por riba a súa crítica inmediata a esta medida. É estraño, a vostede parécelle mal –e así o criticou de forma instantánea e espontánea no momento– unha medida concreta dun goberno –porque están vostedes falando de concreción; máis concreción que esta non a quere, no DOG publicado xa–: un plan que afecta a 4.000 desempregados que xa perderon o seu dereito á prestación ou axuda. ¿Non lle parece razoable que se axude primeiro aos que están nesa situación? Pois non entendo. Pero, claro, estas son as cousas que nos presenta o Partido Socialista. Pola mañá querían que se axudase os fillos dos parados, os que as dúas persoas da parella estiveran no desemprego. ¡Curiosa política!, queren que se axude a pagar as taxas universitarias dos fillos, pero non queren que se axude os pais, que non teñen o ingreso. ¡Curiosa polí-

tica e curiosa a coherencia do Partido Socialista! Desde logo, o que non queren é que se lles dea cartos aos pais, pero queren que lles saia gratis a universidade aos fillos. ¡Curiosa, curiosa política!

E agora interpelan vostedes para demandar a publicación dunha orde que convoca axudas destinadas a complementar o desemprego das persoas traballadoras afectadas polos ERE.

En primeiro lugar, e dunha maneira rápida, a min parece-me que isto é unha auténtica moción de censura sobre a política de emprego do bipartito. Está vostede dicindo e recoñecendo que durante os dous primeiros meses deste ano tiveron que improvisar unha medida para solucionar un problema que non foron capaces de predicir en decembro, cando estiveron pechando os seus orzamentos. Está vostede dicindo que, efectivamente, non tiñan previsto en decembro –a pesar de que vostede acaba de recoñecer aquí que desde a consellería estaban traballando nesa cuestión– este problema e, polo tanto, os orzamentos non recollían nada referente a el. Efectivamente, está vostede poñendo en evidencia o que dicía a oposición: que aqueles orzamentos eran puro fume, que aqueles orzamentos non valían nada máis que para vir ao Parlamento e que non tiñan ningunha validez. Efectivamente, sesenta días despois, vostedes xa os estaban rectificando. Logo, en decembro, aínda non tiñan feita a valoración dos verdadeiros problemas dos galegos, do que preocupaba e da situación que estaba verdadeiramente atosigando os galegos.

Pero unha vez recoñecido o seu erro, vostedes interpelan para que o novo Goberno publique o que vostedes non foron capaces de publicar, curioso tamén. E coidado que non se está a falar de interpelar ao Goberno para que teña unha determinada orientación política, para que colla un determinado camiño, unha determinada acción, non, que publique un texto literal que deixaron vostedes teoricamente no caixón. E a verdade é que un cando menos sorpréndese, cando menos ten que quedar sorprendido, é desde logo inusual. E cando menos na súa intervención vostede debería intentar convencer á maioría –que é así como se fai en democracia– da bondade, da oportunidade, da necesidade da súa medida. Pero, non, vén vostede aquí, fai un repaso polo argumentario da oposición total que manexa o Partido Socialista pero non se intenta convencer de cal é a verdadeira bondade ou a necesidade dese pretendido decreto.

E a verdade que se digo é curioso e cando menos raro, é raro que alguén queira que se publique un texto que vostedes deixaron sen publicar. E o normal é que nos preguntemos por que vostedes o deixaron sen publicar. Vostedes que foron capaces de nun Consello da Xunta abrir un expediente ilegal contra un deputado electo, iso foron capaces de facelo. E, sen embargo, non foron capaces de publicar unha orde que xa tiñan, case. E hoxe enterámonos que, efectivamente, primeiro, que era o día 11 de marzo cando vostedes presentaron este expediente ante a autoridade competente que naquel momento –déixeme que busque– era o Consello Galego de Relacións Laborais, o día 11, xa facía dez días que vostedes sabían que non eran Goberno, o día 11 de marzo. Pero resulta que o día 20, cando se recibe ese ditame, vostedes curiosamente tampouco o publican, ¿por que? Vaia, resulta que a Consellería de Economía, a través da Dirección Xeral de Orzamentos dille que non teñen cartos para facer esa orde, que non tiñan sustento orzamentario. Esa é a realidade de por que non se publicou. E agora vostede vén aquí e, máis alá da opinión que nos mereza que tres días antes de deixar o Goberno e sen dicir nada no traspaso de poderes quixeran colarlle 25 millóns de euros ao novo Goberno. Máis alá desa cortesía política de querer comprometer pola porta de atrás ao Goberno actual, tres días antes de que tomara posesión, o certo é que nunca se puido chegar a publicar porque nin a asesoría xurídica nin a intervención delegada da Xunta lle deron o informe positivo. Está vostede enganando e está enganando e xogando desde logo coa credibilidade de moitísima xente que puido confiar en que vostedes tiñan algo previsto, non tiñan nada e sabíano. E iso é enganar e iso é unha utilización falaz e perversa deste Parlamento. É absolutamente criticable que vostede veña aquí a dicir que había unha orde que estaba a punto de publicarse cando sabe positivamente que non se podía publicar porque vostedes non tiñan respaldo orzamentario o cal é –como todo o mundo sabe– absolutamente necesario. Polo tanto, non queira vostede que nós colaboremos nin participemos en enganar os cidadáns ou en servirllas a vostedes de coartada para facer titulares agora de cuestións que non foron capaces de sacar cando eran goberno. Se vostedes crían nesa política tiñana que ter feito e non o fixeron, primeiro, porque non previron o problema; e, segundo, e máis importante, porque nin sequera tiñan os fondos suficientes para sacalo adiante.

Pero eu non quería fuxir do debate –aínda que non me vai a dar tempo–, eu quería que vostede nos explicara por

que, cal é a razón de fondo que nos obriga a priorizar a eses traballadores fronte a outros que están na mesma situación, e por que vostede pensa que debemos priorizar aos traballadores que estean en ERE suspensivos fronte, por exemplo, ao que nós eliximos, aqueles traballadores que non cobran ningunha prestación nin ningunha axuda. Debería vostede explicar iso, e debería vostede convencernos de que é mellor a súa opción que a nosa; e se iso é así este grupo que –como se lle dixo pola mañá, vai a rectificar sempre que se equivoque– diralle, pois moi ben, teñen vostedes razón e entón asumiremos as súas reclamacións. Polo tanto, non perda vostede o tempo agora en criticarnos e si en convencernos de que a súa opción de mellorar aos traballadores que se encontran en ERE suspensivos é mellor que darlle recursos a aqueles desempregados que perderon toda prestación ou axuda pública.

Nada máis e moitas grazas, presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sueiro.

Para a rolda de réplica ten a palabra o señor Tomé Roca.

O señor TOMÉ ROCA: Grazas, señora presidenta.

Señor Viéitez, moitas grazas polo seu apoio, pola súa intervención. E, señor Sueiro, a verdade é que se nota que está vostede de festa de San Juan, polo tanto voume dedicar á interpelación da conselleira.

¿Verdade, señora conselleira? Canto cambiaron os tempos, hai pouco tempo estaba vostede aquí criticando ferozmente aquel programa que puxo en marcha o anterior Goberno contratando desempregados para facer traballos que beneficiaban á sociedade, como por exemplo limpando as vías públicas, ¿verdade? E agora queren vostedes contar as bondades deste plan, que aínda non sabemos como vai a ser nin con que criterios... bueno, os criterios si sacaron algúns para podelo executar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, xa sei que está no DOG, non se preocupe que sei ler o DOG, de momento sei ler, aínda que hai algún que di que non.

Pero, bueno, señorías, señora presidenta, señora conselleira, súmase vostede á política da falta de diñeiro; súmase vostede á política do burato. E, mire, sóbralle a vostede

fondos para facer isto, sóbralle a vostede fondos, dedíqueos aos que os ten que dedicar.

Señora conselleira, traballo e benestar, lamentablemente é lamentable que estea vostede instalada na política da trappallada –con todos os respectos–, que non teña ideas, que non teña compromiso cos traballadores e coas traballadoras de Galicia, que os deixe desamparados e que teña vostede como máximo logro político seu a mentira. A demagogia ten que deixala quen goberna e está gobernando vostede, adíqueuse a gobernar. Vostede era aquela voceira que dixo que a afiliación á Seguridade Social –e o dixo aquí neste Parlamento– se había reducido á metade e non rectificou e se puxo colorada. Señora conselleira, vostedes están confundidos, vostedes non son un Goberno austero, vostedes son un Goberno embustero, que é ben distinto.

Mire, no referente á creación de emprego ogallá vostede iguale os datos do conselleiro de Traballo do anterior Goberno da Xunta de Galicia, ogallá. Xa sei que queren vostedes borrar a época Fraga, a era Fraga, pero durante o mandato do último Goberno Fraga houbo unha creación de emprego de 55 empregos diarios. Os datos están aí, son datos non son opinións. E durante o mandato do Goberno de Touriño creáronse 76 empregos diarios. Esa é a diferenza, señora Mato, esa é a diferenza.

Vostedes deixaron que o Goberno, cando deixaron o Goberno en xuño de 2005 este país con dous puntos con desemprego por enriba da media de España. Agora atopárono cinco puntos por debaixo da media do Estado e rebaixouse a precariedade en cinco puntos, elevándose a estabilidade ata o 70%. Isto ¿é bo ou é malo, señora Mato?

Señora conselleira de Traballo, voulle dar un dato sacado hoxe da páxina web do INEM, o cal pode contrastar vostede, para comparar períodos de tempo homoxéneos. O número de afiliados á Seguridade Social a 31 de decembro de 2004, último ano completo do Goberno do Partido Popular, era de 967.265 cotizantes; e a 31 de decembro de 2008, último ano completo do anterior Goberno, era de 1.040.899 persoas. É dicir, a pesar da crise hai un diferencial positivo de 73.634 persoas máis afiliadas á Seguridade Social que cando gobernaban vostedes. ¿Iso é bo ou é malo, señora Mato?

Menos mal que a inercia das políticas do anterior Goberno, do anterior conselleiro, fai que os datos de

emprego de abril e maio sexan positivos. Son insuficientes pero son positivos. Datos que vostede criticou amargamente, vostede e o seu equipo, porque sabe que non son debidos ao que vostede fixo. ¿Que diría se foran malos, señora conselleira? Aplique vostede o conto e informe vostede do que pasa aos seus aproximadamente 50.000 desempregados e desempregadas que hai en Galicia que teñen esgotadas as prestacións, é dicir, anuncian vostedes un plan para os desempregados, para 4.000 si representan un 5,7% dos 70.000 parados que hai en Galicia se sumamos os 20.000 sen emprego anterior. Di vostede –está gravado, ademais, isto que estou dicindo– que este plan era para ver se podía seguir traballando nos concellos e nas entidades, cando vostede sabe perfectamente que iso é ilegal, porque incumpre a normativa de acceso á Administración pública.

Señor conselleira, iso si que é vergonzoso. Señora Mato, remate vostede os trámites que lle faltan a esta orde para complementar os ERE, é unha orde froito do diálogo social, unha orde informada favorablemente polo Consello Galego de Relacións Laborais, trátase de ter vontade política e a ten ou non a ten, e non parece que a vaia ter abandonando aos traballadores de Galicia.

Señora conselleira...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Tomé, por favor.

O señor TOMÉ ROCA:... de Traballo –se me deixa trinta segundos, señora presidenta, nada máis trinta segundos– isto da austeridade que vostedes predicán pero que non practican, vostede entendeuno mal.

A vostede afectoulle ás ideas, porque ata o de agora vostede ten unha austeridade total, non plantexa ningunha idea sobre o emprego para os traballadores de Galicia.

Eu xa remato, señora presidenta, moitas grazas, por estes segundos. Mire, un Gobernou ou unha conselleira, sae cara ou sae barata en función dos resultados do seu traballo. Vostede, de momento, sae moi caro, sae carísimo, señora conselleira de Traballo. Póñase a traballar, se non sabe, pregunte, pero faga algo polas persoas desempregadas de Galicia, e por favor, xustifique o seu soldo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Tomé.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

A verdade, señor Tomé, que me ten vostede totalmente sorprendida, é impresionante, unha interpelación e vostede non inverteu nin o 25% do seu tempo en falar do que se supón que lle interesa, que é esa medida para os traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego, falou de todo, e aínda por riba fala e non din a verdade, insiste vostede en falar da afiliación á Seguridade Social, insiste vostede en falar das cifras do paro. Pero eu lle digo, non me fale do mes de decembro de 2008, non me fale do mes de decembro de 2004, fale vostede, evidentemente hai cifras, pero ¿lle teño que recordar cando deixou vostede o Goberno? ¿Lle teño que dicir cando deixou vostede o Goberno? ¿Sabe que marchou en abril? ¿Sabe cantos afiliados á Seguridade Social perdéronse en xaneiro, febreiro, marzo e tamén en abril? Home, por Teus, señor Tomé, non tente nunca comparar, porque aínda non lle saen as contas, o que foi a lexislatura do último Goberno do Partido popular, cando gobernaba o presidente Fraga, e o que foi a vosa lexislatura, porque no que atinxe á afiliación á Seguridade Social, desde o mes que entrou o Goberno do Partido Popular, o mes saínte, son nin o 10% dos afiliados á Seguridade Social, do que creou a afiliación do Partido Popular, foi capaz vostede de conseguir.

Pero insisto, é lamentable, é lamentable que o Partido Socialista veña aquí a interpelarlle ao Goberno por algo que se supón que é unha medida que para vostede é importante e nin siquiera a defende. Non é capaz nin de defendela, nin de defendela con, polo menos con rigor, polo menos, xa non digo outra cousa, que con rigor. Lamento profundamente, señor Tomé, que o que veña facer aquí é demagogia e nada máis que demagogia, e lamento profundamente que o que veña a facer aquí é política se mo permite, de segundo nivel, co que puido ter sido e non foi, porque é o que realmente está a facer aquí e agora.

O certo agora, é que en Galicia hai un novo Goberno e, evidentemente, ese novo Goberno, señor Tomé, ten a res-

ponsabilidade de entender para onde se deben dirixir eses cartos que son cartos públicos e que nós entendemos que será a mellor maneira de favorecer aos galegos e ás galegas e non a petición, evidentemente, do voso grupo. Vostedes tiveron a oportunidade de Gobernar, vostedes tiveron a oportunidade de facer esto e como moi ben dicía o representante do Partido Popular, tiveron a oportunidade e non recoñeceron nin sequera a situación de crise, e mesmo se fixeron a si mesmos unha moción de censura ao ter recoñecido que nin había cartos, nin se contemplaban para levar adiante esta medida.

Xa llo dicía cando estabamos na oposición, señor Tomé, os compromisos son os que se fan de forma efectiva, os que se publican nos diarios oficiais, neste caso no Diario Oficial de Galicia, os compromisos teñen que ver negro sobre branco, ademais teñen que vir acompañados dunha partida orzamentaria tal e como se presentou por parte do presidente Feijóo, cunha partida de 30 millóns de euros para contratar a eses 4.000 persoas que non perciben ningún tipo de subsidio, ningún tipo de prestación, señor, e que evidentemente, nada ten que ver, e permítame que llo diga, con ese lavado de cunetas que fixeron vostedes, absolutamente nada, porque aí sabe Deus a quen contrataron.

Outra cousa, polo menos cando veña aquí entérese, e se fala de ilegalidades, entérese aínda máis, porque evidentemente, cando falo da posibilidade de que sexan contratados, é perfectamente factible que sexan contratados estes parados, sempre e cando non volvan a ter outra subvención da Administración, porque aí hai un contrato normal. Polo tanto, señor Tomé, cando veña aquí, polo menos fale.

Despois desta medida que anunciou o señor Feijóo, o presidente da Xunta de Galicia, o que nós presentaremos aquí, evidentemente serán máis medidas, pero ten que perdoarme, estas medidas, téñoas que falar e téñoas que consensuar, porque é o meu compromiso e é a miña palabra dada aos sindicatos e á patronal con eles, antes que con vostedes. Eu aprecio a súa aportación, en teoría deduzo, que non o teño moi claro, que a súa aportación é na defensa desta medida. Digo que non teño moi claro, porque vostede non a defendeu nada. Si que o fixo o representante do Bloque Nacionalista Galego, respéctoa e polo tanto, tereina en conta no sentido de que se cal é a opinión do Bloque Nacionalista Galego. Insisto, do Partido Socialista, non me que-

dou nada claro que esa fora a defensa dos intereses dos traballadores afectados polos expedientes de regulación de emprego.

Outra cousa, señor Tomé, aquí non ven enganar vostede a ninguén:

Primeiro, non lles preocupaba, evidentemente, esta medida, porque senón a houberan posto arriba, o único que lles preocupaba, polo menos así, foi a constancia que me deixaron quedar no traspaso é isto, señor Tomé, 10 folios, 10 folios é o traballo que lle quedaba por facer á Conselleira de Traballo para levar adiante e saír da crise, 10 folios, todo ese foi o seu esforzo para dicirlle ao novo Goberno entrante...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Mato.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): —si, xa remato, señora presidenta, moitísimas grazas— o que temos que facer.

Miren, señorías, lle insisto outra vez, lle invito a que se poñan a traballar, pero non dun xeito demagógico, senón dun xeito construtivo, porque é o que esperan todos os galegos e é sobre todo tamén o que esperan os asistentes sociais, así que súmense a aqueles que cremos realmente no diálogo e intente, polo menos, usar ferramentas útiles no medio da crise e non crispas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Mato.

Interpelación de D.^a María do Carme Adán Villamarín e D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a posición do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no referente ao cumprimento do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación, ten a palabra dona María do Carme Adán Villamarín.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señora presidenta.

Señorías, representantes dos sindicatos de diferentes colectivos da sociedade civil, boas tardes, benvidos a esta Cámara.

Señor conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, hoxe traemos a esta Cámara, unha curiosa interpelación, porque debemos ser dos poucos parlamentos do mundo, acaso tal vez o único, que deba debater se a lingua propia do país debe ser a lingua do ensino dese país. Poñámonos en situación por un momento, poñámonos que estamos noutro parlamento e seremos conscientes do estraña que é esta situación; de feito, do estraña que é a situación que teñamos que interpelar ao señor conselleiro de Educación, se vai garantir que os nenos e as nenas deste país, os nenos e as nenas galegas e galegos, teñan a formación suficiente en galego, que lles permita no seu futuro decidir libremente que lingua falar coa suficiente competencia e seguranza na lingua galega.

Non estamos falando, non o vemos preocupado sobre a calidade da lingua, senón como poder limitar as liberdades dos nenos e das nenas. Pero como esta mañá escoitamos falar de lingua e escoitamos falar de consenso, fun ao dicionario a buscar exactamente que significaba a acepción consenso, que atopei acordo unánime dos membros dun organismo ou institución; pouco máis abaixo atopei tamén consentir que significa deixar ou permitir que se faga, admitir, tolerar. Tal vez confundiron consenso con consentir, pois saiban que o Bloque Nacionalista Galego non vai consentir, pero non soamente o Bloque Nacionalista Galego, a sociedade galega non vai consentir, efectivamente, que os nenos e as nenas non teñan competencia lingüística en galego, porque diso si que hai consenso.

E quixera empezar dicindo que o galego é meu, que o galego é noso, de todas e de todos, o galego é do que o fala, e tamén do que aínda non o fala ou do que xa non o fala, o galego é daquel que o ama, e mesmo daquel que o odia, se é que hai algunha persoa que poida sentir tal cousa polo patrimonio herdado. Non odie ao BNG, e o manifesto do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galiza sobre a lingua. Así e todo, e diante das medidas adoptadas e polas declaracións realizadas nas últimas semanas polos distintos membros do Goberno galego, verbo da lingua propia de Galiza, estas actuacións supoñen un serio retroceso na extensión do coñecemento do galego e na implantación na sociedade, na Administración e

no ensino. Ademais están a producir un dano gravísimo ao prestixio social da lingua galega, socavando todas as actuacións de normalización anteriores e poñendo en cuestión as futuras ao difundir, desde as máis altas instancias, as falsas ideas de que o galego é lingua só dunha parte da cidadanía, e de que existe un proceso de imposición que discrimina os casteláns falantes. Non odie ao BNG, señor conselleiro, extracto da carta do consello científico do Instituto da Lingua Galega, ao señor presidente da Xunta de Galicia.

Efectivamente, falamos de dano social, o prestixio da lingua, dese dano ao prestixio social, o máximo responsable da promoción da lingua galega, nomeadamente vostede, recollían os xornais do 3 de xuño de 2009, que dicían que a lingua é como un filete duro, despois se pode explicar esta metáfora.

Dano social o prestixio da lingua, que se incrementa cunha consulta que vamos denominar consulta farsa:

Primeiro, esta é unha consulta deseñada á marxe da comunidade educativa, carente de rigor na metodoloxía, de distribución e no procesamento de datos, e sen garantías para a intimidade das persoas e a protección de datos de carácter persoal.

2. A enquisa é pouco rigorosa e mostra un grande descoñecemento tanto da sociolingüística, como do mundo do ensino, o que nos parece aínda máis grave. Por exemplo, non existen materias troncais no ensino non universitario, o que hai son materias obrigatorias e optativas, propias de modalidade ou non, ou sexa que non hai materias máis importantes ca outras, todas teñen unha misión educativa global, non hai linguas de primeira nin de segunda, nin materias de primeira nin de segunda.

Nós estamos diante dun tema que só afecte ao sistema educativo como servizo público, o dereito á escolarización e os obxectivos que debe procurar a educación e a vehicularización do ensino en galego, son cuestións que afectan ao conxunto da sociedade, e non exclusivamente aos pais e nais que na actualidade teñen fillos e fillas no sistema educativo. De igual xeito que o esforzo por educar ás novas xeracións, ten que ser asumido colectivamente por toda a sociedade, é esta quen ten que asumir o ensino en galego e non só os pais e nais individualmente.

Cuarto. Xa que logo, rexeitamos esta consulta na que a consellería utiliza os centros educativos como correa de transmisión sen posibilidade de dar a súa opinión, nunha iniciativa que supón por intereses non educativos un ataque á nosa lingua. Non son tampouco, señor conselleiro, palabras do Bloque Nacionalista Galego, é unha declaración aprobada por unanimidade polo consello escolar dun centro de secundaria deste país; por certo, co voto a favor do conselleiro dese concello membro do Partido Popular que goberna nese concello. Por certo, os consellos escolares, que non estaría de máis lembrar que son os órganos elixidos democraticamente pola comunidade educativa, que son xustamente os consellos escolares aqueles que aproban os propios planos de normalización lingüística.

Podería seguir relatando diferentes intervencións de moitos colectivos, xa que vostedes non querían informar, informaron á Mesa pola Normalización, á Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, todo os sindicatos, asociacións de nais e pais, asociacións de ensinantes de ciencias de Galiza, Aula Castelao de Filosofía, Asociación de Escritores en Lingua Galega, colectivo de científicos e científicas do CEL, as tres universidades galegas, equipos de centros públicos. Sinto moito se me esquezo de alguén ao nomealo. Pero nós subscribimos o que di a sociedade civil. E queremos tamén dicir moi claramente que vostede, a súa consellería, o seu goberno vulnera a lexislación vixente. Sabe que o decreto actual vixente, as comunicacións da súa consellería deberían ser en galego e non o son; e a propia denominada enquisa así o mostra, o mesmo que as diferentes cuñas que podemos escoitar na radio a respecto da mesma enquisa ou tamén nos diferentes xornais. Para o que si, evidentemente, había cartos, ¿non?, para outras necesidades que ten o ensino.

O mesmo que o decreto de infantil, que vén de publicarse tal e como existía no antigo borrador que xa coñecía a comunidade educativa, soamente que modificando o artigo 12 xa de forma preventiva como sabemos mil veces publicado o tema de que van a derogar o decreto vixente e o cambian, pon no artigo 13, cunha redacción que nos retrotrae a bastantes decretos máis atrás.

Tamén quere dicir o BNG que pasaron por riba da dignidade do profesorado, efectivamente, e isto é certo, pasaron por enriba da dignidade do profesorado que leva moitos anos tirando da educación pública e no canto de recoñecerlles o seu esfor-

zo e o seu labor o único que se lles ocorre é prohibirlles a súa liberdade de expresión e facer todo un inquérito de costas a eles.

Supoño que por iso non asinarían o famoso comunicado que enviaron aos centros, para non ter que cesar en este momento á persoa que o enviou.

Pasa vostede por enriba do Estatuto de Autonomía de Galiza, da lei de normalización lingüística, da carta europea das linguas rexionais e minoritarias, do plan xeral de normalización da lingua galega. E todo isto sen existir ningún expediente que acredite ningún tipo de conflito lingüístico en ningún centro. E iso sabémolo, vostede non nos mostrou ningún expediente porque sabe perfectamente que non existe. Sábeo Inspección Educativa, sábeno os centros, sábeno os consellos escolares que aprobaron os proxectos lingüísticos de centro e que mostraron o mapa sociolingüístico, saben perfectamente que era, que é a única forma que temos de garantir a seguranza lingüística dos nenos e as nenas que hoxe están nas escolas, no seu futuro.

Pero bueno, vostedes quixeron construír o mundo, o mundo de Matrix, non quixeron preguntarlle, efectivamente, a nais e pais, ¿queren vostedes que os fillos dominen o galego ao remate da educación obrigatoria? Evidentemente, non sabemos ata que punto se nos preguntan: ¿Quere vostede que o seu fillo ou filla estude ruso? Pois igual non, porque é un misóxino ou igual si porque necesitamos entender como se forman as democracias modernas.

Vostedes non lles preguntaron se querían que, efectivamente, dominaran o galego ao remate da educación obrigatoria. Crearon un mundo paralelo no cal viven, un Matrix no cal nos queren facer crer que, efectivamente, os castelán falantes están perseguidos.

E xa para rematar, como vostede terá lido nos estudos do seu secretario xeral, antes estábamos ante un modelo de planificación –dicía– morno ou de baixa intensidade, que supón a realización dunha política lingüística de escasa densidade. Tal vez hoxe o que esteamos xustamente sexa ante o inicio da eliminación da lingua galega.

Ten vostede unha consellería paralizada que non saca adiante os temas que realmente preocupan a toda a cidadanía galega diante do inicio do curso, e o eu ten, efectiva-

mente, é, está seguindo –supoño– que ao pé da letra aquí o informe das FAES intentando...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando por favor, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN:... eliminar o ensino do galego do ensino público.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán Villamarín.

Ten a palabra o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señores parlamentarios, visitantes.

A verdade, señora Adán, é que estou sorprendido dos seus argumentarios. Hai moitos deles que non vou entrar a discutir, porque penso que non merece a pena.

Nin dixen nin ninguén pode dicir que eu dixen nin o do filete duro nin ninguén dos aquí presentes pode asegurar iso. E ademais asegúrolle que non dixen iso.

Unha vez dito isto, a verdade é que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como non pode ser doutro xeito, respecta a legalidade vixente e, polo tanto, podo asegurar e recalcar que cumpre sen restrición de ningunha clase o decreto actual polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo.

O departamento que dirixo traballa na máis estrita legalidade. Así, por exemplo, o novo currículo de educación infantil ao que vostede fixo referencia e que di que so se cambiou ese apartadiño como vostede di, foi elaborado no referente ao tratamento das linguas oficiais en consonancia co actual decreto de uso do galego no ensino.

Así neste mes de xuño e publicado estes días no *Diario Oficial de Galicia*, déuselle o visto e praxe no consello da

Xunta ao novo currículo de educación en dous ciclos: 0-3 e 3-6 anos. Que garante un ensino común e non discriminatorio.

Con este currículo cóbrese o baleiro legal existente ata o de agora, xa o que o bipartito non chegou a afrontar o currículo desta etapa que debería desenvolver a Lei orgánica de educación, e vostede sabe polo que non o fixo.

Como dixen anteriormente este currículo está desenvolvido en consonancia co actual decreto 124/2007, e establece o tratamento das linguas oficiais, así o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado.

No texto do currículo dise así mesmo que o profesorado terá en conta a lingua do contorno e coidará que o alumando adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites propios desta etapa.

Por outra parte, a Consellería de Educación ten previsto dar a continuidade o programa no que participan centros educativos públicos e privados concertados, e que propicia a implantación de acción que potencien o ensino en lingua galega no segundo ciclo de educación infantil en contextos castelán falantes. A única diferenza con respecto aos cursos anteriores é que a achega económica será so a imprescindible, cuestión que non limitará o éxito desta iniciativa, xa que non depende desa circunstancia, e pensamos que isto é liberdade e coherencia co que nós estamos plantexando.

Agora ben, a estas alturas non pode ser unha sorpresa para ninguén a afirmación de que o Executivo galego vai derrogar o decreto e ofrecer un novo texto que se axuste máis ao que demanda a maioría da cidadanía de Galicia. Porque mal que lles pese e lles doa oílo, as galegas e os galegos falan alto e claro o pasado día 1 de marzo e cos seus votos apoiaron o Partido Popular, partido que levaba no seu programa electoral a proposta de derrogar o decreto de fomento do uso do galego no ensino. Ese que os partidos que sustentaron ao bipartito promoveron e que agora parece non querer corrixir pensen o que pensen as galegas e os galegos.

Señores deputados da oposición, como reza o proverbio errar é humano e rectificar é de sabios. Pois ben, a nova Xunta tende unha man para ofrecerlles a posibilidade de regresar ao consenso do que vostede falaba e que demandan os cidadáns. Porque os cidadáns xa falan; unha maioría co

seu voto expresou que coñecía o que facía o bipartito e que non o compartía. Porque o goberno do Partido Socialista e do Bloque afrontou unha política lingüística que estivo ao servizo dos intereses dunha minoría nacionalista, que pretendeu impor o monolingüismo e fronte a isto os cidadáns decidiron quitarlles a vostedes as responsabilidades de goberno e dárnolas a nós. (*Aplausos.*) As galegas e os galegos amosaron o seu rexeitamento á rotura dos consensos e á conseguinte aparición da conflitividade lingüística.

Señoras e señores deputados, o poder lexislativo e o poder executivo comparten a responsabilidade de acatar o que queren os cidadáns e despolitizar todo o que se refire ás linguas, en especial no eido da educación.

A cidadanía de Galicia quere un bilingüismo integrador e cordial baseado no coñecemento por todos das dúas linguas oficiais e no dereito da libre opción lingüística. Ese foi o mandato que lle deron ao partido que sustenta actualmente o Executivo galego, e ese é o compromiso polo que traballará a consellería no eido educativo.

Hai que conseguir que nas clases se fale galego e tamén castelán, sen que iso supoña a difusión de manifestos nin protestas a prol dunha lingua ou doutra.

Tal como establecen tanto a Constitución no artigo 3 como o Estatuto de autonomía de Galicia no artigo 5, como a Lei de normalización lingüística, os dereitos lingüísticos da cidadanía galega abranguen o dereito ao uso do idioma galego e do idioma castelán sen ningún tipo de discriminación. (*Aplausos.*)

Galego e castelán poden convivir na sociedade galega actual e ese é o reto que temos que asumir os políticos en defensa dos nosos cidadáns, en especial da herdanza que temos que deixar ás novas xeneracións de galegas e galegos.

Penso que todos os que estamos hoxe aquí podemos coincidir na idea de que o establecemento dun sistema educativo de calidade constitúe unha peza clave para asegurar o benestar e a prosperidade de toda a sociedade.

Neste contexto para a Consellería de Educación é un obxectivo irrenunciábel o lograr que o sistema educativo proporcione as competencias lingüísticas adecuadas en gale-

go e en castelán. Repito, nas dúas linguas, sen impulsar a imposición nin de unha nin de outra, pois o principio fundamental é o da liberdade lingüística. *(Aplausos.)*

Para propiciar que as nenas e os nenos galegos poidan acadar as competencias lingüísticas en galego e en castelán, a Administración educativa galega prevé unha nova regulación integradora que contemple obxectivos comúns, pero que ao mesmo tempo recoñeza as diversas realidades lingüísticas existentes na nosa comunidade autónoma. A nova regulación, é dicir, o novo decreto tamén vai establecer a posta en práctica de medidas de fomento do galego no ámbito educativo e, ao mesmo tempo, habilitará espazos nos diferentes niveis para permitir o exercicio dos dereitos dos cidadáns á libre opción lingüística.

Así a Xunta afronta unha nova etapa na que buscará garantir que todos os alumnos sexan acollidos no sistema educativo galego na súa lingua materna para introducilos progresivamente na outra lingua oficial, dando cumprimento ao noso compromiso electoral.

E retomo o principio, a Consellería de Educación traballa na máis estrita legalidade e, polo tanto, está a cumprir o decreto de uso do galego no ensino en vigor. Nembargantes reitero a intención de derrogar o Decreto 124/2007, porque esta normativa non obtivo o máximo consenso do que vostede falou e porque esta medida é unha promesa electoral contida no programa dun partido que logrou a confianza dos cidadáns para asumir as responsabilidades do goberno. *(Aplausos.)*

Adianto que o novo decreto tratará de conxugar a liberdade lingüística coa promoción e protección da lingua galega, sen recorrer en ningún caso á imposición para evitar un conflito lingüístico que a sociedade galega non quere.

Polo de agora, nada máis e moitas grazas a todos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

¿Grupos parlamentarios que queiran intervir? *(Pausa.)*

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Guillermo Meijón Couselo.

O señor MEIJÓN COUSELO: Moitas grazas, presidenta.

Señor conselleiro, parlamentarios, público presente.

Esta interpelación, señor conselleiro, vai sobre o Decreto 124, como vostede ben sabe. Na súa redacción, por invitación expresa da señora conselleira de Educación, participamos os señores Lobeira e Parga, polo Bloque Nacionalista Galego, a señora Besteiro, Roberto Castro e mesmo o señor Tahoces polo Grupo Parlamentario Popular, e o señor Cerviño e eu mesmo polo Grupo Parlamentario Socialista.

Véxome na obriga, xa que esta interpelación céntrase sobre ese decreto, de aportar algo de memoria histórica, porque estamos bastante escasos de certa memoria histórica.

Puntualizacións previas.

A conselleira de Educación non tiña por qué convidar aos grupos políticos para facer este decreto. Vostede sabe que non é así, o sabe demasiado. Pero si a conselleira de Educación si quixo aproveitar aquela ocasión para consolidar e reforzar os consensos previos, pois o referente máis próximo era o Plano xeral de [...] lingüística do ano 2004, sendo presidente don Manuel Fraga e vicepresidente primeiro o señor Núñez Feijóo.

Sendo isto así comezamos a traballar os tres grupos e a ratificación pública de tal texto foi celebrado o día 22 de febreiro de 2007 en rolda de prensa donde a señora Besteiro dixo cousas como esta: O texto resultante garantiza o equilibrio entre as dúas linguas oficiais e o respecto á lingua materna sexa o galego ou o castelán. O PP aplaude tamén o feito de que o novo texto arrobe con orzamentos as medidas propostas no plan de 2004, do plan xeral.

Posteriormente o PP de Génova, dicía eu antes, agora rectifico porque, efectivamente, señor conselleiro, rectificar é de sabios; no PP de Génova, e moitos do PP deste país, conseguiron mudar a opinión do Grupo Popular. A excusa foi o informe consultivo. Un informe obrigatorio como vostede ben sabe que obrigou –e así se fixeron– a realizar bastantes cambios sobre o texto. Cambios consultados unha e outra vez á señora Besteiro, por certo, hasta altas horas da noite e todos eses cambios consensuados co Grupo Popular.

Todos entendíamos, iso si, que tínhamos un terreo de xogo común, o Plano xeral de normalización lingüística e sobre tamén a Lei de normalización lingüística.

Finalmente chegou un momento que os parlamentarios do Grupo Popular solo podían dicir: Non, non e non, porque me obrigan a dicir non, non e non.

Un inciso. O informe do Consello Consultivo nunca atacou o que vostedes consideran o máis grave, que é o equilibrio de horas entre o galego e castelán. Ese informe dicía expresamente: “A porcentaxe de distribución de materias que se impartan nunha ou outra lingua constitúe unha acción normativa, que neste caso parece usada dun modo ponderado no proxecto. O criterio establecido non suscita cuestión de legalidade”. Iso é o que dicía o informe do Consello Consultivo. Un decreto que, salvo casos moi puntuais –convenientemente, iso si–, amplificado, ou excesos, que tamén os houbo, alleos á vida dos centros, tivo unha aceptación exemplar nas aulas. Sen embargo, e malia o que puidera parecer, o peor aínda estaba por pasar. A rotura do Partido Popular non era un elemento tacticista, non, era unha estratexia clara. Ben o manifestaba daquela un relevante experto en materia sociolingüística: “É o Partido Popular quen está a separarse do vieiro lingüístico consensuado nos anos oitenta por motivos de estratexia partidaria: desgastar o Goberno”. Por certo, non era unha frase descontextualizada, tamén insistía: “O novo decreto persegue” –o 124– “o mesmo obxectivo que o anterior, que todo o alumnado aprenda por igual galego e castelán”. Por certo, vostede dixo competencias adecuadas, nós adoitamos dicir competencias plenas. Terá que explicarme a diferenza entre competencias adecuadas e competencias plenas. Tamén dicía ese experto: “Nin hai modificación do obxectivo lingüístico final –competencia nas dúas linguas oficiais– nin se está implantando a inmersión lingüística nin se obriga a ninguén a usar unha lingua ou outra”. E tamén concordamos coa aseveración deste experto cando dicía que argumentar que o presidente da Xunta de Galicia está a modificar o modelo lingüístico de Galicia é unha falacia. Non fai falta que lle diga que ese experto é actualmente o seu secretario xeral de Política Lingüística, o señor Anxo Lorenzo. (*Aplausos.*)

Pero quedaba algo máis, faltáballe ao Grupo Parlamentario Popular, ao Goberno do Partido Popular, alguén que se atrevera a lidar con algo que ninguén se atrevera antes; esa

persoa necesaria foi vostede. Vostede era a persoa que, sen pudor, tiña que dicir que todo era revisable, todo era obxecto do cambio, dende o Plan xeral de normalización lingüística ata a propia Lei do ano 1983. E ademais obsequiábanos con frases merecentes de quedar gravadas en pedra na antoloxía da frivolidade política. Voulle recordar algunha: “Hoxe en día non podemos dicir si ou non a nada”; é dicir, chegaron virxes ao Goberno, sen programa propio en materia lingüística, porque doutro modo non se pode dicir si ou non a nada. O Goberno non fará nada contra a legalidade, simplemente mudará as leis que lle incomoden. A separación de alumnos por razón de idiomas porase enriba da mesa, algo que ía contra a legalidade que vostede dixo que ía respectar. Iso si, temos que pensar que non farán a segregación por razóns meramente económicas, porque tanto o señor Feijóo coma vostede así o dixerón. Por certo, algo que me gustaría que me contestara: o PP, o Partido Popular, na sociedade galega, se hai cartos suficientes, ¿é partidario ou non de segregar os alumnos en función do idioma? (*Aplausos.*) Dígano claramente dunha vez: ¿son ou non son partidarios? Claro que, como non podemos dicir si ou non a nada, pois non me contestarán. (*Risos.*)

O actual secretario de Política Lingüística xa aprendeu este xogo. Un día di: É unha vía que está aí, non digo máis. E outro día di: Non concibo un modelo educativo segregado. Isto ten un nome, señor Vázquez: frivolidade política. Claro que a perla da súa frivolidade foi dita nesta mesma Cámara cando tratou o Plano xeral de normalización lingüística de “remuíño de ideas”. Que diferenza co que dicía don Manuel Fraga, cando falaba do seu compromiso persoal de impulsar todas e cada unha das accións nel sinaladas, ou cando o señor Fraga, sobre ese mesmo plan, comprometía a vontade política necesaria para que a lingua de Galicia saia fortalecida nese proceso. Ou, se quere, recórdolle o seu antecesor no Partido Popular, o señor Currás, quen cualificou ese plan que vostede tilda de remuíño de ideas de fito na historia na nosa lingua, e apelaba á responsabilidade e ao mandato histórico de colaborar e participar na súa execución de todos os galegos e galegas. Por suposto, nin pensaba en vostede nin en moitos dos que están nesas bancadas. (*Aplausos.*)

Polo que se ve, teremos que preguntarnos cando o Partido Popular mente ou cando di a verdade; cando o Partido Popular, ao falar de consensos, é respectuoso co que asina ou cando, ao contrario, soamente xa é para el papel mollado,

desde amores eternos ata rupturas inmediatas. Por certo, vostede nunca nos chamou ao resto dos grupos parlamentarios para ningún consenso, nunca nos chamou. Polo tanto, todo o que vostede fala de consenso para nós carece de bastante valor. Xa que logo, non é de estrañar as manifestacións da Real Academia da Lingua cando dicía hai uns días: “Tamén resulta preocupante que as primeiras decisións lingüísticas anunciadas pola Xunta de Galicia sexan todas desprotectoras da lingua galega”. Igual que reafirmaba a necesidade de desenvolver o Plan xeral de normalización lingüística.

Temos que falar, por suposto, tamén da enquisa que acaba de facer, señor conselleiro; unha enquisa que carece de todo rigor científico, calculadamente confusa e ambigua, que busca resultados predeterminados. E vostede díxoo publicamente, dixo: “Hoxe iníciase o proceso de derrogación do decreto”; é dicir, da enquisa non se pode derivar que todo siga igual, (*Aplausos.*) porque vostede xa dixo que a enquisa ten que dicir non ao decreto, derrogación do decreto. Dío vostede, diga o que diga a enquisa. Unha enquisa sen garantías, provocadora, fraudulenta e demagóxica. Iso si, mándalles aos directores que non se poida facer ningún acto nin a prol nin en contra, pero vostede fai unha gran campaña publicitaria. Por certo, pódenos adiantar o custo, que é unha pregunta que temos feita, porque vostede atopou cartos unicamente para dúas cousas, segundo manifestou publicamente: para a enquisa do galego e para o ensino concertado. Do que tamén lle preguntaremos se eses cartos se van usar para dállelos e concertar a aqueles colexios que segregan e discriminan por razón de sexo. (*Aplausos.*)

Pero, sobre todo, e o máis triste, é que é unha enquisa absolutamente reduccionista; reduccionista coa comunidade educativa, porque vostede non quere saber a opinión dos docentes, dos seus representantes, dos sindicatos, da mesa sectorial. Tampouco queren contar cos RMP, coas asociacións de equipos directivos. Non permite tampouco a libre expresión das asociacións de pais, da Confapa; tampouco poden opinar os consellos escolares de centro, os consellos escolares municipais, o Consello Escolar de Galicia –do que vostede é presidente–; tampouco os mozos e mozas, por exemplo, a través do Consello da Xuventude. E o que é máis grave, sobre todo é un crédito reduccionista respecto da sociedade galega. Di o vello proverbio masai que para educar un neno fai falla toda a tribo. Pois claramente é toda a

tribo a que ten que opinar sobre o modelo educativo en Galicia; é toda a tribo a que ten que opinar sobre o modelo lingüístico de Galicia; é, polo tanto, toda a cidadanía galega, todo o conxunto da sociedade galega, a que ten que opinar sobre o modelo educativo deste país e tamén, polo tanto, sobre o modelo lingüístico. E iso faise a través das eleccións, para ter aquí os representantes. Claro que pouco puideron optar se os que votaron o PP viron iso de que non podemos dicir si ou non a nada.

Pero ten outra oportunidade, que é facer un referéndum, se o que lle gusta é facer papeletas e consultas, pero a toda á sociedade galega, a toda, non unicamente a uns cantos, e sobre todo cunha consulta manipulada, para poder facer ben as cousas. Móllese, porque é a súa obriga. Vostede o que ten que dicir é qué é o que quere facer. Vostede o que ten que dicir é cal é o modelo lingüístico. Non traspase dunha forma falaz e flagrante as responsabilidades que lle competen a vostede, non queira botar culpas aos demais, que nin sequera poden responder...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Meijón.

O señor MEIJÓN COUSELO: E, se tanto lle gustan as enquisas, pregúntelle á sociedade galega se quere libros de texto gratuítos, se quere máis comedores escolares, se quere máis investimentos para os centros públicos, se quere que sigamos incrementando os orzamentos, como se fixo no Goberno anterior. Pregúntelle todo iso á sociedade galega. Por suposto algo nos dirá na comparecencia do próximo día 30. Lástima que vostede para comparecer quixera esperar a que se pecharan os centros e todo o mundo estivera de vacacións. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Meijón.

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra don Agustín Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boa tarde, señoras deputadas e señores deputados, boa tarde aos visitantes que hoxe nos acompañan e boa tarde, señor conselleiro.

Ultimamente cada vez que o debate da lingua aparece nesta Cámara é certo que sobe a temperatura. Hoxe, polo menos, eu teño que agradecer que a señora Adán e o señor Meixón Couselo pois rebaixaran o ton do debate polo menos aos límites da prudencia e da formalidade, aínda que ben vexo que, dentro do guante de seda, seguen levando o puño de ferro.

Aínda resoan aquí as gravísimas acusacións feitas onte contra o Partido Popular por algúns dos deputados dos grupos da oposición. E permítame, señor conselleiro, antes de entrar na súa comparecencia para contestar a esta interpelación, que faga unha reflexión ao abeiro diso que aquí onte pasou.

Miren vostedes, a min non me ofenden nin me molestan as palabras que pronunciaron polo que significan nin por quen foron pronunciadas. Non me ofenden por iso porque podería pensar que foron feitas no fragor que provoca o debate ou tamén podía utilizar, parodiando ao ministro Calomarde, aquilo de que *“manos blancas no ofenden”*. Pero si me preocupa e me molesta porque foron pronunciadas co claro propósito de ofender, co claro propósito de descualificar, co claro propósito de provocar. E quen trae a provocación, a descualificación, a un tema como o debate da lingua evidentemente é porque quere provocar unha guerra. Nosoutros non queremos guerras co galego, as guerras provócanas quen están no extremo do arco, e nosoutros non estamos no extremo, senón que estamos moi centrados e estamos co que quere o pobo galego. (*Aplausos.*) Pero moi especialmente permítanme dicirlles tamén unha cousa, non imos caer nesa provocación; sería perfectamente fácil polo ton que vostedes utilizaron onte. Imos seguir o vello refrán popular de que nunca se debe de contestar aos mulos con couces nin aos cans con dentelladas. (*Aplausos.*) Fronte a quen nos acusan de mercenarios, de traidores, de imperialistas fracasados, nosoutros, a pesar de todo, imos contestar dende a nosa convicción, que loxicamente pode ser compartida ou non, pero é a nosa convicción. Imos contestar desde o respaldo que sabemos que temos da opinión maioritaria do pobo galego, e, sobre todo, imos contestar desde o respecto democrático a aqueles que discrepan e opinan de maneira diferente á nosa. (*Aplausos.*)

Señor conselleiro, hoxe interpélano sobre a aplicación do galego no ensino. Onte era sobre outras cousas e mañá será

sobre outras moitas diferentes. (*Murmurios.*) Lóxico, lóxico, pero todo iso responde, ademais coa virulencia e o carácter apocalíptico que o está a facer a oposición, eu creo que a unha estratexia perfectamente definida; unha estratexia que descansa en dous piares fundamentais: o primeiro, transmitir á sociedade galega a idea de que a política lingüística do Goberno bipartito é inalterable, é inmutable, é a única que se pode facer e é a mellor que se pode facer; a segunda, intentar demonizar o Partido Popular transmitíndolle ou intentando transmitir a esa sociedade galega a idea de que o Partido Popular quere aniquilar a lingua e de que o Partido Popular provoca a situación que estamos vivindo agora pola ruptura de consensos. (*Aplausos.*)

Miren vostedes, perden o tempo completamente con iso. Non é verdade que nosoutros esteamos combatendo a lingua nin esteamos combatendo o galego. Non é verdade de ningunha maneira que nosoutros queiramos sacar o galego das aulas. Non é verdade que nosoutros queiramos sacar o galego da Administración nin do uso normal. Non é verdade nin podería selo, en primeiro lugar porque nós sempre que abordamos os problemas do galego dende o Goberno o fixemos co consenso na man, aí está a Lei de normalización e aí está o Plano de normalización. Non é verdade porque nosoutros somos o partido que máis galegofalantes ten nas súas filas, na súa militancia e nos seus votantes. (*Aplausos.*) Non é verdade porque nosoutros, señores, o Partido Popular, ten unha base galeguista profundamente arraigada, unha base galeguista enraizada na identidade máis profunda deste pobo. (*Murmurios.*) Nosoutros podemos compartir con vostedes que a lingua é un elemento de identidade, pero diferimos no uso. Para vostedes a lingua é elemento de exclusión, é elemento exclusivo e excluínse; para nosoutros a lingua é punto de encontro e elemento de comunicación. Vostedes queren volver ao momento anterior, á maldición bíblica da torre de Babel e queren seguir impoñendo unha soa lingua e queren seguir avanzando polo camiño do monolingüismo. Nosoutros o que queremos é pór en valor a riqueza do plurilingüismo que ten Galicia. (*Aplausos.*)

Por iso, non se confundan vostedes, nosoutros non atacamos nin atacaremos nunca o galego; nosoutros atacamos outra cousa, nosoutros o que atacamos é a política lingüística do Goberno bipartito. Nosoutros o que atacamos é a forma de facer a normalización do Goberno bipartito. Nosoutros entendemos que é mentira total e absoluta iso de

que o Plan de normalización que aplicou o Goberno bipartito é inmutable e é o único que se pode facer. Hai moitas máis formas de facer a normalización, hai moitas máis formas de levala a cabo, señor Lobeira, por moito que vostede se empeñe en protestar. *(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señor Baamonde.

Señor Lobeira, non me obrigue, por favor, a chamalo formalmente á orde. Escoite con respecto.

Ten vostede a palabra, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Mire vostede, a política lingüística do bipartito é unha política lingüística fracasada, e poderíalle poñer moitísimas circunstancias na man. Voulle poñer soamente dous exemplos: o primeiro, ese que utilizan vostedes moitas veces da perda de galegofalantes. Co Goberno bipartito non só non lograron vostedes inverter a tendencia senón que cada vez están perdendo, loxicamente, máis galegofalantes, e estanos perdendo precisamente no segmento da xuventude e no segmento das áreas urbanas. Xa sei que non se pode establecer unha relación de causa-efecto, pero miren vostedes que tamén nese caso están tendo unha hemorraxia electoral evidente. *(Aplausos.)*

Miren vostedes, señores, o fracaso da política lingüística do Goberno bipartito, non fai falta que utilicen as miñas palabras, o propio señor Touriño ou o propio señor Vázquez, antes e agora secretario do Partido Socialista, socios de goberno, puxeron claramente de manifesto que a política lingüística do Goberno bipartito foi unha das causas que os arrastrara á derrota electoral. E, miren vostedes, o pobo galego, como ben dicía o conselleiro, o señor conselleiro, falou claramente o día 1 de marzo, e dixo cousas moi claras. Vostedes saben o que dixo e todos sabemos o que dixo, pero sobre todo dixo unha cousa moi evidente: que non lle gustaba a política lingüística do bipartito, e dixo que quería un cambio político. Loxicamente, a partir dese momento a política lingüística do bipartito ten que ser posta en tea de xuízo; teno que ser porque, como ben dicía a señora Adán, a lingua non lle pertence a ninguén, teno que ser porque non pode haber coutos pechados á soberanía do pobo galego para decidir

cal é a política que quere seguir tamén nesta materia de carácter lingüístico.

¿Como imos facelo? Pois, evidentemente, ante esta situación de terse pronunciado o pobo galego, hai dúas maneiras de actuar: unha, a de vostedes, que, pechados na soberbia e na prepotencia da que fixeron gala cando gobernaron, seguen aferrándose a aquilo de que se ao pobo galego non lle gusta a súa política imos darlle máis do mesmo. Se non quere arroz, pois vai tomar dúas tazas. A outra postura é a nosa, a de ver que se o pobo galego non quere esa forma de aplicación da política lingüística é porque ten que haber erros e porque ten que haber fallos; hai que corríxilos. O fallo está, evidentemente, en algo que non se lle escapa absolutamente a ninguén. Vostedes quixeron facer a política de normalización dende a imposición, por iso nosoutros queremos facer a política de normalización dende a liberdade. Nosoutros non queremos impoñer nin o galego nin o castelán, *(Aplausos.)* nosoutros queremos impoñer a igualdade das dúas linguas; non queremos que en Galicia ninguén fale exclusivamente galego nin ninguén fale exclusivamente castelán, queremos que se falen as dúas linguas en pé de igualdade, pero buscando a igualdade non pola imposición senón exclusivamente pola liberdade. Claro que para facer iso, señores do BNG, señor Lobeira, vostede ten, en primeiro lugar, que darse conta dunha cousa. Para poder chegar ao consenso ao que nosoutros o chamamos –porque non queremos facer iso sen o consenso–, vostede ten que renunciar a algo elemental, o de pensar que Galicia é vostede. Os símbolos de identidade de Galicia non son seus, os símbolos de identidade de Galicia –lingua, territorio, historia e cultura– son de todos e ninguén pode pretender monopolizalos.

E, señor Meijón, para que vostede sexa crible ten que facer algo máis. Benvido ao debate lingüístico despois de catro anos en que vostedes fixeron seguidismo da política do bipartito; benvido ao debate lingüístico, pero os bancos teñen dous pés. Vostede critica a política do Partido Popular. Ten que dicir cal é a política lingüística do Partido Socialista. *(Aplausos.)* Se a política lingüística do Partido Socialista é a de apoiar o BNG, teña o valor de subir a esta tribuna e dicilo sen rodeos: apoiamos a política lingüística do BNG..

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ:... Non sei como lle sentará ao señor Vázquez, pero, en calquera dos casos, non se alporice, nosoutros non queremos guerra, nosoutros queremos consenso, nosoutros queremos igualdade entre o galego e o castelán, só que non buscamos a imposición. O único que nós pretendemos é escoitar o pobo galego. Recorden aquilo que cantaba Jarcha nos tempos da transición: *“Habla, pueblo, habla y no dejes que nadie usurpe tu palabra”*. Eso é o que noutros queremos... (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Baamonde.

Imos continuar o debate, señor Lobeira; imos continuar o debate.

Ten a palabra, na rolda de réplica, dona Carmen Adán Villamarín

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Moitas grazas, señora presidenta.

É difícil acometer este debate tan fóra do debate das ideas porque, efectivamente, creo que ninguén nesta Cámara puxo nunca en dúbida que o Partido Popular ganara as eleccións; parece que son vostedes quen o poñen constantemente, pero iso non significa en ningún momento que ese sexa un cheque en branco. Non se pode chegar ao Goberno para intentar limitar as liberdades e os dereitos que ten a cidadanía, (*Aplausos.*) é que iso é absolutamente antidemocrático. De todas as promesas electorais, poderíamos dicir que talvez a de derrogar o decreto sexa a única que van levar a cabo. Xa nos acaba de deixar claro o conselleiro...

A señora PRESIDENTA: Perdón, señora Adán.

Por favor, escoiten con respecto o que teña que dicir a señora Adán.

Moitas grazas, ten a palabra.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Estaba dicindo que posiblemente esta sexa a única medida que vaian levar dunha forma rápida a cabo. Pensaba, ¿talvez porque lles sae gratis? Non, acabar coa lingua nunca sae gratis, non lles vai saír gratis, señores do Partido Popular, señor conselleiro de Educación.

E non agochen o odio ao galego detrás deses...

A señora PRESIDENTA: Por favor, escoiten con respecto a señora Adán, por favor.

Ten a palabra señora Adán, siga. Siga, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Ben, por respecto aos deputados aquí presentes que non saben falar nada máis que en galego non vou dicir odio ao galego; non defensa do galego, entón, se o prefiren, pero sabemos que esta é a primeira vez que nesta Cámara moitos deputados do Partido Popular falan en castelán. Recorden que estamos no Parlamento galego. (*Murmurios.*)

Estaba dicindo que non agochen, efectivamente, a súa non defensa do idioma galego, idioma propio de Galiza, detrás do liberalismo, porque a liberdade é a capacidade para poder exercela, e neste momento están privando os nenos e as nenas galegos de poder exercela. Porque eu fixen unha pregunta que eu creo que é clara, señor conselleiro de Educación: ¿vai vostede garantir a posibilidade de que os nenos e as nenas galegos e galegas teñan competencia lingüística en galego suficiente para exercer a liberdade e poder usalo, se así o quixeren, con seguranza e corrección? ¿Si? Entón, tamén dígame, esta fin de semana en todos os cines galegos existe *Kika, superbruja* –supermeiga, diría eu–, dígame a que cine podo levar o meu neno, que ten seis anos, a ver *Kika, supermeiga*; dígame exactamente cantos libros de texto para facer actividades podo comprar eu para facer durante este verán; dígame exactamente cales –case llos podo dicir eu–; dígame, o meu fillo, aos seis anos, nunha liña de galego, coa que vostedes non comulga, para espazos castelán falantes, en concreto o centro de Vigo, voulle poñer... Vostedes non quixeron avaliar esta medida como debería ser, con rigor, pero simplemente un achegamento a esta medida. Cando se reuniron primeiro as profesoras e decidiron facer esa postura, esa posición a pais e nais, os pais e nais recibíronos, moitos deles son castelán falantes, pero con esa iniciativa de achegar os nenos e as nenas do centro de Vigo, que neste momento non tiñan absolutamente ningún contacto co galego que non sexa a escola ou a súa casa, porque non hai posibilidade ningunha. Poderíamos ver todos os vídeoxogos, dígame cal podemos comprar para un neno de seis anos, cal podemos comprar, calquera marca, Wii, Nintendo, a que queira, e PlayStation, calquera, dígame cal. Entón, decídese unha liña. Estes nenos,

o meu fillo, que se chama Antón, ten un amigo que se chama Solomón, os dous foron tres anos a esta liña, e neste momento, cando os vexo xogar perfectamente en castelán, sempre penso e espero que vostede sexa quen de garantir que algún día teñan a liberdade suficiente para ter competencia e seguranza en galego. Sei, efectivamente, que o meu fillo a vai ter, pero non sei se moitos nenos e nenas deste país que non van ter o apoio e o soporte das súas casas, vostede e a súa consellería non ten ningún interese, efectivamente, en poder darlles ese soporte aos nenos e ás nenas.

Quería rematar xa porque antes dixo o deputado do Partido Popular que nós seguíamos –penso que dixo– co puño de ferro, e eu quero dicir que nós seguimos firmes, témolo moi claro. E por iso quero acabar citando a Agustín Fernández Paz, porque na Illa de San Simón, que é, efectivamente, un espazo de liberdade, un espazo recuperado para a liberdade, dixo claramente –e as súas palabras, que son algo máis que golpes de son, transmitíronse por toda a xeografía de Galicia–: “Como o seixo, como o pedernal, como os buxos que asombran aí fóra, así podemos ser, así teremos que ser nestes tempos difíciles, porque as palabras, non o esquezamos nunca, conteñen na súa cerna a forza necesaria para cambiar a vida e para cambiar o mundo”. O máis importante que lles podemos negar aos nenos e ás nenas galegas é a educación, a educación para estar no século XXI, pero nós cremos que esa educación do século XXI pasa tamén porque sexan quen de ter seguranza e competencia en galego. Está nas súas mans, tristemente, porque cremos que non vai ser capaz de que eses nenos teñan esa seguranza e poidan decidir con liberdade nalgún momento qué lingua poden utilizar; van estar, efectivamente, simplemente tras ese velo do liberalismo, eliminada a súa lingua, a lingua que herdaron dos seus avós.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Adán.

Ten a palabra o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Grazas, señora presidenta.

Vamos ver, a min gustaríame dicir dúas cousiñas. Eu entendo a posición do Bloque e, de feito, sei e sabía por onde

ía ir e sei o que reclama. Nós podemoslle dicir, dende logo, e doulle as grazas, señora Adán, por asumir, dende logo, a nosa postura, a defensa da liberdade dos cidadáns, pero de todos, de todos os galegos, non só duns poucos, de todos. E se traballamos nese eido, imos estar ao seu lado, segurísimo que non os imos defraudar; e non se preocupe que imos defender os intereses de todos os galegos. *(Aplausos.)*

Con respecto aos señores do Partido Socialista, eu quedo desarmado, porque a verdade é que vostedes falan de que contaron co consenso de todos, pero o propio Consello Consultivo recórdolle se vostede sabe o resultado e se sabe o ponente, porque, se sabe iso, xa sabe que aquí non estaba dicindo a verdade, e non lle digo máis.

E ademais dime que se digo si ou se digo non. Mire, gustaríame... Iso o deputado do Partido Popular díxoo ben claro, a ver se se aclaran, porque dentro din unha cousa, fóra din outra, en pequenos grupos din outra; iso a min desármame totalmente, si é así. E ademais gustaríame saber a súa resposta, ¿como lle chama a separar alumnos durante tres anos unicamente para recibir leccións ou clases en galego?, ¿como lle chama a iso?, porque iso foi o que fixeron vostedes, separar os alumnos. Iso fixérono en entornos, ademais, que non eran castelán parlantes, porque entón todo... ¡Home!, tráiolle aquí a orde e verá vostede os 44 centros onde vostedes separaron para... *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento..

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Iso é cinismo; o de vostede é cinismo...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Unha vez dito isto, e pido perdón, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* señoras e señores deputados, asegúrolles que o Goberno galego ten a firme vontade e que aspira a poder acadar un amplo consenso para poder aprobar un novo decreto que permita, en primeiro lugar, comprometer que o sistema educativo lles dea a todos os nenos e as nenas as competencias lingüísticas en castelán e en galego consoantes con cada nivel educativo; e asegurar que todos os alumnos sexan acollidos no sistema

educativo na súa lingua materna e introducilos progresivamente na outra lingua oficial. Por iso débolles recordar que a Consellería de Educación, dando cumprimento á promesa electoral, realizou unha consulta ás familias que vai servir de comezo de cara a ese novo decreto, que non está elaborado e por iso non os chamamos á consulta; pero non se preocupen, non adianten acontecementos, xa os chamaremos nese momento para que poidan participar en liberdade e en democracia. Esperamos contar cun diagnóstico ben axustado das inxedanzas e das opinións de pais e nais, xa que, como dicía, isto permitirá afrontar a redacción do que será o novo decreto sobre o uso do galego no ensino para que sirva por fin e de xeito real para garantir a liberdade lingüística como algo prioritario.

Asemade, señoras e señores deputados, quero expresar na Cámara galega que nesta nova etapa que se abre en Galicia na procura dun bilingüismo cordial e consensuado, a Consellería de Educación non só vai escoitar os pais e as nais; tamén está previsto coñecer as opinións dos traballadores do sistema educativo e as outras forzas políticas. Polo tanto, hai espazo todavía para acadar un acordo que permita satisfacer a todos.

A Xunta ten a vontade de propiciar o consenso, falta saber se dende a oposición hai disposición a encontrar puntos de acordo para avanzar na consecución de normativas e políticas que supoñan acatar o que quere a cidadanía.

Os centros educativos teñen que ser espazos para o coñecemento, a convivencia, a transmisión de valores positivos e a aprendizaxe de linguas, cantas máis mellor.

Convido a todos, a políticos, a pais, a nais, a docentes, a alumnas e alumnos, a toda a sociedade galega en xeral, a traballar para erradicar o conflito lingüístico das aulas e de calquera ámbito. Debemos conseguir que o uso das linguas supoña un elemento de integración e de desenvolvemento de Galicia. Non podemos perder o tempo en loitas que non conducen a ningunha parte. Todos os galegos queremos a lingua propia de Galicia, é un sinal de identidade, como pobo é un vínculo de unión entre todos, pero non podemos nin debemos renunciar á liberdade de uso das dúas linguas oficiais de Galicia.

En definitiva, este Goberno está ao lado de toda medida que busca a promoción da lingua galega, pero non das que

buscaron a imposición, que como ben saben xerou o efecto contrario do que vostedes pretendían.

Non teñan dúbida de que haberá unha defensa da lingua galega dende a Consellería de Educación. De feito, a través do departamento encargado da política lingüística o Executivo galego está a desenvolver varias medidas encamiñadas á aposta pola lingua galega e ás relacións coas empresas. Tamén para lograr unha dinamización social da lingua galega no sector infantil e xuvenil e unha activación das novas redes sociais de dinamización da lingua galega.

Precisamente, señora Adán, para que os seus fillos o día de mañá poidan ter –os seus fillos e todos os fillos da sociedade galega– eses servizos que eu estou de acordo que, se vostede os quere e quere telos, é necesario que os seus fillos o teñan.

Sencillamente, moitas grazas a todo o mundo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Lobeira, non lle vou dar a palabra, e simplemente voulle explicar por que non lla vou dar.

Non se fixeron aquí ningún tipo de xuízos –que xa sei que me vai dicir– que atentaran contra a súa dignidade. Todo o contrario, estivo vostede falando e non lle chamei a atención, e fixo un discurso en paralelo.

Por tanto, imos deixalo así e non lle vou dar a palabra. *(O señor Lobeira Domínguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non se fixo ningún xuízo que atentara contra a súa dignidade, señor Lobeira, todo o contrario. *(Murmurios.)* Fixo vostede todo o rato declaracións. Estivemos escoitando.

Non lle vou dar a palabra. Imos deixalo por esta vez así, ¿parécelle? *(Murmurios.)*

Pasamos á seguinte interpelación.

Interpelación de D. Francisco Julio Cerviño González e D. Modesto Pose Mesura, do G. P. dos Socialistas de Galicia,

sobre as previsións do Goberno galego respecto dos compromisos recollidos no Plan de mellora da atención primaria 2007-2011, así como do cumprimento dos obxectivos previstos nel

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación, ten a palabra don Francisco Cerviño González.

O señor CERVINO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señora conselleira de Sanidade, como dicimos ao inicio do texto escrito desta interpelación, o señor presidente da Xunta non dedicou nin un segundo no seu discurso de investidura á atención primaria, polo que xa temos mostrado a nosa preocupación.

Pero o que nos preocupa moitísimo máis é que vostede, señora conselleira, lle adicara exactamente vinte e oito segundos á cuestión na primeira parte da súa comparecencia o pasado venres na Comisión 5.^a; exactamente entre o minuto trinta e sete e vinte e un segundos e o minuto trinta e sete e corenta e nove segundos do filmado, porque eu non estiven alí, pero si revisei a cinta; e un segundo e cincuenta e unha décimas a citar as infraestruturas en atención primaria nunha das súas réplicas.

E isto non é casual nin neutral, señora conselleira. Obedece seguramente a unha concepción ideolóxica do sistema sanitario no que a atención primaria ocupa un lugar secundario, a unha concepción hospitalo-centrista –teño para min– e, sobre todo, a un premeditado intento de fuxir da política, de tratar de converter a cuestión sanitaria nunha cuestión técnica neutral. En definitiva, de arredar o debate político da sanidade ou arredar a sanidade do debate político.

Xa sabe aquilo que se lle atribúe a Franco: “*Haga como yo, no se meta en política*”. Pero non. Primeiro fíxoo vostede de maneira explícita dicindo aquilo tan elegante de que o debate público-privado é un debate casposo. Ou no café de redacción no xornal, cando dixo: “A disxuntiva entre o público e o privado é ficticia nestes tempos”.

Que lle quede claro, conselleira, e tamén aos membros da Cámara, diso nada, e tomen nota.

Teño para min, señora conselleira, que esas declaracións puxérona a vostede nunha situación dentro do seu Goberno e do seu partido un pouco delicada, tampouco nada dramática. Digamos –permítame o chiste– de caspa caída, por imprudente, por sincera, se se quere, por non ocultar o que non se pode dicir. Entón pasou vostede ao plan B, discurso técnico e achique de espazos.

Apropiarse do discurso do adversario, algo moi coñecido e no que un ilustre antecesor seu no cargo –por quen, por certo, teño un gran aprecio persoal, seguro que vostede tamén, o señor Romay Beccaría– era un mestre. E así a súa intervención do pasado venres na Comisión 5.^a é un intento descarado de fuxir da política, agás que a política se entenda como exclusivamente darlle algunhas lanzadas ao adversario. O adversario que estamos xa noutra posición, señora conselleira, xa non estamos en San Marcos, estamos agora no pazo do Hórreo. Polo tanto, cando vostede larga a lanza a San Marcos, dá no aire; alí non hai ninguén a quen lanzar. Estamos aquí, señora conselleira.

Porque o seu discurso foi un discurso dende logo cheo de tópicos e lugares comúns, como ben lle dixo o portavoz de sanidade do meu grupo parlamentario, o señor Pose Mesura, e cheo de adanismo, como el mesmo lle recordou. O que non é posible, o adanismo en sanidade é imposible, porque o que sucede en verdade é que as reformas en sanidade xa non son un proceso cun principio e un final; son un movemento continuo, en realidade é un *continuum* e así levamos décadas, señora conselleira, levamos realmente décadas nesta situación.

Vostede está a facer un discurso no que a atención primaria brilla pola súa ausencia, cheo de lugares comúns e de mantras, e que levamos ouvindo e practicando, por certo, preto de trinta anos –tamén por nós–, preto de trinta anos.

Promoción de hábitos saudables, rigor, honestidade. Isto da honestidade é realmente unha cousa nova que introduce vostede no discurso, no discurso sanitario, pero é obvio a honestidade de informar toda a función pública. O que me preocupa é que realmente pense vostede que vostedes son os únicos honestos, porque esa é unha idea excluínate do adversario político e sabe vostede a onde pode acabar conducindo ese pensamento.

Xestión eficaz e eficiente. Isto díxoo vostede sete ou oito veces. Gran descubrimento este. Está na primeira páxina de todos os cursos, cursiños de PPO e pasantías de xestión de calquera empresa.

Xestión máis adecuada ás demandas da poboación. Iso está moi ben, sobre todo é moi concreto: os cidadáns usuarios pacientes son a nosa razón de ser. Menos mal, pero todos levamos dicindo o mesmo trinta anos.

Sóalle: ¿"A túa saúde é a nosa procura"? Unha frase que a min desde logo non me parece demasiado afortunada, pero que, en todo caso, foi o slogan principal da anterior consellería do anterior Goberno. É similar e vén dicir o mesmo, ¿verdade?

Potenciar os programas preventivos, tamén é moi novidoso. Seica lle van poñer á xente a vacina do papiloma; falou algo do pneumococo, menos mal que non nos citou o serotipo.

Reducir o consumo do tabaco e bebidas alcohólicas. Límite os dezaioito anos. Esta é unha medida concreta, a máis importante. O único importante realmente que vostede dixo ese día, e que foi recollido polo tanto polos titulares da prensa. Pero vostedes chegan a esa conclusión con trece anos de atraso.

A vixente Lei de drogas, que foi votada en contra polos socialistas no ano 1996, exclusivamente por iso, porque vostedes –eu era poñente, seino ben– negáronse a subir a idade aos dezaioito anos como nós esixiamos e deixárona en deza-seis anos. Efectivamente, por esta razón, está ben. Benvidos a esa cuestión. Estamos de acordo e non llo vou reprochar, simplemente recordo esta cuestión.

Por certo, o viño ten ata quince graos de alcohol. ¿Van vostedes seguir mantendo que o viño é un alimento, por moito que o diga a Unión Europea? Esa absoluta barbaridade, ¿van vostedes seguir mantendo iso? Espero que non.

Dixo vostede: compromiso de solucionar os problemas no menor tempo. Como idea forza é realmente magnífica.

Xestión por procesos, políticas eficaces en investigación. Novos modelos de xestión. Isto xa me preocupa máis, novos

modelos de xestión, iso preocúpame máis. Non sei que habérra detrás disto. Estaremos atentos.

E seguimos sen falar de atención primaria.

Contabilidade analítica. ¡Dios mío, a estas alturas e aún con isto!

Cando eu era pequeno nestas cuestións da xestión sanitaria xa falabamos da contabilidade analítica. Vostede pono enriba da mesa como unha novidade. Aínda estamos con isto.

En realidade só boto en falta, señora conselleira, unha cousa, só lle faltou falar de Keynes; é realmente un fallo imperdoable para que todo resultase exquisitamente técnico, Keynes.

E todo isto e moito máis, como no circo americano acompañado dos correspondentes mantras de separación do financiamento e prestación –gran falacia– ou que hai que mellorar a coordinación de primaria e especializada, quen, sen deixar de ser certo, como a Lei da gravidade, non é o bálsamo de Fierabrás.

¿Que hai detrás deste intento de tecnificar o discurso, de achicar o espazo, de despolitizar o debate deste discurso seu? Hai unha axenda oculta, privatizadora, para entregar unha gran parte das novas grandes inversións de centos de millóns de euros, de centos de millóns de euros á iniciativa privada.

E neste negocio a atención primaria non conta, ao menos inicialmente, porque só representa, deixando fóra a farmacia, o 15% do presuposto.

E agora si, agora non son intentos máis ou menos académicos de introducir a competencia, o mercado interno do señor Romay nos hospitais, entre os hospitais nos anos noventa.

Agora vostede ten un modelo, o modelo de Madrid ou o modelo de Valencia. Pero centémonos no modelo de Madrid, o modelo Aguirre, que entregou a explotación, non só a construción, señorías, senón a explotación dos oito últimos hospitais feitos en Madrid ás construtoras como Sacyr

Vallehermoso, Dragados y Construcciones, Ferrocarriles y Contratas, Acciona. Insisto, non para construílos, senón para xestionalos, para explotalos, para sacar beneficios, cos que, por certo, comprar a cristianos ronaldos e outros caprichos. (*Murmurios.*)

Si, si. O señor Florentino Pérez ten algo que ver con algunha destas empresas, non lles caiba ningunha dúbida. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si. ¡Claro que si!

Nós os socialistas advertímoslle, señora conselleira, que non imos permitir que se comercie coa saúde da xente, non o imos permitir na medida das nosas forzas. Moitos de nós levamos toda a vida, señora conselleira, toda a vida neste combate, e utilizo a palabra apropiadamente, “combate”, neste combate. E nese camiño a continuidade do Plan de mellora de atención primaria ten un papel esencial, xoga un papel esencial. Por iso esperamos con interese as contestacións polo miúdo das cuestións que lle plantexamos, que vostede coñece.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Cerviño.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade, dona María del Pilar Farjas Abadía.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): Boas tardes a todos.

Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

Señor Cerviño, hai un mes que contestei á súa pregunta sobre o mantemento da vixencia do Plan de atención primaria. Hoxe non vou repetir a miña comparecencia na Comisión 5.^a, pero si quero recordarlle que hai soamente corenta ou cincuenta días que vostedes tiñan a responsabilidade de decidir no ámbito da sanidade galega, entre elas a decisión de aumentar a idade límite para a venda e o consumo de alcohol e non o fixeron, non o fixeron. (*Aplausos.*)

Recordará que na miña contestación xa informaba que dende o Goberno da Xunta e a Consellería de Sanidade pen-

samos manter todas as iniciativas e acordos que demostrasen servir para mellorar a saúde e o benestar dos galegos e galegas se son sostibles dende o punto de vista económico-financeiro, e nun marco de rigor e austeridade. Esta palabra olvídoselle repetila. ¡Austeridade!, pode gravala e marcala fixamente.

É máis, realizaremos as actuacións necesarias para garantir a prestación dunha atención sanitaria accesible, equitativa, de calidade e provista nun tempo aceptable.

Antes de analizar as medidas que temos previsto desenvolver na presente lexislatura, quero facer unha somera análise do que estamos a falar. O Plan de mellora da atención primaria que vostedes deixaron escrito –xa di o refrán que o papel sopórtao todo– parte dunha situación irreal, idílica, utópica; nin máis nin menos que o que fixeron con outros moitos proxectos, catro anos perdidos debatendo en grandilocuencias namentres se paralizou o importante. Un plan que provocou un aumento significativo do gasto público e non se acompañou dunha mellora de calidade asistencial, non se priorizou o realmente importante á adecuación das estruturas e faltou a coordinación entre a atención primaria e a atención especializada. O que hoxe está a dificultar a continuidade asistencial.

Nos últimos catro anos o gasto do capítulo I en atención primaria foise incrementando nun 10% con respecto ao gasto do ano anterior. No ano 2009, no presente exercicio presupostario, de continuar esta tendencia alcanzaremos un incremento maior. Así o capítulo de persoal para este ano foi dotado por 442 millóns, é dicir, 6,54% de incremento sobre o orzamento de 2008. A 31 de maio a taxa que nos atopamos de crecemento acumulativo interanual é do 14,4%, que, de manterse así, conlevará un déficit no capítulo I ao final do ano de 22 millóns.

O sistema de incrementos retributivos derivados dos últimos acordos trouxo consigo subidas importantes do gasto que quedaron á marxe dos orzamentos, provocando que o déficit do capítulo I ano tras ano se financiara de maneira irregular, recorrendo sistematicamente a conceptos que tiñan outro cometido. Aínda así o déficit creceu de maneira incontrolada, crearon unha expectativa de incrementos retributivos, á marxe dos recursos económicos dispoñibles, nunha verdadeira perversión do sistema.

Por outro lado, e tendo avanzado un borrador para a implantación da carreira ordinaria, non se realizou ningunha estimación económica que sustente o dito borrador, e moito menos se estableceu partida orzamentaria que avale a súa pronta implantación. A pesar dos investimentos e aumentos do persoal, a percepción dos profesionais e dos cidadáns non é dunha mellora paralela no seu traballo e na súa atención. Apareceron –como lles dixen– as listas de espera na atención primaria e os profesionais atópanse con situacións de intersubstitución, o que supón unha sobrecarga de traballo e deterioro da calidade asistencial.

Respecto das infraestruturas, a pésima xestión provocou que o tan manido Plan de infraestruturas de atención primaria non se concretara na realidade. Así non foron quen de facer realidade ningún dos centros de saúde prometidos para solventar a mala estimación de prazos nas obras nos centros de saúde, que tería como consecuencia a falta de execución no presente exercicio e o estrangulamento orzamentario dos seguintes; estamos a revisar os proxectos e a realidade de desenvolvemento das obras para poder facer unha reasignación orzamentaria consecuente ao estado de execución real.

E para completar este escenario das contradicións entre as promesas e a realidade van permitirme facer mencións a algunhas das propostas contidas no documento *“Propuestas de transformación de la atención primaria de Galicia”* –feito e escrito en castelán, por certo–, que con data 26 de febreiro firmaba o anterior Executivo. Un documento elaborado por un grupo de expertos designados polo anterior secretario xeral que parece ser que tiñan un amplo coñecemento da situación galega, por certo dende Madrid ou Cataluña. Un documento que lles invito a estudar e do que vou ler dúas perlas, por exemplo, propón a introdución de barreiras e filtros que permitan modular e racionalizar a demanda na atención primaria –páxina 22–. Espero que non estean a propoñer aumentar aínda máis as listas de espera na atención primaria; desde logo, tampouco espero que estean a falar de barreiras arquitectónicas nos centros de saúde. E, por exemplo, a segunda, que os PAC en Galicia prestan unha atención de escasa eficiencia, son propostas e afirmacións contidas no seu documento. Nós defendemos que a mellor política sanitaria é aquela que inviste no mantemento da saúde, e por iso consideramos estratéxico coidar e promocionar a boa saúde, potenciar os programas preventivos, especialmente os dirixidos a adolescentes e adultos. Só así se pode conseguir pre-

vir os problemas de saúde, ademais de contribuír a eliminar as desigualdades asociadas a factores sociais, económicos ou medioambientais. Ademais, reitero, temos o compromiso de solucionar os problemas no menor tempo posible e o máis cerca do cidadán, pois temos que ser conscientes do valor do tempo das persoas sans ou enfermas. Por iso debemos traballar para mellorar a capacidade de diagnosticar e tratar nos mínimos contactos, aportando valor en cada visita, evitando aos pacientes hospitalizacións prescindibles e actuacións innecesarias.

Para mellorar a atención aos problemas de saúde imos desenvolver programas de mellora asistencial. Garantiremos a continuidade asistencial primaria, especializada e sociosanitaria –tamén olvidado no último Goberno– a través de melloras organizativas e mediante a integración asistencial de dispositivos e recursos para alcanzar operatividade e sintonía. Procuraremos o consenso asistencial entre niveis e entre especialistas no diagnóstico e tratamento de enfermidades e o compromiso a través da xestión por procesos. E para iso aplicaremos mellor as organizativas e funcionais de integración de dispositivos e recursos de xestión por procesos que empezarán e rematarán en atención primaria. É dicir, perseguimos garantir a continuidade asistencial primaria, hospitalaria e sociosanitaria.

A nivel organizativo imos levar a reordenación territorial dos órganos directivos mediante a creación das direccións de áreas, integración das xerencias hospitalarias de primaria e direccións provinciais. Queremos dotar de maior capacidade de xestión e decisión os equipos profesionais, aumentando na atención primaria a capacidade resolutiva e prestando un soporte tecnolóxico adecuado ao seu papel xestor de saúde do cidadán. E como xa dixen na miña comparecencia na Comisión 5.^a, en Galicia nos últimos anos incrementouse timidamente un 3% a prescrición de xenéricos.

É preciso pór en marcha un plan de racionalización do gasto farmacéutico. Crearemos un sistema de información sanitaria integrando todos os sistemas parciais, buscaremos o apoio necesario das novas tecnoloxías, promoveremos a implantación definitiva da receita electrónica, seguiremos traballando facilitando o acceso á documentación e formación científica de todos os profesionais a través de bibliosaúde ou repositorio. Imos potenciar a utilización da infraestrutura de vídeoconferencias e as vantaxes das TIC, non só

para actividades de docencia e investigación, senón tamén para o resto de actividades nas que poida ser de interese, sempre que se poida diminuír as reunións presenciais. Mantemos e melloraremos o apoio á investigación en coidados en enfermería. Ademais do impulso dende a Subdirección de Docencia, Investigación e Innovación, a área de coidados contará cunha subdirección que potenciará os sistemas de calidade, a mellora continua e a xestión da satisfacción do cidadán.

Non teñan ningunha dúbida, completaremos a implantación do Lanus, da receita electrónica. En definitiva, é intención da consellería non só manter as melloras na atención primaria, senón artellar os cambios necesarios na organización do Servizo Galego de Saúde para acadar este obxectivo. Obxectivo que non é outro —como xa dixer— que prestar a mellor atención sanitaria posible no marco da actual situación económica na que nos atopamos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Grupos parlamentarios que queiran intervir. *(Pausa.)*

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego dona Ana Luisa Bouza Santiago.

A señora BOUZA SANTIAGO: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, señorías, eu creo que estamos no momento, polo que pasou esta mañá, polo que está pasando, dunha aparente redefinición de conceptos básicos nos que nós criamos que nos entendíamos. Pois de empezar a miña intervención definindo o que nós entendemos sobre uns conceptos básicos dos que falamos continuamente no debate sanitario, clarificando tamén de onde partimos cando falamos das cousas, porque tamén ás veces parece que hai acordos sobre estas xeneralidades, e esta mañá vimos que cando entramos no detalle pois xa non hai acordo.

Cando no Grupo Parlamentar do BNG falamos de sanidade pública falamos dun conxunto de servizos sanitarios que dependen na financiación e na xestión dos gobernos, de gobernos que ademais planifican, fanse responsables da planificación das políticas de saúde pública. E cando falamos

de como concepto contraposto —aínda que lle pareza a vostede casposo a estas alturas— de sanidade privada, estamos falando de servizos sanitarios prestados por empresas privadas que con toda lexitimidade teñen como obxectivo fundamental gañar diñeiro, ¡con toda lexitimidade!

Para o BNG a atención primaria é o eixe do sistema sanitario público e, por unha banda, a porta de entrada ao sistema sanitario; e nós cremos que debe ser o lugar de resolución da maioría dos problemas que a cidadanía demanda, solución do sistema sanitario. E, por tanto, para nós o investimento en atención primaria é menos que ningún outro un gasto, e máis que ningún outro, dentro do ámbito da sanidade pública, necesario. Necesario porque ten ademais, segundo o noso punto de vista, un efecto inmediato na resolución de problemas que nestes días parecía que viamos todos que eran comúns, importantes da sanidade pública: as listas de espera, a sobrecarga das urxencias hospitalarias, o gasto farmacéutico; e outros que atacan, que afectan de maneira clara a sostibilidade do sistema sanitario público, tal e como o BNG o entende.

Dentro deste investimento na atención primaria, nós cremos que é fundamental a modernización dos procesos, a mellora da accesibilidade pola incorporación das novas tecnoloxías da información, o medre da capacidade resolutiva das e dos profesionais da atención primaria, reducindo a poboación por cota, ampliando a carteira de servizos, mellorando as axendas de citación e os protocolos de xestión de procesos, facilitando o acceso dos e das profesionais á formación continua. Tamén cremos que debe ser un eixe deste investimento a combinación dunha maior autonomía de xestión dos servizos na atención primaria cunha maior coordinación co hospital, a través da xestión sanitaria por procesos clínicos.

Cremos tamén que é fundamental a ampliación do papel da enfermería a cuestións de saúde para as que a enfermería está capacitada tanto legal coma profesionalmente, nomeadamente no tratamento de crónicos, na prescrición, na atención domiciliaria e na relación entre a sanidade e os servizos sociais. Creemos que se deben potenciar os puntos de atención continuada como dispositivos de atención ás urxencias, que axude tamén a liberar as urxencias hospitalarias.

Pois ben, para nós o Plan de mellora da atención primaria 2007-2011, a pesar de recoñecer algúns atrasos e dificult-

tades, algúns maiores que outros, está a ser en Galiza un elemento crucial de mellora da atención primaria. Recolle moitas destas liñas de actuación que forman parte do programa do BNG no ámbito sanitario, e nós consideramos que é imprescindible. Foi ademais xestado dende o consenso entre administracións, sindicatos e asociacións profesionais. Contén elementos importantes de modernización da sanidade pública galega e da mellora da atención primaria en Galicia: en creación de novas prazas, a finais de 2009 estarán consolidadas o 65% das novas prazas previstas no plan; en mellora da capacidade resolutiva, co desenvolvemento da historia clínica electrónica; en mellora de equipamentos do centro e de previsión de dotación de novos centros; na concreción dun cronograma para a implantación da receita electrónica; en concreción de datos e de datas. Cando se concretan datos e datas tamén se corre o risco de non poder cumprilos; dende logo é imposible incumplir o que non se concreta, e en xeneralidades imos estar sempre de acordo, pero hai que entrar no detalle. Un Goberno ten a obriga de entrar no detalle.

Cremos que o Plan de mellora de atención primaria é un programa de país, un proxecto de país, que como noutros temas de sanidade ten que ir máis aló dunha lexislatura, máis aló dun partido, como deben ser todos os proxectos da sanidade pública. Máis aló das declaracións de principios en concrecións, cando entramos en detalle estamos a ver as limitacións da aposta do partido que sostén o Goberno. Desa aposta teórica pola sanidade pública e demostrárono esta mañá negándose a apoiar a moción sobre as infraestruturas sanitarias. Cando entramos no detalle aparecen as diferenzas, neste caso é toda a cidadanía galega a que está afectada directamente pola continuidade no concreto ou non deste Plan de mellora 2007-2011, que está neste momento no ecuador da súa execución.

E parécenos moi importante, señora Farjas, que responda no detalle, no concreto de cada pregunta. Será se responde favorablemente, creo eu, cre o meu grupo parlamentario, unha tranquilidade para as galegas e os galegos, e se responde que non, é a súa responsabilidade ofrecer alternativas, sabemos que vostede é unha muller con coraxe e animámola a ter o valor de dicir o que pensa de cada unha destas medidas, non só de amagalo como está facelo nas últimas respostas.

Nesta interpelación fanse compromisos moi concretos, ¿mantén o Goberno o compromiso concreto de creación de

prazas estimado?, ¿mantén o Goberno o compromiso de dotación de recursos informáticos para a docencia?, ¿mantén o Goberno o compromiso de acceso ás publicacións electrónicas?, ¿mantén o Goberno o compromiso de completar a dotación de infraestruturas?, ¿mantén o Goberno o Plan de apoio á investigación?, ¿mantén o Goberno o compromiso de mellora dos procesos de prescrición?, etc.

Só ten que dicir, si mantén, ou non, non o mantén, e tamén lle pedimos que se di que non o mantén que nos diga cal é o proxecto alternativo, se é o que o teñen. Incluso se aínda non é posible adiantar respostas concretas, porque está todo en estudo e en revisión, como nos está dicindo ultimamente, polo menos díganos cando van estar en condicións de dar respostas concretas, porque bueno, tiveron xa tempo, vostedes son xa coñecedores da situación da sanidade, teñen propostas programáticas, e o que queremos é que iso se converta en cuestións concretas para que nós tamén poidamos avalialas e poidamos, con todo cariño llo digo, darlles o noso apoio; esperamos que poidamos darlles o noso apoio.

Unha vez máis volvo dicirlle, como lle digo sempre nas miñas intervencións, que na defensa da sanidade pública vains ter do seu lado. Pedímoslle, señora conselleira, concreción, ten unha oportunidade con esta interpelación de concretar.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Bouza.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra don Rosendo Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías, conselleira de Sanidade, conselleiro de Educación que nos acompaña, señorías, boas tardes.

Señor Cerviño, eu non sei se estaba falando vostede do que veu a aquí, que era ao que viñamos, que era o Plan de mellora de atención primaria de 2007-2011, previsións e compromisos. Vostede falou máis da privada, non sei se foi un lapsus vocal ou o que pasou, pero mire, tamén lle vou dicir outra cousa, tan preocupado está vostede de que ningún

responsable deste Goberno se refira á atención primaria, e vostede dedicoulle dez segundos de dez minutos, busque vostede o tanto por cento que significa.

Mire, está probado que un sistema sanitario, e niso estamos todos de acordo aínda que haxa trinta anos que o estamos dicindo, é máis eficiente canto máis desenrolada está a atención primaria, obtén mellores resultados e ademais é máis barato. Se a atención primaria ademais é resolutiva, como queremos todos que sexa así, un hospital pode orientar os seus recursos a resolver outras patoloxías, que tamén lle vén ben. Se a isto lle sumamos o que vostede di, señor Cerviño, que está preocupado pola non referencia do Goberno á atención primaria, e vostede só lle dedica iso, segundos, pero di que é importante, e a señora Bouza dinos aquí, con moi bo tino, que é o eixe do sistema sanitario a atención primaria, a moralexa está clara, aquí sentimos todos unha carencia polo inmutable e unha tendencia á repetición, ¡pois si, estamos de acordo!

Pero miren, señorías, estamos en que a atención primaria foi un elemento clave, e isto non o podemos ocultar, do desenvolvemento do sistema nacional de saúde. Cos anos xa transcorridos desde o inicio da reforma da atención primaria, e dados os cambios ocorridos neste tempo, cambios, hai que dicilo todo, de carácter tecnolóxico, epidemiolóxico e mesmo demográfico, hai experiencia dabondo que pode avaliar esta aportación.

Miren vostedes, o desenvolvemento da atención primaria do novo modelo de atención primaria en Galicia, baseado no Decreto 200/1993 –que por certo aquí estamos dous das bancadas populares, tres mellor dito, porque tamén está aquí o señor Negreira, que tivemos a responsabilidade e a honra de participar activamente–, supuxo un avance sen precedentes ao dotar os centros dunha mellor infraestrutura física, incorporar novas prestacións e organizarse xeográfica e funcionalmente no que lle chamamos unidades de atención primaria dos servizos de atención primaria e dos puntos da atención continuada, os famosos PAC.

¿Que vou dicir eu da atención primaria? A experiencia dime que de sempre a atención primaria trata de forma integral os problemas de saúde do individuo para adecuar un funcionamento que adecúa e condiciona despois a atención especializada.

Pero señores, señorías, hai problemas, sabemos que hai problemas que debemos entre todos velos como oportunidades de mellora. E eu aplaudo aquí que no ano 2006, en novembro de 2006, e vostedes empezaron a gobernar en agosto de 2005, se dean conta despois de quince ou dezaseis meses de facer unha proposta. Ou sexa, estiveron quince meses víndoas vir, e entón fan unha proposta que se plasma na creación de tres grupos de traballo de expertos, ¡coidado cos expertos!, como din os ingleses: “*Dudo del gobierno de expertos, en todo caso el experto al lado pero nunca encima*”. Pois vostedes o que fan é propoñer medidas de mellora, que lle tratan de chamar a reforma da reforma da atención primaria, e poñen tres grupos de traballo, como digo, sobre recursos humanos, sobre calidade e sobre desburocratización.

Miren vostedes, calidade, de calidade dende logo hai unha longa experiencia de mellora continua da calidade, oímos falar da calidade asistencial, da calidade da prescripción, da calidade percibida, dende logo non se descubriu a calidade da última lexislatura, ¡non! Xorde o plan de mellora coa esixencia destas formas de traballo e plásmanse obxectivos, por parte do Servizo Galego de Saúde, por parte do Servizo de Atención Primaria, das unidades de atención primaria, e miren vostedes, como perderon dezaseis meses, desas corenta e sete follas que é o proxecto de país que di a señora Bouza, as corenta e sete follas do Plan de mellora din que o 2007 o dividen ata xuño, e despois de xuño, debe ser para recuperar o tempo perdido, e fan obxectivos para o 2008 e para o 2009.

Mire, xa non vou entrar no 2007 e no 2009, que non lles deu moito tempo, pero si, constitúese esa comisión, e cando unha comisión de seguimento avalía a última vez, alá polo último outono, ¿sabe o que fixeron de titular, o que deron como titular?: “Analizamos un plan de desmelloramento da atención primaria”, ou sexa, non vai moi ben encamiñado ese proxecto de país.

Polo tanto, quero dicirlle que á parte de non cumprirse é un plan, señor Cerviño, que está coxo. Mire, ese plan de corenta e sete follas non fai para nada fincapé do gasto farmacéutico. Como ben vostedes saben, o gasto farmacéutico imputáselle á atención primaria maioritariamente, ben é verdade que moito é inducido, é inducido pola especializada, pois a nula xestión fíxose e faise e recolle ese plan de mello-

ra. Se sabemos e pensamos que o presuposto sanitario é case un tercio do presuposto da Xunta, e que o gasto farmacéutico é máis do 25% do presuposto sanitario, eu creo que estamos falando de algo importante, de algo importante que vos tede non lle está dando valor. Se ademais sabemos que en maio de 2009 máis de 71 millóns de euros en Galicia, que significou o 6,11% máis que en maio de 2008, eu creo que estamos falando de cifras importantes para recoller [...] o medicamento e non o fai.

Dicía a señora Bouza o outro día na Comisión que se preguntaba por que non había unha política sanitaria farmacéutica sobre xenéricos, e que non houbo, efectivamente non houbo, é máis, suprimíronse os incentivos aos xenéricos da última lexislatura, como ben xa llo dixeran.

Mire, eu quería referirme a algo, houbo un Goberno bipartito e eu xa quería esquecer o do Goberno bipartito, pero teño que referirme a el, porque miren..., ¡si si, señora Pontón, teño que referirme a el! Mentres a conselleira de Sanidade era socialista e traballaban por unha banda, vostedes os nacionalistas ían por outro revés. E mire, ¿sabe o que pasaba? Solicitude de ingreso de residencias para maiores, a buscar o certificado médico; solicitude de acollimento no domicilio a unha persoa maior ou minusválida, ir ao médico cun papeliño destes; recoñecemento de minusvalía ir ao médico; axuda non periódica para discapacitados ou maiores, ir a buscar o certificado ao médico; teleasistencia domiciliaria, informe do médico de primaria; solicitude de ter o baremo social, ao médico de primaria; programa de turismo social para persoas maiores, médico de primaria; informe médico para a valoración da dependencia funcional, ao médico, se tiña menos de tres anos e con outro papel se tiña máis de tres anos esa dependencia; nadar entre amigos, ao médico co papeliño —están todos aquí, ¡eh!—; programas para respiro familiar, vaian vostedes ao médico de primaria; informes e certificados para as galegoescolas, vaian vostedes ao médico e que lles faga o certificado; probas físicas e exame de policía, gardas civís e seguridade, vaian ao médico; para traballador de incendios na famosa Seaga, vaian ao médico.

Señor Suárez Canal, eu sei que disto vostede non ten culpa, pero os de Seaga xa eran máis atrevidos, os traballadores que ían a Seaga dicían: non, tenlle que poñer o certificado e este papeliño e en galego, porque se non nos vale. Dígame o que fixen eu, e fixen unha protesta á primaria.

Pero bueno, que lles vou dicir, vostedes tiñan, señores socialistas, un espontáneo que por detrás ía con todos estes certificados, que son uns cantos, ao médico de primaria e o plan de mellora recollía a desburocratización, e resulta que vostedes o que facían era burocratizar.

Señores, señorías, miren, houbo un sindicato médico que por respecto non o vou dicir aquí, pero que eu comparto toda a súa filosofía, que fixo unhas alegacións ao plan de mellora. Primeiro, non se abordou valentemente o principal condicionante da asistencia, que é a sobrecarga asistencial, ¿por que? Porque a burocracia aumentou e a presión asistencial seguiu. Segundo, non se concretou o número de prazas que se ían crear por ano, senón que se deu unha cifra global por quinquenio, polo que o cumprimento podería demorarse outra lexislatura, baste recordar que con data 3 do 4 do 2007 o anterior presidente, o señor Touriño, dixo: “300 facultativos reforzarán os centros de saúde en cinco anos” ¿Onde están? Primeiro, xa lle fallaron os anos, a previsión dos anos, pero, ¿onde están en proporción eses 300 facultativos? É que non os fabrica a facultade de medicina, ademais, entón era imposible aportar iso, pero di que algo queda.

As cifras presupostarias destinadas á atención primaria, que se corresponden con decisións de crecemento adoptadas polo xestores do Sergas, decreceron de 14,8 no 2005 a 6,6 no 2007. Non se concretou o tema da intersubstitución, algo recollido nese plan de mellora, fixéronse dezanove contratos do 2007 e vinte contratos do 2008.

A receita multiprescrición e a problemática dos partes de IT, de incapacidade transitoria, pois non se falou nada deles, díxose que se trasladan ao ministerio porque son de competencia estatal, e sen embargo aquí si que poderíamos ter unha tarxeta sanitaria propia, é unha bonita forma de poñerlles deberes aos demais, non tanto como di o señor Patxi...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Conclusión, un momentito, só un segundo, señora presidenta.

A atención primaria debe influír no sistema sanitario para que sexa eficiente e sostible, e temo que a palabra de eficiente non lle gusta moito ao señor Cerviño. Non se logra

ser máis eficiente en xestión alardeando dun plan de mellora a base dun presuposto de 63 millóns de euros, porque entre outras cousas coincidía coa liga das estrelas, economicamente falando. 63 millóns de euros para esa liga das estrelas da economía, pois non era nada, os presupostos deben e teñen que estar vinculados á concreción de obxectivos.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ... claro, dende logo non serviu para nada.

Moitas grazas, señora presidenta, moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para a rolda de réplica ten a palabra o señor don Francisco Cerviño González.

O señor CERVERA GONZÁLEZ: Grazas, señora presidenta.

Señorías, señor conselleiro, hoxe e onte houbo aquí unha verdadeira anomalía, falouse moito máis do Goberno anterior que deste Goberno. Non me refiro a esta interpelación, que tamén, senón en xeral, e isto é absurdo e desvirtúa o Parlamento, non lles caiba ningunha dúbida. Eu, señora conselleira, non vou contribuír un ápice a este modelo de parlamentarismo, nin un ápice a este modelo de parlamentarismo, nin un ápice.

E teño moi poucas esperanzas de que os seus compañeiros do Partido Popular, que non de grupo, que vostede non pertence ao Grupo Popular, cambien esta actitude, porque na VI lexislatura, dezaseis anos despois do Goberno tripartito, que apenas gobernou dous anos, dezaseis anos despois, vostedes seguían –os señores deputados daquela, algún hai por aí–botándolle a culpa ao Goberno tripartito de todos os males do país.

Pero, claro, só dicirlle dúas cuestións moi breves, señora conselleira, por aquilo de que quen cala outorga, e non vaia ser o demo. Mire, só dous datos en relación coa evolución dos cupos de médicos de familia, tomando, como podíamos tomar, pediatría ou outros. Pero, mire, no ano 2005 con cupos con máis de 1.751 cartillas, había 345, que supoñían máis ou menos o 20%, e no ano 2008 só –ese “só” entre

comiñas– quedaban 38, que supón aproximadamente o 13%. No ano 2005 cupos entre 1.251 e 1.500 cartillas, había 339, que supoñían o 20%, o 19,98% –xa llo dixen o outro día–, e no 2008 hai 658, o 35,37%. O reparto entre 500, 1.000 e 1.200 está practicamente igual. Polo tanto, este é un dato inequívoco que obviamente só obedece, dado que a poboación non diminuíu, a un aumento dos médicos.

E outra cuestión. Na *Revista* –que o outro día llo dixen moi rápido– *Cadernos de Saúde 2000, Cuadernos de Salud 2000*, hai un traballo de febreiro de 2009, “*Evaluación del desarrollo de planes de mejora de la atención primaria en las comunidades autónomas*”, no que veñen clasificadas, ponderadas por unha serie de medidas, seguro que vostede pode acceder a esta publicación, onde na ponderación das medidas de mellora por Comunidade Autónoma o primeiro lugar ocúpao Galicia, con 23 puntos, o segundo Navarra, o terceiro Baleares, o cuarto Cantabria, o quinto Extremadura, o sexto Andalucía e o sétimo Murcia, que é a primeira comunidade do Partido Popular que aparece con 14 puntos. Non sei se terá que ver coa ideoloxía dos gobernos, pero aí está este dato. Non quero tampouco insistir moito máis nesta cuestión.

Sen negar unha diminución dos ingresos por impreviibles, porque todos os gobernos, a OCDE, a Unión Europea, o Banco Mundial, o Fondo Monetario, reduciron e seguen reducindo á baixa desafortunadamente os ingresos, vostedes fan enxeñería financeira –bueno contable, non financeira– para xustificar a redución do gasto social, en vez de xustificar, e para xustificar a posible –imos deixalo en posible, señora conselleira– entrega da xestión pública a negociantes amigos de Esperanza Aguirre. Polo menos de Esperanza Aguirre, iso é seguro.

Mire, permítame darlle un consello con toda humildade, que xa llo din ao señor Hernández Cochón e non me fixo caso, porque el dicía que todo estaba magnífico, que tiña un presuposto excelente, que todo era extraordinario, e claro, logo o presidente Fraga e o conselleiro Orza non lle daban cartos; porque vostede sabe que con ese conselleiro que ten ao seu lado terá que darse codazos para conseguir o maior presuposto, iso é normal, *es la vida misma*. ¡Pois si, si, é así, é así, non lle caiba ningunha dúbida! ¡Si, si, señor conselleiro, si! Non sexan vostedes inxenuos. Terán que darse codazos.

Entón eu o que lle digo, o meu consello, é que pete enriba da mesa, que lles esixa, no bo sentido da palabra, no sentido político, ao presidente Feijóo e á señora conselleira de Facenda que lles esixa un maior presuposto para sanidade, porque é un problema de prioridades. Se diminúen os ingresos vostede faga que o peso do presuposto en sanidade aumente, señora conselleira, é posible que supere con claridade o 30%.

E remato, señora presidenta.

Advirtollo con lealdade, advertímosllo con lealdade, señora conselleira. Imos facer unha oposición razoable no día a día, non teña ningunha dúbida, e non quero mirar para atrás. Razoable no día a día, pero nas cuestións esenciais, ideolóxicas, ideolóxicas, imos facer unha oposición implacable, non lle caiba ningunha dúbida, señora conselleira.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Cerviño.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía): Moitas grazas, señora presidenta.

Comezaba a miña intervención analizando algún dos resultados acadados polo Plan de mellora de atención primaria, intentando solventar a desmemoria selectiva, tanto é así que olvidaron que hai soamente unhas semanas estaban a gobernar. Olvidaron por exemplo os 220 millóns de euros que o Goberno do Estado español tiña que transferir á Comunidade Autónoma galega para financiar a sanidade. Olvidaron claramente algunhas das propostas que vostedes deixaron por escrito e que vou ler, porque de verdade que merecen a pena.

Miren: *“La sobrecarga asistencial de los servicios de atención primaria se deriva en buena parte de una utilización excesiva de los servicios, que es la consecuencia entre otros factores de una accesibilidad probablemente excesiva. Están proponiendo que cerremos centros de salud”*. Pero isto escrito por vostedes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Seguimos: *“Se hace necesaria la introducción de barreras y filtros”*. Volvo insistir, deben estar falando do copago. *“Se requieren además cambios organizativos, algunos de los cuales representan cambios culturales en la forma de prestación de servicios. No sé si serán privados o públicos. Para tener éxito necesitamos de la implicación colectiva. Los servicios deben evolucionar paulatinamente a fórmulas de autonomía de gestión cada vez más amplias. Ello debe acompañarse en la realización de acciones innovadoras de la experimentación de fórmulas diferentes y de la evaluación continua de sus resultados”*. Está escrito por vostedes. *(Murmurios.)* ¡Si. Si, si, si, 29 de febreiro!

O plan de mellora que vostedes deixaron escrito recolle, como recordaba no mes de maio, a constitución dunha Comisión de Seguimento que tiña que avaliar os resultados, os criterios e adecuar o plan. E tamén establecera un calendario de reunións. Non sabemos por que non quixeron convocar no principio deste ano a citada reunión. Este é un dato, dato moi concreto.

E dígoo porque non deben de esquecer que esta mañá, esta mañá, si tivo lugar a reunión da Comisión de Avaliación que vostedes tiñan configurada.

Por certo, púxose de manifesto a falta de consecución dos obxectivos plantexados no anterior Executivo.

O que si deben de ter claro é que no noso Goberno si temos o compromiso que do resultado da análise realizada se van valorar as actuacións posteriores para seguir traballando nas liñas de traballo rigorosas e reais.

E vou recordarlles tamén algún dato máis, xa que piden datos: 22 millóns de déficit no capítulo I para pagar as nóminas neste ano; 3% de receitas de xenéricos, os segundos á cola de España; e tamén os primeiros en España de custo por receita farmacéutica.

Rigor e austeridade é o que queremos implantar coa posta en marcha de novos sistemas organizativos. E, reitero, imos traballar na integración da atención primaria e da atención especializada. Imos traballar coa xestión por procesos, dotando os profesionais de ferramentas tanto a nivel tecnolóxico coma organizativo. Imos traballar na posta en funcionamento de centros de alta resolución. Por certo, tiña algúns,

en Lalín por exemplo, do que soamente encontramos a carta que a conselleira mandou ao alcalde pedíndolle os terreos, porque non existe nin presuposto, nin centro, nin proxecto. Estes son os seus datos concretos dos seus centros de alta resolución.

Poremos en marcha unidades de apoio e diagnóstico na atención primaria para axilizar as probas complementarias. Redefiniremos as tarefas dos distintos colectivos profesionais. Traballaremos en colaboración coa rede de servizos sociosanitarios, outro olvido, outro olvido selectivo.

Poremos en marcha unidades integrais de atención á muller. Posiblemente non faremos tantas publicacións nin tantos papeis.

Ampliaremos as unidades de hospitalización a domicilio, de coidados paliativos e de coidados integrais mediante a asistencia continuada de vinte e catro horas.

Poremos en valor os nosos profesionais, non só con medidas retributivas, que á hora da verdade non se presupostaron, senón con accións positivas de organización do seu traballo e de recoñecemento profesional.

En definitiva, a intención desta consellería non só é manter as melloras na xestión de atención primaria, senón artellar os cambios necesarios na organización do Servizo Galego de Saúde para acadar o noso obxectivo; obxectivo que non era outro, como xa dixen, que prestar a mellor asistencia sanitaria posible no marco da actual situación económica na que nos atopamos e converter os pacientes no centro do noso sistema, no punto de mira de todos os nosos esforzos.

Revise o plan de mellora, que posiblemente non encontrará ningún obxectivo dirixido á mellora e dirixido aos pacientes. Ese si que é o noso compromiso. Repito, converter os pacientes no centro do noso sistema.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Pasamos ao punto oito de preguntas orais ante o Pleno.

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas que vai poñer en marcha a Xunta de Galicia en relación coa normalización e erradicación dos prexuízos contra a homosexualidade

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra dona Ana Belén Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes.

É evidente que existe no noso marco e noso ordenamento xurídico unha prohibición de carácter xeral de que non pode haber discriminación de ningún tipo por razón de orientación sexual. Sen embargo, da mesma maneira tamén é coñecido e recoñecido que a posición que teñen as persoas homosexuais é ben diferente en canto á posibilidade real de poder vivir con normalidade a súa sexualidade.

Esta discriminación ten evidentemente unha orixe histórica, pero tamén ten na nosa historia recente avances legais que desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos moi positivos e aos que nós temos contribuído. Avances nos que, por certo, queremos sinalar que o Partido Popular se ten destacado por unha oposición frontal a que se deran, como puido ser a recentemente, non hai tanto tempo, aprobada lei para equiparar os matrimonios homosexuais.

Unha mostra moi clara, por outra parte, de como ese pretendido discurso de defensa da liberdade e dos dereitos dos que agora quere facer gala o Partido Popular ten contradicións moi evidentes. Porque cando estamos falando neste terreo e neste caso, si estamos falando de dereitos ademais que son individuais, que son das persoas; e, por exemplo, no debate anterior, cando falamos dos dereitos das linguas, falamos de dereitos colectivos, e, polo tanto, vemos a deturpación e a utilización absolutamente, cremos nós, a utilización absolutamente perversa deste tipo de conceptos. Crems tamén que é importante sinalar isto.

E logo no noso país tamén hai unha historia e hai uns precedentes, e hai gobernos anteriores ao Goberno bipartito.

Nós desde o BNG esperamos e agardamos que a liña que siga o Partido Popular, o actual Goberno na Xunta de Galiza neste terreo, non sexa tamén herdeira do que foron a actitude que tiveron gobernos anteriores da Xunta de Galiza neste terreo; onde non había ningún tipo de relación nin de vinculación coas organizacións e colectivos galegos que representan as e os homosexuais, onde non había liñas de traballo neste ámbito.

Cremos neste sentido, ademais, que houbo e que se iniciaron traballos importantes na pasada lexislatura, onde se lles deu entrada por primeira vez con normalidade aos colectivos de gays, lesbianas e bisexuais na Xunta de Galiza; onde se puxeron en marcha mecanismos de apoio tanto a adolescentes coma desde o ámbito do asesoramento afectivo sexual; onde se lles deu un apoio institucional a todas estas organizacións; e onde, en definitiva, se traballou tamén no que a Xunta de Galiza ten competencias, que é na sensibilización social, na visibilidade e na normalidade.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Agardamos, en todo caso, a resposta a esta pregunta.

A señora PRESIDENTA: Para responder ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Señora Pontón, a verdade é que teño que recoñecer xa dende o primeiro momento que practicamente na súa totalidade da súa exposición, non na totalidade, pero si na súa totalidade, pois non lle falta razón. Evidentemente ten vostede razón en todo o que fixo e o que ten que ver coa pregunta que trae hoxe aquí.

Creo firmemente que os galegos e as galegas aspiran a vivir nunha sociedade máis xusta, máis igualitaria e máis libre. Por iso demandan de nós, dos poderes públicos, máis xustiza social, máis igualdade de oportunidades, máis liberdade para a propia autonomía persoal e familiar, en definitiva, máis benestar.

Sen igualdade no acceso de todas as persoas ao mercado laboral e aos bens públicos sociais, como a sanidade ou a

educación, non hai xustiza social sen igualdade de oportunidades para todos, con independencia de xénero, orientación sexual, idade, condicións físicas ou de saúde, non progresaremos cara a unha sociedade máis xusta e equitativa.

A acción do novo Goberno, señora Pontón, está orientada cara ao logro desa sociedade cohesionada que garanta a igualdade de oportunidades. Unha sociedade aberta e integradora como a galega non pode permitir discriminacións de ningún tipo en ningunha circunstancia, baixo ningún pretexto, e moito menos sobre a opción sexual de cadaquén. Por iso o novo Goberno da Xunta traballará pola efectiva igualdade de dereitos e oportunidades para evitar calquera forma de discriminación, xa sexa por cuestión de sexo, de raza, de crenzas, de idea, de orientación e identidade sexual. Consideramos necesario actuar para a eliminación deses prexuízos se queremos avanzar cara a normalización do feito homosexual nunha sociedade como a nosa, que proclama como valor esencial un sentido cívico da tolerancia.

A orientación homosexual na nosa sociedade segue a ser unha fonte de situacións potencialmente discriminatória, como moi ben dicía vostede. Dende o novo Goberno de Galicia entendemos que esta realidade é inxusta e defendemos que todas as persoas teñen os mesmos dereitos, sexan homosexuais ou heterosexuais. Neste camiño está orientada a nosa opción de Goberno, que se compón das seguintes medidas, señora Pontón: tentamos sistematizar obradoiros para nais, pais e titores e para profesionais do eido educativo e xuvenil que estean interesados nesta temática.

A abordaxe fírase dende a perspectiva técnica sexolóxica centrada na explicación do proceso e da fixación da orientación sexual con característica persoal alonxada das filias e das fobias que hai na sociedade. Introduciremos a perspectiva da normalización da orientación sexual dentro de todas as actuacións formativas en materia afectivo-sexual que se fagan. A normalización deixa de ser un obxectivo para pasar a ser un feito integrado no discurso. E o máis importante, escoitar, atender e colaborar coas organizacións e colectivos de persoas gays e lesbianas para coñecer as cambiantes circunstancias sociais ao redor da homosexualidade que permitan o deseño de medidas ao medio e longo prazo eficaces e consensuadas.

O compromiso do novo Goberno, presidido por Feijóo, é un compromiso coas persoas, cuxo obxectivo é tratar por igual a todos. Por iso, ademais destas medidas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero):... –xa remato– e ao longo...

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas, presidenta.

Lamento non poder ter escoitado o conxunto de medidas. En todo caso, si nos gustaría destacar varias cousas, porque nos parece ben que no declarativo existan este tipo de declaracións que supoñen, pois, creo que unha ruptura a respecto do que veu sendo o discurso tradicional do PP. Pero é que logo nos feitos non podemos constatar esas palabras, e a verdade é que o lamentamos. Porque este domingo é 28 de xuño, Día do orgullo gay, e vai ser o primeiro día do orgullo gay despois de tres anos que se vai celebrar sen ningún tipo de apoio institucional por parte da Xunta de Galiza, que era algo que si viña acontecendo nos últimos tres anos anteriores. E todas as actividades que se facían en conxunto coa Federación de gays, lesbianas, bisexuais e transexuais en Galiza pois este ano a Xunta de Galiza non tivo ningún tipo de interese por mostrarlle o seu apoio, e polo tanto contribuír á normalidade e contribuír á visibilización do colectivo de gays, lesbianas, bisexuais e transexuais.

E gustaríanos, en todo caso, que nos clarificara algunhas cousas máis concretas. Porque hai un aspecto, por exemplo, que segue estando no aire, que non sabemos que vai facer a Consellería de Traballo con el, como son os centros Quérote, que contaban cun servizo específico de asesoramento a persoas homosexuais, non só desde o punto de vista da sexoloxía, senón tamén desde o punto de vista do apoio psicolóxico. Porque a nós preocúpanos, e entendemos que tamén lle debe de preocupar a este Goberno, que os adolescentes homosexuais sexan os que teñan unha taxa de suicidio maior, e polo tanto nese terreo hai que intervir.

Ou da mesma maneira que outro tipo de servizos que se puxeran en marcha en colaboración con estas asociacións,

como é o Servizo de Asesoramento Legal para Casos de Homofobia, que seguen dándose no noso país, que exista un apoio claro e unhas referencias claras para traballar neste ámbito.

Agardamos, en todo caso, que todas estas cousas se nos poidan clarificar na intervención, porque se non as boas palabras están moi ben, pero hai que pasar das palabras aos feitos. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Polo de agora, señora Pontón, non poden ser máis que declaracións porque o feito é que levamos sesenta e sete días e non tivemos tempo para demostralo. Evidentemente serán feitos, e pódollos garantir. Ademais, é máis, pódolle garantir tamén que espero que haxa moitas máis celebracións que poidamos facer dende este Goberno co colectivo de gays e lesbianas, que non só o Día do orgullo gay. Espero que todas as medidas que levaremos a adiante dende esta Xunta pois poidan ser evidentemente medidas celebradas tamén por estes colectivos. Quero dicirle que o centro do noso pensamento baséase nas persoas, nos seus dereitos, e polo tanto tamén na nosa liberdade.

Nós entendemos que a política ten que servir para melloorar a calidade de vida das persoas, tanto das minorías coma das maiorías, porque entendemos que gobernar é pensar en todos e evidentemente en todos. E dígoos con convicción, señora Pontón, dígoos co firme compromiso e total e absolutamente convencida do que estou falando. Todas cantas medidas se poidan realizar e que sirvan para concienciar a sociedade dende o noso Goberno vanse levar a adiante. Queremos erradicar a intolerancia e a discriminación que sofre este colectivo, e que sirva ademais para fomentar o acceso e o mantemento, por exemplo, de temas como o traballo digno.

Insisto en que o Goberno da Xunta traballará pola efectiva igualdade de dereitos e oportunidades, para evitar calquera forma de discriminación. Déixenos tempo, levamos

nada máis que sesenta días, temos tempo aínda dabondo para demostrar estas palabras que agora non deixan de ser palabras. E actuaremos, como xa lle dixen na primeira intervención, e agora vólvo repetir, para a eliminación deses prexuízos, sobre todo escoitando, atendendo e colaborando coas organizacións e cos colectivos para que se respecte o dereito de todos e de cada un dos cidadáns a pensar, a sentir, a expresarse e a vivir libremente.

Reitérolle o compromiso deste Goberno coas persoas cuxo obxectivo é tratar por igual a todos os cidadáns. E por iso nada máis.

Pola miña banda nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. Francisco Cerviño González, polo G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Sr. conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria respecto dos contidos da publicación da Fundación FAES titulada *Las paradojas de la “normalización” del gallego*

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra don Francisco Cerviño González.

O señor CERVINO GONZÁLEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro de Educación, o Partido Popular, a través da súa Fundación FAES, que preside o ex presidente do Goberno de España, José María Aznar, vén de publicar un escrito: “Las paradojas de la ‘normalización’ del gallego”, papeis FAES, 17 de abril de 2009, número 95, no que se nega a existencia da lingua galega como tal e converte a lingua galega nunha creación artificial a partires duns dialectos do castelán nos últimos trinta anos: “*Cuando empezó no existía el gallego, lo que había era una suma de variantes lingüísticas galaicas que por comodidad llamábamos gallego. Estas diferían entre sí en cada comarca y extracto social*” –cuestión curiosa porque isto é certo, pero tamén é certo no castelán, no inglés, etc., evidentemente–. “*A nadie se le escapa que el cerrado acento del gallego de aldea ha sido motivo de mofa desde hace siglos, dentro y fuera de Galicia. Ese acento ha sido un rasgo muy marcado socialmente*”. Eu creo que isto pon de

manifesto que o autor –que desgraciadamente é galego– pois o que necesita realmente é un psicoanalista, (*Risos.*) porque o que ten é un complexo de inferioridade terrible. Pero o problema non é ese, o problema é que o Partido Popular asume esta cuestión ao incluílo na súa páxina, ¿verdade?.

O Partido Popular a través da FAES bota pola borda alegremente unha literatura magnífica anterior, por suposto –é unha lingua viva desde a Idade Media, con moitas dificultades–, á invención do galego, o cal é un paradoxo, unha contradición en termos. Con autores tan importantes como Rosalía de Castro –vaime permitir o señor Lobeira que diga a poetisa española, en galego, máis importante do século XIX e unha das máis importantes de Europa, unha verdadeira preexistencialista–, Curros, etc. Bueno, aquí teño unha pequena mostra de libros de literatura e gramáticas de lingua galega, unha pequena mostra, etc. etc.

Este dislate filolóxico non é, ao noso entender, máis que outra mostra das premisas ideolóxicas contra o galego que ten o Partido Popular de España, e que, dadas as actitudes que sobre a lingua galega vén tendo o señor Núñez Feijóo e o Goberno galego, moito nos tememos que están sendo traspasadas ao Partido Popular de Galicia.

Dixen moito nos tememos que están sendo, isto está datado no 27 de abril, hoxe diría que foron traspasadas ao Partido Popular de Galicia. Eu nun primeiro momento, cando o señor Núñez Feijóo enarborou a bandeira de Galicia Bilingüe dicindo que o Partido Popular asumía perfectamente os presupostos da Galicia Bilingüe –está nos medios de comunicación antes enunciados–, pensei que era unha irresponsable manobra electoral. Pero desgraciadamente eu, visto isto –salvo que vostede nos convenza do contrario–, creo que realmente, desafortunadamente, obedece a un compoñente ideolóxico forte.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Cerviño.

Ten a palabra para respostar o conselleiro de Educación.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Grazas, señora presidenta.

Señor deputado, o que lle podo comentar é que a FAES é unha fundación máis dos centos que existen para a análise e os estudos sociais que traballan no ámbito das ideas e das propostas políticas. Nas súas actividades teñen participado moitas persoas, tamén altos cargos do seu partido e ministros actuais, como a señora Garmendia. Ademais vostede mesmo pode ler textualmente ao final do texto unha nota a pé de páxina na que sinala e cita textualmente: “*FAES, Fundación para el Análisis y los Estudios Sociales, no se identifica necesariamente con las opiniones expresadas en los textos que publica*”.

E unha vez dito isto, por tanto, se a propia fundación que publica o texto de “Las paradojas de la ‘normalización’ del gallego” non se fai responsable desta opinión, moito menos o pode facer o representante dunha institución pública que non ten nada que ver neste asunto. Pero é máis, esta consellería e este Goberno non só non se fan responsables desa opinión, senón que non estamos de acordo con ela, pois non a consideramos un estudo científico nin rigoroso sobre o tema. Polo tanto, este Goberno rexeita as opinións alí vertidas sobre a nosa lingua.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra o señor Cerviño.

O señor CERVINO GONZÁLEZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, a páxina web da FAES di que é unha fundación vinculada ao Partido Popular, dí, revisámolo esta mañá, ¡si, si, non lle caiba a menor dúbida!, non lle estou dicindo ningunha mentira. E, por certo, a día de hoxe este documento segue colgado na páxina web, señor conselleiro, mirámolo esta mañá, é unha cousa realmente que vostedes deberían facer algo, que seguro que teñen bastante máis influencia aí que a señora Garmendia para que retiren isto da páxina web. Eu creo que é o mellor.

En todo caso, gábome de que vostede diga de palabra, de boca para fóra, que non comparte isto. Gábome, sinceramente. Pero os seus pasos non van nesa dirección, señor conselleiro. Os seus pasos van xusto na dirección desa doutrina converténdose vostedes en verdadeiros, pola vía dos

feitos, eu non digo que o fagan voluntariamente, polo menos a maioría de vostedes seguro que non, pero convertéronse vostedes de feito en verdadeiros destrutores da lingua galega, señor conselleiro. Iso pola vía dos feitos é unha cuestión bastante innegable. Porque esta lingua necesita protección e apoio fronte ao poderoso castelán, unha lingua moi importante que eu persoalmente amo.

Pero iso non quere dicir nada, amo a miña lingua tamén, por suposto; e ademais dá a casualidade de que esoutra lingua está en certo perigo de desaparecer, de esmorecer ata a desaparición. E esa será a súa histórica responsabilidade, tamén a súa persoal histórica responsabilidade, señor conselleiro, non só a de vostede, nin sequera a principal, pero si terá vostede unha cota alicuota de responsabilidade persoal se isto realmente chega a suceder. Desaparecerá este tesouro, así se chamaban os vellos dicionarios, “tesouro da lingua”.

E permítame rematar cunha frase –que agora lles gusta a vostedes citar a Ramón Piñeiro, a min paréceme ben, tamén o facía o presidente Fraga, creo que con máis lexitimidade que vostedes– que di: “Quen perseguir ao noso idioma perseguirá a alma mesma de Galicia, o seu honor, a súa personalidade esencial. Aquel que for inimigo do noso idioma é, de certo, un inimigo noso”. E continúa Piñeiro: ...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor CERVINO GONZÁLEZ:... “Inimigo satánico, pois que é inimigo da nosa alma”.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Cerviño.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra o conselleiro de Educación.

O señor CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitas grazas, señora presidenta.

Vexo que está disposto –e iso que hai dez minutos dicía que non estaba disposto e que lle parecía que había que falar

dos problemas reais–, que a vostede lle gusta moito a crispación; a vostede, señor deputado, moito. *(O señor Cerviño González pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero vólvolle recordar que na devandita fundación participan moitos dos seus membros, sindicatos e outros organismos na mesma.

Como responsable da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria quero reiterar que nin eu nin o meu departamento comparte nin vai asumir as manifestacións que a título individual, ou colectivo ou institucional se teñan feito ou se poidan facer en contra da lingua galega, de Galicia ou das súas xentes.

En relación ao texto polo que pregunta o señor deputado, insisto en que o contido intelectual só pode atribuírse ao autor do mesmo e en ningún caso á administración galega, pois esta non ten participado nin na súa elaboración nin na súa promoción ou divulgación.

Con respecto ao contido do informe, podemos coincidir en que se trata dun traballo superficial que non aporta unha investigación orixinal ou novidosa e que carece de referencia ás fontes documentais, ás biografías e aos traballos máis relevantes nos temas tratados. Por tanto, aínda que dende o respecto á liberdade da expresión, permítame sinalar que para a Consellería de Educación o contido deste texto constitúe unha opinión de autor e non un estudo con rigor académico e científico; e permítame tamén dicirlle que traballos como este, con pouco rigor científico, nos fan ver que queda moito por facer no ámbito da promoción do galego. Espero ter respostado ás súas inquedanzas.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D. Henrique Viéitez Alonso, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a negociación colectiva do sector do metal da provincia de Pontevedra

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra don Henrique Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Boas tardes outra vez.

Grazas, presidenta.

Señora conselleira, o 31 de decembro de 2008 remataba a vixencia do convenio do metal para a provincia de Pontevedra sen convenio propio. Seis meses despois –practicamente seis meses despois, 174 días en concreto– aínda non hai convenio. Pero si hai un conflito enquistado e ningunha solución enriba da mesa para que este conflito chegue a bo termo.

Houbo feitos que non poden pasar desapercibidos. Houbo anuncios a destempo, como o 19 de xuño, onde falaba que “Mato asume personalmente las riendas de la negociación y busca un inminente fin de la huelga”, o que vén confirmar que ata entón non estaba persoalmente implicada na negociación deste convenio.

Por outro lado anúnciase, en concreto o 24 de xuño, é dicir, hoxe, que a Xunta propón a patronal e sindicatos do metal unha subida salarial de máis do 5% en tres anos. Isto é unha auténtica mentira, unha auténtica mentira, porque a proposta que está enriba da mesa é do 3,85% a repartir en tres anos.

E polo medio hai declaracións do señor presidente da Xunta de Galicia, do 22 de maio, onde, nunha alocución dirixida aos traballadores do metal, di que a súa actitude non prexudique a actividade doutros sectores económicos, e tamén di que é tempo para ter un plus de responsabilidade nun momento de recesión, e non podemos poñer máis trabas.

Mire, o fondo da cuestión deste conflito é que o sector, os traballadores e traballadoras deste sector, non queren pagar a crise. É un convenio de referencia para toda a negociación colectiva, e teñen demostrado a súa capacidade e a súa altura de saber estar porque teñen conseguido avanzar na eliminación da precariedade no sector, ao acadar que máis do 55% dos postos de traballo sexan contratos fixos; teñen prohibida a utilización de empresas de traballo temporal no sector; e, desde logo, teñen avanzado tamén na xubilación anticipada nun sector que, desde logo, gasta moito os traballadores en razón do seu propio traballo.

Pero o que non podemos compartir baixo ningún concepto é declaracións como as da propia conselleira cando fala de batasunización da negociación colectiva referida.

A señora PRESIDENTA: Gracias, señor Viéitez.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Só lle pregunto cales foron as razóns para non intervir o Goberno galego neste conflito.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra, para responder, a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Señor Viéitez, teño que comezar rexeitando taxativamente a súa exposición. No seu plantexamento trata de confundir, afirmando que o Goberno actual mantivo unha actitude pasiva no conflito do metal, e non é verdade. Nada máis lonxe da realidade. O novo Goberno da Xunta, dende que tomou posesión, ocupouse e preocupouse polas negociacións do convenio colectivo do metal na provincia de Pontevedra. Fíxemolo dende o minuto cero. Involucrámonos na negociación do convenio sabedores de que, coas circunstancias económicas nas que nos atopamos, Galicia non pode ter paralizado un dos principais sectores produtivos. Creo, señor Viéitez, que non é razoable que a negociación dun convenio, dun sector, dunha provincia, sexa noticia nos telediaros nacionais e internacionais. Non é razoable que a imaxe de Vigo e a imaxe xeral de toda Galicia poida verse danada por un conflito desmedido que se alonga demasiado xa no tempo. E non é razoable que as consecuencias desta incapacidade de diálogo e de comunicación entre as partes teñan repercusións gravísimas no tecido produtivo de Galicia.

Queremos que este conflito chegue ao seu fin o antes posible con resultados satisfactorios para todos, para os traballadores, para os empresarios, para os cidadáns, que tamén están a sufrir as consecuencias desta negociación convertida nun conflito. Por elo dende o primeiro momento tomamos parte na negociación, señor Viéitez, para tratar de achegar posturas coa intención de pechar o convenio canto antes. Eu mesma, cando aínda non nomeara ningún director xeral na consellería, fixen unha chamada á mediación o día 23 de abril para evitar un peche dos sindicatos na delegación da consellería de Vigo; e o mesmo día 24 de abril o director xeral de Relacións Laborais xa tivo que baixar a Vigo para facer unha xuntanza coa representación sindical tomando as rendas. Estes contactos, señor Viéitez, vanse suceder ao longo destes dous meses de forma prolífica, insistente e per-

tinaz. Fíxemolo de forma activa e dinámica, tratando de catalizar acordos e achegar as posturas; de feito, señor Viéitez, dos 67 días que levamos, 23, ¡23!, estivemos na negociación, formamos parte dela, e mediamos. Podería relatarlle cada un destes días, o que lle podo garantir, señor Viéitez, é que moitas destas xuntanzas non se houberan producido se non chega a ser pola mediación da Xunta, porque, como vostede moi ben sabe, houbo días que era realmente difícil, despois destes actos vandálicos que houbo, levalos á mesa e sentalos a negociar.

En definitiva, a Xunta estivo presente, participou de forma activa a través do director xeral de Relacións Laborais, a través do presidente do Consello Galego de Relacións Laborais, a través da Inspección de Traballo. Eu mesma, os días 18 e 19, mantiven encontros cos representantes sindicais e cos representantes patronais para coñecer de primeira man cales eran as súas posturas e transmitirles a preocupación deste Goberno galego para buscar solución a este conflito.

Así que, señorías, penso que a estas alturas a vontade conciliadora e mediadora do Goberno queda fóra de toda dúbida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Para a réplica, ten a palabra don Henrique Viéitez Alonso.

O señor VIÉITEZ ALONSO: Señora conselleira, remítome ás súas declaracións. Se vostede asume persoalmente as rendas da negociación, está declarando que ata ese momento non tivo participación directa na negociación colectiva, e foi o presidente do Consello Galego de Relacións Laborais e o xefe de inspección os que realmente participaron na negociación, non foi vostede nin foi o Goberno galego.

A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo, sentar as bases e solventar o problema. A inacción da Xunta foi quen fixo medrar o conflito. E miren, os traballadores non necesitan ampararse en actos —como vostede dixo— que vaian máis alá da mobilización, e o teñen demostrado con creces e con madurez. E, sobre todo, non se apunten ás teses de quen lles financia a campaña electoral, o señor Gerardo

Díaz Ferraz, presidente da CEOE, que di que hai que abaratar o despido, contención salarial ou, en todo caso, incremento salarial cero, e hai que introducir cláusulas para que se elimine a revisión salarial.

E hai algo que ten evidenciado este conflito, que é o fracaso do modelo político deseñado polo partido Popular para a Administración periférica da Xunta, e boa proba diso, e o único que conseguiu ata entón o conflito do metal, é que vostedes nomeen –chámenlle como queiran– a delegada provincial de Traballo, hoxe mesmo acaban de facer o anuncio. Iso é o único que teñen conseguido, e ten demostrado precisamente a ineficacia da delegada territorial neste conflito e a intervención do Goberno da Xunta de Galiza. Polo tanto, implíquense, porque realmente iso é o que está demandando o sector.

Nada máis e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moias grazas, señor Viéitez.

Ten a palabra a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

A ver, señor Viéitez, ¿en que quedamos? ¿Está ou non está a Xunta no conflito? ¿Está a delegada da Xunta na negociación do convenio ou non está? Para vostede o director xeral de Relacións Laborais, ¿é ou non é do Goberno da Xunta? A delegada da Xunta, ¿é ou non é do Goberno da Xunta? ¿Para quen cre vostede e con quen cre que traballa a Inspección de Traballo que está presente nestas mesas? A verdade é que coa súa intervención, señor Viéitez, o único que constato é os meus peores presaxios, porque lonxe de estar vostede preocupado polo sector do metal e pola negociación deste convenio, o único que parece que quere sacar de aquí é tallada política, nada máis ca iso, e iso é unha auténtica irresponsabilidade a esta altura e coa situación de crise que temos. Pero esa irresponsabilidade foi a que o levou a que hoxe estea sentado vostede nas bancadas da oposición e non estean sentados nas bancadas do Goberno. E ademais, ¿que quere que faga este Goberno da Xunta na negociación dun convenio? ¿A que está apelando vostede? Fálolle do artigo 37 da Constitución –que supoño eu que coñece ou debería de coñecer–, que garante a liberdade da

negociación entre a patronal e os sindicatos. ¿Que está reclamando, señor Viéitez, a esta Xunta? ¿Está reclamando que volvamos aos tempos nos que o Estado impuña as relacións laborais entre os empresarios e os traballadores? Supoño que non, pero a verdade é que parece que é iso o que está transmitindo. Nós non somos intervencionistas, señor Viéitez, non facemos o que fixeron vostedes cando estiveron no Goberno, intervindo en expropiacións de terreos no Plan sectorial ou en expropiacións incluso de casas que quedaban baleiras. Nós non entendemos así a política nin a maneira de facer goberno.

Señores do BNG, hoxe as relacións laborais no Estado democrático no que vivimos son ben distintas. Nós o único papel que temos aquí é o de mediación, e iso, a mediación, é o que se está levando ao máximo nivel, señor Viéitez. Pódolle garantir que está en mans de xente altamente recoñecida, con moito prestixio e con moita experiencia na negociación. Pero tamén teño que dicirlle outra cousa, señor Viéitez, ¿onde estiveron vostedes? Vostede falaba de que este convenio está en negociación en teoría dende hai máis de tres meses, case catro. ¿Onde estiveron? ¿Que é o que fixeron vostedes cando gobernaban nese período de tempo? ¿Que é o que fixeron agora? Non fixeron absolutamente nada, nin entón nin agora. Si, sen embargo, o fixo o director xeral de Relacións Laborais, que, por certo, o seu socio do Goberno na negociación do último convenio, a directora xeral de Relacións Laborais, só baixou unha vez, que foi cando se pechou a negociación, nada máis que unha vez.

Aquí vivimos unha situación que debería de ser de paz e é un conflito. Vivimos unha situación que debería ser un exemplo de diálogo e é un exemplo de violencia, con actos delictivos, señor Viéitez, que aínda non escoitei pola vosa banda que os condenasen. Para a súa tranquilidade, pódolle asegurar que dende a Consellería de Traballo e Benestar non baixaremos a garda nin un só segundo, seguiremos apelando á calma e ao diálogo, non fomentamos a crispación, como parece que tenta vostede facer aquí nesta Cámara...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira. Rematou o seu tempo.

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol e de D. Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna, do G. P. Popular de Gali-

cia, sobre a postura do Goberno galego en relación coa reforma da política pesqueira común (PPC)

A señora PRESIDENTA: Por favor.

Para formular a pregunta, ten a palabra don José Manuel Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, falemos agora do futuro da nosa pesca; dos retos, das dificultades e dos desafíos que terán que afrontar os profesionais do mundo do mar.

Como vostede ben sabe, a Unión Europea está a preparar unha reforma da súa política comunitaria. As primeiras medidas comúns para o sector pesqueiro datan de 1970, cando se acordou que os pescadores europeos deberían ter iguais condicións de acceso ás augas da unión. Tras longas e complexas negociacións, en 1983 nacía por fin a política pesqueira común, que foi reformada vinte anos máis tarde. Xa en 2002, o recoñecemento de saúde da política pesqueira realizada nesas datas prevía unha nova revisión das normas nun prazo de dez anos. Este tempo chegou, e corresponde agora que as distintas administracións públicas implicadas no benestar e no progreso do mundo do mar fixen a súa posición, contribúan a achegar ideas e criterios que sirvan para enriquecer esta inminente reforma.

O Partido Popular de Galicia parte da premisa de que Europa non debe ser entendida como unha ameaza senón como unha oportunidade, sen renunciar ás nosas raíces, ás nosas orixes ou ao noso sentimento como pobo

ás nosas orixes ou ao noso sentimento como pobo diferenciado.

Estamos diante da oportunidade de valernos dos aspectos positivos do mundo globalizado e servirmos deles para mellorar a realidade de Galicia e dos galegos. Somos conscientes de que outros grupos políticos [...] cando falan de Europa, sobre todo despois dos últimos resultados electorais. Nós, a diferenza deles, insistimos na necesidade de que Europa non actúe en contra dos intereses da nosa pesca. Queremos aproveitar a nova política pesqueira común, de tal xeito que ofrezca sobrada marxe para poñer en marcha ini-

ciativas que redunden no benestar de Galicia e dun sector estratéxico como é a pesca.

A pregunta que lle facemos, señora conselleira, é: ¿Cal é a postura do novo Goberno galego en relación coa reforma da política pesqueira común?

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Balseiro.

Para responder, ten a palabra a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):
Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor Balseiro, a Consellería do Mar e o Goberno galego no seu conxunto asumen coa máxima responsabilidade o interese que para Galicia representa a reforma da política pesqueira común, reforma que se vai experimentar nos vindeiros meses e que, en propias verbas da Comisión Europea, precisará dun auténtico maremoto para adecuar os seus obxectivos e resultados ás necesidades detectadas.

Este interese vén dado pola forte afectación que esta pode ter sobre os intereses do sector marítimo pesqueiro galego, e nós, como representantes institucionais e encargados de dar apoio a este eido socioeconómico, imos por todo o noso traballo necesario para que Galicia saia gañando neste proceso.

Neste momento xa se abriu o debate coa publicación do Libro verde, que dará lugar ao establecemento dun diálogo que desemboque nesa nova política e que verá a luz alá polo 2012. Pero o tempo de traballar é agora, nestes meses de consulta que culminarán alá polo Nadal, polo cal, esta consellería xa comezou a súa andaina para formular, claros e directos, os parámetros e criterios que acubillen os intereses dos mariñeiros, das mariscadoras, dos mexilloeiros ou das redeiras de Galicia.

A Consellería do Mar, aínda dentro dunha postura fundamentalmente europeísta, está nunha agarda expectante ante as propostas da comisión, pero xa traballando para que se plas-

men os camiños máis proclives ás xentes do mar do noso país. Estamos, pois, na elaboración dunha iniciativa que recolla os intereses da pesca, do marisqueo e da acuicultura galega, así como tamén nas do eido comercial e transformador, xa que entendemos que a integración das políticas marítimas son un obxectivo compartido que este Goberno xa vén desenvolvendo, e, ao noso parecer, con bos froitos e boas perspectivas.

Temos que defender o noso sector de altura cos seus dereitos de pesca e cun modelo de control máis acaído aos seus esforzos de investimento e conservación. Temos que traballar por dar un marco máis favorable para as unidades de gran altura, reformulando as posibilidades de acordo e de acceso ás augas de terceiros países. Temos que adecuar as posibilidades de instalación de plantas de acuicultura aos contornos, defendendo tamén a capacidade galega non só de liderar a produción neste campo, senón tamén de ser punteiros en todos os campos de innovación tecnolóxica. Pero temos un reto fundamental, que Europa recoñeza e asuma como básica a defensa das especificidades do noso marisqueo e da nosa flota de baixura e que permita dar cumprida resposta ás súas necesidades.

Son os retos das xentes do mar de Galicia e, por extensión, os nosos retos. Neles traballaremos arreo, e así o faremos facer explícito hoxe ante este Parlamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Réplica de don José Manuel Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Grazas, señora presidenta.

Señora conselleira, en nome do Grupo Parlamentario Popular, en nome da formación política na que confiaron un maior número de galegos fai poucos días, ademais, cando se trata precisamente de elixir a aqueles que teñen que defender os nosos intereses en Europa, quixera agradecerlle a disposición amosada neste asunto e que comparta as liñas mestras de traballo que se están a desenvolver desde a Consellería do Mar.

Entendo, ademais, que na formulación desta proposta, na configuración da posición de Galicia, ten moito que achegar

esta Cámara. Sei que podemos contar coa súa man tendida, que a ten ofrecida a este Parlamento e a todos os seus deputados e a todas as súas deputadas. Estou seguro que con consenso, con disposición para o traballo e bo ánimo, saberemos enriquecer a posición de Galicia respecto da nova política pesqueira común.

Insistimos na idea da Europa das oportunidades, de que cada un dos retos que existen na acuicultura, no marisqueo, na pesca de baixura ou de altura, deben ser entendidos tamén como oportunidades. Oportunidades para contribuír a dispoñer dun sector pesqueiro saneado e eficiente; oportunidades para contribuír a unha normativa que proporcione aos consumidores información clara e veraz sobre a orixe e a calidade dos produtos; oportunidades para reformar o esgotado sistema de taxas e cotas que tanto ten penalizado a flota galega e substituílo por sistemas baseados na xestión mediante o esforzo pesqueiro. En definitiva –e termino, señora presidenta–, oportunidades para establecer con prioridade a preservación do maior número de empresas na pesca, da homologación e o recoñecemento das titulacións a escala europea.

En definitiva...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL:... entre todos contribuiremos...

Grazas, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica do Goberno.

Ten a palabra a conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Efectivamente, señor Balseiro, esta conselleira e o seu equipo teñen unha man tendida aos grupos representados neste Parlamento, en canto que entendemos que as voces, todas as voces, todos os matices e pareceres, son necesarios neste traballo, xa que tamén permiten dar cabida á variada realidade de Galicia.

Sabemos e compartimos a idea clara e respectada do carácter representativo que o Parlamento ten, tanto política

como socialmente, e esta conselleira, que formou parte del aínda que moi pouco tempo, teno moi presente. Por iso queremos dar voz e participación dos grupos políticos aquí representados, conformando un grupo de traballo conxunto que permita, se é posible –e nós pretendemos que así o sexa–, pór en común a postura de Galicia.

Cando as mans se xuntan para bogar, podemos chegar antes e mellor, polo que queremos sumar esforzos e adiantar traballo, aproveitando todas as vías para dar a Galicia capacidade de diálogo e influencia en Bruxelas. Por iso non podemos perder un minuto, e xa comentei cos grupos a posibilidade de comezar xa na vindeira semana este traballo; del dependen os intereses das xentes do mar e nel estaremos –estou segura– todos xuntos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Pregunta de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego relativas á non inclusión do persoal funcionario na carreira profesional sanitaria

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta, ten a palabra don Miguel Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi boas tardes, señora conselleira.

Tamén un saúdo aos representantes das asociacións de funcionarios que se atopan entre nós.

Con esta pregunta remata este pleno, e pode tamén que con esta pregunta remate unha vella reivindicación: o acceso á carreira profesional dos funcionarios.

Todos dicimos –e non nos cansamos de repetilo– que o principal valor do sistema sanitario está nos recursos humanos. E por ser este un tema tan complexo, soamente a través dun estatuto marco se podía facer a planificación, a ordenación e mesmo o recoñecemento dos seus dereitos.

O fin último do estatuto marco é o de ser un instrumento que garanta que todos os profesionais sanitarios exerzan a súa profesión nas mellores condicións e tamén se lle recoñeza a súa laboura a través do recoñecemento da carreira, a carreira profesional.

A Lei 44/2003, da ordenación de profesións sanitarias, recoñécelles aos profesionais sanitarios o dereito ao desenvolvemento profesional, o dereito á carreira profesional. Catro anos establecía este decreto para a implantación da carreira profesional, e así se foi facendo según os módulos que vostede, señora conselleira, xa coñece.

En xullo do 2005, a consellería recoñeceu a carreira profesional aos empregados públicos sanitarios con vínculo estatutario na categoría de licenciados. Un ano despois, facíao para os diplomados sanitarios. Tamén no 2006 os médicos de APD e de zona viron regulada a súa integración e acceso á carreira dun xeito extraordinario. No ano 2007, o persoal das fundacións tamén tivo acceso á carreira profesional, e tamén neste ano 2007 se regulou o resto do persoal estatutario non sanitario, accedendo á carreira profesional.

En definitiva, todos os profesionais teñen recoñecido o acceso á carreira, excepción do persoal funcionario, en concreto o persoal funcionario da Lei 17. Un persoal funcionario que desenvolve uns labores moi importantes; labores de saúde pública, labores de xestión, labores de inspección e mesmo labores de asistencia. É polo tanto de xustiza que hoxe, señora conselleira, remate esta vella reivindicación, que se poña fin a isto que, dalgunha maneira, se vén reclamando durante moito tempo.

Polo tanto, a pregunta é, ¿como ten pensado a consellería solventalo para que o persoal funcionario teña acceso á carreira profesional?

Nada máis, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Santalices.

Para responder, ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía):
Boas tardes.

Grazas, señora presidenta.

Señores deputados e estimados traballadores sanitarios presentes na sala.

Coa promulgación da Lei 17 de 1989, do 23 de outubro, creáronse as escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma: escala sanitaria de atención primaria e especializada, escala sanitaria de saúde pública e administración sanitaria. É dicir, os primeiros profesionais sanitarios que tivo a Comunidade Autónoma como tal autonomía.

O *Diario Oficial de Galicia* do xoves 26 de outubro do mesmo ano facía constar, en referencia á escala de saúde pública e administración sanitaria, que lles corresponderán aos funcionarios desta escala as funcións de saúde pública e administración sanitaria asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia que para mellorar o nivel de saúde sexan aplicadas sobre a comunidade e o medio ambiente en apoio de toda a estrutura sanitaria, especialmente de atención primaria.

Trátase dun corpo facultativo principalmente destinado nos servizos centrais, na Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación Sanitaria, Servizo Galego de Saúde, Dirección de Asistencia Sanitaria e secretarías xerais nas delegacións provinciais.

Por outra banda, todos coñecemos as dificultades engadidas que para a Administración sanitaria pública supón a convivencia de réximes xurídicos diferentes e a necesidade de homoxeneizar as relacións de emprego do persoal de cada un dos seus centros e institucións, co fin de mellorar a eficacia na xestión a través de procesos de integración do persoal no réxime estatutario.

A Orde da Consellería da Sanidade de 11 de agosto de 2003 xa regulaba o proceso de integración do réxime estatutario do persoal funcionario e laboral que prestaba servizos en postos de traballo de institucións sanitarias incluídos nas relacións de postos de traballo no Servizo Galego de Saúde.

A día de hoxe, case seis anos desde esta orde, os funcionarios da Lei 17, repetimos, os primeiros profesionais sanitarios que tivo a Comunidade Autónoma como tal Autono-

mía, non tiveron a oportunidade de integrarse no réxime estatutario e, polo tanto, tampouco se lles recoñece o acceso ao desenvolvemento profesional, a diferenza do resto dos profesionais do sistema sanitario.

O equipo actual da Consellería de Sanidade ten o compromiso de facer realidade tanto a integración no réxime estatutario dos 300 profesionais sanitarios como o deseño dun réxime non ordinario de desenvolvemento profesional.

Con independencia dos esforzos que esta consellería vai facer para afrontar a aludida problemática, é certo que unha vez máis, a pesar das cartas e promesas do anterior equipo, non deixaron consignada partida orzamentaria de ningún tipo para facer fronte aos custos que se puideran derivar da integración do devandito persoal e da aplicación do réxime de desenvolvemento profesional deste colectivo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Para réplica, ten a palabra o señor Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Moitas grazas, señora presidenta.

Non é réplica. É darlle as grazas, señora conselleira, pola súa resposta. Darlle as grazas tamén por resolver esta vella reivindicación e facelo dun modelo especial, como procede neste caso. Son uns funcionarios de recoñecido prestixio, como moi ben dixo vostede, que levan moito tempo traballando na Administración. Polo tanto, merecían que se lles recoñecera o acceso á carreira profesional. Grazas, señora conselleira.

O Goberno anterior enganou en varias ocasións os funcionarios, ao colectivo de funcionarios, *(Protestas.)* en varias ocasións, prometéndolle a integración que despois non fixo. Mesmo na Lesga, a Lei de sanidade de Galicia, aprobada por este Goberno, que meteu unha patada no corazón aos dereitos dos traballadores, comprometían o que despois non se fixo.

Polo tanto, señora conselleira, grazas por acceder a que esta xente poida acceder á carreira profesional e grazas por recoñecer o traballo importante que están facendo para que isto se poida facer coa máxima celeridade.

Nada máis, señora conselleira. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Grazas.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Farjas Abadía):
Moitas grazas.

O anterior equipo directivo, ao que se lle trasladou de forma reiterada as inxedanzas deste colectivo de funcionarios sanitarios da Lei 17, recoñeceu en repetidas ocasións o seu dereito ao desenvolvemento profesional, incluso por escrito. Así, nunha carta do 14 de abril do 2008, a anterior conselleira de Sanidade estableceu a estatutarización destes profesionais como o mecanismo axeitado para acceder á carreira. En toda unha lexislatura non se fixo ningún proceso nin ningún progreso neste proceso de integración ao réxime estatutario, privando, por tanto, a este colectivo do desenvolvemento profesional correspondente. É intención desta consellería buscar unha solución a esta situación que xa se prolonga de longo.

Na pasada mesa sectorial de Sanidade, con data 4 de xuño deste ano, consensuouse coas organizacións sindicais con presenza na devandita mesa sectorial un calendario de traballo para os meses de xuño e xullo. Nese calendario sinálase para o próximo día 16 de xullo a celebración dunha mesa sectorial na que, entre outras materias, está previsto tratar a integración no réxime estatutario dos funcionarios pertencentes á Lei 17, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma. Unha vez que a dita integración sexa efectiva, deseñárase o correspondente réxime de desenvolvemento profesional, tendo en conta as especiais circunstancias da integración deste colectivo.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleira.

Esgotada a orde do día, e dando as grazas a todos os deputados e a todas as deputadas pola súa participación e colaboración, levántase a sesión.

Remata a sesión ás oito e catro minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	PSdeG-PSOE
2.- Adán Villamarín, Carme	(BNG)
3.- Álvarez-Campana Gallo, José Manuel	(PP)
4.- Arias Rodríguez, Raquel	(PP)
5.- Arias Veira, Pedro	(PP)
6.- Aymerich Cano, Carlos	(BNG)
7.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
8.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
9.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
10.- Barcón Sánchez, Mar	PSdeG-PSOE
11.- Barros Sánchez, Natalia	(PP)
12.- Blanco Álvarez, Fernando Xabier	(BNG)
13.- Bouza Santiago, Ana Luisa	(BNG)
14.- Burgo López, Concepción	PSdeG-PSOE
15.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
16.- Caride Estévez, María José	PSdeG-PSOE
17.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
18.- Cerviño González, Francisco	PSdeG-PSOE
19.- Cobián Fernández de la Puente, Pablo	(PP)
20.- Fernández Fernández, Rosendo	(PP)
21.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	PSdeG-PSOE
22.- Fervenza Costas, José	(PP)
23.- Fraga Santos, Silvia	PSdeG-PSOE
24.- Gallego Calvar, Carmen	PSdeG-PSOE
25.- Gallego Lomba, Manuel	PSdeG-PSOE
26.- García López, José Antonio	(PP)
27.- García Pacín, María Isabel	(PP)
28.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
29.- Lage Tuñas, José Manuel	PSdeG-PSOE
30.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
31.- López Abella, María Susana	(PP)
32.- López Campos, José	(PP)
33.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
34.- López Vidal, Pablo Xabier	PSdeG-PSOE
35.- Losada Álvarez, Abel	PSdeG-PSOE
36.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
37.- Meijón Couselo, Guillermo	PSdeG-PSOE
38.- Méndez Romeu, José Luís	PSdeG-PSOE
39.- Negreira Souto, Carlos	(PP)
40.- Novoa López, Enrique	(PP)
41.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
42.- Oubiña Solla, Rosa	(PP)
43.- Pardo López, Carmen	(PP)
44.- Paz Franco, Tereixa	(BNG)
45.- Pérez Touriño, Emilio	PSdeG-PSOE
46.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
47.- Pose Mesura, Modesto	PSdeG-PSOE
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
50.- Quintana Carballo, Rosa	(PP)
51.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
52.- Quintas Álvarez, María	PSdeG-PSOE
53.- Rego González, Ismael	PSdeG-PSOE
54.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina Isabel	(PP)
59.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
60.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
61.- Sánchez Montenegro, Isabel	(BNG)
62.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
63.- Seara Sobrado, Laura	PSdeG-PSOE
64.- Sestayo Doce, Beatriz	PSdeG-PSOE
65.- Soneira Tajés, María Soledad	PSdeG-PSOE
66.- Suárez Canal, Alfredo	(BNG)
67.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
68.- Táboas Veleiro, María Teresa	(BNG)
69.- Tomé Roca, José	PSdeG-PSOE
70.- Valcárcel Gómez, Marta	(PP)
71.- Varela Sánchez, Ricardo	PSdeG-PSOE
72.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
73.- Vázquez Fernández, Manuel	PSdeG-PSOE
74.- Verdes Gil, Sonia	PSdeG-PSOE
75.- Viéitez Alonso, Henrique	(BNG)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25